

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

GALEGOS EN
CATALUNYA
(1978-1982)

Publicacions do
Centro Galego de Barcelona

Cubierta de Anxo L. Baranga

© Manuel Rodríguez

Publicacions Centro Galego

Rbla. Capuchinos, 3537, pral. Barcelona2

Impreso en Sidograf, S. A.

Avda. Gran Via, 11 L'Hospitalet de Llobregat (Barcelona) Depósito Legal: B. 44.165 1982 ISBN: 8430087273

O meu agradecemento á Xunta Directiva do Centro Galego de Barcelona e á Xunta de Galicia, patrocinadores de «GALEGOS EN CATALUNYA, 1978-1982»; a Carlos de Arce, o amigo escritor de Chantada, residente en Barcelona, asesor desta publicación de crónicas das actividades das institucións galegas desta provincia; ós fotógrafos Antonio Losada e Fermín Pereira; ó artista Anxo L. Baranga e ós Grupos, Irmandades e Peñas que contribuíron, dun xeito ou doutro, á edición desde libro.

Manuel RODRÍGUEZ LÓPEZ

DÚAS VERBAS A XEITO DE LIMIAR

Na segunda metade desde século unha boa parte dos galegos da diáspora establecéuse en Barcelona, onde traballaron e formaron os seus novos fogares. Como debe ocorrer, e sempre ocorrú, crearon o seu «Centro Galego» e outras agrupados e peñas (entre as que arestora salienta a de «O Penedo») que non só se idearon e realizaron como recantos de saudade, senón tamén como instrumentos de laboura no eido cultural e de proxección dos nosos valores espiritoáis no ambiente darredor, e que —xusto é proclámalo— tivo sempre nesta cidade un pulo de receptividade para todo o galego, unha receptividade sensible e aguzada.

Na vida cotiá destas agrupaciós, no cumprimento do seu rol, veuse desenvolvendo unha chea de actos de variado xorne: conferencias, exposiciós, presentados de libros, ceas de homenaxe, táboas redondas, festas, funciós de teatro, exhibiciós artísticas, etc., sempre con Galicia coma pano de fondo. Un labor longo, teimoso, aberto, no que couberon todas as ideoloxías e todos os plantexamentos con tal de que ollaran, dende calquera punto de mira, ao rexurdimento da nosa Terra. Así, a colectividade galega de Barcelona —e aínda de toda Catalunya— edificóu pouco a pouco, pero sin se deter, a súa pequena historia. Nembargantes, acabaría esquecida se non houbera os que con puntualidade e paciencia deixaron nas páxinas dos xornáis galegos a crónica de tantas e tantas cousas. Os que tal fixeron, atinxiron un dobre fito: por unha banda non permitir que as áas do tempo se levasen cara as trebas do esquecemento unha semellante laboría; e por outra, írenlle ofrecendo ao público lector de Galicia a noticia das nosas inquedanzas, o sentimento e máis o pensamento dos que, dende tan lonxe, seguiron sempre a matinar para ben e desinteresadamente

no lar natío. E fixérono decote con mentes xunguidoras, amables, sen coñecer discordanzas nin empenchas.

Entre os que renderon afervoadamente este servicio temos ao poeta Manuel Rodríguez López, que ás veces signa coa súa firma habitual e ás veces engadindo o seu segundo nome de pía e reducindo os apelidos ás letras iniciáis: Manuel Oreste R. L. Nos derradeiros anos estivo sempre ao tanto, movéndose sen folgo de acó para acolá na procura da noticia que poidera interesar e ao mesmo tempo tendese unha ponte entre a Galicia da casa e a da emigración. Quen repase os números destes anos de «El Ideal Gallego», da Coruña, de «El Progreso», de Lugo, e doutras publicados atopará probas certas do que digo. Pero quezáis non abondaba con iso, porque os xornáis son de seu pasaxeiros como a vida mesma, e a recolleita en libro dunha escolma dos artigos dalle certa perennidade ao que por natureza é fuxidío. E deste xeito a pequena historia dun grupo humano que tivo nos seus momentos, a compás do seu acontecer, un eco periodístico, gardará de agora en diante unha certa unidade, e máis duradeira, nos andéis das bibliotecas. Os libros desfroitan desa virtude.

Xa que logo, para nós, galegos en Catalunya, resulta lisonxeira esta publicación, na que se refrean tantos desacougos fundamente galegos, e nos presenta diante as novas xeneracións coma homes que souberon ser fieis á Terra en calquera circunstancia, a calquera hora. Os esforzos non voarán —como antes dixen— nas áas do tempo; conservaríanse, xebres, nas páxinas do libro. E coidamos que o «Centro Galego» de Barcelona merece unha vez máis o agradecemento xeral por apadriñar esta colección de crónicas de Manuel Rodríguez López, benquerido amigo entre nós, poeta popular acreditado, excelente cultivador dun idioma castizo, home de ben en todos os sentidos.

Manuel CASADO NIETO

Centro Galego de Barcelona

XUNTA DIRECTIVA:

Daniel Pérez Guerra, presidente.

Manuel Vázquez Fernández, vicepresidente 1º.

Mario Nieto da Aira, vicepresidente 2.º

Xosé Fernández Castro, segredario.

Melquíades Moreno González, vicesegredario.

Celia Ferreiro Riazor, contadora.

Pedro Rodríguez López, vicecontador.

Xosé Pérez Colmenero, tesoreiro.

Eva Carral Mahía, vicetesoreira.

Pilar Vázquez Martínez, bibliotecaria.

Mercedes Rey Ouviaña, vicebibliotecaria.

Rogelio Rodríguez Blanco, vocal 1º.

Fermín Pereira Fernández, vocal 2º.

Francisco Castelao Dopacio, vocal 3º.

Lida Fernández López, vocal 4º.

Anxo López Baranga, vocal 5°.

I

PROCESO DA PRENSA GALEGA EN BARCELONA CONFERENCIA DE XOSÉ LOIS GARCÍA

Novamente o salón de actos do Centro Galego encheuse para un acto cultural. Esta vez o conferenciante foi o socio Xosé Lois García, rapaz novo, obreiro —título do que se gaba— e autodidacta que xa conta cunha grande e variada produción no quefacer cultural galego.

A súa presentación estivo a cargo do presidente do Centro, Xosé Luís Vázquez Sotelo, quen fixo un historial da tarefa do Xosé Lois como escritor, colaborador en diarios cataláns como «Avui», «Canigó» e o «Diario de Barcelona»; na prensa da emigración e na galega, en especial «El Progreso», de Lugo. Tamén recordou o señor Vázquez Sotelo a participación de Xosé Lois García no Congreso da Emigración, na creación do Departamento das Nacións Unidas de Barcelona, e lembrou as súas conferencias en Xinebra e na Asociación Cultural «O Facho», así como os seus libros de poemas «Borralleira» e «Non teño outra cantiga». Anunciou tamén o señor Vázquez Sotelo que o Xosé Lois ten en imprenta «Dende o Faro ó Miño» e, en preparación, un libro de narracións e dúas traducións portuguesas de Euxenio de Andrade e Agostinho Neto. Pero o que máis destacou o señor presidente foi o seu libro, de recente aparición: unha escolma de «Nova Galiza» —tema principal da conferencia— libro que, tras unha longa pescuda de moito mérito, enriquece a bibliografía do máximo guieiro de Galicia, Castelao.

O conferenciante adicou a conferencia «Proceso da Prensa Galega en Barcelona» a don Luís Suárez, que no ano 1930 encabezaba as arelas galeguistas da mocidade galega en Barcelona e que publicou o seu poema «A miña nai», encetando unha nova liña máis comprometida, na revista do Centro Galego —«Galicia en Cataluña»—, «deica entón en mans de caciques —dixo— que domeaban na Banca, en Tranvías, no Comercio, no Porto e ata no Axuntamento e na Capitanía Xeral —Martínez Anido— da capital catalana».

O Xosé Lois tivo unha agarimosa lembranza para a revista «O Pazo» e entrou a tratar de «Nova Galiza», na que colaboraron Castelao, Rafael Dieste, Suárez Picallo, o fillo de Cabanillas, Blanco Amor, Ramón Rey Baltar, Seoane, Ramón Gaya e o mesmo Castelao con deseños de denuncia e de información do asoballamento do pobo galego, con crónicas de masacres e chamadas ós emigrantes contra do vilipendio que estaba a facerse na nosa Terra. En «Nova Galiza» apareceron as estampas «Galicia Mártir» e «Atila en Galiza», e publicouse ata que Castelao recibiu unha encomenda do goberno republicano e deixou Barcelona para dirixirse a Moscú.

En Barcelona houbo outras publicacións relacionadas coa nosa Terra: «Nueva Galicia», «Solidaridad Galega Antifeixista» e, findada a guerra, «Alborada», da cal o conferenciante diferenciou dúas etapas: A primeira, baixo a dirección do señor Neira, e a segunda, durante a presidencia do señor Dapena Alfonsín que publicou o mellor número da revista conmemorativa do vintecinco cabodano da morte de Castelao. «Néla —dixo Xosé Lois García— colaboraron importantes firmas. Non debiera faltar —suliñou— en ninguna biblioteca. Máis adiante engadiu: «En conxunto, a revista non ten méritos». E pediu: «E mester unha maior colaboración de todos, que se

asuma o problema social e que sexa positiva para formar unha conciencia nacional na nosa emigración».

O acto rematou cun coloquio no que o señor Vázquez Sotelo sulíñou o difícil que é atopar colaboradores para «Alborada» e para a súa financiación. Tamén o señor Luís Suárez puntualizou que nos anos vinte e comezos dos trinta a emigración galega en Barcelona era só de mil persoas e que, daquela, non había proletariado galego na Cidade Condal e que os persoeiros galegos, introducidos nas máis altas esferas barcelonesas, non eran caciques. «Todo o contrario: — manifestou— aqueles homes honraban a Galicia.»

(*) «El Progreso», 19-III-1978.

FILGUEIRA VALVERDE FALA DE LÓPEZ FERREIRO

O Día das Letras Galegas celebrouse cunha conferencia do ilustre polígrafo e entusiasta orfebre do noso idioma profesor don Xosé F. Filgueira Valverde.

Abriu a velada literaria o presidente do Centro Galego, Xosé Luís Vázquez Sotelo, quen calificou ó señor Filgueira, director do Museo de Pontevedra, como un home de cultura universal que conseguiu o doutorado coa tese sobre a cantiga 103 do Rei Sabio. O señor Vázquez Sotelo fixo grandes eloxios do último libro do profesor Filgueira —unha escolma de artigos e conferencias— e agradeceu a súa presenza: «O Centro Galego —dixo— non puido ter mellor acordo ca este de invitar ó gran renovador das letras galegas, don Xosé Filgueira Valverde.»

O conferenciante empezou a súa documentada disertación referíndose á orixe do Día das Letras Galegas (1963), e tras facer unha rápida enunciación dos literatos homenaxeados deica hoxe, fixo unha semblanza de Antonio López Ferreiro: Nado en Sant-Iago o mesmo ano ca Rosalía, ordenado sacerdote, estudante na Escola Superior Diplomática de Madrid, a onde fora trasladado o seu pai que era empregado en Gobernación, á súa esculca nos arquivos da capital e á licenciatura coa tese encol dos privilexios de Catalunya.

«A universalidade de López Ferreiro —dixo— quizaves lle vena da súa moradía en Madrid, tempo que aproveitou para estudar os arquivos da Academia de Historia. De volta a Compostela —engadiu o profesor Filgueira— López Ferreiro colleu grande sona cos seus traballos nos que refutaba as teses sobre o matrimonio civil do gran xurista Montero Ríos, persoalidade moi reverenciada na capital do Apóstol ata o punto —fermosa anécdota— que nunha visita a un persoeiro, a criada que lle abriu a porta axoenllouse santiguándose como se fora Xesucristo.»

O profesor Filgueira Valverde insertou outra anécdota máis: López Ferreiro fora chamado polo Arzobispo García Cuesta e a súa nai, temendo unha repulsa ó fillo, agardaba inqueda. O voltar á Vedra, parroquia que el rexentaba, díxolle á nai, que o agardaba impaciente: «Saín crego da aldea e volvo Canónigo».

López Ferreiro, home moi piadoso, escrupuloso, humilde e erudito, tivo problemas co cardenal Payá, e foise a Roma con Lavín para denunciálo á Curia Romana, que non lle deu creto e o

cardenal suspendeuno a Divinis unha tempada. Outra anécdota á que se referiu o profesor, foi que, por mor dunhas oposicións, López Ferreiro pediulle a Viqueira que fora á misa do Espírito Santo, e contestoulle: «Hoxe o Espírito Santo non baixa, que hai brétema».

O profesor Filgueira Valverde, coas súas notas de humor, que fixeron amena a velada, falou da obra xigante de López Ferreiro: «Historia de Compostela»; das súas investigacións arqueolóxicas nas excavacións da catedral e das tres novelas históricas, escritas en galego, que foi analizando por orden cronolóxico: «O Niño de Pombas» que se desenrola en terras de Deza (1115); «O Castelo de Pambre (1378), na bisbarra de Melide, e «A Tecedeira de Bonaval» (1543-1544), en Compostela. Os persoeiros destas novelas son sinxelos e están insertos na problemática da época que viviron. Os tipos que crea o autor, están trazados con perfección. Unhas veces atopámonos coa nota romántica; outras, coa prosa documental dun pobo que se revolta contra da inxusticia.

O profesor Filgueira, coa súa fonda sabencia e coñecementos medievais, citou a riqueza da prosa escrita na lingua galaicoportuguesa: «A Crónica Xeral», «As Partidas», «O Fuero Xeral», «O Fuero do Dereito» e moitos máis documentos do s. XIV. Logo referíuse ó longo período silencioso da nosa lingua e tivo unha lembranza para os historiadores galegos que escribiron en castelán, coma Vicetto e, xa na decadencia do xénero, Antonio Sanmartín, autor de obras como «Arte y Verdugo», «El Infierno en Vida», etc. ata 257 títulos. E, voltando á López Ferreiro, louvou o quefacer do gran erudito en tres canles principais: O popular, o humanístico e o documental. E findou:

«Mentres exista o amor, a Terra agradecerá a obra deste gran galego, digno de perdurar na lembranza».

(*) «Boletín do Centro Galego de Barcelona», xulio-agosto 1978.

GONZALO DE LA HUERGA: «A PARROQUIA, ÓRGANO PRIMARIO BÁSICO»

O ilustre xurista don Gonzalo de la Huerga Fidalgo pronunciou unha conferencia no Centro Galego sobre «O Goberno da Familia Rural».

Fixo a presentación Xosé Luís Vázquez Sotelo, presidente do Centro, quen presentou ó conferenciante como «home de dereito e galego sentimental —nado fora de Galicia— pero artellado nas inquedanzas da nosa Terra. Don Gonzalo de la Huerga —engadiu o presidente— representou o noso Dereito no Congreso de Dereito Galego e hoxe reside en Catalunya». A continuación o señor Vázquez Sotelo fixo eloxios do seu labor como xurista e sinalou o feito de que durante a súa estancia en Galicia compenetrouse coa nosa xente ata o feito de aprender o noso idioma.

O orador empezou falando da orixe rural do home, o cal non é unha desgracia e boa proba éo que suízos, ingleses ou franceses coidan que é un privilexio non vivir na cidade. As cidades son panais; pero sen mel. A televisión —afirmou— é unha adormideira.

Entrando na problemática galega, prescindiu do estudio dos vilegos, que non se sinten vencellados ó rural porque están instalados nunha cultura allea e só representan o tercio da poboación de Galicia. Don Gonzalo de la Huerga fixo historia da cultura celta, do espallamento da

poboación, «das vivendas circulares vencelladas á natureza e xunguidas ó cosmos» e logo falou dos romanos, que conscentes da nosa idiosincrasia diferenciada, convertiron Galicia nunha provincia do Imperio. Lembrou ós suevos, que fixeron de Galicia un reino independente e referiuse á pouca incidencia que tiveron os árabes na nosa Terra. Dos Reis Católicos recordou que, coa excusa da paz, fixeron política asimilista, e deu fin á exposición histórica coa relación dos feitos causantes da creación artificial das provincias o ano 1833.

O señor de la Huerga entrou na parte final da súa disertación dicindo que ó día seguinte da aprobación do Estatuto de Autonomía atoparémonos no miólo da problemática galega. «A realidade —dixo— non será Sant-Iago como capital, senón todas as cidades, vilas e pobos do país. Haberá que crear —suliñou— os órganos administrativos rurais, equiparar o campo á cidade. A Parroquia —na vila a asociación de vecinos— será o órgano primeiro básico que funcionará por asembleas de veciños.»

O conferenciante contou algunhas anécdotas, vividas por el no medio rural, que confirman a gran incidencia que a Parroquia ten entre os veciños no trato, nas axudas e na vida dos seus moradores e findou a conferencia propoñendo tres niveis: Galicia, Distrito e Concello. O segundo actuaría como chanzo intermedio entre a Parroquia e o Goberno de Galicia. Os Distritos, que podían corresponder ós 47 —ou quizais menos— centros actuais do poder xudicial, recollerían os informes de base e trasladaríanos ó Poder superior e, por outra banda, serían o canle por onde chegarían á base as técnicas, as inversións e as resolucións programadas dende o Goberno de Galicia.

O señor Gonzalo de la Huerga foi moi aplaudido e o presidente do Centro, agradecido ó ilustre xurista, dixo: «Verbas como as que acabamos de oír son as que deixan recordo no Centro Galego».

COLOQUIO SOBRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, NA PRENSA, NA RADIO E NA T.V.

Baixo a presidencia do señor Vázquez Sotelo tivo lugar o último acto cultural dos que se están a celebrar no Centro Galego e que se interrompen por mor da época estival. O tema, de rabiosa actualidade, foi estudado por tres ilustres periodistas galegos: Xosé Luís Blanco Campaña, de R.T.V.E., Emilio Prado, profesor da Facultade de Ciencias da Información e locutor de Radio Peninsular, e Xosé R. Pousa, periodista de «A Nosa Terra».

O señor Pousa suliñou o «difícil que é facer prensa galega por mor de non estar recoñecido o idioma no ensino e pola marxinação que padece o país. «A Nosa Terra» —engadiu—, tenta facer periodismo galego; pero atópase cun camiño cheo de atrancos. O semanario ten unha difusión de 10.000 exemplares.»

O señor Prado lembrou «Teima», que non seguiu adiante por dificultades de distribución e por causas económicas. «A morte dunha revista —dixo— lévame a pensar na maior difusión e incidencia dos medios audiovisuais, que chegan ás aldeas sen problemas e, ademais, dan prestixio á lingua, que sofre o estigma social de tantos anos de imposición castelán. Unha emisora de F.M. —engadiu— é máis barata. Con poucos cartos pódese cubrir a información dunha bisbarra.»

O señor Blanco Campaña lembrou que, co nacemento da radio, coidábase que estaba a chegar a morte da prensa; pero sucedeu todo o contrario xa que o oínte gusta de completar a información coa lectura.

«O galego hoxe ten maior incidencia na radio ca na prensa escrita —asegurou o Xosé R. Pousa— a pesar de que o 80 % da programación é oficial. Con todo, hai emisoras, como Radio Vigo, que fai un programa de catro horas en galego. Outras emisoras tamén fan pequenas emisións na nosa fala.»

O Xosé Luís Blanco pensa que a razón de que Radio Nacional non teña maior programación en galego é debido á xente que está ó seu fronte. «Son persoas maiores —afirmou— que non aproveitan os espazos que lles deixa Madrid. En Barcelona non ocorre o mesmo —dixo— porque os responsables decatáronse que hoxe pódese facer unha tarefa máis progresista. Os galegos —laïouse Blanco Campaña— nin sequera souberon pedir unha Radio Peninsular.»

O Emilio Prado coida que Galicia non solicitou unha Radio Peninsular porque esta é, máis ben, unha emisora comercial que só acude a onde atopa beneficios suculentos. Tal argumentación foi rebatida polo presidente do Centro Galego, que preguntou: ¿Acaso Cuenca, cunha Radio Peninsular, é máis cá Coruña?

O señor Blanco, insistindo na súa teoría —«os mandos da Radio Nacional da Coruña non se xogan o carguiño por nada»— explicou cómo Barcelona conseguiu Radio4, pagada polo Estado español e cunha total programación en catalán. «¿Por qué —preguntouse— non a temos nos en Galicia?»

«O idioma catalán é a lingua habitual da burguesía en Catalunya —respostoulle o señor Prado— Pola contra, a burguesía galega non ten conciencia de nación. Na Coruña —asegurou— estaban dispostos a crear unha Radio4, pero non en galego.»

Referíndose a T.V., o señor Pousa dixo que o espazo «Panorama de Galicia» ten unha incidencia moi forte; pero está moi mal planeado. Recolle algúns supostos da realidade, pero o caciquismo funciona cos mesmos esquemas da Radio Nacional. A T.V. podía ser o medio de máis impacto. Hai o proxecto duns estudos propios no Palacio de Raxoi. Dudo, engadiu, que tal e como se levan as cousas, sirvan para facer unha información aberta.

Como resumen, chegouse á conclusión de que, para unha boa información, é mester a normalización política. O bilingüismo só serviría para confundir. Non existen medios de comunicación independentes e sempre hai intereses políticos de fondo. O locutor debe expresarse en galego. Hai que cambiar o esquema vertical. E mester satisfacer as angueiras comunicativas. Débese dar a coñecer ó oínte as súas necesidades e darlle o máximo nivel de dignidade á lingua do pobo.

O Xosé Luís, home sumamente inqueda pola información, lamentou que moitos dos profesionais dos medios de comunicación de Galicia non son galegos nin saben a nosa lingua e abogou por unha renovación nos medios dirixentes da Radio e da T.V. manifestando, cun novo interrogante o anxeio de tornar á Terra de moitos profesionais espallados por España: ¿Non podemos voltar á Galicia e levantar todo isto?

(*) «El Progreso», 9-VII-1978.

XORNADAS DE TRABALLO DE DON XESÚS MATO EN CATALUNYA

O crego lugués asistiu en Barcelona ó 8.º Pleno Nacional de «Auxilia», unha Asociación que loita pola integración social dos Minusválidos físicos.

— O Grupo que formamos, díxonos D. Xesús, en representación de Galicia, Extremadura, Centro, Norte, Zona Oeste, Andalucía Occidental, Andalucía Oriental, Levante, Castilla e Catalunya, viñemos para traballar na estrutura democrática da Asociación e esixir luz verde pro anteproxecto xa presentado ó Goberno, porque ben sexa o actual ou calquera outro, están no obriga de dictar unha solución axeitada e sen mais agarda.

— O problema do millón e medio de minusválidos, engadiu, é clarísimo e a súa resolución, inda que vai moito mais lenta do que quixeramos, é imparabile. O Estado ten que por o remedio. E nos casos de Gran Invalidez non só ten que asegurar o soldo mínimo do enfermo, senón incluso pagar ás persoas que os atenden. Loitaremos con todos os medios para que non haxa un só minusválido que non disfrute dunha pensión decente como corresponde a un país que firmou os Dereitos Humanos.

Don Xesús Mato é un crego activo, inmerso na problemática integral do home. Fai apostolado misando, administrando Sacramentos, loitando polos inválidos ou traballando en Radio Popular de Lugo como asesor relixioso. D. Xesús é tamén fundador de «Fuxan os Ventos», un dos mellores grupos de folk galego de hoxe en día. E como tal foi presentado ó pobo barcelonés por Xosé Luís Blanco Campaña, de R.N.T.V.E., o locutor de Camariñas que fíxose popular na Cidade Condal cos seus programas en diálogo aberto coa xente.

Compangando as mais fermosa creacións musicais de «Fuxan os Ventos» e o diálogo cos oíntes do programa, o Xosé Luís Blanco presentou ós cataláns o crego galego, que durante unha hora respostou ás preguntas telefónicas con sabios xuicios e suxerencias atinadas:

«En Galicia a xente sigue condicionada. Hai que despertala. Eu prégoles ós galegos de Catalunya que cando cheguen á nosa terra señan portadores deste espírito patriótico que anima ós cataláns».

«Hoxe temos grupos, entre eles destacados mestres, que están pegándolle forte á concienciación galeguista en favor do idioma, que deica agora estivo asoballado.»

«Un sector do clero actual renega da explotación porque dende o Evanxelio non se pode aceptar... A solución contra dos "carcas" é non colaborar con eles. Se un crego non se move, que lle sacudan e, neste senso incluso estou disposto a que me zorreguen físicamente a min.»

Os poucos intres libres de que dispuñan Xesús Mato e Xosé A. Alonso aproveitáronos ó máximo para contactar cos representantes dos grupos e peñas que se deron cita en Radio Miramar, no programa galego de unha hora, que dende hai tres anos dirixe Manuel Fernando. O Presidente da Irmandade de Mollet informou da xuntanza de 3.000 galegos que asistiron a un acto cultural galeguista naquela localidade e na que actuaron os cantantes Jei Nogueral e Alfredo González Vilela. Tamén a maestra-poeta Herminia Corbacho, do Grupo «NÓS» de Sabadell, que está a facer un labor meritísimo de unión entre os galegos da cidade Vallesana, falounos dun acto cultural, inda recente, nun teatro daquela cidade. O periodista X. A. Alonso da Redacción de «La Voz de Galicia», en Lugo, invitado pola Editorial Planeta para informar do XXVII Concurso Literario de Novela, mostrou a súa grata sorpresa por atoparse cun programa galego de tanta audiencia en Catalunya, íntegramente en galego, e coincidiu con D. Xesús Mato ó laiarse do snobismo e do arribismo que dende panfletos políticos están a destragar o idioma galego. Doeuse da queima de 10.000 hectáreas este ano na provincia de Lugo —estamos a queimar o pouco que temos, dixo— e findou dicindo que o Pregón de San Froilán, feito polo académico D. Anxel Fole, foi o mellor e máis significativo das festas outonais de Lugo.

D. Xesús Mato recoñeceu que as emisoras galegas en xeral non responden á problemática nosa e tivo verbas de gabanza pro número, inda pequeno, de periodistas que «están loitando un pouco coma guerrilleiros» para mellorar os medios de Comunicación en Galicia.

Rematou o coloquio o Manuel Fernando dicindo: Galicia vive con nós. Eiquí temos medios para denunciar os feitos. Non sei se a nosa voz chegará aló; pero polo menos que saiban que existe.

¿Veremos os «Fuxan...» en Barcelona?

O periodista X. A. Alonso, un milagre de resistencia case olímpica, roubando horas ó descanso inda atopou tempo pro seu traballo de información entrevistándose con Xosé Luís Blanco Campaña, asesor de cultura do Centro Galego e co Presidente D. Xosé Luís Vázquez Sotelo. Xesús Mato, acabado o Congreso de «Auxilia», mantivo tamén unha longa conversa cos señores Blanco e Vázquez Sotelo no Centro Galego, que tras unha reforma practicamente rematada xa, vai ser o orgullo dos socios.

— Levamos empregados perto de cinco millóns, dixo o Presidente, e coidamos que a reinauguración poida ser a primeiros do mes de Nadal. Unha ocasión fermosa para dar a coñecer «Fuxan os Ventos».

Nunha cea de traballo examináronse as posibilidades da actuación do grupo galego na Cidade Condal. E Xosé Luís Blanco Campaña, tan ligado el ó mundo da canción e do disco, facéndose eco da entusiasta suxerencia do Presidente do Centro Galego, xa está a tanguer as teclas todas para converter en realidade a visita das voces luguesas a Catalunya.

{*} «El Progreso», 29-X-1978.

Organizada polo Centro Galego, celebrouse na Cidade Condal unha misa polas vítimas do río Orbigo. O acto relixioso tivo lugar na eirexa de Sant Jaume (Sant-Iago, en catalán), na céntrica rúa de Fernando, a carón das Ramblas, con asistencia masiva de fieles, que non couberon no templo.

Encetou o acto don Xosé Luís Blanco Campaña con sentidas verbas, lembrando a traxedia que choramos todos os galegos e ofrecendo a misa polos nenos e as súas magoadas familias. Durante o ofertorio e a eucaristía, a Masa Coral «Lonxe da Terra», do Centro Galego, interpretou «Sodes Señor» e «Non tardes xa». Tamén o poeta Manuel Rodríguez López deu lectura a un poema alusivo ó acto, que remataba dicindo: «Dalles eterna paz ós mortos / que enloitaron a nosa Terra / e enxerga e glorifica, xa, / teu pobo longamente aburado, / Señor!».

O párroco de Sant Jaume pronunciou unha afervoadada oración, pedíndolle a Deus acougo pros desaparecidos e consolo prás súas familias.

Co presidente do Centro, D. Xosé Lois Vázquez Sotelo, e a Xunta Directiva, asistiron tamén D. Xosé Ramón Carme, e D. Antonio Zapatero, en representación dos nove bombeiros barceloneses que, a iniciativa do presidente do Centro Galego, traballaron no rescate das vítimas.

Rematouse o acto relixioso co «Himno Galego», interpretado ó órgano por Xosé Luís Blanco. No transcurso da cerimonia, un gaitero do Centro sostivo no altar maior a bandeira galega con crespón negro, flanqueado por dous nenos vestidos co traxe do país. Tamén os componentes do Coro e o seu mestre Martínez Pedra levaban brazaletes negros.

(*) «Faro de Vigo», 6-V-1979.

ÉXITO MULTITUDINARIO DOS «VALUROS»

ACTUARON NO CENTRO GALEGO DE BARCELONA E EN HOSPITALET

Cantos enchemos o salón de actos do Centro Galego e o teatro de Hospitalet, moito antes das horas fixadas para ver «Os Valuros», non quedamos defraudados. A colonia galega da Cidade Condal endexamais tivemos a sorte de acudir a un acto que nos concienciara tanto como a peza teatral de Xulio Pita «Vaise a pechar outra casa máis», traxicomedia en tres actos, representada por labregos de Castro de Rei e Santa Leocadia da terra Cha, dirixidos polo crego D. Xosé Manuel Carballo.

No Centro Galego, en nome da Directiva, o periodista e locutor de Radio e T.V., Xosé Luís Blanco Campaña, tan admirado do público catalán, sulíñou o feito ditoso de poder contar no extenso programa cultural con que celebramos o Día das Letras Galegas, coa colaboración do grupo teatral máis importante de Galicia, que cunha peza representada e pensada, en principio, para xente de aldea, xa conseguiu facer rir e chorar ó mesmo tempo a milleiros de persoas, que se ven retratadas e que endexamais viran tan ben compangados o humor, a retransca, o trasacordo, a door dos nosos

vellos vítimas do desaxuste social, a magoante ruptura xeneracional e o esborrallamento dunha sociedade ferida de morte.

Obras como a representada polos «Valuros» poden facer rexurdir un pobo que esmorece. A concienciación da nosa xente é a única maneira de poder erguer Galicia e «Vaise a pechar outra casa máis» afonda na chaga que nos roe. Ogallá que as institucións e os representantes do pobo comprendan a mensaxe que esta peza encerra e, íntimamente xunguidos coas nosas xentes, acaden o remedio para que non se pechen máis casas.

Coido que non debo explicar o argumento da obra, que se enceta cun poema antolóxico de M. do Pilar Campo Domínguez, tidoado «Muller». «Os Valuros» seguirán a tripar vilas, cidades, aldeas e, inclusive terras alleas onde se atopan colonias galegas, para facer chegar a peza dramática a todos. Deben seguir, sí, porque, coa posta en escena desta obra, están a facer o milagre de que a xente cavile e se revolte contra o malfado que nos abura e as Maruxas, que toda a vida loitaron para conquistar o que non poideron; os Pepes que andan a cotío en busca do traballo que non atopan; os Andreses que esqueceron a súa caste, trastornados polo espellismo da emigración; as Maris-Carmen afeitadas a meter os fuciños nas cousas alleas; os Indalecios e as Floras que se debecen por un fillo, porque sen fillos non hai día de mañá; os Susos e Xoanas cuxa vida foi dura coma un callo e que non son quén de erguer a testa e arrepoñarse á inxusticia porque sempre miraron ó chan para arrincarlle a cativa mantenza; os Marcos con vocación de revolucionarios; os médicos coma D. Guillermo e os cregos coma D. Xosé que coidan impropio mesturarse cos labregos e que sempre haberá ricos e pobres... un día arrombarán tantos e tantos atrancos como choen os camiños dun pobo merecente, xa, de mellor fortuna.

Non sei se D. Xosé Manuel Carballo atendeu o consello de Antón Villar Ponte que escribiu: «Se queremos salvar da morte o "xenius" galego e que Galicia volva a atoparse a sí mesma escoitando a voz eterna da Terra, non é posible continuar cos brazos cruzados. É mester a creación e afirmación dun teatro galego». O que sí podo dicir é que o crego lugués tivo un gran acerto coa súa iniciativa e, se se mantén na mesma liña, non será de extrañar que recolla éxitos coma os de Barcelona e Hospitalet.

(1) «El Progreso», 31-V-1979.

A ORQUESTA «PETAPOUCO» «AS LETRAS GALEGAS HOXE»

O día 19 houbo unha Charla-Coloquio á que acudimos como invitados Xosé Luís García e un servidor. Abriu o acto, con frases gabanciosas, das que non somos merecentes, o señor Luís Suárez, vello galeguista, representante do partido de Castelao en Catalunya, quen fixo unha exposición detallada e chea de anécdotas da tarefa inxente dos grandes mestres do galeguismo, inquedados pola cultura, coñecedores das correntes europeas do primeiro tercio deste século e que en Ourense, tabernáculo da cultura galega, tiñan unha das mellores bibliotecas daquela época.

O profesor Basilio Losada encetou o seu discurso facendo historia dos 17 nomes, moitos esgrevios, ós que se lles adicou o Día das Letras Galegas dende o 1963, data do 1.º Centenario de CANTARES GALEGOS de Rosalía de Castro.

«O labor daqueles anos difíciles trocouse en feitos vivos —dixo o profesor Losada—. A xente merca libros.

Na rúa os tenderetes son unha afirmación de fe no noso futuro, co seu mensaxe.»

Refiríndose ó poeta de Rianxo, Manuel Antonio, afirmou que era «o mellor poeta dos movementos de vangarda europeos dos anos 20 e anunciou a próxima tradución dos poemas do espléndido cantor do mar á lingua rusa, feita pola Biblioteca de Moscú».

O doutor Losada Castro findou referíndose ós dous poetas que acudimos á chamada do Centro Galego: «Se hai algún país onde se deba facer poesía social é en Galicia. Por iso estes dous poetas, que se declaran POETAS OBREIROS e que non ven a paisaxe de Galicia coma unha cousa gasalleira e leda, senón como drama dos homes que alí traballan e sofren, son poetas evidentemente válidos».

Festa de irmandade

O día 26 un Gran Festival, presentado por Xosé Luís Blanco Campaña, alma de cantos actos se organizan derradeiramente no Centro Galego, e pola segredaria do Centro, Aurora Sotelo, colmou de socios e amigos o salón de actos da nosa colectividade. Participaron o Grupo de Gaitas que dirixe o señor Ferreiro e a Coral Lonxe da Terra do mestre Martínez Pedra. Unha idea dos méritos artísticos da Coral dánola o feito de que actuaron no teatro Liceo, un dos mellores do mundo, e que xa teñen grabado un L.P. Tamén actuaron Alfredo González, o grupo enxebre «Toxos e Xestas» de Xosé Luís Foxo, o corpo de Baile Galego e a orquesta Petapouco.

É obrigado que nos demoremos para falar do éxito acadado por este grupo, creado polo locutor de Radio e T.V., Xosé Luís Blanco Campaña. Os Petapouco son unha réplica da famosa Trinca catalana; pero en galego. Certamente agárdalles grandes éxitos. Con Xosé Luís formaron a orquesta Alfredo, Fernando, Gloria, Julita e Tucho, inspirándose nas fontes máis enxebres da música popular. Os Petapouco xa teñen unha longa escolma de cancións e axiña, estou seguro, ocuparán os primeiros lugares na táboa discográfica co seu próximo L.P.

O Festival deu comenzo con obsequios pros nenos e, ó remate, o encargado do servizo do Bar do noso Centro, señor Castaño, regalou un xamón, que se sorteou entre os socios, e deu unha convidada con vinos e tapas do país.

Artesanía, libros e programas infantiles

Dende o 25 ata o 27 tamén tivemos Exposición e Venta de cerámicas de Buño, Niñodáguia, Maceda e Lestrove; encaixes de Camariñas; gaitas; artesanía en madeira, etc. e durante todas as datas que reseñamos, vendéronse centos de libros. O Centro agasallou ós socios con XOB O

ECLESIASTES E CANTIGA DAS CANTIGAS, traducido polo expresidente D. Manuel Casado Nieto. Os domingos, ata os derradeiros de San Xoan, os nenos dos socios teñen sesións de cine infantil e o día 2 de xunio faráse un Concurso de Dibujo, patrocinado por Carroggio, editora da Historia de Galicia de Murguía e Vicetto. O mesmo día, pola serán, pecharase este longo e ricaz ciclo cultural organizado polo Centro Galego de Barcelona que, este ano, coído eu, non tivo parello en ningures, nin pola calidade nin pola cantidade. O título da conferencia será: LUÍS SEOANE, PERSOALIDADE DA CULTURA GALEGA.

(*) «El Progreso», 17-VI-1979.

LUIS SEOANE, PERSOALIDADE DA CULTURA GALEGA

Pilar Corredoira prepara unha tese encol da súa obra

Tal foi o título da Charla-Coloquio, ilustrada con diapositivas da obra do artista e que pechou o ciclo de teatro, veladas literarias, festivais, mostras de libros, artesanía, actos infantís, etc., organizados polo Centro Galego de Barcelona durante as derradeiras catro semanas co gallo de AS LETRAS GALEGAS, HOXE.

Presidiu o señor Xosé Luís Vázquez Sotelo, presidente do Centro, e presentou á conferenciante Pilar Corredoira, que acaba de rematar a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Barcelona, o señor Xosé Luís Blanco Campaña, quen se lamentou de ter que substituír, debido a unha enfermidade, ó señor Luís Suárez, compañeiro de mocidade de Luís Seoane, xa que el podía engadir moitas novas e anécdotas do artista, vencellado á nosa cultura nas variadas facetas de poeta, narrador, ceramista, grabador, ensaísta, ilustrador de libros e pintor, con logros de categoría universal como o gran mural do teatro General San Martín de Bos Aires.

Pilar Corredoira, que tivo longas conversas co artista poucos días denantes do seu pasamento, asegurou que Luís Seoane, pola súa pintura esquemática e limpa de engadidos, vive nos mellores museos de América do Sur, de Nova York, Xinebra, Hamburgo, Chicago, Madrid, Tel Aviv e no Museo de Arte Galego «Carlos Maside», do que foi fundador, en Cerámicas de Sargadelos, Edicións do Castro e no Laboratorio de Formas, sociedades creadas en colaboración co outro artista e Mecenás galego Isaac Díaz Pardo.

Seoane, fillo de emigrantes galegos, nado en Bos Aires o ano 1910, estudou en Sant-lago a carreira de Dereito. Foi abogado laboralista na Coruña, político galeguista e exilado dende o 36. Nos anos da posguerra, cando escribir en galego era prohibitivo na nosa Terra, el salvou e enriqueceu no desterro, con Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado e outros galeguistas, a cultura galega, creando Editoriais e coleccións de libros («Dorna» «Citania» «Hórreo» «Botella al mar»...), editando revistas como «Galicia emigrante» (1954/59), dirixindo «Galicia» (órgano oficial do Centro Galego bonaerense), facendo emisións de radio e mesmo publicando poemas propios en libros coma «Fardel do exilado» (1952), «As cicatrices» (1959), «Na brétema Sant-lago» (1956), narracións coma «Tres hojas de ruda y un ajo verde» e unha escolma de traballos radiofónicos: «Comunicacións

misturadas». Seoane tamén escribiu teatro, ilustrou dúcias de libros e, dende o 1937 a 1965 publicou 19 álbumes de dibuxos e grabados dos que destaca «Homenaje a la Torre de Hércules».

Luís Seoane viviu no 1949 en París e Londres, no 1960 en Italia, Alemania e Basilea, nos anos 1963/64 en Xinebra e Madrid. Seoane coñeceu a Picasso e ós meirandes artistas da súa época e Alberti adicoulle un dos seus mellores poemas. Conqu coastiu un premio na Exposición Universal de Bruselas e o mesmo ano 1958 a medalla do senado arxentino. No 1962 foi galardonado pola Academia Nacional de Bellas Artes de Bos Aires co máximo galardón e agora, co gallo do seu 70 aniversario estábaselle a preparar un homenaxe popular na República Arxentina e tamén en España.

Pilar Corredoira tivo verbas de agarimo prá compañeira de Seoane, Dona Maruxa. Falounos dos proxectos do artista, que tina decidido fixar a súa residencia definitiva na Coruña e dixo que o gran galeguista, lembrando as campañas pro Estatuto do 1936, laiouselle das liortas actuais dos nosos parlamentarios, que disputan por miudeces coma o caso da capitalidade, esquecendo que, se queremos acadar unha auténtica autonomía, debemos arrambar con localismos e barallas que samente favorecen ó centralismo. Tamén dixo Pilar que Seoane donou a súa biblioteca de arte á Real Academia Galega, a cuxa recente inauguración, no seu novo emplazamento, acudirá como gran invitado.

A conferenciante findou coa promesa de volver ó Centro no mes de Febreiro para lernos a súa tese encol da obra de Luís Seoane e, tras un diálogo co público asistente, deu lectura ó prólogo do derradeiro libro bilingüe de Seoane, publicado en Bos Aires no ano 1978, tiduado «Imágenes de Galicia», ilustrado con 72 fermosas silografías.

Rematou a velada o señor Blanco Campaña cos proféticos versos do poema de Luís Seoane «Oración do emigrante que volta», nos que el ofrécelle á súa terra o último que lle queda: A morte. Feito que se convertiu en realidade o 5 de abril na cidade herculina, pechándose, co seu pasamento, como dixo X. Alonso Montero, un capítulo da cultura galega.

Igual que D. Anxel Fole, eu tamén esperaba ver a Seoane e falarlle para seguir a conversa que mantivemos na Sala Sargadelos de Barcelona hai anos; pero, como tan acertadamente escribiu o seu amigo e compañeiro dende os tempos de estudantes universitarios, só me resta dicir: ¡A vida é unha inmensa tristura!

(*) «El Progreso», 24-VI-1979.

II

NON AS AUTOPISTAS

Coloquio no Centro Galego de Barcelona

Encetou o acto o señor Suárez, vicepresidente do Centro e, logo, o señor Xosé Luís Blanco, periodista e locutor de Radio Nacional e T.V.E. fixo historia dos estudos, dos proxectos e da construción da Autopista do Atlántico. Sobre un dibuxo, o señor Blanco foi explicando os trazados

de carriles, zonas de aprovisionamento, expropiacións, etc., que suman un ancho de 295 metros, e axiña comezaron as intervencións numerosas do público.

É de admirar o gran número de rapaces e rapazas con clara preparación, inquedados pola problemática das comunicacións de Galicia e non fai falla suliñar o axiña que se esborrallaron as argumentacións dun minoritario sector que alegaba a necesidade de xunguir os grandes centros industriais e de poboación de Vigo, Pontevedra, Sant-Iago, A Coruña e O Ferrol coa autopista para facilitar o desprazamento turístico e comercial entre as mesmas, laiándose, por exemplo, de que para viaxar dende O Ferrol ata Vigo, sexan mester, hoxe, cinco horas de volante. Partindo da realidade actual de mercado e de consumo, coidan os partidarios da autopista, que a mesma é necesaria, máxime cavilando no ano 1985, data do seu remate, que o parque automovilístico será moito maior. O que sí é mester, repetiron unha e outra vez, é que as expropiacións sexan ben pagas, que o trazado non tripe leiras ricas e sobre todo que se active o Plan Redia.

As argumentacións desfavorables á autopista do Atlántico foron masivas:

«Cos 60.000 millóns da devandita obra podíanse arranxar as carreteras, os camiños veciñais e as corredeiras. As estradas de máis circulación contarían cun carril para vehículos lentos.»

«Entre O Ferrol e Vigo podíase modernizar o ferrocarril —non contaminante— con maior capacidade de transporte e con escasa incidencia na expropiación.»

«Os pobos á beira das autopistas morren. Os solares perden valía. Os labregos deben percorrer kilómetros para franquear o "deserto" que representa a autopista para se desplazaran ós mercados dos pobos veciños e inclusive ás leiras propias.»

«Non se consultou ás parroquias nin se valoraron os pros e os contras cos afectados que poideran dar a solución axeitada.»

«A inversión na autopista atingue soamente ás grandes multinacionais e á Banca, que invirte os cartos dos emigrantes no seu proveito exclusivo, xenerando escasos postos de traballo e esfarelado, en troques, moitas casas labregas con novos incrementos de coeficientes emigratorios.»

«Inglaterra, coa mellor rede de carreteras, non ten autopistas. O exemplo inglés é o que conven a Galicia.»

«As ventaxas das carreteras sobre das autopistas son grandismas. Non só porque revalorizan solares; tamén porque a expropiación é moito menor e non parten pobos nin bisbarras.»

Houbo un intre de tensión cando un afervoadado da Autopista do Atlántico culpou a un partido de facer bandeira política do tema; pero Xosé Luís Blanco soubo atallar axiña as discusións e o señor Luís Suárez conseguiu longos aplausos do público, posto en pé, cando dixo:

«Tan complexos problemas non se houberan dado se Galicia fora autónoma.»

No Centro Galego de Barcelona tivo lugar unha xuntanza-homenaxe ó gran poeta Augusto Casas, nado en Ourense o 25/9/06 e morto na Cidade Condal o 22/12/73.

Presidiron o acto Dona Aurora de Lora Walpole de Casas, o presidente do Centro D. Xosé Luís Vázquez Sotelo, o vicepresidente D. Luís Suárez e o asesor de Relacións Públicas D. Xosé Luís Blanco, que encetou a velada literaria facendo unha semblanza de Augusto Casas: Os seus anos de estudante cos grandes mestres Vicente Risco e Otero Pedrayo, a súa integración no grupo «Nós», os estudos de Dereito, o seu título de Diplomado en Gobernación e a tarefa que desenrolou en Madrid con Portela Valladares.

D. Xosé Luís Blanco relacionou tamén os libros de poemas publicados de Augusto Casas: «O vento segrel», «Cantigas da noite moza», «Isa folla vai polo río», «Alen» e «Servidume na Treva» así como a escolma bilingüe publicada en Barcelona o ano 1946: «Las mejores poesías de Rosalía de Castro», que eu gardo coma un tesouro, por ser a primeira obra galega que ollei nas miñas mans, ós catorce anos, na emigración e que despertou a miña vocación literaria.

Acto seguido o coro do Centro, dirixido polo mestre Xoan Martínez Pedra, interpretou «Meus Amores», letra de Salvador Golpe e música de Valdomir. E logo falou D. Luís Suárez, que calificou a Augusto Casas coma un xigante das letras galegas, laiándose do valeiro que deixou entre os amigos, para findar dicindo «Vivirá eternamente connosco coma un bardo máis da nosa Terra».

Aurora Sotelo e Xosé Manuel Río, coñecido rapsoda profesional, recitaron varios poemas inéditos do poeta lembrado, sendo moi aplaudidos e, tras unha nova actuación do coro, que cantou «A Muiñeira de Chantada», o asesor de Relacións Públicas, señor Blanco, leu unha carta de D. Manuel Casado Nieto, ausente de Barcelona, sumándose ó homenaxe a Augusto Casas «Poeta comparable a Teixeira de Pascoaes pola súa calidade lírica» e D. Basilio Losada, catedrático en Barcelona, pronunciou un afervorado discurso lembrando que no ano 1947, cando era un milagre atopar un libro galego, encontrou en Sant-Iago «O vento segrel», cuxa lectura na alhameda de Compostela, foi o punto de partida da súa afición ás letras galegas. O profesor Losada sulíñou tamén que o homenaxe a Casas fíxose esperar demais. Da obra poética de D. Augusto dixo que foise facendo cada vez máis intimista, seguindo no seu roteiro dende a saudade ata chegar ó acedume. Os seus poemas son dunha técnica rigurosa. Pros poetas mozos, entregados á poesía de renuncia e mensaxe como arma dunha idea, non foi doado enxergar a íntima riqueza do auténtico poeta. Basilio Losada rematou ofrecéndose a colaborar no espallamento da súa obra e pedindo que o Centro Galego publique os poemas inéditos de Augusto Casas. «É o mínimo, dixo, que nos podemos facer por este amigo exemplar que se nos foi.»

Pechou a velada literaria D. Xosé Luís Vázquez Sotelo, quen agradeceu o abandonoso material que lle entregou a señora viúda de Casas — moitos poemas en galego e castelán e dúas biografías: «Frai Junípero Serra» e «O Papa Luna» — aceptando a suxerencia do profesor Losada Castro e comprometéndose a levar adiante a idea de publicar os trábanos inéditos do «Poeta funcionario que, traballando cada día e perdendo horas do seu tempo, inda tivo o valor de facer os versos que hoxe nos fan compañía».

Por acordo da Xunta directiva, a señora viúda de Casas, que agradeceu o homenaxe ó seu esposo, recibiu, emocionada, un pergamino de Socio de Honor e findouse o acto cantando o Himno Galego.

{*} «El Progreso», 2-X-1980.

COLOQUIO SOBRE AS NUCLEARES

Presidida polo señor Xosé Luís Vázquez Sotelo, celebrouse unha mesa redonda e un coloquio aberto no local social do Centro Galego encol do tema «Galicia e as Centrais Nucleares».

O periodista galego e locutor de R.T.V.E. Xosé Luís Blanco Campaña encetou o acto informando dos proxectos de FENOSA, maioritaria co 60 %, para erguer unha nuclear en Xove, que dará emprego a 200 persoas especializadas e no ano 1982 duplicará a produción eléctrica de hoxe. Lembrou o señor Xosé Luís Blanco as xuntanzas antinucleares que tiveron tanto eco e as numerosas voces que denunciaron, por exemplo: «Nun radio de 60 km. as nucleares non deixan rastro de vida. O litoral de perto fica sen peixes. España merca a peor técnica que existe...». Un interrogante: ¿Por qué nos dan unha central, se nunca nos deron nada? O señor Blanco findou a súa exposición dicindo: «Só quixen informar e non debo opinar. Falará o diálogo aberto».

O presidente señor Vázquez Sotelo fixo a presentación do ponente, catedrático de Física e Química da facultade de Farmacia de Barcelona don Serafín García Fernández que sulíñou repetidas veces o seu propósito de falar exclusivamente como técnico. Cunha mancha de datos falou do aumento de consumo de enerxía, do déficit da Balanza de Pagos por importación de petróleo, do esgotamento das fontes tradicionais do carbón, os crudos e os recursos hidráulicos, afirmando que, de seguir co incremento anual do 6 % no aumento de consumo, as previsións pro ano 2055 son moi pesimistas.

O doctor Serafín García chegou á conclusión de que débense explotar novos recursos: A enerxía solar sería a menos contaminante; pero as grandes potencias teñen máis avanzada a tecnoloxía nuclear, por mor da guerra, e non se preocupan da solar. Ademais un gran problema sería o almacenamento de tal enerxía. O feito é que as nacións máis adiantadas decidíronse pola nuclear. A pesar dos costes do montaxe, a electricidade atómica é moito mais barata e se ben é certo que unha central nuclear crea poucos postos de traballo, estes xurden nas novas industrias que consumen a forza xenerada por aquelas.

O señor catedrático de Física e Química, con novas estadísticas, falou da seguridade das centrais atómicas engadindo que é mester vixilar o emprazamento, o entorno xeolóxico, as fugas, os fallos na refrixeración... aseverando que o uranio está protexido por dous círculos, un interno e outro exterior, e que fisicamente é imposible unha explosión atómica. O doutor Serafín García coída que na industria en xeral hai un 90 % de posibilidades de protexer o medio ambiente sempre que o capital actúe honradamente e debemos esixir que así sexa. O caso da celulosa de Pontevedra é un mal exemplo do Estado. Galicia necesita a industrialización: O gando e as pitas non abundan.

O coloquio foi moi acalorado. Houbo moitas intervencións; pero quen acadou máis mostras de simpatía foi Alicia López Guitián, estudante de terceiro de Químicas:

«Galicia exporta o 60 % de enerxía; logo non ten mester de centrais atómicas. Nin tan sequera necesitaba os pantanos xigantes que anegan as mellores veigas. Un maior número de embalses máis pequenos serían abondo; pero dese xeito non serían rentables pros grandes monopollos, que non tiveron dó das nosas xentes e arramplaron coas mellores veigas.»

«As nucleares teñen o peligro real da acumulación radiactiva ó longo do tempo.»

«A técnica non sabe qué facer cos residuos sólidos. Ó imperialismo americano e ruso interésalles porque destes desfeitos extraen o plutonio para facer a bomba atómica.»

«A vida dunha nuclear pode ser de corenta anos. ¿Qué facemos logo con ela?»

«O uranio trátase fora de España e os custos son moi grandes.»

«¿Qué pasaría, en caso de accidente, en Barcelona por donde trasitan trenes con residuos radiactivos procedentes de Tarragona?»

«As nucleares interesan ós monopollos, que con cretos estatais multiplican os seus dividendos.»

O señor presidente do Centro Galego manifestou o seu agrado pola preparación da señorita Alicia e preguntoulle:

- Supoñendo que desaparecerá o monopolio atómico e que o pobo galego poidera explotar a súa enerxía atómica en por sí, ¿aceptaría vostede a central de Xove?
- Se non garantiza a integridade do home, NON!, respostou a estudante de Químicas.

Rematou don Xosé Luís Blanco:

— Coido que Galicia non ten mester de nucleares. Isto é coma o conto daqueles que falaban de mercar un barco e non tiñan mar.

CONFERENCIA DO DOUTOR LÓPEZ NOGUEIRA

Esta vez os socios do Centro Galego tivemos a dita de poder escoitar o verbo filosófico do Catedrático de Sant-Iago, doutor López Nogueira, encol do tema «Sicoanálise do home galego».

O profesor don Xosé Luís Vázquez Sotelo, presidente do Centro, fixo a presentación do gran pensador ferrolán, que deu comenzo á lección maxistral dicindo que a súa intención era dar soamente unhas pinceladas impresionistas sobre a alma galega, tema de problemática moi extensa no orde científico, cultural e antropolóxico; porque o sicoanálise do home galego, inserto na cultura de occidente, cunha lingua propia mediterránea, eco de Roma, ten méritos abondo para ser estudiado na súa persoalidade básica dende o anco da siquiatría.

A Retranca Galega

Para comprender a profunda vivencia de Galicia temos que recuar á prehistoria e mergullarnos na sicoloxía situativa para estudar aqueles problemas patolóxicos e característicos raciais que xurden pola situación en que o home se atopaba nas súas orixes. Fallan estudos nese senso porque Galicia entra tarde na historia. Hai moitas dúbidas encol dos nosos antergos preibéricos. Nomes coma Curuxeira, Caranza, A Grana levaríannos moi lonxe na pescuda incluso de raigames vascas.

Galicia foi un pobo con moitos conflitos: Os Celtas, os romanos, os suevos, os Reis Católicos, Pedro Madruga, os Irmandiños... Elo foi a motivación de que o galego saiba escudarse moi ben sicolóxicamente coa retranca. Galicia é un pobo manso, inhibido, que sobrevive porque se sabe defender, como vemos, mesmo na lingua, coa interrogación dubitativa: ¿Non sí?

Lirismo-Saudade

Na Edade Media, Compostela atraguía reis, clérigos, estudantes do arte, da teoloxía, da literatura; pero tamén mendigos, saltimbanquis e doentes. Elo, xunto ó milagreirismo e misticismo —Galicia é o pobo da España con máis mosteiros— creou unhas vivencias que, coa gran capacidade creativa do romance novo, deu orixe ó lirismo vencellado á Saudade, que caracteriza a persoalidade galega.

A Saudade está moi ben estudiada por humanistas galegos e portugueses; pero especialmente por Ramón Piñeiro. A Saudade é un sentimento metafísico; é un sentimento da individualidade do home. O home cando nace non é unha pedra que cae do ceo á terra; o home xurde no medio do mundo que tende a individualizarse. O home e o mundo son unha mesma cousa; pero o home ten a dimensión do mundo que tende á individualidade. A individualidade é todo aquilo que non se pode dividir. Esta vivencia é a Saudade, vivencia da propia persoalidade: O «Eu». Na vida cotián o home xamais se escinde na súa persoalidade se é un home sano. Se se poidera dividir perdería o básico, esa vivencia que nos di que «eu son sempre o mesmo, onte, hoxe e mañá». Sentimentalmente esa vivencia é a Saudade.

A Saudade ten dúas fontes emocionantes: A Saudade propia do que «consegún ser», que está quedando atrás e a Saudade do que «estiven a punto de ser pero que non foi».

A continuación o doutor López Nogueira fixo a distinción entre Añoranza, que proven de «ignorare» e cuxa vivencia se vai deteriorando, e Nostalxia, que se refire a recordos de cousas circunstanciais. Cando o home galego se sente frustrado non reacciona con violencia e compórtase coma un lírico. O exemplo máis xenuino atopámolo en Rosalía.

O Habitat e a Emigración

Outras dimensións do home galego son as circunstancias causais do Habitat e da Emigración. O Habitat foi unha fonte da orixe da persoalidade galega e das súas peculiaridades de individualismo. As vilas e aldeas son pequenas, atomizadas. Como xa dixera Otero Pedrayo, o pobo galego é un archipiélago. En Galicia fallaron as grandes megápolis. Esta falla dunha gran cidade, motivou a miseria galega moderna. Catalunya conta cunha gran cidade: Barcelona. E os paíeses cataláns teñen asegurada a comercialización das súas colleitas. O labrego galego está a mercede dos fenómenos metereolóxicos e emigra por razóns económicas. O home galego é un home con medo e, diante dos conflitos e da adversidade emigra a pesar de ser un país rico.

O Porvir Galego está no Atlántico

O doutor López Nogueira achacou o cativo desenvolvemento de Galicia ó feito de non ter sabido cumprir o seu destino atlántico. Os pobos nórdicos, máis violentos —que se virón na necesidade de acatar a democracia como fórmula disuasoria— interesáronse polo desenrolo técnico; Galicia, polo seu arte e a súa lingua románica, puido ter sido unha avanzada do Mediterráneo na súa privilexiada situación atlántica —a cidade do Ferrol foi un exemplo, inda que cativo, coa súa tecnoloxía moderna que perdura dende hai 250 anos—; pero o feito é que non soubo aproveitar as súas posibilidades.

O catedrático compostelán, galeguista sincero, coñecedor profundo da sique do home galego, afeuzado no futuro de Galicia, lembrou unhas verbas ditas por el en circunstancias políticas adversas hai uns anos: «Ai do día que o home galego destape o seu inconsciente. O día que ese home se libre dos seus traumas». E rematou cos versos do lucense Pimentel: «Non convén chorar máis. Ela chorou por todos e para sempre».

INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA

Presidiu a Excma. Sra. Condesa de FENOSA

Co gallo da inauguración da Biblioteca do Centro Galego de Barcelona, recentemente restaurada tras a queima incivil que enchera de carraxe a todos os galegos e ó pobo barcelonés, o local da nosa colectividade acolleu ós meirandes persoeiros representantes da cultura galega e catalana nunha velada, que perdurará na lembranza de cantos tivemos a dita de ser testemuños da irmandade que xungue ós pobos galego e catalán.

Encetou a xuntanza o señor presidente do Centro Galego, don Xosé Luís Vázquez Sotelo quen deu lectura a gran número de telegramas de adhesión, entre os cales citaremos os enviados por Filgueira Valverde, X. Naya Pérez, Manuel Espiña, os Alcaldes de Vigo e Coruña, así como o do presidente da Diputación da mesma provincia, o do Gobernador Civil de Barcelona e a carta do Honorable Tarradellas, Presidente da Generalitat, que non puido asistir por mor de que se atopa enfermo.

Presidíu a Excelentísima Sra. Doña Carmela Arias y Díaz de Rábago, Condesa de FENOSA, presidente da Fundación Barrié de la Maza e do Banco Pastor e asistiron o presidente da Real

Academia da Lengua Gallega, don Domingo García Sabell; o presidente do Patronato Rosalía de Castro e da Fundación Otero Pedrayo, don Agustín Sixto Seco; o conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, Dr. A. Fernández Barreiro; o vicepresidente do Banco Pastor, don Xaquín Arias e Díaz de Rábago; o concexal de Relacións Ciudadanas de Barcelona, don Luís Reverter; o director de Cultura da Generalitat de Catalunya, señor Maragall; o vicerrector da Universidade; o señor Matías Colsada, artífice material das importantes reformas do local do Centro Galego e un longo etcétera de homes vencellados á cultura galega entre os cales podemos destacar a don Basilio Losada, o pintor Beiró Buxán e o arquitecto de Fingoi (Lugo), creador do artístico cruceiro que preside a entrada do Centro, don Manuel Mallo.

Agradecemento polas axudas recibidas

O presidente do Centro Galego, tras recordar a barbarie incendiaria, agradeceu as axudas recibidas e o trato de preferencia que a Fundación don Pedro Barrié de la Maza tivo cos galegos de Barcelona para facer posible o rexurdir da Biblioteca —a mellor e máis completa biblioteca galega de cantas existen fora da Galicia—, e agradeceu tamén a xenerosidade do señor Matías Colsada —dono do edificio— polas reformas que fixo no local. O señor Vázquez Sotelo tivo verbas de encendido recordo para don Ramón Otero Pedrayo, que deu á cultura galega un senso de universalidade e cuxa lembranza preside a Biblioteca e findou o seu parlamento coa esperanza de que «este exemplo que hoxe damos os galegos de Catalunya cunda na nosa Terra, que está a vivir uns intres de pesimismo e desacougo».

Don Manuel Casado Nieto, que durante unha chea de anos presidiu a nosa Colectividade, en nome do Consello Asesor do Centro Galego, mostrou o seu xúbilo polo novo rexurdir da Biblioteca, que ficara convertida nunha morea de cinzas e engadiu: «A Biblioteca era o cerne de todo o noso quefacer, a consagración da nosa cultura, a nosa razón de ser, a maneira de espallar ese tesouro da nosa fala, que eiquí procuramos conservar en anos difíciles». E findou: «Queira Dios que nosoutros, os galegos da emigración, absortos diante da contemplación da Vía Láctea, nos acostumemos a mirar sempre cara as alturas».

Barcelona adicará unha rúa a Ramón Otero Pedrayo

Don Luís Reverter, concexal de Relacións Ciudadanas do Axuntamento da Cidade Condal, mostrou o seu contento por atoparse entre a colectividade galega e dixo que Galicia e Catalunya teñen moito de historia en común non só no pasado senón tamén cara o futuro e foi lóngxamente aplaudido cando anunciou o propósito do Axuntamento de Barcelona de adicar unha rúa a don Ramón Otero Pedrayo, «pai —dixo— das letras de Galicia e polo mesmo das letras da España».

O Dr. A. Fernández Barreiro, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, fixo unha exposición dos seus contactos, en materia educativa, cos responsables da Generalitat e suliñou a irmandade que debe existir sempre entre Galicia, os galegos que viven en Catalunya e a Generalitat. Rematou as súas verbas dicindo que a súa presenza era motivada polo desexo da Xunta de Galicia de ser testemuño dun acto cultural de tanta trascendencia e para contribuir economicamente ó mesmo coa entrega de cen mil pesetas.

Despois dun corto parlamento do vicerrector da Universidade, o señor Maragall, fillo do esgrevio poeta catalán, director de Cultura da Generalitat de Catalunya, prometeu a aportación de libros cataláns prá Biblioteca, co obxecto de facer medrar os vínculos de relación e bon entendemento entre as dúas culturas.

O Dr. Agustín Sixto Seco, presidente dos Patronatos Rosalía de Castro e Otero Pedrayo, referíndose ó Mestre de Trasalba dixo: «Don Ramón Otero Pedrayo fixo o milagro de xunguir totalas ideoloxías, conquerindo que na catedral de Ourense todos os bispos de Galicia concelebraran por primeira vegada en galego; o segundo milagro de don Ramón foi que as catro Diputacións galegas se unirán e crearan o premio que leva o seu nome e hoxe, por boca do señor Reverter, fai o terceiro milagro: O milagro de que Barcelona lle adique unha rúa cando Galicia aínda non o fixo». «Nós, findou o Dr. Sixto Seco agradecido ó Centro Galego por ter dado o nome de Otero Pedrayo á Biblioteca, pedímoslle a don Ramón, que dende o alén está presidindo esta xuntanza, que faga o milagro de nos axudar dende ala a tirar de enriba de nos a lousa que abura ó pobo galego.»

Don Matías Colsada sentiuse satisfeito pola cooperación de todos os artistas que colaboraron no festival, por el organizado en favor do Centro Galego e felicitou ó señor Vázquez Sotelo pola súa entrega á realización das obras que deron unha imaxe nova case total do local galego das Ramblas barcelonesas.

Logros da Fundación Barrié de la Maza

O Excmo. Sr. don Xaquín Arias e Díaz de Rábago, vicepresidente da Fundación Barrié de la Maza, agradeceu a invitación feita a el e á súa irmá, a Condesa de FENOSA, e lembrou os 12 anos — os mellores da nosa vida, dixo— vividos na Cidade Condal. A continuación fixo unha rápida exposición da obra de don Pedro Barrié de la Maza, quen arbitrou a fórmula para que, a través dos tempos, a Fundación que leva o seu nome, cuns recursos base de tres mil trescentos millóns, sexa unha fonte de axuda pro espallamento da cultura do noso pobo. Logros xa conseguidos, entre moitos outros que sería longo enumerar, son a creación de dúas Escolas Superiores Técnicas; tres Centros de Investigación; as subvencións ás Reales Academias Gallegas da Lengua, de Medicina, de Xurisprudencia e ó Instituto Padre Sarmiento; a construción dos Archivos Diocesanos de Sant-Iago, Tuy e Mondoñedo; o Servicio de Publicacións; as axudas a Museos e a persoeiros da nosa cultura con Pensións Vitalicias, entre os cales atópase o lucense don Anxel Fole; Becas de axuda a estudantes e a investigadores etc.

Don Xaquín rematou a súa exposición cun comentario sobre a película «Galiza», fermoso reportaxe arredor da nosa Terra, debida á Fundación P. Barrié de la Maza, presentada por primeira vez en España (soamente se tina pasado para Irmandades de Caracas, México e Montevideo) e que foi a ledicia de todos os socios e invitados.

Seny» catalán igual a «siso» galego

Pechou a velada a doutor Domingo García Sabell, presidente da Real Academia Gallega, que encetou o discurso dicindo: «Veno magoado pola grande ofensa que se ten feito ó noso país polos

políticos de Madrid; pero o que hoxe está acontecendo eiquí tonifica o noso espírito. Isto é unha festa da cultura galega. A cultura é un pouso que se vai facendo en cada un de nos, despois de ter lido moitos libros». Máis adiante engadiu: «Entre os galegos e os cataláns hai moita semellanza, non só polas nosas liguas romances, senón tamén porque os cataláns co «seny» e os galegos co «siso» somos realistas e pacíficos; estamos cinguidos á nosa Terra e sentimos o sagro orgullo das nosas culturas. Irmáns, iso non nolo poden quitar en Madrid. Non sei qué vai pasar no porvir inmediato; pero temos «siso» e conseguiremos sacar adiante o pouco que nos deron». Tras afirmar que a cultura galega actual é o froito de ringleiras de mortos e de seres que consagraron as súas vidas á nosa Terra durante séculos, felicitou ó Centro Galego e a todos os galegos e rematou cun consello: «Sede profundamente galegos e tede o orgullo de ser fundamente cataláns porque así seredes dobremente irmáns nosos».

A continuación o presidente da Real Academia Gallega declarou inaugurada a Biblioteca do Centro Galego e a Excm. Sra. Condesa de FENOSA procedeu a descubrir a placa conmemorativa, entre grandes aplausos.

(*) «El Progreso», 9-XII-1979.

I XORNADAS DE CULTURA GALEGA

Organizado polo Centro Galego e os grupos «Nós» de Sabadell, «CASTELAO» de L'Hospitalet, «ROSALÍA DE CASTRO» de Cornellá e a «IRMANDADE GALEGA» de Rubí, véñense celebrando unha chea de actos verbo das Artes, as Letras Galegas, Fotografía, Música, teatro, exposicións de cerámica e tallas en madeira do escultor J. Bates, Concursos literarios e de dibuixo infantil nun extenso programa, que dende o día tres ata o 31 de maio, ocupan todos os sábados e domingos para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Arte Galego e Prehistoria Galega

O director do Museo Arqueolóxico da Coruña, Felipe Senén, nas dúas conferencias que pronunciou na sala de actos do Centro Galego, acadou un éxito extraordinario polo xeito ameno das súas disertacións e pola documentada exposición dos feitos históricos e artísticos do noso pobo no decorrer dos séculos, facendo un profundo estudio do arte galego dende a Edade de Pedra deica os nosos días, explicando —con diapositivas— a grandeza creativa do noso pobo, manifestada nos dólmenes, nos machados de bronce, nos torques de ouro, nos castros, no románico (o mellor do mundo) no barroco, nas construcións circulares —pallozas— que se adaptan á climatoloxía e á paisaxe do noso país, nos muíños e nas fontes e mesmo no Renacemento e nas grandes obras de hoxe en día, que a pesar da época triunfalista en que foron concebidas —como exemplo temos a eirexa do Carballiño, de Palacios—, sempre teñen un arrecendo, por mínimo que sexa, do espírito galego.

Felipe Senén laiouse da expoliación e da desfeita que se está a facer do noso patrimonio cultural e afirmou que a proba da nosa identidade como nación é non só o idioma senón que tamén a capacidade que o home galego tivo sempre para resolver problemas e situacións novas do seu entorno.

Falou tamén o Felipe Senén do espírito panteísta e animista do noso pobo; dos símbolos asimilados polo cristianismo e que aínda hoxe podemos ver nas portas románicas: O sol, símbolo da vida, e a lúa, símbolo da morte; do culto ós camiños e dos cruceiros, que substituíron as esculturas cuadrifaces; das propiedades curativas das algas (por mor do iodo) e das grandes penas graníticas (que teñen radiactividade), remedios empregados en tempos recuados polos nosos antergos, e descoñecidos hoxe, debido á sofisticación e ó consumismo que nos invade.

Tamén tivo verbas de gabanza pros nosos artistas, que fixeron grandes obras labrando o granito. «Mérito moito meirande —afirmou— que o dos gregos e os artistas doutros países, que elaboraron as súas obras con materiais moito máis doados como son o marbre e a pedra caliza.»

Felipe Senén, un dos colaboradores de maior valía do semanario «A Nosa Terra», chegou a Barcelona cunha aureola de prestixio e de saber que xa valorábamos os seus lectores. Agora, que tivemos a ocasión de escoitalo en varias ocasións —o día primeiro xa disertara en Sabadell— aleccionounos coas súas conferencias ateigadas de fondos coñecementos sobre a Arte e a Prehistoria de Galicia e, ademais, os galegos de Catalunya gabámonos de contar coa amizade deste irmán, que reverte patriotismo, bondade e xenerosidade.

Mostra de bibliografía galega 1979

O día dez o vicepresidente do Centro Galego Manuel Arias presentou ó profesor Basilio Losada Castro, que fixo unha longa e detallada disertación dos libros galegos publicados no ano 79.

Basilio Losada empezou recordando o escaso número de libros, escritos no noso idioma, que virón a luz en épocas recuadas. Puxo como exemplo o ano 56 en que se publicaron tres soamente. «Conforta saber —dixo—, que no ano 79 sai ron á rúa 178 tí dúos cun promedio de 3.000 exemplares por tirada. «Os outros feirantes» de Alvaro Cunqueiro, premio da crítica galega no 1978 e premio, tamén, da crítica española 1979, así como «Memorias dun neno labrego», de Neira Vilas, foron os libros de maior tirada (10.000 exemplares) e, non só se publicaron libros de creación: tamén saíron do prelo libros de arte como o adicado a Maside, unha das mais grandes figuras de todolos tempos.»

Losada Castro sulíñou a reaparición dun grande poeta que semellaba perdido: Salvador García Bolaño, con «Tempo de Compostela» e tivo verbas de door polos nosos meirandes escritores desaparecidos derradeiramente, Lorenzo Varela, Luís Seoane, Celso Emilio e Blanco Amor. Tamén agradeceu o esforzo feito polas editoriais que recuperaron prá nosa cultura obras esquecidas tan capitais como a revista «Nós», a historia de Galicia de Murguía e Vicetto, o cancionero de Ballesteros, a Biblioteca Galega e as Cantigas de Santa María de Alfonso X, obras todas editadas en edicións facsímiles.

«E moi longa —dixo— a lista dos autores que nos agasallaron coas súas creacións; pero tampouco podemos esquecer as reedicións de libros fundamentais da nosa literatura como «A lus do candil» de Anxel Fole.

Sería longa, moi longa esta charla verbo do libro galego. Polo que teñen que perdonar o gran número de escritores ós que non se fai referencia.»

O profesor Basilio Losada rematou con estas verbas: «Nos libros está a nosa identidade. Hoxe é unha esixencia para todos nos manter, falar, mercar, contribuir ó espailamento do libro galego porque iso é tanto como traballar pola nosa existencia como pobo. Esta colleita ampla, gozosa e confortadora enriquecerá o noso ser íntimo e persoal».

«El Progreso», I-VI-1980.

COMUNICACIONES E AUTOPISTAS EN GALICIA

«A Comisión de Cultura do Centro Galego —dixo Manuel Arias, vicepresidente da nosa Sociedade—, invitou a Xosé Luís Fontela para que expoña as razóns encol da problemática galega referente ás Vías de Penetración e ás Autopistas na nosa Terra. Eu —engadiu— non comprendo moi ben as razóns da oposición dos afectados por tales construcións e coido que o conferenciante saberá transmitirnos cales son os contidos reais deste tema.

Xosé Luís Fontela, abogado, fundador da Agrupación Cultural «O Galo», un dos máis afervoados impulsores do emprego da lingua galega na liturxia, asesor do Sindicato de Transportes en Galicia, escritor asiduo en «A NOSA TERRA», fundador de revistas... fixo unha exposición das causas e intereses vencellados á programación de explotación capitalista que determinaron certas vías de penetración e a Autopista do Atlántico, sen ter en conta —dixo— o asoballo que representan para innumerables familias que perderon as súas terras mellores e agora atópanse cunha muralla que parte leiras, prados e divide incluso aldeas e parroquias. (Galicia conta con perto de 10.000.)

O conferenciante chegou á conclusión de que Galicia ten mester dunha programación máis social do transporte. Débense promocionar e electrificar os camiños de ferro —Galicia é rica en enerxía—. Hai que mellorar as estradas do interior para dar saída ás nosas riquezas naturais: a pesca, o gando e a madeira. Polo de hoxe, as autopistas só sirven para arruinar ós labregos, que perden as terras e reciben indemnizacións mínimas.

A continuación proxectouse a película «A Navallada», un filme esclarecedor do que está a suceder en Galicia, con diálogos e monólogos das nosas xentes que deitan unha sabencia de gran fondura —¡qué ben profunda o noso pobo!— e findou a conferencia abríndose un coloquio no que non fallaron opinións encontradas.

E difícil decatarse do problema galego provocado polo minifundismo e máis —coido eu— cando se estudia baixo perspectivas do feito catalán, un país industrializado e cunha agricultura e unha gandería modernas. Galicia ten que solucionar moitos atrancos sociais denantes de malgastar

os seus aforros en obras que, polo de agora, só sirven ó gran capitalismo e están a causar o desespero entre miles de familias asoballadas xa abondo dende séculos.

CONFERENCIA DE VÍCTOR F. FREIXANES

Nas «I Xornadas de Cultura Galega 1980», Basilio Losada Castro, profesor da Universidade, dixo na presentación do conferenciante:

«Hai anos sorprendeume a eficacia do instinto periodístico que revelaba o libro «Unha ducia de galegos» de Víctor Fernández Freixanes, quen vai a falarnos sobre «A normalización da lingua galega nos medios de comunicación». O autor daquel libro dábanos a imaxe da Galicia duns anos difíciles sendo el quen encetou, cun grupo de periodistas, a laboura capaz de arrombar estruturas anquilosadas».

Mais adiante o profesor Losada Castro, referíndose á concesión do 8.º Premio Internacional de Prensa, otorgado, recentemente, engadiu:

«Hoxe, Freixanes, co seu novo libro "Memorias dun fuxido", en competencia coas mais diversas linguas europeas, conseguiu ser finalista en Niza, feito que dase por primeira vez cun libro publicado no idioma galego».

O profesor Basilio Losada agradeceu a presenza do xornalista, locutor de radio e profesor cuxas obras, sulíñou, son caudales para fixar, cara o futuro, a faciana da Galicia histórica.

O Galego na comunicación

Víctor Fernández Freixanes encetou a súa conferencia facendo a reflexión de que a lingua é a expresión dunha comunidade que lle permite a ésta existir no medio das outras culturas. É un tesouro que se vai transmitindo ó longo dos séculos e que non se debe deixar esmorecer.

O conferenciante fixo unha exposición dos valores e das causas determinantes que os pobos deben alentar para conseguir o dereito que lles asiste e deu cifras abraiantes da escasa incidencia do galego nos medios de comunicación. Laiouse do ensino, que non atende a realidade do país e de que a lingua escrita siga sendo ocasional en galego, a pesar de ser a lingua falada maioritariamente polo noso pobo e abogou por un canal de T.V. en galego, que sería unha gran ferramenta de traballo para rematar co proceso de desgaleguización que invade as escolas, os medios de comunicación e a administración.

Como solución, Víctor F. Freixanes, dixo que é mester conseguir un modelo de comunicación capaz de aglutinar esforzos, de engaiolar ó noso pobo e de poñer a andar o carro do país. As maiores posibilidades están en relación con aquelas forzas políticas que poidan vivir con dignidade, a partir da fe en sí mesmas e que estean dispostas a afondar no proceso de concienciación de Galicia, senón, estamos a suicidarnos colectivamente.

II Mostra de Música Galega

Organizado polo Grupo «Castelao» de l'Hospitalet, no polideportivo municipal e como culminación da gran actividade cultural desenvolvida polo Centro Galego e os Grupos colaboradores, celebrábase un festival no que actuarán a Escola de Música e Danza Galega «Toxos e Xestas», que dirixe Foxo, Jei Noguero, Antón, Suso Vaamonde, Pilocho e Xocaloma.

É de agradecer a capacidade de traballo e de entrega de tanta xente, que fixo posible tal cantidade e calidade de actos: Confección de programas, propaganda por barrios e rúas da Cidade Condal, emisións de radio, como a xa popular «A Nosa Galiza», que dirixe Manuel Fernando, presentador do devandito festival, exposicións e venda de libros, cerámicas, tallas de madeira, discos, fotografías do Grupo Frouxeira, conferencias, concursos literarios e de pintura e, como remate a obra teatral de M. Varela Buxán «A xusticia dun muiñeiro» posta en escena polo Grupo de Teatro do Centro Galego «Terceiro Andar».

Este ano os galegos de Catalunya deron unha mostra brillantísima do que un pobo unido e con conciencia plena da súa propia personalidade é capaz de facer.

«El Progreso». 8-VI-1980.

O CENTRO GALEGO DE BARCELONA

Antes do ano 1936 xa existían en Barcelona un «Centro Gallego» e un «Centro Cultural Gallego»; pero o actual constituíuse o 25/1/48 coa fusión da «Casa de Galicia» (formada pola «Peña Gallega» e «A Casa da Troya») e da Sociedade Artística «Cantigas e Aturuxos», unión aprobada nunha Asamblea extraordinaria conxunta, recaendo a Presidencia e a Vicepresidencia nos señores Sant-Iago Guisán Pardo e Fernando Neira Martínez-Monje, presidentes das entidades fusionadas. Como bibliotecario foi nomeado don Augusto Casas Blanco, o gran poeta ourensán tan querido pola colectividade galega de Barcelona, morto o ano 1973.

Sendo presidente accidental do Centro, firmou os Estatutos Sociais o señor Fernando Neira, redactor dos mesmos conxuntamente co segredario Anxel López Cid. En outono do mesmo ano don Francisco Eyré Fernández ocupou a presidencia e, xa na década dos 50, don Manuel Casado Nieto pasou a dirixir a colectividade galega durante unha longa etapa de dezoito anos. Alfonso Dapena Alfonsín, Xosé Luís Vázquez Sotelo e, na actualidade, Daniel Pérez Guerra foron os seguidores da tarefa daqueles homes ilusionados coa idea de crear un fogar digno e acolledor para todos os galegos da Cidade Condal.

Trinta e dous anos fecundos

Sería longuísima a relación da laboura cultural e recreativa, dos actos sociais, das veladas literarias, das competicións deportivas e das xuntanzas culturais da nosa principal entidade en Catalunya.

Como feito esclarecedor das miñas afirmacións, escolmei unha pequena mostra das diversas actividades do Centro Galego:

Pola tribuna do noso fogar da cosmopolita «Ramblas», pasaron intelectuais como Vicente Risco, Xosé Ramón Fernández-Oxea («Ben Cho Sey»), M.^ª Luz Morales, Camilo Xosé Cela, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Otero Pedrayo, Alonso Montero, Victoria Armesto e Augusto Assía, Xosé Manuel Beiras, Valentín Paz Andrade, Ramón Piñeiro, Emilio González López, Xoan Naya Pérez, Felipe Arias López, Francisco Fernández del Riego, Neira Vilas, Eduardo Blanco Amor; os poetas de máis renome como Aquilino Iglesia Alvariño, Alvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Manuel María, Pura Vázquez; artistas como Julio Prieto, Castro Estévez, Veiga do Campo, Raimundo Patino, Beiró Buxán; eclesiásticos como o Cardenal Quiroga Palacios e o P. Isorna; tamén deron recitais no Centro Galego as Voces Ceibes, Jei Noguerol, Miro Casavella, Alfredo González, a orquesta Petapouco. E ¿qué dicir da nosa masa coral «Lonxe da Terra», de tan brillante historial artístico que os levou a actuar en festivais, en homenaxes, en romerías, en actos benéficos, nas populosas xuntanzas de Font de la Teula e, derradeiramente, en Castelldefels no día de Galicia? ¿e quén non lembra con orgullo a colleita de éxitos que acadaron no Pobo Español, no 1.º Centenario dos Coros Clavé, no Palacio da Música e no Gran Teatro do Liceo?

Sería longa a relación de canto queda por reseñar: Actuacións como a do coro «Cantigas da Terra» da Coruña; a intervención do Centro o «Día de Galicia» nas festas da Merced; a «Festa Gallega das Letras» celebrada no teatro Poliorama en maio de 1950 (¿precursora do actual Día das Letras Galegas?), na que foi mantenedor Manuel Casado Nieto resultando ganadores Cuña Novas, Alvaro Cunqueiro, Bouza Brey, Fernández del Riego, X. M.^ª Alvarez Blázquez, entre outros; os campionatos de xadrez e de fútbol; os concursos de gaitas e de baile; excursións por toda a xeografía de Catalunya; as festas infantís de Reis; proxeccións de películas; representacións teatrais como «Vaise pechar una casa máis», dirixida polo crego Xosé Manuel Carbailo, e un longo etcétera.

Xunguidos por un mesmo vencello

Tampouco podemos esquecer a edición da revista «Alborada» nas diferentes etapas e do «Boletín», nos que colaboraron, ademais das plumas dos mellores escritores do país: Carballo Calero, Axel Fole e outros que non nomeo para non ser repetitivo, Augusto Casas, Casado Nieto, Basilio Losada, Vázquez Sotelo, Xesús González, Xavier Costa Clavell, Xosé Luís García, Xosé M.^ª Costa, Daniel e Alfonso Pérez Guerra, X. Leyra Domínguez, Xosé Valcárcel Sánchez, Eva Martínez Carmona, Dapena Alfonsín, Xoan Manuel Casado, Manuel Blanco Castro, Xosé Luís Blanco Campaña, todos eles afincados en Barcelona e xunguidos por un mesmo vencello: O amor á Galicia.

Non falarei de feitos recentes como a inauguración da nova Biblioteca, nin das obras levadas a termo no Centro Galego, logros coñecidos por todos, nin da gran cantidade de actos celebrados este ano co gallo do Día das Letras Galegas. Non se pode infravalorar o foco de cultura galeguista que representaron as actividades culturais de todo tipo celebradas no fogar galego durante tantos anos. Por aquí pasaron homes de totalas tendencias políticas. Ninguén bateu con atrancos para dictar o seu mensaxe. Hoxe, definidas certas posicións, non é de extrañar que agromen cativos problemas —se así non fora, a nosa Sociedade sería unha entidade morta— pero o Centro Galego sigue adiante e con pulos anovados. Como ben dixo o actual presidente Daniel Pérez Guerra, na

Asamblea Xeral celebrada o día 14 deste mes de San Xoán, os socios e directivos do fogar galego de Barcelona temos que sentirnos orgullosos do herdo de tantos homes que traballaron ó longo de 32 anos en pro da numerosa colonia galega, coa mirada posta nun futuro venturoso e ricaz para Galicia.

«El Ideal Gallego», I-VII-1980.

AS FESTAS DO PATRÓN SANT-IAGO EN BARCELONA

Unha vez máis os galegos residentes en Barcelona festexamos ó Apóstol Sant-Iago. Se recuamos no tempo lembramos, e os máis vellos con nostalxia, a romería á Font de la Teula, en Vallvidrera, lugar de fermosa paisaxe, que pola abundosa variedade de árbores, polos camiños costaneiros, testemuños cada ano do paso do Apóstol levado en andias por variles rapaces vestidos co traxe rexional galego, e polo campazo aberto onde se facía a festa, semella talmente un recanto da Galicia lonxana.

Os tempos mudaron e hoxe, nestes bochornosos días de vran mediterráneos, os bañistas amoréanse nas praias. E os galegos de Barcelona non somos excepción. Pero, en certa maneira, sí. Porque a nosa xente soubo compangar a vella tradición cos novos costumes e, dende hai unha dúcia de anos, celebramos o día do Patrón Sant-Iago en Castelldefels.

Pola mañá, dende o Centro Galego, en autocares gratuitos para os socios, fórmase a caravana da enxebre romaxe, que encamiñase a Castelldefels. O primeiro acto oficial consiste en visitar o Concello daquela localidade de vran e, a continuación, os gaiteiros recorren o centro da vila tocando Alboradas. Namentres a xuventude se entrega ó baño, os maiores toman posesión das mellores sombras no próximo outeiro coroado polo famoso castelo en cuxo patio de armas, ó mediodía, celébrase a Misa en galego, cantada pola Masa Coral «Lonxe da Terra». O remate do acto relixioso, e antes do xantar campestre con enxebres pratos galegos —empanada, pulpo, lacón, viño do Ribeiro— hai Concurso de Gaitas e de Baile e, cando o calor abafante empeza a mingoar, a orquesta chama á mocidade para botar un baile. Cada canto, un vello pasodoble ou a muiñeira tiran da xente madura, que non dubida un intre en poner a proba o seu arte; o antergo aturuxo celta ecoa rolando ata o mar; a birisca reparte «zapateiras» e «capaduras»; os picariños troulan algareiros; os namorados andan á percura dun recanto solitario para tecer os seus idilios... e, cando empeza a anoitecer, ponse en marcha, de novo, a interminable caravana de autocares e coches. Pola mañá cedo os talleres, fábricas e oficinas, que non atenden a razóns do espírito, reclaman puntualidade.

Programa de Festas — 1980

Manuel Arias López, vicepresidente do Centro Galego é un home novo, de Póboa de San Xulián —Láncara— que exerce a carreira de Dereito na Cidade Condal. Hai poucos meses que forma parte da nova Directiva do Centro e non lle faltan, abofé, folgos para traballar. Cando o xoven abogado me entregou o Programa Xeral de Festas, recalcou:

«A festa do Sant-Iago, na realidade, non se circunscribe só ós actos de Castelldefels. A partir do día 12 programamos festivais, unha cea de Irmandade, campeonatos de xogos sociais, actuación dos Grupos de Gaitas e Baile de nenos «Lonxe da Terra», elección das Raíñas das festas...».

O Manuel Arias, cando fala, semella cal se estivera medindo as verbas porque é un home obsesionado coa idea de chegar a unha comprensión entre todos os galegos e, referíndose á Masa Coral, engade:

«O Corpo de Baile e Masa Coral "Lonxe da Terra" son merecentes dos máis afervoados eloxios pola súa continuada actividade; pois as súas actuacións son reclamadas a cotío por toda a xeografía catalana. Eles son a alma das nosas festas en honor do Patrón».

E remata:

«Nembargantes, como novidade, o que máis me ilusiona deste Programa é a reposición da obra de Teatro "A xusticia dun muiñeiro" de M. Varela Buxán, posta en escena polo grupo do Centro "Terceiro andar". Non vai ser todo pandeiradas e folklore, digo eu».

Estou de acordo co vicepresidente do Centro Galego. A verdadeira cultura popular está no Teatro. ¿E qué ocasión mellor ca esta, en que estamos a celebrar o Día da Patria Galega, para facer chegar ó pobo a súa propia voz?

«El Ideal Galego», 22-VII-1980.

PASAMENTO DA ESCRITORA CORUÑESA MARÍA LUZ MORALES

A Colonia Galega barcelonesa está de loito: A vida de María Luz Morales apagouse, tras longa e doorosa enfermidade, na antevíspera da gran festa da Merced, Patroa da Cidade Condal, que éla tanto amara e onde traballou durante longos anos.

María Luz Morales era coruñesa e, aínda que pasou practicamente a vida enteira fora de Galicia, sentiuse sempre galega e colaborou en cantos actos se relacionaban coa nosa Terra, non só culturais —foi mantenedora dos Xogos Florais de Ourense— senón tamén en assembleas políticas, como a famosa xuntanza en pro do ferrocarril Ourense-A Coruña e en numerosas veladas literarias celebradas no Centro Galego.

En tempos da Dictadura de Primo de Rivera traballou en el «SOL», de Madrid sendo cesada por motivacións políticas. Con Gaciel, expulsado tamén do máis importante diario daquel entón, entrou na plantilla de «La Vanguardia», onde o gran mestre do periodismo ocupou a Dirección do rotativo catalán e a ilustre coruñesa a praza de xefe de Redacción, compartindo ambos e dous unha brillante laboura periodística durante longos anos.

Coa guerra civil, María Luz Morales pasou á Dirección da Vanguardia, cargo que lle costou ingresar en cadea e varios anos de marxinação, cheos de privacións.

Un dos seus grandes amigos, Luís Suárez, faloume da situación precaria que sufriu a escritora nos críticos corenta:

«Todos sabiamos da estreiteza, estreiteza económica, e da valía da nosa compatriota e culta escritora. Remataba de publicar unha traducción da historia de Inglaterra e, para acudir en axuda de María Luz, fixemos unha ben orquestada promoción do libro. O éxito foi completo, ata mesmo chegar a sorprenden ós propios admiradores da súa pluma. Todos puidemos constatar a gran estima de que gozaba María Luz Morales entre a intelectualidade daqueles anos treboentos».

María Luz Morales, miudiña ela, pero ategada de sabencia e cultura, tiña ocurrencias xeniais. A súa conversa era amena. Os amigos lembran moitas anécdotas. Nunha ocasión, de volta dunha viaxe a Galicia, dixo:

«Fun en peregrinación ó meu pobo por tres razóns: Para ver Sant-Iago, o retrato de Rosalía e a tumba de sir John Moore. Os ingleses endexamais agradecerán abondo a fidalguía coruñesa. O ilustre xeneral non podía atopar mellor muimento ca o xardín de San Carlos».

Noutra ocasión un alto cargo dunha editorial galega, de paso por Barcelona, visitou á polifacética escritora. Dábase a circunstancia de que o tal señor remataba de publicar unha antoloxía de escritores galegos na que nin tan sequera aparecía o nome da fecunda escritora. María Luz Morales regaloulle tres das súas voluminosas obras ó tempo que lle dicía:

«Non é de extrañar que as miñas obras non cheguen á súa man, porque son grandes en demasía e de manexo difícil».

Aparte da súa obra periodística, María Luz Morales fixo crítica de cine, de teatro e crónicas culturais. Traduciu historias ilustradas doutros países, aparecidas na editorial «Surco», que ela fundara. (A de Inglaterra, de Maurois, superou o centenar de edicións). Dirixiu a serie «Univérsitas» e a enciclopedia Salvat, en colaboración con Jordi Rubio. Publicou «Enciclopedia del Hogar», «Historias del Décimo Círculo», «Libro de Oro de la prosa en lengua castellana», «Historias de la Moda y del Vestir», e o que podíamos chamar lembranzas dos vellos amigos: «Alguien a quien conocí».

A excelente escritora que perdemos hoxe, coñecida tamén polo pseudónimo «Felipe Centeno» conseguiu na súa longa vida de creación literaria, de periodista, traductora e conferenciante, prezados galardóns: «Premio da la Cámara del Libro de Barcelona». As «Palomas Académicas» do Goberno francés. O «Premio Nacional de Teatro», en 1963, polas súas críticas no «Diario de Barcelona» e o «Lazo de Isabel la Católica», que lle impuxo o ministro de Educación Nacional o ano 1971.

María Luz Morales, como ben escribiu J. R. Masoliver, é un irrepitible exemplo de entrega, de ética inquebrantable e señorío (man de ferro e guante de seda) para moitas xeneracións de escritores e de lectores.

«El Ideal Gallego», 2-X-1980.

ALFONSO PÉREZ GUERRA, ARQUITECTO, CONFERENCIANTE E POLÍTICO

«A muller galega é Esencia da sociedade de Galicia»

Alfonso Pérez Guerra é profesor da Escola Superior de Arquitectura de Barcelona. Doctorouse o ano 1966, ten publicado «La esclavitud de los técnicos», «Obras de Tierra», «El proceso de creación arquitectónica» e dirixiu varias revistas de arquitectura como «Nueva Planta» e «Seminario de Construcción». Tamén foi Ponente, Conferenciante, Delegado ou Presidente en diferentes Simposiums e Congresos en Toulouse, Barcelona, Viena, Dublín, Bucarest... Pero Alfonso Pérez Guerra non só é un técnico en metodoloxía de composición arquitectónica, da súa organización, dos métodos de creación, programas de necesidades, etc., tamén é un experto en Seguridade do Traballo encol de cuxo tema escribiu «Seguridad en el Trabajo de Construcción de Edificios», que foi exposto pola O.I.T. nas Nacións Unidas en Xinebra o ano 1969. Alfonso Pérez Guerra é vicepresidente da Federación Internacional de Asociacións de Prevención e Seguridade do Traballo con sede en Bruselas e Presidente Nacional da Asociación Española. Ademais o doctor Pérez Guerra é Diplomado en Xestión de Empresas no I.E.N. pola U.P.B. e do Instituto Tecnológico de Massachussetts.

Alfonso Pérez Guerra é un politécnico, de razonamento matemático e lóxico que companga a técnica coa filosofía e ata a poesía. O polifacético galego, nado o ano 1934 en Requeixo (Chantada), derradeiramente engadiu ó seu longo curriculum a vertente política, xa que foi elixido Diputado do Parlamento catalán por UCD. O profesor Pérez Guerra é un claro exemplo da facilidade de integración dos galegos en Catalunya.

Unha teoría cósmica

«En Catalunya nace o sol. Catalunya despertase co nacemento do sol; en troques a situación xeográfica de Galicia é unha situación de solpór. En Galicia recíbese o nacente do sol polas zonas de montaña, polo interior da península e escóndese fundíndose no mar. Isto comporta unha serie de motivacións: Se o sol nace e desperta rápidamente á persoa que realmente está descansando, ésta ten máis ánimos de traballar. Se o sol, como pasa en Galicia, escóndese fundíndose no mar, invita a un sentimentalismo, invita a unha reflexión puramente filosófica. Resultado de isto é que nas costas, nos países que dan ó nacente, desenrólanse cidades industriais e nas costas, nos países que teñen o mar ó solpór, desenrólanse comunidades de tipo sentimental.»

Con estas palabras encetou o seu parlamento o profesor Pérez Guerra sobre «A muller galega nos ambientes de Catalunya Moderna» que, a xeito de coloquio, celebrouse no Centro Galego de Barcelona.

Alfonso Pérez Guerra seguiu desenrolando a súa teoría de influencia solar na idiosincrasia dos pobos poñendo os exemplos de Londres, Dublín, Tokio, Manila, Sidney, Camberra, New York, Buenos Aires, Río de Janeiro, Barcelona... Referiuse, logo, á mobilización cultural, dende os inicios da

constitución da poboación histórica, que penetrou por Catalunya —gregos, romanos, todos os movementos culturais europeos, as correntes de cultura africana e a invasión napoleónica— que foron outros xeitos de enriquecemento cultural e que non se deron en Galicia, onde os romanos estiveron case como invitados e a invasión napoleónica practicamente non tivo incidencia.

«Tales feitos, engadiu Pérez Guerra, crean unha forma enxebre de ser das comunidades sociais dos países. Catalunya é unha zona de grandes influencias de moitas culturas o cal propiciou o desenrolo da Intelixencia moito máis cá do Sentimento.»

O Ponente Pérez Guerra xustificou a emigración, que el prefire chamar Movilidade Social, como un afán dos pobos de conquistar novas culturas e novas riquezas, feito que orixinou a mobilidade de galegos a Catalunya e de cataláns a Galicia. Como exemplos recentes da mobilidade catalana para Galicia, nomeou ós señores Serra e Ferrer que descubriron as minas de Burela, facendo máis tarde sociedade cos alemáns, e ó señor Zaragoza, de Llaneras, que ten fábricas de zapatos en Catalunya e Galicia —a casa central está en Padrón— e foi o Mecenaz que posibilitou a Casa Museo Rosalía de Castro. Tamén falou dos centros cataláns de Coruña e de Vigo e da corrente turística catalana á nosa Terra debido a que «as persoas cando chegan ó coñecemento fundamental do que é a vida, tamén sinten a necesidade de desenrolar o Sentimento, producíndose o trasvase entre países de nacente e de solpór».

A muller galega marcada polo sentimento

Profundando máis na súa teoría e entrando xa no tema do seu discurso, o profesor Alfonso Pérez Guerra afirmou:

«A muller de Galicia é Esencia da sociedade galega; a muller de Catalunya é Consistencia da sociedade catalana. A muller galega ten unhas características moi marcadas polo Sentimento: Valores intelectuais, valores físicos e valores líricos, sobre todo. Así Galicia deu unha gran xurista: Concepción Arenal, creadora do Dereito Europeo de Prisións e da Redención de Penas polo Traballo; a Bella Otero, que fixo vibrar a Europa pola súa beleza; Rosalía de Castro, a maior poetisa universal; María Pita, Sofía Casanova, e tantas outras. A muller catalana, como Consistencia e Soporte da sociedade é insustituíble como acontece cos cementos dunha construción; pero non conta con representacións individuais coma no caso galego.

O Ponente rematou a súa disertación argumentando que a problemática da muller galega ó integrarse na sociedade catalana, débese ó conflito que para ela representa pasar de un xeito de vivir natural, de valores eternos, de amplos horizontes, con casa de moitos metros cadrados e isolada, a unha cidade industrial con grandes atrancos orixinados por unha diferente forma de vida. A muller galega pasou dunha Galicia sentimental de «solpór» a unha Catalunya de «nacente» industrializada; dun tipo de laboura matriarcal a un traballo organizado, moitas veces conflictivo nas relacións sociais; dunha comunicación aberta a través do diálogo no fogar, de xuntanzas no adro, nas feiras, nas festas ou nas romerías, a outra programada, dependente do teléfono, da T.V., das direccións prohibidas, dos transportes colectivos, da dinámica masiva da gran cidade. Sen lugar a dúbidas, o gran problema que atopa hoxe en día a muller galega, que abandona a tradicional maneira de vivir, débese ó xeito artificial de vida que atopa na gran urbe industrial.

O señor Pérez Guerra deu cabo á conferencia cunha anécdota lexical: «Cando unha parella de namorados galegos fala do amor que se teñen, din: SINTO non sei qué por ti (Sentimento). Os cataláns din: TE ESTIMO (verba empregada tamén como apreciación estimativa do valor de algo)».

«El Ideal Gallego», 26-XI-1980.

III

O SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS

Conferencia de Luís Suárez Delgado

O señor Luís Suárez Delgado falou do Grupo «Nós» e do «Seminario de Estudos Galegos». O acto cultural foi presidido polo presidente da colectividade galega, Daniel Pérez Guerra, quen fixo a presentación do veterano galeguista, testemuño do gran rexurdimento cultural de Galicia no primeiro tercio deste século.

O señor Suárez encetou o seu parlamento facendo historia dos devanceiros e dos precursores dun intre culminante da cultura galega: Os doce anos fecundos do Seminario de Estudos Galegos.

«O esborrallamento da Frouseira, dixo, e a traición ó Mariscal Pedro Pardo de Cela representan, dunha maneira trágica, a morte do reino de Galicia. Nin os irmandiños, a pesar dos seus triunfos iniciais, nin o levantamento liberal, capitaneado por Solís, lograron sacar ó noso pobo da secular humillación. Só coa chegada dos Precursores empezou a alvisearse o rexurdir da nosa Terra.»

A continuación o señor Suárez referiuse a Murguía, historiador e primeiro presidente da Real Academia Gallega, que abandonara os estudos de Farmacia para se adicar ás letras; a Vicetto, autor de Los Hidalgos de Monforte e da Historia de Galicia; a Alfredo Brañas, autor de El Regionalismo, tan admirado polo catalán Prat de la Riba; a Rosalía, Curros, Pondal, Carbajal, etcétera, todos eles sementadores e mestres da xeneración «Nós» e dos homes das Irmandades da Fala, a maior parte deles fundadores ou colaboradores do Seminario de Estudos Galegos.

Espírito de equipo

Entrando de cheo no tema da conferencia, don Luís Suárez dixo que o «Seminario» foi creado en 1923 por un grupo de universitarios que se organizaron en seccións tales como Historia, Xeografía, Etnografía e Folklore, Filoloxía, Arte e Letras, Prehistoria, Ciencias Naturais, Arqueoloxía, etc., dirixidas por Salvador Cabeza de León, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Armando Cotarelo Valledor, Castelao, López Cuevillas, Luís Iglesias, Xesús Carro...

O «Seminario» do que foron presidentes Cotarelo Valledor, Cabeza de León, Luís Iglesias e Otero Pedrayo, tamén creou seccións como o Laboratorio de Xeoquímica, dirixido por Isidro Parga Pondal e contou coa colaboración de Ramón M.^a Aller, do Laboratorio Astronómico de Lalín; do

Director da Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas, Luís Tobío Fernández; do arquitecto Gómez Román; de Iglesias Vilarelle e de Filgueira Valverde entre outros.

A partir da instalación do «Seminario» no Colexio Fonseca en 1930, a institución organiza exposicións, abre unha abondosa e ricaz biblioteca e, baixo a dirección do infatigable Anxel Casal, edita obras de gran valía como «Vila de Calvos de Randín», «Terra de Melide», «Parroquia de Velle» —traballos feitos en equipo— e outras moitas obras dos mestres da ciencia e das letras galegas como «Os oestrimnios, os saefes e a ofillatría en Galicia» de Cuevillas e Bouza Brey; «As cruces de pedra na Bretaña» de Castelao; libros de poesía ou literatura de Cabanillas, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, etc. Tamén se redactou no «Seminario» o anteproxecto do Estatuto de Galicia (1931) no que colaboraron Risco, Bóveda, Carballo Calero e Paz Andrade.

«O "Seminario", suliñou Luís Suárez, traballou cunha eficacia extraordinaria en pro da cultura galega, con espírito de equipo, de cara ó futuro, xunguindo nunha laboura común os esforzos dos nosos científicos, literatos, investigadores, xeólogos, químicos, etnógrafos, folkloristas e políticos.»

A continuación o señor Luís Suárez referiuse á guerra civil, que trouxo como consecuencia o peche do «Seminario», e afirmou que o «Instituto do Padre Sarmiento de Estudos Galegos» dependente do «Consejo Superior de Investigaciones Científicas», fundado en 1943, funcionou dun xeito moi limitado por mor dos condicionamentos políticos daqueles intres. E findou o seu parlamento dicindo:

«Teño que confesar a enorme ledicia que sentín ó saber que está a reorganizarse outravolta o Seminario de Estudos Galegos que, estou seguro, non desmerecerá da institución que eu coñecín na miña mocidade».

Noé merecía ser Galego

Non é de extrañar que nalgúns momentos do seu discurso o señor Suárez sentirá a fogueira da emoción. Na intimidade do seu fogar —museo de lembranzas, libros, pinturas, publicacións do «Seminario» nas que o seu nome de socio protector aparece a carón de Portela Valladares, Alberto del Castillo e outros galeguistas residentes en Barcelona— o señor Luís Suárez non cansa de falar dos homes de «Nós», verdadeiros vixías de todo canto compría facer en pro de Galicia; do Mitin das Arengas na praza da Quintana o Día de Galicia do ano 34; dos seus discursos no Axuntamento de Barcelona a carón do Alcalde Pi i Suñer e na Generalitat xunto a Luís Companys en favor do plebiscito galego.

Co gallo da campaña estatutaria, D. Manuel Portela Valladares, expresidente do Consello de Ministros, falara tamén en favor do Plebiscito, por radio Barcelona. O rematar, díxolle a Suárez, emocionado:

«O que nace en Galicia, vive en Galicia, síntea e lévaa dentro, leva un galeguista dentro».

O señor Luís Suárez ten moitos recordos daquela lonxana época que hoxe estamos a revivir co Estatuto de Autonomía. Pero non só bulen na súa lembranza intres de fervor político ou de

inquietudes culturais, tamén recorda con nitidez o factor humano daqueles homes que foron a gran revelación do mundo cultural do «Seminario» e que encheron de gloria toda unha época. O señor Suárez conta moitas anécdotas vividas por el nas xuntanzas con aqueles persoeiros do galeguismo. Para rematar esta cativa crónica, coido que non estaría demais transcribir unha do mestre de Trasalba, Don Ramón Otero Pedrayo, home ocurrente e dun gran humorismo.

«Nunha das viaxes de don Ramón a Barcelona, díme Luís Suárez, acompañeino no meu coche ó Tibidabo, a Montjuich, ó parque da Ciudadela e ó rompeolas. O mestre, namentres descansábamos a carón da farola, comentou:

»"Foi un bon invento o automóvil, ho! En pouco tempo, ¡canto paseamos!".

«Naquel intre entraba un barco no porto e dona Fita preguntoulle ó seu home:

»"¿E quén inventou o barco, Ramón?".

E o insigne polígrafo respostoulle súpetamente:

"O barco inventouno NOÉ, que foi o home máis extraordinario da creación. Ata se emborrachou. Merecía ser galego!".

Decembro, 1980.

O CENTRO GALEGO DE BARCELONA HOMENAXEÓU A SOCIOS CON 25 ANOS DE ANTIGÜEDAD

Nun céntrico hotel da Cidade Condal celebrouse unha cea de irmandade á que asistieron perto de cincocentas persoas, socios e amigos do Centro Galego, de todas as capas sociais de Barcelona, entre os que se atopaban o presidente da Audiencia Territorial, señor Gómez Reino; o señor Mosquera, Xefe Superior de Policía e o deputado da Generalitat Alfonso Pérez Guerra. Tamén asistieron representantes dos medios de comunicación, como o coñecido locutor Luis del Olmo e Xosé Luís Blanco Campaña, de Radio Nacional da Coruña, que ata fai poucos meses desenrolou as súas actividades informativas na capital catalana. O Xosé Luís desplazouse adrede dende a cidade herculina para presentar o acto, xunto con Del Olmo e Gonzalo García Cortizas, portavoz da Comisión organizadora da xuntanza gastronómica e de irmandade, que vencellou a tantos galegos e amigos deica altas horas da madrugada.

Rematada a cea, o presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, pronunciou un discurso de homenaxe ós consocios que xa cumpriron 25 anos de antigüedad «que merecen — dixo— o agradecemento de todos nosoutros». Afirmou tamén o señor Pérez Guerra, que os galegos, a pesar de térmonos integrado en Catalunya, non por iso debemos esquecer as nosas raíces e engadiu:

—Os que, por predisposición ou por necesidade, abandonamos a nosa Terra temos que transmitir o mellor da nosa persoalidade e da nosa cultura ó mesmo tempo que nos integramos nos

pobos que nos acollen, asimilando o bon que poidamos atopar, sempre coa idea de aproveitalo para Galicia.

A continuación o presidente do Centro Galego sulíñou que debemos percurar vencellos de unión para crear unha comunidade galega que se axude mutuamente e afirmou:

—España ten tres grandes zonas xeográficas espirituais, tres xeitos de vida que a diferencian: o sentimentalismo no Atlántico, a vontade no interior e no norte cantábrico, e a sensibilidade no Mediterráneo, tres maneiras de vida que deben xunirse. Ortega y Gasset e Unamuno dixeron que Galicia é un país pobre, que non ten ánimo para loitar, que convirtiu o sentimentalismo en choriqueo. Non estou de acordo, porque os galegos demostramos en moitos intres que sabemos triunfar e buscar a realidade dende a nosa idiosincrasia, o que sucede é que a mentalidade galega endexamais foi avasalladora.

O señor Pérez Guerra findou o seu discurso cunha referencia a Valle Inclán, que escribiu: «Tres romances son en las Españas: catalán de navegantes, gallego de labradores, y castellano de sojuzgadores» e abogou pola unión de toda a península e polo desenvolvemento do idioma galego «o terceiro en importancia, das linguas neolatinas, que se fala nos catro continentes e que, despois do inglés e do castelán, é a lingua empregada por máis persoas en todo o emisferio austral.

Ambiente de festa

Xosé Luís Blanco Campaña tras confesar a súa lelicia por atoparse de novo entre tantos amigos que deixou en Barcelona, asegurou:

—Os que voltamos á Terra pensamos moito nos que quedastes eiquí. Galicia precisa de todos os galegos da diáspora. Hai que voltar para ala, para facer unha Galicia grande e forte.

Logo, o Xosé Luis Blanco, transmitiu un cálido mensaxe, do presidente da Xunta para os galegos de Barcelona, que fai uns meses agasallárono co gallo da súa visita oficial ó noso Centro e, acto seguido, o presidente da colectividade galega, acompañado polo vicepresidente Manuel Arias, o segredario señor Lozano, Dapena Alfonsín como integrante da comisión organizadora, da raíña das festas, Eva Carral e de Mario Nieto, entregou as condecoracións ós socios homenaxeados.

A xuntanza rematouse coa actuación do coro «Toxos e Xestas», dirixido por X. L. Foxo, actuando tamén o señor Cortizas que cantou «Dous amores» acompañado ó órgano por X. L. Blanco Campaña, quen, atendendo os rogos dos asistentes interpretou cancións populares catalanas e unha muiñeira co enxebre instrumento galego.

Importantes empresas comerciáis catalanas e galegas colaboraron á brillantez do acto con valiosos regalos, que foron sorteados entre o público, nun ambiente de festa e algarabía. Como nota demostrativa da amizade galaicocatalana, teño que sulíñar a presenza do arquitecto catalán Joaquim Mascaré Vinyets, artista pintor e poeta que, para comprender mellor ós nosos poetas, aprendeu o galego, idioma que fala correctamente e no que inclusive escribiu fermosos poemas.

«El Ideal Gallego», 28-XII-1980.

XAIME ISLA COUTO:

«O Estado debe delegar facultades en favor das minorías»

O profesor Xaime Isla Couto, director da revista de Estudos Agrarios da Xunta de Galicia, un dos fundadores de «Mocedades Galegas» nos anos da República e, na actualidade, catedrático de Economía na Escola de Inxenieiros de Vigo, acudiu á chamada da Directiva do Centro Galego de Barcelona para informar á Colectividade galega do Estatuto de Autonomía. Fixo a presentación do conferenciante don Luís Suárez, vello galeguista tamén, residente en Barcelona, e o señor Isla Couto encetou o parlamento manifestando a súa lelicia por poder contactar cos galegos da Cidade Condal e afirmou: «Esta xuntanza é un dos pagos máis grandes que na miña existencia podo levar comigo».

Autonomía e emigración

A continuación o profesor Isla Couto dixo que para falar da Autonomía é mester falar da emigración, que en Galicia dase como un xeito de rebeldía. Referiuse tamén a outros tipos de emigración tales como os recursos naturais, os capitais e as élites obreiras e universitarias, lembrando que xa no século XVI deuse a emigración da nobreza e dos señoríos eclesiásticos, que orixinaron os foros en beneficio da centralización, que non fixo cousa polo desenrolo de Galicia e só invirtiu na nosa Terra en gastos suntuarios.

O profesor Xaime Isla Couto estudou mais adiante o fraude histórico do concepto «nación», cuxo sentido real foi usurpado por outro político e centralizador de todos os resortes fundamentais da sociedade e sulíñou:

«É mester descentralizar o poder e entregarllo á sociedade. A democracia é unha palabra un pouco gastada porque chégase á experiencia de que se vota a señores representativos das grandes forzas que nos gobernan. Hai que descentralizar o Estado, creando organizacións políticas. O Estado debe delegar facultades en favor das minorías ou pequenas comunidades, con características antropolóxicas ou ecolóxicas diferentes, para que poidan desenvolver a plena realización colectiva cultural da comunidade e a futura organización política axeitada. Os galegos correspóndenos asumir o goberno dos propios asuntos nosos.

Isla Couto veterano galeguista

O catedrático vigués ten unha traxectoria galeguista inmaculada. Todos recordamos a súa detención e os vergallazos que recibiu hai unha chea de anos, polo «pecado» de cantar «Venceremos nós», o Día de Galicia, á saída da Misa no convento de Santo Domingo en Sant-Iago, a súa cidade natal. Lembramos tamén os seus traballos en colaboración con outros celosos gardadores e sementadores do ideario galeguista —Ramón Piñeiro, Francisco del Riego, Beiras, etc.— na «Revista de Economía de Galicia», dirixida por el, e os libros «Economía e Sociedade en

Galicia» e «Introducción á Economía Galega de Hoxe», editados por «Galaxia». Non é, logo, casual que o veterano loitador galeguista abogara polo SI para «participar na parte de goberno que precisamos» e pola fórmula federal porque «para chegar ó cumio hai que partir das pequenas comunidades que co Voto controlarán día a día a laboura dos seus inmediatos representantes». «Deste xeito, suliñou, coas rexións crearemos un Estado europeo que será un simple Coordinador.»

Isla Couto asegura que o actual Estatuto Galego é similar ó catalán e ó do País Vasco e que «Realidade Galega», entidade creada para asesorar e concienciar ó noso pobo e da que el tamén é fundador, presionou e fixo posible a reforma do anterior proxecto que era unha aldraxe para a nosa Terra.

O acto findou cun coloquio que foi escarecedor de dudas tales como se a Autonomía vai ser motivo de novos impostos ou de burocracia. O señor Isla Couto respondeu ós seus interpeladores probando, con exemplos, que a Autonomía incluso pode ser máis barata porque os galegos poderán controlar mellor os gastos, cousa que non sucede agora por falla dun Parlamento propio.

Rematado o turno de palabras, o público que enchía o salón de actos do Centro Galego, despediu ó ilustre galeguista cun aplauso unánime.

Decembro, 1980.

FESTIVAL INFANTIL

No Centro Galego de Barcelona celebrouse un gran festival infantil adicado a todos os fillos dos socios da nosa Colectividade. O acto deu comezo cun desaxún de chocolate e churros servido ós meniños no restaurante do local social e, a continuación, na sala de actos, un malabarista, cos seus poderes máxicos e ilusionistas, colmou de aglao e de soños á numerosa concurrencia infantil. Tamén actuou un grupo de paiasos que fixeron rir a cachón ós nosos nenos e, ¿por qué non? ós maiores que ateigabamos o local social dos galegos residentes na Cidade Condal.

A segunda parte do festival consistiu na actuación da Masa Coral «Lonxe da Terra», dirixida polo mestre Martínez Pedra; na interpretación da «Muiñeira de Saque» e «Jota» do grupo de Gaitas dióxido por Antón Cotado e nas danzas do grupo Infantil, que baixo a dirección da profesora «Chus», bailaron a «Danza da Tolda», «Baile da Roda», «Sentados» e «Pequeñina». Tamén o grupo de Gaitas Infantiles conseguiu os aplausos do público con «Muiñeira de Lugo» e «Vals do Gaiteiro» obra, esta derradeira, composta por Xosé Luís Foxo, director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas».

Tras unhas verbas do directivo Mario Nieto da Aira, o Vicepresidente, Manuel Arias, pechou o espectáculo agradecendo a numerosa asistencia e a colaboración de cantos fixeron posible o festival.

«El Ideal Gallego», 15-I-1981.

O GRUPO TEATRAL «TERCEIRO ANDAR»

Derradeiramente no Centro Galego de Barcelona véñense celebrando gran cantidade de actos culturais e festeiros moi ben acollidos pola colectividade galega, que acude todos os sábados, pola serán, á chamada das Comisións de Cultura, Teatro e Festas.

Don Luís Suárez Delgado falou do inesquecible galeguista Daniel R. Castelao. O Corpo Infantil de Baile e Gaitas do Centro Galego e o Grupo «Nós» de Sabadell actuaron, novamente, repetindo o éxito conseguido o día da festa dos Reis Magos. Tampouco faltaron Concursos de disfraces para nenos e maiores na festa do Antroido, con entrega de trofeos ós primeiros clasificados.

Hoxe falaremos do Grupo «Terceiro Andar», que representou a obra de Shelagh Delaney «Sabor de mel», obra verquida do inglés ó galego por X. A. M., que escribe:

«Polo ano 1958, desgastada xa a soberba trunfante da victoria aliada na segunda guerra mundial, un fato de autores británicos publicaron un manifesto baixo o título "os rapaces carraxentos fánvos" no cal arremeten contra da tradición, o benestar, a comodidade conformista e todas as virtudes triunfalistas das que o Estado se sentía tan orgulloso... Neses primeiros anos críticos vai ser cando unha rapaza de dezaioito anos chamada Shelagh Delaney, nacida en Salford (Liverpool) e acomodadora nun teatro de London, escribe o drama Taste Of Honey («sabor de mel»), estrenada con gran fortuna no Theatre Royal no mes de maio do 1958... O argumento desta obra redúcese ás relacións entre cinco persoas sen importancia, cinco marxinados carregados de pequenas ilusións, nun ambiente mesquiño, suliñado nun montaxe cunha ausencia total de coor, percurando, de diferentes xeitos e por diferentes causas, un pouquiño de afecto».

Os actores

M.^a do Pilar Vázquez, no papel de HELENA, con desenvoltura, amóstrase como unha nai desnaturalizada, de vida alegre, pendente de sí mesma, que volve a casar cun home mullereiro e bohemio —o PETER— interpretado con acerto e inxenio por Anxo L. Baranga. Mercedes Rey encarna o persoaxe XOSEFINA, marxinada e sen agarimo, que cae nos mesmos erros da súa nai, convivindo, ocasionalmente, cun RAPAZ —A. Fariñas—, que a deixa en estado. XEI, mozo un tanto amanerado, convírtese no mellor compañeiro de XOSEFINA, que está a agardar o fillo, chea de privacións. O desenlace da obra humanízase cando HELENA, aguilloada polo amor maternal, recapacita e acude en axuda da súa filla.

O obra, cun plantexamento moi ben coidado; pero con intermedios musicais un pouco longos demais, foi ben acollida polos espectadores que encheron o local social galego das Ramblas na Cidade Condal. Os decorados, de Mercedes García; os efectos especiais, de Fermín Pereira; a rexidora, Eva Corral, e os actores son merecentes de gabanza pola súa cooperación ó espallamento e promoción da cultura. Non hai que esquecer tampouco o sacrificio que representa para eles compartir traballo e estudos con tantas horas de ensaio. O público comprendeuno e despediu ós artistas cun afervoado aplauso.

«El Ideal Gallego», 20-III-1981.

ACTOS CULTURAIS CO GALLO DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Por segundo ano consecutivo, o bon senso da práctica totalidade dos grupos galegos residentes na provincia de Barcelona deu como froito unha Coordinadora para, ó longo de todo o mes de Maio, celebrar xornadas culturais co gallo do Día das Letras Galegas.

As seis Entidades Culturais que a componen son o Centro Galego, o Grupo «Castelao» de L'Hospitalet, o Frente Cultural de ANPG, o Grupo «Nós» de Sabadell, o Grupo «Rosalía de Castro» de Cornellá e a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas».

Grupo Teatral «Tespis»

O Grupo Teatral «Tespis» da Coruña encetou as Xornadas das Letras Galegas representando a farsa «O Conto dos Cinco Camiñantes», do autor dominicano Iván García, verquida ó galego por Ramiro Cartelle. Os persoaxes fantásticos, a loitar polos seus propios intereses, simbolizando diferentes estamentos do vivir diario, acadaron grandes éxitos nas tres actuacións perfectas que os actores coruñeses escenificaron en Sabadell, L'Hospitalet e no Centro Galego de Barcelona.

Basilio Losada, Pilar García Negro e Víctor F. Freixanes

Tamén se celebrou unha mesa redonda encol da «Problemática lingüística en Galicia», que tivo lugar na Cidade Condal, repetíndose o día seguinte, en Sabadell.

Os tres invitados foron presentados por Herminia Corbacho, quen suliñou a ilusión con que a Coordinadora —superando atrancos e traballando moito— programou os actos conmemorativos do Día das Letras Galegas. A profesora Corbacho tamén leu un manifesto, reclamando a oficialidade da lingua galega e o profesor Losada Castro encetou o acto falando do galego como medio de expresión literario e afirmou:

«O problema capital de Galicia é a lingua. A recuperación do idioma é a tarefa principal desta xeneración e das dúas ou tres vindeiras. A resurrección de Galicia, que é o gran esforzo deste século, empeza pola consciencia da lingua. Eu, con todo o inmenso amor que sinto por Catalunya, elixo como Patria Galicia, aínda que teña que morrer lonxe».

Pilar García Negro dixo que o ensino é un axente fundamental do galeguismo. Fixo historia da lexislación lesiva para o noso idioma, citando Decretos do século XVIII, da primeira Constitución das Cortes de Cádiz, da República e, mesmo nos derradeiros anos, do Decreto de Bilingüismo que —según a conferenciante— non representa un avance eficaz xa que o idioma non pode conservarse vizoso cunhas poucas horas lectivas. O único que se consegue é facer máis lenta a súa morte.

«A nosa función, engadiu, é expoñer os feitos para sensibilizar ó pobo. O galego débese manter para todos os usos e nos debemos traballar para que esa meta sexa posible.»

Víctor F. Freixanes —especialista nos medios de comunicación— manifestou que estamos a vivir unha revolución tecnolóxica abraiante e esmagadora na que a T.V. pódelle dar a «puntilla» mortal ó galego. Non abonda con estudar o noso idioma na escola. E mester que a Administración se galeguice e iso depende de todos nós. Somos pequeniños e pouquiños; pero debemos batallar facendo, coa nosa práctica diaria, que o Día das Letras Galegas non sexa soamente o 17 de Maio.

Diante de tanta desolación, Basilio Losada deu a nota optimista ó asegurar que os nosos escritores, a partir do ano 50, acadaron prestixio literario. Hoxe a vida cultural galega faise de cheo no noso idioma. As edicións aumentan e ganouse, en gran parte, o mundo universitario.

ANDRÉS FERNÁNDEZ PLACES, PREMIO DE POESÍA NO III CONCURSO «NÓS»

Na Aula Magna da Universidade Central de Barcelona fíxose público o fallo do III Concurso Literario Galego «NÓS», convocado polo grupo «Nós» de Sabadell. O xurado calificador estaba formado polos membros da Coordinadora de Entidades Culturales Galegas de Barcelona, señores Manuel Ignacio Castro Mera, como presidente e representando o Grupo «Nós»; Mercedes Fernández, polo Frente Cultural da ANPG, e Carmina Trigo, do Grupo «Castelao» de L'Hospitalet, como vocais. En representación do Centro Galego de Barcelona, Manuel Oreste Rodríguez López actuou como segredario.

O xurado acordou deixar desertos os premios nas modalidades de prosa e poesía xuvenil, premiando a triloxía «Dous sonetos de amor e unha ausencia», de modalidade «adultos», dotado con dez mil pesetas e diploma, presentado co lema «So aquelas avelaneiras froidas» que, aberta a plica, resultou ser Andrés Fernández Places, de Lomba (Vilagarcía de Arousa).

Asimesmo, tendo en conta a calidade dos poemas de modalidade «adultos», o xurado estimou oportuno crear tres Accésits, dotados con cinco mil pesetas e diploma para os traballos presentados baixo os lemas seguintes: «Modigliani e Soutine», de Ramón Martínez Seixo, de Vigo; «Morte na terra viva», de Xosé Carlos Gómez Al faro, de Ribadavia e «Meiga de Raxó», de Herminia Corbacho, de Filgueira (Pontevedra).

Conferencia de Yolanda Díaz

Denantes de se publicar o fallo do Concurso Literario, Yolanda Díaz Gallego pronunciou unha conferencia sobre a Xeneración Nós, encetando o seu parlamento cunha breve referencia ó «Día das Letras Galegas», que vense celebrando, por acordo da Real Academia Gallega, dende o 17 de maio de 1963, data do centenario da publicación de «Cantares Gallegos» de Rosalía. «Os pobos —dixo— deben manter acesa a súa historia, testemuño dun pasado común. O home ten que saber de donde ven e a donde quere ir para ter seguranza nos seus pasos e estar inmunizado contra os intereses alleos.»

Logo pasou a analizar o quefacer cultural galego da Xeneración «Nós» dende o 30 de outono de 1920, en que saíu o primeiro número do Boletín «Nós», ata agosto de 1935, ciclo creativo e

esperanzador no xermolar fecundo do noso pobo no que estaba integrada a maioría da intelectualidade galega: Vicente Risco, director do Boletín «Nós» deica a desaparición da publicación, Xavier Prado —Lameiro—, Arturo Nogueral, Xulio Gallego, Ramón Cabanillas, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Florentino L. Cuevillas e unha longa ringleira de colaboradores que fixeron de «Nós» un documento de alto valor para comprendermos e estudar hoxe a rica vida cultural e política daquel período. Antón Villar Ponte, Anxel Casal, Xoan Viqueira, Antón Noriega Varela, Victoriano Taibo, Xaime Quintanilla, etc., conxugaron tres direccións culturais: a nidiamente literaria e folklórica, a que temos chamado de Dialéctica Rexional e a histórica.

«No aspecto literario e folklórico, sulíñou a conferenciante, temos unha ampla diversificación de traballos. Quince anos é cáseque unha xeneración de poetas, escritores, pintores, artistas, homes de leis, de economía e de ciencia a ferver nunhas arelas de transformación e galeguización, mergullados na búsqueda de xusticia social. As colaboracións de xentes extranxeiras nas páxinas de «Nós» falan da súa transcendencia fóra das nosas fronteiras. Os intelectuais galegos tamén viaxaban e aportaban novas ideas de utilidade para o desenrolo do noso quefacer como pobo. As Universidades europeas recibían os nosos estudiosos; os camiños da Bretaña serían percorridos por Castelao. «Galicia era célula de universalidade» como dixo o noso máximo Guieiro.»

Yolanda Díaz, tras referirse a Antón Villar Ponte, fundador das Irmandades da Fala, e de citar a Euxenio Montes, que escribiu sobre a estética da muiñeira, fixo unha análise dos traballos de arqueoloxía de Cuevillas; dos poemas líricos de Noriega Varela e dos himnos patrióticos de Cabanillas; da «Teoría do Nacionalismo Gallego», de Risco; das conferencias no Circo de Artesáns da Coruña encol da persoalidade de Galicia; do ideario político dos homes da Xeneración «Nós», que se presentaron ás eleccións da República, como Partido Galeguista, conseguindo catro actas de Diputado, e rematou o discurso afirmando que «debemos coñecer o noso pasado porque nos axudará a comprender mellor o presente e o porvir despertando a conciencia do noso pobo.

Folklore galego nas Ramblas

Radio Reloj, de Radio España, no programa «Aquí todos» de Olegario Sotelo Blanco, que todolos sábados dedica unha hora ás Casas Rexionais de Barcelona, fixo un programa extraordinario de dúas horas, en conexión con outras emisoras galegas. Nos estudos da emisora actuaba a Masa Coral do Centro Galego e nas Ramblas a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas». Todalas actuacións estaban conectadas cunha rede de altavoces que facían chegar nidiamente as verbas dos persoeiros galegos e as interpretacións folklóricas dos diferentes grupos ós milleiros de viandantes que circulaban polo céntrico paseo barcelonés e que se aglomeraron nunha masiva moitedume para escoitar en directo a celebración do Día das Letras Galegas.

Praza Castelao de Sabadell

Outro dos grandes acertos da Coordinadora de Entidades Culturais de Barcelona foi a inauguración da Praza Castelao de Sabadell. Presidiu o alcalde señor Toni Farrés que fixo unha gabanza da colonia galega do Vallés e felicitou ós organizadores e á Asociación de Vecinos pola súa laboura en pro dos actos culturais, da creación de espazos verdes e pola atinada idea de honrar ós

meirandes persoeiros das colectividades doutros países do Estado que residen en Sabadell. O señor Farrés prometeu a colaboración do Concello en cantos actos se poidan programar no futuro para unha mellor convivencia en solidariedade cos cidadáns sabadellenses porque «todos —dixo— temos que ensinarnos mutuamente e aprender uns dos outros». Tamén pronunciaron discursos o Delegado de Cultura do Axuntamento; o presidente da Asociación de Vecinos do barrio de Cruz de Barbera, onde se atopa a espaciosa Placa Castelao; Serafín Villanueva, que actuou de presentador; Herminia Corbacho e Yolanda Díaz Gallego, que pronunciou unha semblanza do homenaxeado, acollida con afervoados aplausos polo numeroso público. A continuación actuaron a Masa Coral e o Grupo de Danzas do Centro Galego, o Grupo de Danzas do Grupo «Nós» de Sabadell e a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», rematando a festa cun xantar de irmandade.

A inauguración da rúa Castelao en Mollet, coincidente na mesma hora, débese ó esforzo da Irmandade «A nosa Galiza», que tamén organizou diversos actos en colaboración co programa galego dominical de Radio Miramar, que dirixe Manuel Fernando González.

O domingo vindeiro actuará no Palau de la Música Catalana o Grupo Milladoiro. Tamén pronunciará unha conferencia no Centro Galego o día 30 don Modesto Pérez Rodríguez, xuez nesta cidade, que recentemente foi destinado a Lugo. O día 31 celebraráse unha festa infantil e o 7 de San Xoán rematará este longo ciclo cultural galego coa inauguración da rúa Castelao de L'Hospitalet de Llobregat.

«El Ideal Gallego», 12-V-1981/29-V-1981.

PRESENTACIÓN DE «MILLADOIRO». O ESPECTÁCULO «FOLK» TIVO UNHA ACOLLIDA AFERVOADA

No «Palau de la Música Catalana», obra maestra do modernismo catalán debida ó arquitecto Lluís Donénech i Montaner, o grupo Milladoiro sorprendeunos, ós galegos e ós barceloneses que adoitan asistir ás chamadas culturais do «Palau», cun auténtico concerto musical baseado en temas folklóricos da música ancestral de Galicia e dos pobos de influencia céltica.

As ovacións afervoadas premiaron en numerosas ocasións a calidade musical e interpretativa dos artistas que, con esforzo, entrega e vocación, véñense adicando, dende hai varios anos, á investigación da música popular atlántica.

Todos lembramos o disco «Milladoiro» de Antón Seoane e Rodrigo Romaní. Tamén recordamos o cuarteto «Falseas do Xiabre», composto por Ferreirós, Nando Casal, Moncho García e Piri Lorenzo. Aqueles pequenos grupos adicábanse a investigar por toda Galicia a esencia, o ritmo e a sensibilidade musical que perduran nos máis alonxados recunchos da nosa Terra e que, a pouco que se rabuñe, atópanse nas tradicións, nos costumes e no sentir do pobo. Pero o que máis agradecemos os beneficiados da inxente laboura dos devanditos grupos é que, superando particularismos e capelas, se xunguiron para crear un conxunto máis amplo e con abondoso instrumental que deu xa un froito ricaz e celmoso: «A Galicia de Maeloc», perfecto L.P. grabado pola discográfica galega «Ruada».

Dous temas novos estrenados no Palau:

Antón Seoane (zanfona, guitarra, acordeón, piano); Rodrigo Romaní (arpa, guitarra, ocarina); Xosé Vicente Ferreirós (gaita, ulieann pipe, mandolina); Nando Casal (gaita, cromorno, gaita de Northumberland); Michel Canadá (violín); Manolo Arias (flautas) e Moncho García (percusión) son os músicos que, no «Palau de la Música Catalana», engadiron un éxito máis ós conseguidos nas principais poboacións galegas, no Festival do Mundo Celta de Lorient (Bretaña), en Edimburgo (Escocia), en Venezuela, etc.

Os componentes da extraordinaria embaixada musical «folk» interpretaron «Danza de Cariño», «Alborada e Carballesa», «A Jota de Paradela e Muiñeira de Farruco», «Danza de San Roque de Río», «Polca de Campaneiros», «A Furoca», «Pasodoble de Berbés», «O berro seco», «Axéitame a polainiña» e un longo etc. ata totalizar dezanove verdadeiras xoias arrancadas do pobo e pulimentadas pola súa capacidade creadora.

«Muiñeira vella do Mordomo» e «Na cova da Barxa» foron as dúas obras estrenadas por «Milladoiro» no «Palau» —símbolo cultural de Catalunya, como ben dixo o Seoane—. O público agradeceu o detalle, aplaudindo tamén con grandes mostras de satisfacción as verbas que Rodrigo Romaní adicou ós oíntes cataláns na súa propia lingua.

Os espectadores que enchiamos as localidades do orixinal «Palau» da institución coral «Orfeo Cántala» non esqueceremos o resoante éxito do «Milladoiro» que, sen dúbida, seguirá a colleitar triunfos onde queira que presenten o fartureto folklore de Galicia.

O mensaxe da música tradicional, a mistura de danzas escocesas, galegas e irlandesas, as polcas alegres, a lembranza dos aires bretóns e do norte de Portugal, o abondoso instrumental e a calidade dos artistas embebedaron ó público que obrigou ós sete concertistas a voltar ó escenario, por dúas veces, e repetir «O Bríncadeiro» e «Pasacorredoiras», nun apoteósico final.

«El Ideal Gallego», 5-VI-1981.

ADOLFO FERNÁNDEZ OUVIÑA, MAXISTRADO E PROFESOR DE DEREITO CIVIL CATALÁN

«É mester estudar a historia das intencións»

O persoeiro que presentamos hoxe ós nosos lectores naceu o 28 de febreiro de 1933, por un casual, en Caldas de Reis (Pontevedra) a cuxo balneario acudira a súa nai para «tomar» as augas por consello médico; pero de sempre viviu na cidade de Vigo. Estudiu no colexio dos Maristas e fixo Dereito na Universidade compostelana. Rematada a carreira, serviu como oficial na «Legión» e ós 23 anos aprobou Xudicatura, pasando a exercer como xuez en Murías de Paredes (León), Ramales de la Victoria (Santander), Muros (A Coruña) e Reus (Tarragona). No ano 75 foi destinado a San Sebastián e ascendido a maxistrado, ocupando posteriormente o mesmo cargo en Gerona. Dende 1977 exerce na Cidade Condal.

Foi profesor de Dereito Penal na Facultade de Dereito de San Sebastián e, na actualidade, éo de Dereito Civil Catalán na Universidade Central de Barcelona.

Adolfo Fernández Ouviaña ten publicado «Sociología para la convivencia» e colabora en varias revistas de divulgación e científicas de temas xurídicos como «Foro Galego». Tamén é asesor cultural da emisora EAJ-39, facendo crítica literaria e dando as novas da actualidade editorial. Ten para publicar «Os Petrucios», voluminosa historia de Galicia que encétase na prehistoria e remata o ano 36.

«Agora —afirma— estou a recopilar documentación para seguir a obra. A miña historia pretende espallar o feito cultural galego. Non se trata dunha narración de sables nin de cabalos, trátase da historia dun pobo que foi e será pobo porque sin tese como tal. «Os Petrucios» non ten comparación co publicado deica hoxe. Este é un libro de investigación nas fontes de canto se leva escrito, pensado para os rapaces galegos que medran manipulados por unha historia que non é a súa.»

V. Risco morréu para cultura galega no intre da guerra

Co gallo do Día das Letras Galegas, o Ilmo, señor don Adolfo Fernández Ouviaña, ocupou a tribuna do Centro Galego para falar da cultura galega dos oito derradeiros séculos. O presidente do Centro, Daniel Pérez Guerra, fixo a presentación do orador suliñando o seu vencellamento coa cultura do noso pobo a través de conferencias, mesas redondas, presentacións de libros e do programa dominical en gallego de Radio Miramar.

Na súa conferencia, o maxistrado Fernández Ouviaña, declarouse afervorado prescilianista e dixo que traballa sen acougo para acadar un mellor coñecemento do autor dos «Cantos litúrxicos». Tamén é un admirador do rei Alfonso VI, «primeiro monarca de Castela con visión de Estado» e suliñou «é mester estudar a historia das intencións en troques de mergullarse no idealismo dos feitos de intres determinados que non deixan ronsel».

O conferenciante demorouse especialmente nos homes da Xeneración «Nós» facendo unha axeitada semblanza de Vicente Risco «que apareceu nunhas datas de forte rexurdimento galego e morreu para a cultura autóctona no mesmo intre da guerra».

«O que trata de facer Risco —dixo— é voltar Galicia ás súas orixens célticas; pero isto faino como pensador, mirando cara o futuro, pensando que un pobo non é unha fronteira ou unha alfándega, senón un feito cultural que está por riba de calquera situación política.»

En Galicia falla ilusión autonómica

Os antergos do noso biografiado son do lugar de Ouviaña, «perto de Cambados, na beira do Saines, terra cunha longa restra de pazos na Galicia señorial do Pensamento». Está casado con dona Xobita Rodríguez Cruz, do Barco de Valdeorras, e ten tres fillos. Síntese identificado co pobo catalán e a súa pasión é a lectura de temas históricos. Os seus literatos preferidos galegos son Valle Inclán

que «aprendeume —suliña— a falar e respetar o castelán». Dos poetas, sinte admiración por Curros e Cabanillas, «pero os poetas chorimiqueiros e a épica pondaliana —engade— cánsanme».

A opinión de Adolfo Fernández Ouviaña encol da Autonomía galega é nídea:

«A historia de Galicia nace dun feito universal, que é Compostela, e da vontade do pobo de ser sempre o mesmo. Galicia é un ente xeográfico e cultural cunha gran falla de ilusión na Autonomía, tal e como se está a facer, porque as forzas que a levan a termo son as que endexamais quixeron unha Galicia autonómica».

«El Ideal Gallego», 12-VI-1981.

DON MATÍAS COLSADA, SOCIO DE HONOR DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA, EN GALICIA

Para os galegos da Cidade Condal o nome de don Matías está xunguido a unha gran efeméride: A reconstrucción do noso local social. Todos lembramos que cando arderon a Biblioteca e as principais dependencias do Centro Galego, tras importantes e custosas obras encamiñadas a axeitar o vello edificio das Ramblas —antigo Palacio Güell— os locais recibiron unha ferida que semellaba irreparable.

¿Cómo se podía pensar na continuidade da Sociedade sen a contribución xenerosa de determinadas persoas e da Fundación Barrié de la Maza, que deu unha nidia proba de amor a Galicia e ós galegos de Barcelona donando unha segunda Biblioteca, mellor aínda ca primeira, e o Museo que acolle os trofeos conseguidos polo Centro?

Rexurdir do novo Centro Galego

Don Xosé Luís Vázquez Sotelo, prestixioso abogado e presidente, naquel intre, da sede da Colectividade galega, traballou sen acougo durante meses enteiros nunha laboura que semellaba sen posible solución. Pero outro home, amigo persoal de don Xosé Luís, cooperou definitivamente ó milagre da apertura e do novo rexurdir do Centro Galego: O señor Colsada reconstruíuno desinteresadamente e con xenerosidade increíble, para moitos. E aínda máis: Na prestixiosa «Terraza Martini» ofreceu un «Coctail» ás autoridades e re presentacións de Barcelona —moitos galegos de oríxen, como o Capitán Xeneral, o Almirante do Sector e o Presidente da Audiencia—. Alí estaban tamén Tania Doris e Luís Cuenca e, semanas máis tarde, escritores e celebrados artistas, entre os que lembramos Mari Santpere, Mercedes Bruquetas, Vizcaíno Casas, Fernando Guillén, Toni Guitart e os conxuntos da «Compañía Colsada» celebraron unha xornada inesquecible no Teatro Apolo, cun Festival Benéfico, presentado polos famosos locutores, tan vencellados a Galicia, Luís del Olmo e Fernando Rodríguez Madero, para recaudar fondos que permitieron rematar a instalación do mobiliario queimado.

«La dulce viuda»

Neste mes de Sant-Iago o coñecido empresario da Compañía de revistas «Colsada» fará una xira artística polas principais cidades de Galicia: Ourense, Vigo, Pontevedra, Sant-Iago, A Coruña, e O Ferrol serán expectadores da obra «La dulce viuda», tan aplaudida polo público catalán no xa clásico Paralelo. Tania Doris, a famosísima «vedette», e Luís Cuenca, o popular actor cómico, a carón doutros destacados artistas, cando recollan o aplauso dos galegos da nosa Terra, estamos seguros que lembrarán aquelas xornadas nas que trabaliaron afervoadamente para axudar ó noso Centro Galego de Barcelona e sentiráanse orgullosos de ter colaborado en pro da nosa agradecida Colectividade.

«El Ideal Gallego», 9-VII-1981.

A COLONIA GALEGA DE BARCELONA FESTEXA O SEU PATRÓN

Co gallo das festas do noso patrón Sant-Iago, o Centro Galego de Barcelona programou unha serie de actos que deron comenzo o día 18 cun Festival Infantil no que actuaron os Grupos de Gaitas e Baile de Nenos «Lonxe da Terra», que tiveron unhas actuacións moi aplaudidas polos socios e simpatizantes que enchían o salón de actos do noso local social.

Para ledicia e aglaio dos fillos dos socios, actuaron uns famosos paiaos e ousequiouse, a todolos nenos asistentes, con regalos elixíndose, a continuación, como Raíñas Infantil e Xuvenil, as irmáns Maite e Palmira Rodríguez Servando.

A noite celebrouse un baile de sociedade elixíndose tamén a Raíña das Festas —Maribel Pérez Dávila— e as súas damas de honor: María Xosé Carretero Gallego e Lida Fernández.

Neste ambiente festeiro e de confraternidade, falamos co presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, que nos adianta os actos a celebrar en Castelldefels en colaboración coas autoridades do Axuntamento da fermosa vila estival.

— Este ano xurdiron algúns atrancos, en canto á data da festa xa tradicional, por mor de que o 25 non é festa oficial en Catalunya e decidimos adíala ó domingo, día 26, para que poidan asistir o maior número posible de socios e amigos. Nembargantes o propio día de Sant-Iago, na parroquia de Sant Jaume, teremos unha Misa cantada pola Masa Coral «Lonxe da Terra».

Podíase pensar, diante do programa da festividade do noso Patrón —bailes, campionatos de xogos sociais, concursos de gaitas, xantares campestres, etc.— nun exceso de folklore; pero o señor Pérez Guerra puntualiza:

— Os actos folklóricos, en definitiva son cultura e unha reafirmación do pobo nas súas raiceiras ancestrais. As datas apropiadas para organizar outro tipo de actos, como conferencias, táboas redondas, etc., son os meses comprendidos entre Outono e San Xoan. Nestes intres de calor abafante, que invita á praia e á montaña, coidamos que o apropiado é saír da cidade, mergullarse na auga e logo xantar en irmandade para, á caída do sol, celebrar concursos de gaiteiros, de danzas e

que a nosa mocidade poida bailar, alternar e sentirse coma se estivera na propia Terra. Este ano os actos culturais organizados polo Centro e por outras Irmandades que recibiron o noso apoio, foron abundosos, pero contamos que, no vindeiro, coa colaboración de todos, serán máis e de maior calidade.

Nova Directiva do Centro

No salón de actos do Centro Galego celebrouse unha Asamblea Xeral de Socios para celebrar eleccións xerais proclamándose, por unanimidade, a nova Xunta Directiva que rexirá o Centro Galego da Cidade Condal durante 18 meses. Como presidente saíu reelegido Daniel Pérez Guerra, pasando a ocupar a vicepresidencia 1.^a Manuel Vázquez Fernández e a vicepresidencia 2.^a Mario Nieto da Aira. Como segredario figura Abelardo Lorenzo Fernández, ocupando outros cargos os señores, Xosé Fernández, Celia Ferreiro, Pedro Rodríguez, Xosé Pérez, Eva Carral, Pilar Vázquez, Mercedes Rey, Dositeo Aira, Rogelio Rodríguez, Francisco Aguía, Pilar Quiroga e Fermín Pereira.

«El Ideal Gallego», 24-VII-198J.

IV

O BALLET GALLEGO «REY DE VIANA» NO LICEO

Roxelio Groba dirixiu a Orquesta

Co gallo das «Festes de la Mercé» as Diputacións da Coruña e de Barcelona, conxuntamente co Concello da Cidade Condal, ofrecéronnos a posibilidade de poder admirar no Teatro do Liceo o arte do famoso Ballet Gallego «Rey de Viana» que colleitou afervoados aplausos en cada unha das quince obras interpretadas —«O Espantallo», «Regueifa dos zocos», «Pranto», «Noite de Meigas», «Repenicoque na Pedra», etc.— que remataron co apoteósico final «Festa na Vila» e a entrega dunha artística placa, donada pola colectividade galega de Castelldefels ó director do Ballet, como recordo da súa actuación en Barcelona. Tamén queremos suliñar que a Orquesta do Liceo actuou baixo a dirección do maestro Roxelio Groba e Groba, director da Banda Municipal da Coruña.

Antes da actuación do Ballet Gallego «Rey de Viana» acudimos ó hotel Majestic para dialogar co Xosé Manuel quen nos falou da súa obra, dos éxitos conseguidos e do futuro do prestixioso conxunto.

«Eu son o fundador, director e coreógrafo do Ballet Gallego. Encetando de cero, tras seis anos de traballo presentámonos no teatro Colón da Coruña o ano 1955 con «O Espantallo», «Chovendo en Compostela» e «Namorados», afortunadamente, con gran éxito. Logo viaxamos por Galicia, España e o extranxeiro provocando gran expectación. A xente quedaba sorprendida porque non se imaxinaba que Galicia tivera un folklore tan ricaz. O futuro do Ballet coido que está

asegurado porque, nun acto público celebrado no Hostal dos Reis Católicos en Sant-Iago o ano 1971, fixen donación de toda a miña obra artística a Galicia, representada pola Diputación da Coruña.»

E mester profesionalizarse

Nos presupostos da Institución coruñesa existe unha partida para soste e garantir a supervivencia do Ballet, a máis alta representación artística de Galicia, cunha categoría similar ós mellores do mundo. Pero, coido eu, os recursos da Diputación, hoxe en día, non abundan para manter tamaña obra. E mester que a Xunta de Galicia e o Goberno Central acepten un compromiso serio e a obriga de potencialo cada vez máis porque representa o arte e a cultura do noso pobo ó máximo nivel. As axudas deben ser xenerosas e non converter os artistas en funcionarios para non frenar o seu dinamismo creativo. Os componentes do Ballet teñen mester de profesionalizarse e seguir na liña dos triunfos multitudinarios acadados en 1964 na Feira de New York —onde actuaron tres meses en representación de España—, e na apertura dos Festivais de España —representando á nosa nación tamén— o ano 1967 con resoantes éxitos en Río de Janeiro, Bos Aires, Montevideo e Sant-Iago de Chile.

«O Ballet, asegura Rey de Viana, ten xente técnica e artisticamente moi ben formada na Escola do Ballet.

E un conxunto enormemente disciplinado e a nosa teima fundamental é que os artistas atopen un trato digno. Hai que ter con eles as mellores consideracións porque entregan a súa xuventude á cultura galega. Necesitamos maiores aportacións oficiáis e unha continua promoción para seguir espallando o noso arte polo mundo. Todolos ballets extranxeiros están altamente subvencionados e poden actuar en calquera país «facendo» patria. Un conxunto artístico de gran categoría abre as portas da cooperación entre nacións moito mellor ca un equipo diplomático. O Goberno ten a obriga de potenciar o arte e a cultura con enerxía, con imaxinación e con decisión porque os pobos pobres en arte e en cultura endexamais serán libres.»

Victoria Euxenia Cañedo, alma do ballet

O coreógrafo ourensán, ó longo de moitos anos, fixo unha investigación exhaustiva das tradicións, dos costumes, das lendas e da música do noso pobo. «Foi un labor ingrato —afirma— porque é difícil atopar un equipo axeitado por mor do espírito individualista e ás veces envexoso das persoas.» Tamén creou unha xastrería artística especializada na confección de vestuario, deseñado por el inspirándose en cadros, grabados e fotos do século XVIII. Faustino del Río e Rodrigo A. de Sant-Iago foron os seus grandes colaboradores na parte musical e Victoria Euxenia Cañedo, a alma do ballet.

«A miña dona, que é santiaguesa —suliña Rey de Viana— é maestra de Ballet. Ela foi sempre a colaboradora de maior capacidade que me axudou na carreira artística. Victoria Euxenia é tamén a miña máis grande admiradora.»

O fundador, director e coreógrafo do Ballet Galego, lembra cun deixo de tristura as actuacións no Coven Garden e no Sander Wels de Inglaterra, as celebradas en centroeuropa e a presentación no Liceo barcelonés, o ano 1975, na clausura da temporada oficial de Ballet, onde el actuou por derradeira vegada como bailarín, e engade:

«O bailarín Antonio dixérame, en certa ocasión, que vía imposible poder soste un ballet cun repertorio exclusivamente galego; pero poucos anos máis tarde confesou que sentía gran admiración polo noso espectáculo e sempre que fala da coreografía española, nómbreme a mín. O tema galego era descoñecido, por iso foi unha revelación e causou tanto impacto...»

Non hai que se aproveitar das modas

Xosé Manuel Rey de Viana é un home cunha longa experiencia nos eidos artístico-musicais da nosa Terra. A súa opinión encol da actualidade musical en Galicia coído que é esclarecedora:

«Non me agrada ser xuez de ninguén —di— porque entendo que cada quen fai o que pode. Agora ben: penso, cando se pretende representar a alma e o espírito dun pobo, hai que facelo cunha rigurosidade e unha sinceridade total. Non hai que aproveitarse das modas nin dos estilos. Hai que crear e que esta creación corresponda á verdadeira imaxe da nosa raza que, por outra banda, estivo marxinalizada durante séculos polos demais e por nos mesmos. Diante de tantas inxerencias que están a xermolar, debemos ter fé e agardar algo positivo. Unha cousa é fundamental: As obras que teñen valor artístico non hai quen as esborralle; pero iso soamente o consegue quen está verdaderamente dotado para chegar ó cimo.»

O Ballet Galego «Rey de Viana» acadou prestixio universal. Pola nosa parte desexamos que non esmoreza e que as axudas e as aportacións estatais aumenten para que os galegos poidamos seguir demostrando ó mundo que o noso arte é ricaz e digno.

«El Ideal Gallego», 2-X-1981.

MARFANY, COS REPRESENTANTES DA EMIGRACIÓN

Enrique Marfany Oanes, presidente da Diputación da Coruña, que acudiu a Cidade Condal co Ballet Galego «Rey de Viana», tamén mantivo no Centro Galego un cambio de impresiões coa Directiva do local das Ramblas e con outras Irmandades galegas. Asistiron á xuntanza o presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, os membros da Xunta Directiva e representantes de Hospitalet, Sabadell, Cornellá, Rubí, Mollet, da ANPG e o presidente do Centro Galego de Lérida.

O señor Marfany afirmou na xuntanza que a organización da función do Liceo debíase ás institucións catalanas, que quixeron patentizar a súa simpatía pola colonia galega co gallo de «Les Festes de la Mercé». «As nosas relacións con Barcelona —engadiu— son cordiais e imos intentar melloralas sen matinar en consideracións políticas.»

Referente ás axudas que a Diputación coruñesa poida facer ás colonias galegas, dixo que eran escasas por falla de recursos. «Temos centos de Centros galegos espallados polo mundo —suliñou—. O que sí pretendemos é instrumentar canles e sumar esforzos para, coa colaboración de todos, atopar solucións posibles.»

—¿Os componentes do Ballet «Rey de Viana» son funcionarios da Diputación coruñesa? —preguntámoslle a Enrique Marfany.

—Non, é unha sección da Escola de Música e Danza da Diputación. O seu director e algúns dos seus membros ou ben son empregados ou ben funcionarios da Diputación; pero os bailarines son alumnos que practican o ballet mediante unhas becas que lles concede a Diputación.

—¿O Ballet Galego «Rey de Viana» é de Galicia ou da Coruña?

—E da Diputación da Coruña, pero síntome moi honroso ó ver que todos os galegos pensan que este é o seu Ballet.

—Sei que a Diputación coruñesa non conta con grandes medios económicos para subvencionalo, ¿no sería conveniente acudir ás axudas da Xunta e do Estado para poder promocionar máis o noso Ballet Galego?

—Tentaremos facelo.

—¿Está asegurado o futuro do Ballet Galego? —Coido que sí. Namentres exista a Diputación existirá tamén o noso Ballet.

«El Ideal Gallego», 2-X-1981.

PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE GALICIA

Conferencia de Felipe Arias

Invitado pola Comisión de Cultura do Centro Galego de Barcelona, Felipe Arias Vilas falou no local social da colectividade galega, sobre o Patrimonio Histórico Artístico de Galicia. O xoven director do Museo Provincial de Lugo, nado na cidade do Sacramento o ano 1949, é licenciado en Filosofía e Letras, sección Historia, pola Universidade de Sant-Iago onde foi profesor de Arqueoloxía e Historia Antiga durante tres cursos (1971/1974). Dende 1974 é Director Conservador, por oposición como funcionario dependente do Ministerio de Cultura, do devandito Museo creado en 1932 pola Diputación a instancias dun grupo de homes inquedaos pola conservación do proceso cultural do noso pobo. Entre os promotores atopábase don Manuel Vázquez Seijas, que recentemente, ós 97 anos, foi nomeado Director Honorario Perpetuo da nobre institución.

Felipe Arias ten publicado «Las Murallas de Lugo» —tese de licenciatura— e traballos de arqueoloxía, epigrafía, numismática e de aspectos técnicos encol da problemática dos Museos e da protección do Patrimonio Histórico Artístico. Colaborou en «Prehistoria e Arqueoloxía de Galicia-Estado da Cuestión 1979», do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento. Tamén publicou

folletos como «O Castro de Viladonga» e «Santa Eulalia de Bóveda» e gran número de artigos en revistas especializadas. En colaboración con investigadores franceses fixo un estudio, publicado en París o derradeiro ano, verbo das inscricións romanas da Provincia de Lugo. Ten participado e dirixido excavacións arqueolóxicas en Torres de Oeste (Catoira), en Castro de Neixón (Rianxo), na cidade de Lugo, en Penarrubia e en prospeccións na serra do Caurel, etc. Ademais é xefe da Sección de Arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento, membro da Xunta Rectora do Museo do Pobo Galego e inspector de xacementos arqueolóxicos da Provincia de Lugo.

A idea fundamental de Felipe Arias é «convertir o Museo de Lugo nun centro de cultura galega» e o seu propósito, trasladar a Sección de Etnografía á Torre de San Paio de Narla e modernizar as dependencias actuais do antigo Convento de San Francisco. Outra teima do dinámico científico é conseguir que haxa unha coordinación real tanto nas actividades arqueolóxicas coma nos museos. Nestes intres está a rematar o Inventario Arqueolóxico da provincia de Lugo con máis de mil fichas de xacementos.

O Patrimonio Artístico é de todos

Mario Nieto, vicepresidente segundo do Centro Galego, fixo a presentación do conferenciante que encetou a súa disertación afirmando que o Patrimonio de Galicia atópase nas eirexas, na ecoloxía, nas romerías, nos costumes, nos moimentos antigos e na lingua, elementos ricaces da nosa cultura autóctona. «Temos que loitar —engadiu para conservar e promocionar o patrimonio que temos. Ninguén pode destragar un castro, unha mámoa, un rueiro típico de aldea. Elo non quere dicir renuncia ó progreso. Hai que revalorizar o propio percurando unha calidade de vida máis humana.»

Noutro intre da súa conferencia, ilustrada con abondosas diapositivas, sulíñou:

«Os problemas do Patrimonio Histórico son complexos: De carácter social, económico, relixioso, de comercio de antigüidades —ás veces ilegal— e de fondo político. Se non os solucionamos nos ninguén nolos vai arranxar. Canto signifique identidade co noso pobo non se pode perder porque é da colectividade. A súa destrución sería un atentado cultural. As desfeitas debidas á man do home, coma por exemplo as plantacións de eucaliptos en Santa Tegra, non se poden permitir. Galicia sen pazos, sen mosteiros, sen medorras, sen castros, sería unha terra sen historia. Suecia, Inglaterra e as nacións centroeuropeas teñen unha gran sensibilidade cultural. Naqueles países dase facilidades ós propietarios para conservar o Patrimonio Histórico e o mesmo teríase que facer na nosa Terra.

Tras referirse a Lexislación española —unha das mellores de Europa na protección do noso Patrimonio— afirmou que o negativo é que cumprese moi a medias e que non existe un control real do mercado de antigüidades. E mester actualizala e exeitala a cada rexión ou nacionalidade, como se di agora. Faría falla un organismo con certas atribucións executivas e débese ampliar a rede de conselleiros profesionalizados. Tamén son necesarios maiores recursos económicos e humanos para investigar, facer inventarios, adicarse á vixelancia, levar a cabo restauracións, etc.

Felipe Arias Vilas rematou a conferencia dicindo que «onde hai que dar a batalla para concienciar ó noso pobo da importancia da etnografía, da arqueoloxía e do Patrimonio Artístico de

Galicia é no ensino e este debe empezar na escola. Que os nenos saiban que unha medorra é un sepulcro dos nosos antergos; que facer desprecio dun arado non é xusto para os nosos devanceiros; que o progreso non consiste en deshumanizarnos e que, sen un Patrimonio Cultural, seríamos orfos de historia».

«El Ideal Gallego», 20-XI-1981.

FESTA DE DESAGRAVIO O MEXILON

A colectividade galega de Barcelona, que foi a primeira en propoñer unha xornada de exaltación do consumo do mexilón nun manifesto publicado por I.G. o día seis de outubro, invitou ó pobo catalán a degustar o prezado molusco na enorme Plaça del Escorxador, céntrico solar do, noutrora, matadeiro de Barcelona. A Comisión Organizadora estaba composta por Manuel Vázquez, vicepresidente primeiro do Centro Galego, que actuou como coordinador en representación da dita institución, e os señores Antonio Pérez Díaz-Terán, Ramiro López, Francisco Ferrío, Roxelio Rodríguez, Paco «Tamara», Fermín Pereira, Xenxo Carballo, Paco Puga e Emilio Fernández. Colaboraron os grupos folklóricos do Centro Galego; a Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas»; a Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro», de Cornellá; as Irmandades «A nosa Galiza», de Mollet, e a de Rubí. Tamén actuaron o Dúo Lembranzas, o mentalista «Heberi», o batería Paco «Tamara» e o acordeonista Castro así como a orquesta «Barcelona» con bailes populares ata altas horas da noite. Hai que sulñar a presenza masiva dos Medios de Comunicación, especialmente os programas extraordinarios de Radio Reloj, de Sotelo Blanco, e de Radio Miramar —¿quén non coñece a Manuel Fernando do programa galego «A nosa Galiza»?— que, dende esta data emite por Onda Media e F.M., con potencia para chegar a todos os recantos de Catalunya.

Asistiron ó acto multitudinario o Delegado do Goberno para Catalunya, señor Rovira Tarazona, acompañado polo Segretario Xeral, Robert Graupera; o Conselleiro de Pesca da Xunta de Galicia, senador por Coruña e parlamentario europeo, don Baldomero Fernández Calviño; o presidente da Diputación de Barcelona, Francisco Martí, e o alcalde da Cidade Condal, Narcís Serra; o presidente do FROM, don Lázaro Rosa Jordán; o presidente e o Segretario Xeral da Federación Española de Consumidores, señores José Luís Cánovas del Pino e Ignacio Bugueras; o presidente e o secretario da Federación de Productores Mexiloeiros de Galicia, señores Manuel Domínguez e Xoan Antonio Blanco; o presidente do Centro Galego, señor Daniel Pérez Guerra; representacións da Casa de Cádiz, do Centro Aragonés e da Casa de Murcia e Albacete, señores Torres, Bertolí e Romero; varios deputados e persoeros dos diferentes estamentos barceloneses, entre os que se atopaba a doctora Concha Fernández Curros, parente do gran vate civil galego, que exerce nesta cidade como pediatra, etc.

Centos de persoas poideron probar o gorentoso marisco preparado por cocíñeiras do Grove, desplazadas adrede a esta capital, repartíndose gratuitamente vintecinco mil kilos de mexilóns entre máis de cincuenta mil asistentes.

Declaracions das autoridades

Conselleiro de Pesca, don Baldomero Fernández Calviño:

«O gallo da miña presenza en Barcelona é corresponder a esta manifestación de solidariedade do pobo catalán e, fundamentalmente, dos galegos que viven aquí. Encheme de emoción porque chegamos a unhas cotas de normalidade gracias á axuda e colaboración dos galegos de Barcelona. A partir de agora vaise potenciar máis o mexilón e esta aproximación coas amas de casa permitiranos facer unha xuntanza de intereses capaz de enfrentarnos á agresividade que poida vir do exterior contra os nosos produtos.»

Delegado do Goberno para Catalunya, señor Rovira Tarazona:

«Viñen con moito gusto para participar neste acto, en primeiro lugar porque me sinto moi xunguido ós galegos, a Catalunya e á Xunta. En segundo termo, o meu anxeio é que poidamos rematar coas campañas que tanto mal fixeron a esta industria. Hai que dar azos a todos os industriais e findar coas inxedanzas que sinte o consumidor para que xurda de novo este potencial económico tan necesario para Galicia e para España.»

Presidente da Diputación de Barcelona, señor Francesc Martí:

«Era mester este acto de desagravio ó mexilón, que deu de comer durante moitos séculos. Nos países do Atlántico, dende Dinamarca ata Agadir, hai moitos testemuños arqueolóxicos que demostran que o marisco foi básico na alimentación da humanidade. Eu adelanteime ó desagravio do mexilón porque, de sempre, fun un consumidor convencido. Marisco e Galicia son dúas cousas absolutamente conectadas na mentalidade de moitos, aínda que non é exclusivo de Galicia. Outra cousa moi importante da que nos gabamos é desta gran festa popular de irmandade galaico-catalana.»

Presidente nacional da Federación Española de Consumidores, señor José Luís Cánovas del Pino:

«Nós participamos neste acto porque consideramos que os produtores e os consumidores estamos obrigados a nos entender e así como, no seu día, pedimos que non se comerán mexilóns porque non estaban en boas condicións, agora apoiamos o seu consumo porque é un produto moi rico en vitaminas e proteínas.»

Presidente da Federación de Produtores de Mexiloeiros de Galicia, señor Manuel Domínguez:

«En nome dos Mexiloeiros de Galicia, quero expresar o meu agradecemento por canto fixo a Colectividade Galega de Barcelona para elevar o mexilón ó grado que lle corresponde. Quero sulñar tamén a colaboración da ama de casa e de todo o pobo para devoltarlle ó mexilón a súa verdadeira imaxe. Os galegos de Barcelona chamáronnos para hoxe facer alarde de caballeriosidade e poner o mexilón no seu sitio. Gracias ó Centro Galego e ó pobo catalán.»

Presidente do Centro Galego, señor Daniel Pérez:

«Os actos celebrados hoxe pechan unha chea de esforzos colectivos e da Asociación de Mexiloeiros de Galicia. O noso anxeio é que esta laboura se coroe coa solución dos problemas deste marisco ricaz. Galicia invitou a todos os cidadáns de Catalunya a degustar as excelencias dos mexilóns e a poboación catalana respondeu con cortesía e voluntariedade. Temos que agradecer a todas as autoridades de Barcelona o seu interese e entrega para que poideramos celebrar nun marco axeitado esta festa de desagravio ó mexilón».

«El Ideal Gallego», 2-XII-1981.

HOMENAXE A CINCO SOCIOS

Unha vez máis, como xa é tradición por estas datas, o Centro Galego celebrou a Cea de Irmandade anual facendo entrega de insignias conmemorativas ós socios, membros activos da Sociedade, cunha antigüidade de vintecinco anos.

Foron cinco os homenaxeados: Xosé Fernández Pérez, Anxel Gómez Pérez, Antonio Fernández Miragaya, Avelino Vázquez Galante e Xislano García García. Recibiron as insignias de mans do presidente do Centro, señor Daniel Pérez Guerra; dos vicepresidentes primeiro e segundo, señores Manuel Vázquez e Mario Nieto e do tesoreiro, señor Colmenero, acompañados pola raíña das festas, Maribel Pérez, e facendo a presentación do acto a vicetesoreira da Entidade, Eva Carral.

O señor Daniel Pérez Guerra, tras dar lectura a unha carta do ministro do Interior, na que o señor Rosón sumábase ó homenaxe tributado ós cinco socios, dixo:

—E unha ledicia ver como os galegos nos xuntamos en irmandade e vibramos no mundo das ideas, dos sentimentos e das crenzas enraizados en tantas xeneracións durante séculos.

Noutro intre do seu discurso suliñou:

—E fundamental que respetemos e vivamos dacordo co noso carácter, o carácter que nos comunicou a Terra, xa que, se non somos fieles á nosa maneira de ser, convertiremonos en homes vougos, secos e esluados como follas arrancadas polo vento do outono; pero tampouco señoamos radicais nin extremistas. Os nosos devanceiros endexamais impuxeron nada ós demais. Sexamos comprensivos, pero fortes; agarimosos, pero rexos.

A continuación o señor Pérez Guerra fixo alusión ó poema de Verdaguer «L'Emigrant» e findou o seu discurso coas verbas de Castelao: «Galiza é coma un gomo de vida que renacerá na vella cachopa de España».

Entre os numerosos asistentes, atopábase o Xefe Superior de Policía de Barcelona, o coruñés don Enrique Mosquera Dans que, a pesar de estar convalescente dunha recente intervención quirúrxica, acudiu á xuntanza de irmandade da colectividade galega, acompañado pola súa esposa e o segredario, galego tamén, don Emilio Fernández.

«Pasei uns intres, díxonos, moi agradables cos meus paisanos de Galicia. Isto faime sentir añoranza pola nosa Terra, a que temos sempre presente e á que aneciamos voltar para estar a carón da familia.»

Tamén asistiu dona María Teresa Gómez-Reino, en representación do seu pai, presidente da Audiencia de Catalunya, que este ano non puido acudir á chamada da Colectividade galega por atoparse en Madrid, e o deputado do Parlamento catalán, Alfonso Pérez Guerra que coida estas xuntanzas nas que se sinte feliz coma «unha necesidade —dixo— da miña alma galega».

¿A quen representa Vd. —preguntámoslle— en Catalunya?

«Iso pregúntomo a min mesmo —afirmou— en moitas ocasións. Penso que se me representara a min mesmo, debería actuar sempre con bon criterio, o mellor criterio da miña conciencia. Penso que ó representar persoas de Catalunya debo razonar como no libro «Criterio», de Balmes —máximo catalán— e tamén como nas leis promovidas por Concepción Arenal —máxima galega—. Coido que debo facer posible o sonó dos irmáns galegos de Barcelona de prosperar nunha sociedade amable, activa e en paz.»

O remate da Cea de Irmandade, o cuarteto de gaitas do Centro Galego «Lonxe da Terra», composto por Xosé Manuel Ferrío, Teolindo Cotado, Xosé Manuel Gutiérrez e M.^a do Mar Ferrío, foi a regalía dos asistentes e dos numerosos espontáneos que danzaron os ritmos enxebres.

«Estes actos —manifestounos o vicepresidente primeiro, Manuel Vázquez— debíanse celebrar mais amiúdo. Son mester estas xuntanzas cheas de agarimo. Cantos traballamos lonxe da Terra, debemos promocionar reunións de irmandade para, chegado o caso, axudarnos mutuamente para nos poder enfrentar a situacións de vida que non sempre son doadas.»

Inesquecible xuntanza dun numeroso grupo de galegos residentes na Cidade Condal que, no novo Estado de Autonomías, aspiran a unha meirande unión e, como dixo o Procurador dos Tribunais, Xosé Fernández Castro, «anceian conectar coa Terra e coa Xunta de Galicia, a todos os niveis, independentemente de plantexamentos políticos».

«El Ideal Gallego», 18-XII-1981.

FERNANDEZ CALVIÑO, CONSELLEIRO DE PESCA

«A miña presenza, de novo, nesta cidade é para facer entrega dun pequeno recordo de agradecemento ós irmáns galegos da Cidade Condal e ós cataláns que destacaron pola súa colaboración na Xornada do Consumo de Mexilón que, podemos asegitar, dende as campañas de promoción iniciadas pola Colectividade galega de Barcelona, aumentou un corenta por cento.»

Con estas palabras, o señor Baldomero Fernández Calviño encetou o seu discurso contestando ás verbas de presentación que, do Conselleiro de Pesca, fixo o presidente do Centro Galego, señor Daniel Pérez Guerra.

O acto tivo lugar no local social das Ramblas, sendo agasalladas as seguintes entidades e persoas: Axuntamento de Barcelona, representado polo Concexal de Relacións Ciudadanas, señor Reverter; O Centro Galego; as Irmandades de Mollet e de Rubí; a Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro», de Cornellá; os señores Jorge Gutiérrez, Olegario Sotelo Blanco e Manuel Fernando, locutores de Radio Nacional, Radio Reloj e Radio Miramar, respectivamente; Bar «Darío»; a Comandancia de Marina; Manuel Oreste R. L., corresponsal de I.G.; Xosé Luís Foxo, director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas»; a raíña das festas, Maribel Pérez e os señores Covelo e Daniel Guerra.

Homenaxe á Masa Coral «Lonxe da Terra»

A Xunta Directiva do Centro Galego ofreceu unha cea de irmandade, con asistencia de numerosos invitados, ós componentes da Masa Coral «Lonxe da Terra» e dos grupos de Baile e Gaitas. Tras unhas breves palabras do presidente do Centro, Daniel Pérez Guerra, o Delegado do Coro, Mario Nieto, eloxiou a cooperación de todos «para seguir espallando o noso folklore, como se ven facendo dende hai máis de trinta anos neste facho de folklore galego que é a Masa Coral «Lonxe da Terra».

Ó remate da cea, o expresidente señor Guisan Pardo, un dos fundadores da Entidade, fixo entrega dunha Mención de Honor a Teolindo Cotado pola súa dedicación constante durante longos anos como tamboril do cuarteto de gaitas. Acto seguido, entregou trofeos ós outros componentes: Xosé Manuel Gutiérrez, Xosé Manuel Ferrío e Anxel Martínez. Tamén foron agasallados os profesores de baile Toni Cotado, M.^a Xesús «Chus», Margarita Martínez e Olga Casseño.

No Palau de la Música Catalana

De gran éxito artístico podemos calificar a participación da «Masa Coral» e dos Grupos de Baile e Gaitas no Palau de la Música Catalana, nun Festival Folklórico-Musical organizado pola Delegación Provincial de Cegos de Barcelona. O conxunto instrumental «Santa Llúcia», coa colaboración do Grupo de Cámara da O.N.C.E., interpretou a Bach, Mozart, Schubert, Straus e grandes mestres músicos cataláns. Tamén actuou o Orfeó Gracienc cun recital de «Dances variades deis Països Catalans».

A «Masa Coral» do Centro Galego estivo dirixida polo prestixioso profesor don Eliseo Rey que reempraza ó mestre catalán don Joan Martínez Pedra quen, despois de vinte anos de entrega e dedicación, como director dos nosos artistas, cesa por enfermidade.

Os coristas galegos interpretaron «O amor da Costureira» e «Pola ponte de Monelos». O Grupo de Baile: «Jota», «Airiños de lonxe da Terra», creación do profesor Toni Cotado, e «Mariñeira». O Grupo Infantil tamén tivo unha actuación moi aplaudida polo público que enchía o «Palau».

Ó remate da velada musical, o Delegado Provincial da O.N.C.E., agradeceu a colaboración dos diferentes grupos, en especial a presenza dos representantes da colonia galega que cooperan sempre en cantos actos benéficos ou de irmandade se celebran en Catalunya.

«El Ideal Gallego», 7-I-1982.

DESPEDIDA E ENTRADA DE ANO NO CENTRO GALEGO

Organizada pola Comisión de Festexos, composta polos directivos Mario Nieto, Roxelio Rodríguez, Xosé Pérez Colmenero e Fermín Pereira, no Centro Galego da Cidade Condal despediuse o Ano Vello cunha gran verbena. Houbo uvas para toda a concurrencia e a orquesta «Spica» actuou ata altas horas da madrugada nun ambiente animado e familiar de numerosos grupos de socios e simpatizantes da Colectividade galega que, dende as primeiras horas da noite, celebraron a despedida e entrada de Ano.

Sen duda, a lotería de Nadal influíu ó éxito da festa. Este ano a Sorte, aínda que cativa, repartiu perto de sete millóns entre os socios. O tesoreiro do Centro, señor Colmenero que mercara o número premiado, convertiuse no directivo máis popular. El, a pesar do traballo que lle ocasionou facer o reparto dos sete millóns entre tantos boletos, sentíase satisfeito e dicía con humor: «Eu xa soñaba co primeiro premio para voltar ó meu Ribadavia nadal...».

Festival Infantil

Tamén os fillos dos socios do Centro Galego tiveron o seu día grande. A celebración dos Reis Magos, organizada pola Comisión de Festexos e coa colaboración de Mercedes Rey, Maribel Pérez e Abelardo Lorenzo, encetouse cunha invitación de chocolate con churros servido a todos os nenos no restaurante do local social e, a continuación, no salón de actos actuaron os paiaos e outras atraccións. Todos os nenos asistentes ó festival e as súas nais foron agasallados con regalos e ó remate sorteáronse gran número de xoguetes e libros, resultando unha velada chea de emoción e de ledicia para pequenos e maiores.

«Os Chandros», de Marín

Hai que suliñar tamén a inesperada visita ó noso Centro do Grupo Infantil de Gaitas e Danzas «Os Chaneiros» de Marín, que dirixe o P. Marino.

Procedentes de Zurich, foron recibidos con agarimo por un reducido número de socios que tiveron a oportunidade de aplaudir a actuación dos pequenos artistas.

«El Ideal Gallego», 15-I-1982.

MORREU O DIRECTOR DA CORAL «LONXE DA TERRA»

Bohemio e gran compositor, Martínez Pedra endexamais tentou lucrarse cos seus traballos

A colectividade galega de Barcelona está de loito polo pasamento do mestre Joan Martínez Pedra, que durante vinte anos dirixiu a Masa Coral «Lonxe da Terra» do Centro Galego conquerindo innumerables éxitos artísticos, simpatías e amizades entre a numerosa colonia galega.

Directivos, todos os coristas, que portaban o estandarte, e numerosos socios puxeron de manifesto o agarimo que sentían polo mestre catalán, galego de vocación, acompañando os restos mortais de Martínez Pedra ata o cimiterio de Montjuich. Tamén acudiron para darlle o último adeus representacións da Federación de Coros Clavé, dos que foi primeiro mestre, e das agrupacións «Bon Matí», «Floresta», «Hermandad de Torrevejenses en Barcelona» e outras entidades folklóricas catalanas.

Joan Martínez Pedra nado en Barcelona hai 65 anos, fixo estudos de música en Sant-Iago de Compostela. Na cidade do Apóstol casou coa compostelana Gloria Grasa e fixou residencia na Cidade Condal onde alternou a dirección de coros, traballos de composición e arranxos musicais, coa súa profesión como funcionario de Montepío. Ademais das súas actividades en diferentes grupos cataláns, na Hermandad de Torrevejenses e no Centro Galego, hai que suliñar a súa importante obra como compositor. Deixou unha abondosa produción sardanística e son famosas as súas partituras de Habaneras. Tamén escribiu temas galegos, inspirados en poemas do poeta Manuel Casado Nieto, en letras de Ana Kiro e fixo moitas adaptacións de obras para Coral.

Como fitos do seu labor como director da Masa Coral «Lonxe da Terra» podemos suliñar os éxitos que acadou en Galicia coa presentación da coral en Sant-Iago, Lugo e Ourense; a participación, en representación de España, nas V Jornadas Folklóricas Mundiales celebradas no Palau de la Música Catalana e as actuacións en Andorra, Huesca, Zaragoza e Lérida —co gallo da inauguración do Centro Galego da Cidade do Segre— na actuación en «Maruxa» no Gran Teatro do Liceo e no teatro Calderón e en Gerona e Sitges a carón das mellores compañías de zarzuela.

Afervoado da música galega

Falamos co Francisco Ferrío, componente do Coro dende hai 28 anos, quen nos dá a súa opinión sobre da persoa do mestre:

«A morte do Joan Martínez Pedra, asegura, é unha gran perda para o Centro Galego. Nós, os coristas, estabamos moi contentos con él porque tina un xeito de ensinar e dirixir que conseguía as mellores notas das nosas voces. Como persoa era cecais demasiado bon á hora de impoñer unha rectitude necesaria e, como compañeiro, trataba de irmandarnos intercambiando coristas das distintas masas corais que él dirixía. Martínez Pedra —engade Francisco Ferrío— era un home bohemio. Gran compositor, amoreaba os seus traballos sen darlles aprecio. Endexamais tentou lucrarse. Compoñía polo placer de compoñer».

Fondamente afectado pola perda do mestre, o Ferrío lembra as innumerables actuacións celebradas pola Masa Coral «Lonxe da Terra» baixo a dirección de Martínez Pedra en festivais benéficos e xuntanzas folklóricas e remarca:

—Martínez Pedra era un afervoadado da nosa música popular e un gran amigo da colonia galega de Barcelona. Os 64 membros do Coro do Centro —algúns dos cales xa levan 30 anos divulgando o noso folklóre— estábamos moi compenetrados con el e podo asegurarche que será difícil atopar outro coas súas cualidades artísticas e humanas.

«El Ideal Gallego», 29-I-1982.

«CASTELAO VIVIRÁ SEMPRE PORQUE, IGUAL QUE ROSALÍA, É O POBO INMORRENTE»

No salón de actos do Centro Galego, Iolanda Díaz Gallego pronunciou unha conferencia sobre Castelao. A oradora foi presentada polo membro da Comisión de Cultura, Manuel Arias, quen fixo unha semblanza da conferenciante, emigrante durante vintecinco anos en Montevideo onde estudou Historia das Artes e foi membro do Patronato de Cultura Galega. Iolanda Díaz tamén colaborou como locutora de radio en emisións en lingua galega e traballou como actora teatral a carón de Tacholas. Persoa moi vencellada a Virxinia Pereira —dona de Castelao— e ó mecenas don Manuel Puente, durante os seus longos anos de residencia en Sudamérica, traballou sempre en pro da nosa cultura. Dende hai catro anos, Iolanda Díaz Gallego reside en Barcelona e xa é coñecida en totalas Irmandades Galegas da provincia polas súas actividades como conferenciante e pola súa participación nos medios de comunicación, en coloquios e en cantas xuntanzas de tipo cultural se dan na colectividade galega.

Semblanza de Castelao

A conferenciante proxectou diapositivas ilustrativas da vida de Alfonso R. Castelao, de neno, da súa primeira estancia na Pampa arxentina, da súa mocidade sendo estudante de medicina en Sant-Iago, dos intres máis trascendetais do Guieiro galeguista en diferentes actos públicos e da gran manifestación de loito popular pola súa morte, ocorrida o día sete de xaneiro de 1950 en Bos Aires.

Acto seguido, Iolanda Díaz Gallego fixo unha rápida semblanza do esgrevio galeguista: a renuncia ó exercicio da medicina, as colaboracións en xornais e revistas, as caricaturas maxistras con lendas ó pé, a súa vinculación coas Irmandades da Fala, con «Nós», co Seminario de Estudos Galegos, o ingreso na Real Academia Gallega e a participación na fundación da Coral Polifónica de Pontevedra e do museo da mesma cidade. Lembrou tamén a súa laboura creativa: «Cousas», «Cousas da Vida» o álbum «Nós», «Os dous de Sempre», «Retrincos», «Un olio de vidro», «As cruces de pedra na Bretaña», «As cruces de pedra na Galiza», a obra teatral «Os vellos non deben namorarse», «Do meu diario» —impresións dun viaxe por Europa— e «Sempre en Galiza».

Refiríndose xa á carreira política de Castelao, explicou as causas do seu desterro en Badajoz, o retorno á Terra durante o goberno de Portela Valladares e a súa teimuda laboura, axudado polos

diputados Suárez Picallo, Villar Ponte, Alonso Ríos, Villaverde, Somoza, Cornide, etc., ata lograr a aprobación do Estatuto do 1936. A guerra, os albums de estampas «Milicianos», «Atila en Galiza» e «Galiza Mártir», as viaxes en misións culturais a Rusia, Cuba e EE. UU., onde plasmou dun xeito xenial o problema racial dos negros de Harlem, o exilio en Bos Aires, a fundación do Consello de Galicia en Montevideo, a creación da revista «Galeuzca», a participación, en 1945, nas Cortes da República reunidas en México e a súa curta estancia en París, como ministro do Goberno no exilio, foron outros fitos destacados da vida do esgrevio galeguista relatados pola conferenciante para pasar, logo, a estudar a súa doutrina política en temas fundamentais como: Federalismo, Separatismo, Nación, Internacionalismo, Idioma e Economía.

Ideario político

«Pretendo ser obxetiva. Quero reflexar pura e exclusivamente o sentir de Castelao —suliñou Iolanda Díaz—. Desexo manifestar o sentir de Castelao, un dos galegos máis representativos da nosa Terra. Castelao —engadiu— foi acusado de separatista, de partidista. Ren diso é verdade. El era un galeguista afervoadado que escribiu: "Debemos antepór o sentimento galego ós intereses de grupos sempre que os principios da nosa liberdade non se vexan coutados".»

A continuación, a conferenciante leu diferentes anacos escolmados da obra política do esgrevio rianxeiro «verbas —dixo— que semellan ditas hoxe, non corenta anos atrás». Recollemos as que coidamos de máis actualidade.

«Os federalistas entendiamos que, para devolverlle a Hespaña o seu ser auténtico, era preciso abrir os ollos á realidade e coordinar, dentro dun Estado plurinacional, os intereses materiais e morais dos diferentes povos... Hespaña é un país multiforme que non pode rexirse cun criterio uniformista, porque na loita de intereses locais a Lei única siñifica un privilexio para os máis fortes ou os máis astutos, e, polo tanto, produz a ruina das rexións pequenas e mal apadriñadas.»

«Creemos que o separatismo é unha idea anacrónica e somentes o disculpamos como movemento de desesperación que endexamais quixéramos sentir. Isto siñifica que os defensores da posición maisimalista de Galiza non intentamos tronzar a solidariedade dos povos hespañoes, senón máis ben posibilitar a reconstrucción da gran unidade hispana, ou ibérica... Frente a un separador sentimónos intransixentes; frente a un amigo sentimónos dispostos a pactar; frente a un irmán somos capaces de ceder parte do noso ideario.»

«A nación pra nós é un grupo humano étnicamente diferenciado, que cobre un territorio caraiterístico, que fala unha língoa propia e rixe a súa vida moral e física por tradicións e costumes peculiares. Esta nación pode ter unha soberanía civil independente ou diminuída; pode convivir con outras nacionalidades e formar con todas elas unha soia vontade política; pode en fin, vivir asoballada por outra "nación" e sometida a un Estado opresor. Os galegos non discutimos o dereito de Galiza de ser unha nacionalidade, porque Galiza xa é unha nacionalidade. Discutimos os dereitos que, como tal se lle deben, i exercemos un deber cando reclamamos eses dereitos.»

«Porque se Galiza ten deberes que cumprir con Hespaña, tamén ten deberes que cumprir coa humanidade, e os galegos somos universalistas primeiro que todo.»

Castelao rexeitaba as alianzas de grandes bloques políticos ou económicos.

«¿Qué un pequeno estado pode buscar o apoio das grandes potencias e conquistar así o respecto universal? Este apoio deshonra e degrada, porque non se establece en condicións de igualdade, pero, ademais, está demostrado que a política de alianzas contrituas só serve para dividir o mundo en bloques adversos e mantelo en constante zozobra.» «Tamén a unificación económica se troca en fonte de graves querellas ou en base firme de armonía, según o Estado unitario ou federal, porque sen control dereito faise máis doado favorecer a uns povos en perxucio dos outros, en tanto que a ligazón ben controlada dos intereses locais afirma os compromisos políticos e chégase a un Estado de confianza xeral.»

«O idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado á língoa peculiar dun povo representa un atentado á súa cultura peculiar»... «Se Galiza non reclamase a oficialidade do ensino ¿podería presumir de capacitación política para rexir a súa vida?»

Iolanda Díaz Gallego estendeuse tamén na doutrina económica de Castelao que propugnaba como solución o cooperativismo; referiuse á interpretación que Castelao fixo da identidade territorial propia de Galicia, da súa diferenciación cultural e psicolóxica, do afán universalista que guiaba ós galeguistas, abogando polo federalismo internacional, o antiimperialismo e o pacifismo e rematou a súa longa, pero amena disertación, afirmando:

—Este pensamento político de Castelao será comprensible —coas variantes que impoñen o tempo e as circunstancias— por aqueles que se sintan galegos, e refugarano os que non sintan necesidade de identidade porque, como xa dixo o propio Castelao, soamente sinten preocupación pola fartura do seu propio estómago. Castelao vivirá sempre porque Castelao, igual que Rosalía, é o pobo latexante, inmorrente. Non hai dúbida: Pódese coincidir ou non co seu pensamento, pero endexamais ninguén poderá negar o seu fondo amor a Galicia.

«El Ideal Gallego», 21-III-1982.

REPRESENTACIÓNS TEATRAIS DO GRUPO «TERCEIRO ANDAR»

No Centro Galego da Cidade Condal, o grupo de teatro «Terceiro Andar» representou «Petición de man», peza de humor branco de A. Chejov, verquida ó galego por M. Pillado.

A obra desenrólase nun ambiente costumista rural dunha aldea rusa. Lomov «propietario de terras, home rufo anque moi cirolañas», visita a Chubpkov para pedirlle a man da súa filla Natalia, pero un antigo litixio de posesión de terras fai que se encerellen os tres nunha longa retesía e pai e filla botan da casa ó seu veciño. Enterada Natalia de que a causa da visita de Lomov era pedir a súa man, ó decatarse da ocasión perdida de se poder casar, colle tal desespero que o pai vese na obriga de chamar ó rapaz, que volve de novo; pero axiña se encerellan outravolta en discusións, esta vegada por mor dos cans. Acalorados, cada ún apuna que o seu can é de mellor caste e Lomov finxe un esvaimento cardíaco. Daquela, pai e filla, alporízanse con grandes salaios e, cando Lomov recobra o xuicio, Chubukov casa ós noivos. A Leticia dura pouco porque axiña volven a rifar.

A peza é dun humor branco, sen atrancos, que só pretende entreter ó público. Vén a dicir que as xentes sinxelas, as máis das veces, rifan por miudeces sen maior transcendencia.

Anxo L. Baranga desenvólvese a gusto no seu papel de Chubukov; Xoan Xil, que encarnaba a Lomov, estivo acertado e M.a do Pilar Vázquez interpretou con naturalidade e soltura a impulsiva Natalia.

A outra peza representada polo grupo «Terceiro Andar», foi o drama de humor negro e absurdo «Un pequeno favor», orixinal de X. A. M. Unha creación irreal, de mortes violentas, un tanto irreverente coas institucións e cun protagonista cínico e hipócrita —Antón— encarnado con naturalidade e realismo por Anxo L. Baranga. Manolo García —Basilio— e Mercedes García —Ernestina— interpretaron ben os seus persoaxes e, ó remate da velada teatral, o público premiou con aplausos ós actores, que no mes de maio volverán a actuar poñendo en escena a comedia de Arieh Chen, «Interpretando a Karin», verquida ó galego por X. A. M.

Novidades editoriais

Seguindo na teima de recuperar obras de gran valía, difíciles de atopar hoxe en día, «Ediciones Sotelo Blanco» tivo o gran acerto de estudar a posibilidade dunha edición facsímil da revista «Ronsel». A obra, prologada por Evaristo Correa Calderón e presentada polo profesor Basilio Losada Castro, sairá á rúa no mes vindeiro co gallo do Día das Letras Galegas.

Tamén é propósito da Editorial publicar o libro de poemas «A Vendima», do poeta caldelao residente en Barcelona, Manuel Casado Nieto, con prólogo de Filgueira Valverde e dibuxos do pintor ourensán Prego.

Outro libro, de posible publicación nas mesmas datas, é unha escolma de entrevistas feitas por Olegario Sotelo Blanco a un cento de galegos representativos de diferentes estamentos sociais e culturais.

«El Ideal Gallego», 9-IV-1982.

IMPORTANTES MELLORAS NO CENTRO GALEGO E CONFERENCIA DO DOCTOR BASILIO LOSADA CASTRO

Como continuación dos abondosos programas de festas e actos culturais que se veñen celebrando en Barcelona co gallo do Día das Letras Galegas, que se encetaron o día dezasete cun magno festival organizado pola Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet, e con programas especiais de Olegario Sotelo Blanco en «Radio Reloj» e de Manuel Fernando en «Radio Minuto», o día vintetrés o Centro Galego inaugurou o novo bar do local social, obsequiando ós numerosos socios asistentes cunha degustación de pratos enxebres regados con viños galegos.

Todo los socios tiveron verbas de gabanza para a Directiva polo acerto da nova remodelación do bar, da cociña e do local destinado a restaurante así como das obras de acondicionamento da entrada do edificio. Os componentes do Coro Infantil, aviados con traxe rexional, agasallaron ás señoras con claveles coas coores da Bandeira galega e o presidente do Centro, señor Daniel Pérez Guerra, acompañado polos vicepresidentes, señores Manuel Vázquez e Mario Nieto, e pola raíña das festas, señorita Maribel Pérez, cortou as fintas coas coores das bandeiras española, catalana e galega, inaugurando oficialmente os novos locais.

O señor Daniel Pérez Guerra suliñou a importancia do Bar Social «como lugar de xuntanza, acolledor e agradable, no que se plantexan problemas, fálase e fráganse proxectos que máis tarde tórnense en realizacións positivas folklóricas ou culturais». E engadiu: «Pouco a pouco, co esforzo de todos, conseguiremos outros logros para facer do noso Centro un lugar de irmandade no que se dean cita todo los galegos de Barcelona».

Conferencia do doctor Losada

A Masa Coral «Lonxe da Terra» aledounos coas súas cancións e bailes en honor dos socios e, acto seguido, o doctor Basilio Losada Castro, Director do Departamento de Filoloxía GalaicoPortuguesa da Universidade Central de Barcelona, pronunciou unha conferencia maxistral sobre «Os Movementos de Vanguarda na Poesía Galega, Amado Carballo e Manuel Antonio».

O conferenciante encetou o seu parlamento referíndose á aceleración histórica que estamos a vivir nos derradeiros decenios en comparación coa vida acougada de séculos anteriores. «Hoxe — dixo — os feitos encabálganse rápidamente e isto sucede tamén coas artes estéticas, que sofren unha constante transformación. O profesor Losada fixo unha exposición do que foi o vanguardismo europeo, que tanta influencia tivo nos poetas Amado Carballo, Manuel Antonio, Cunqueiro e Pimentel que, nembargantes, «nunca fixeron unha poesía desaforada e sempre empregaron unha estética que se axusta á nosa tradición e ó noso xeito de vivir». Noutro intre da súa exposición afirmou: «Luís Amado é un dos poetas de máis fondo calco nos poetas modernos galegos. Mergullado no espírito románico e barroco, soupo recoller imaxes sinxelas inmersas na paisaxe profundamente humanizada».

O profesor Basilio Losada rematou a súa conferencia coa lectura de poemas do lírico pontevedrés, sendo moi felicitado polos oíntes que enchían o Salón de Actos do Local Social da Colectividade galega.

Outras actividades

O día vintetrés, seguindo a celebración de actos conmemorativos do Día das Letras Galegas, no Centro Galego proxectáronse os cortometraxes «Lugo 2000» e «Fondetestas», baseado nun conto de Fernández Flórez, e a Irmandade de Rubí, no parque Can Oriol, organizou unha Festa Galega, que se encetou cunha Ruada pola vila, seguida dunha Misa oficiada en galego; da presentación do grupo «Irmandade Galega» e dun Concurso de Gaitas e Danzas. Pola tarde, despois do xantar, celebrouse un baile orquestral con entrega de premios. Na Festa Galega participaron tamén a Irmandade «Nosa

Galiza», de Mollet; o Grupo «Rosalía de Castro», de Cornellá; o Grupo «Nós», de Sabadell e a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas».

«El Ideal Gallego», 29V1982.

XOAN CORRAL PÉREZ «O PROBLEMA DE GALICIA E ESTRUCTURAL»

O conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración, señor Xoan Corral Pérez, atendendo á chamada do Centro Galego, asistiu a unha cea de traballo coa Xunta Directiva e con representantes das Irmandades de Mollet, Cornellá e Rubí. O señor Corral, a quen acompañaban Pablo Figueroa Dorrego, Gerardo Gaioso e Alfonso Vázquez, altos cargos do seu Departamento, tamén se reuniu cos seus colegas do Goberno autónomo catalán e foi recibido por Jordi Pujol. O día vintenove presidiu un importante coloquio encol da «Emigración Interior» no Local Social da Colectividade galega. Tivemos ocasión de falar demoradamente co señor Conselleiro e, como Filgueira Valverde, tamén el remarcou a necesidade que os galegos temos de nos vencellar para facer unha Galicia nova.

—Hai que superar —dixo— os pequenos atrancos. O que a Xunta pretende co seu exemplo, é ir sementando a mensaxe da unidade.

O señor Corral, home de empresa e promotor da Confederación de Empresarios galegos, afirmou que o problema de Galicia é estrutural e que o máis comprometido debe ser o home de empresa. «Hai que implicar a moitas forzas, con contactos diarios —engadiu— para alcanzar a financiación axeitada e aproveitar todas as capacidades.» «O Centro Galego de Barcelona —dixo o conselleiro noutro intre do noso diálogo— é a primeira Comunidade galega que visitamos lonxe da Terra para intercambiar impresións e sentar as bases do concepto institucional da Galicia universal. Recoñecendo a humildade das nosas limitacións, dende a Xunta de Galicia, queremos facer un traballo serio e riguroso para acadar unha autonomía real que non sexa cara para o pobo, e que teña rentabilidade. Temos mester dos galegos que dan testemuño da Galicia polo mundo adiante para que as metas que nos propuxemos se fagan realidade.»

Noutro momento da nosa conversa, afirmou: —Puxemos en marcha un plan ambicioso para potenciar a Galicia. O noso obxectivo é o desenrolo integral porque estamos pensando na Galicia de catro millóns de habitantes. Anceiamos manter con todos os Centros galegos —verdadeiras embaixadas naturais— unha permanente comunión, coa esperanza de que poidan regresar a maior parte dos nosos irmáns e que invirtan o seu esforzo, o seu capital e os seus coñecementos na Terra natal.

«El Ideal Gallego», 4-VI-1982.

TABOA REDONDA ENCOL DA PROBLEMÁTICA DA EMIGRACIÓN

A invitación cursada pola Xunta Directiva do Centro Galego a todos os partidos galegos para que expuxeran nunha táboa redonda os seus respectivos programas políticos no tocante á emigración, foi aceptada por UCD, PSOE, PCG, AP, e P.G., que mandaron en representación dos devanditos partidos, ós señores Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, parlamentario galego; Manuel Soto, alcalde de Vigo; Carlos Barros; Manuel Barros e M.^a do Carmo Enríquez. Tamén asistiu como invitado apolítico, o señor Cándido Mazón, da Asociación «Para la Protección del Emigrante» (APRODE).

O presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, a quen acompañaba, como moderador, o vicepresidente da mesma Institución, Manuel Vázquez, fixo a presentación dos políticos invitados «non para facer partidismo nin captación de votos, senón para expoñerlle ós galegos de Barcelona os seus programas no tocante á problemática da Emigración».

Tentaremos resumir as ideas dos diferentes ponentes:

Vázquez Portomeñe (UCD): «Non podemos falar do desenvolvemento de Galicia sen falar da Emigración. Algúns fomentaron a emigración porque coidaban que deixaría de presionar na demanda de emprego; que ó marchar continxentes humanos, as necesidades consumistas reduciríanse e que os emigrantes mandarían remesas de fondos que poderían ser o medio de financiación de Galicia, pero non resolveu nada». Analizou máis adiante o señor Vázquez Portomeñe a situación europea e o trauma das grandes cidades —entre as que se encontra Barcelona cun 16% de paro— que, de superoferta de traballo, pasaron a unha profunda crise, e afirmou: «Calquera ten dereito a retornar e atopar un posto de traballo. Galicia pode ser a despensa de Europa, pero é mester unha boa explotación dos montes comunais e das rías; debemos crear unha infraestrutura de servizos, mellorar o crédito e facelo máis barato; crear industrias de transformación agropecuaria; dar maiores créditos á vivenda e, por riba de todo, é mester solidariedade».

Manuel Barros (AP): «Necesitamos unha lei que protexa a todos os emigrantes, que lles facilite axuda a través dos Consulados en calquera nación que se atopen e que poidan circular por Europa sen discriminación, feito que está a suceder. A emigración á América —engadiu— está mellor tratada debido á Lei de Doble Nacionalidade». Tamén falou o representante de AP das remesas dos emigrantes: «Deberán quedar en Galicia —afirmou— e ter unha maior rentabilidade para que os intereses dos nosos non se vexan afectados pola desvalorización».

Carlos Barros (PC): «A solución da Emigración e do paro que aumentará co retorno dos emigrantes, debe ser global para toda España e, para élo, hai que acudir ós fondos públicos porque a iniciativa privada ten poucos alcances. Propoñemos o control do crédito e da Banca Privada, a nacionalización da rede de alta tensión e das Caixas de Aforro para que o 100 % dos aforros dos emigrantes se invirta en Galicia». Noutro intre da súa exposición, o señor Barros asegurou que «sen unha boa Lei de Fondo de Compensación Interterritorial, non hai maneira de ir adiante». Tamén abundou na necesidade de garantir a todos os galegos —e non só ós que están no extranxeiro— a súa participación na política de Galicia porque «a Comunidade Galega, a de dentro e a de fora —suliñou— é indivisible».

M.^a do Carmo Enríquez (PG): «Non é posible que todos os galegos atopen un posto de traballo na Terra, tal como defende o PG, debido ás estruturas económicas e sociais que existen hoxe en día en Galicia. Moitos emigrantes non poden voltar porque o contacto coa emigración é

nulo. Todos estamos en contra de que o galego teña que emigrar por necesidade e teño que criticar tremendamente ó Instituto Nacional de Emigración porque abusou moito da ignorancia. Había que pagarlle unha comisión ó señor que sabía ler e escribir para poder saír polo mundo adiante. Pedimos que o galego, na emigración, sexa tamén galego».

A profesora, que tamén é membro da «Asociación Galega da Lingua» e que o día anterior presentara unha ponencia encol do galego na aula magna da Universidade de Barcelona, falou da importancia do galego como idioma universal. «O uso da lingua galega —recalcou— é o primeiro que temos que ter e querer» e ó referirse ó pobo galego afirmou: «Somos unha nación porque temos unha economía específica, que ten que ser resolta en Galicia, e porque temos unha cultura autóctona. A Autonomía, tal e como está enfocada, vexo que non está a facer nada para arranxar o problema dos galegos de Galicia nin tampouco dos galegos da emigración».

Cándido Mazón (APRODE): «Ser emigrantes non quer dicir levar unha cruz ó lombo. O emigrante fixo unha gran cousa para España: o que América exista». O señor Mazón abogou por un Mercado Común Hispanoamericano no que «non teñamos mester de intérpretes» e manifestou que a Asociación que preside, en vez de criticar a Lei de Emigración, está a traballar para facela máis perfecta. Noutro intre do seu parlamento asegurou que a emigración non rematará porque se élo sucederá, paralizaríanse as innúmeras actividades que vencellan España a trescentos millóns de hispanoparlantes. «A emigración —dixo— querémola profundamente porque estamos dentro dela. Existe dende 1492. Temos miles de centros rexionais, irmandades, como a de Caracas, e incluso emisoras de radio na Patagonia. ¿Cómo pensar en retornar a crear máis paro? E máis fácil —dixo o presidente de APRODE— facer unha política emigratoria e axudar aqueles Centros que creamos para ben de España.»

O alcalde de Vigo, Manuel Soto (PSOE), que non puido chegar ó comenzo da reunión, tivo, nenbargantes, varias oportunidades de exponer o pensamento do seu partido durante o coloquio que se suscitou. «O noso partido —afirmou o señor Soto— preferentemente pretende crear postos de traballo para que non teña que emigrar ninguén máis e, só despois, provocará o retorno dos emigrantes. Queremos potenciar a inversión pública, pero non soamente a estática que non produce. Pretendemos que o Banco de España e o Instituto de Crédito Oficial teñan potestade para influir nos tipos de interés rebaixándoos para que os cartos se lle deán a xentes con idade e capacidade para crear postos de traballo. Canalizaremos a inversión pública a través dos Axuntamentos para obter unha mellor calidade de inversión.» O señor Soto defendeu máis adiante a tan criticada LOAPA que, segundo el, beneficia a Galicia e «non vai rebaixar a capacidade nin o teito autonómico dos Estatutos establecidos».

O coloquio, con abondosas intervencións do numeroso público asistente interesado en saber cómo pensan os políticos galegos no tocante á problemática da Emigración, durou tres horas, sempre dentro dunhas normas correctas de respecto ós ponentes, aínda que non faltaron críticas de determinados sectores disconformes con algunhas das ideas expostas.

Revista «Treboada», decembro 1982.

No Centro Galego de Barcelona, coma cada ano, celebrouse unha Cea de Irmandade á que asistiron dúas centas cincuenta persoas que non couberon no bar social sendo mester acondicionar o salón de actos e o de xogos. A cea foi amenizada por unha orquesta, polos gaiteros Calvo e Ferrío e polo coñecido batería Paco «Tamara». O remate, os membros da Directiva fixeron entrega de insignias ós socios con 25 anos de antigüidade señores Xesús Aranda, Xoan Fernández, Porfirio Peláez, Antonio Cristino, Antonio López, Raúl Martínez, Ventura Neira, Xesús Fernández, Valentín González, Xosé Berea, Xosé Raúl Zarauza e M.^a Xosé Alves, ex delegada da Masa Coral «Lonxe da Terra» que interpretou unha fermosa letra do poeta Casado Nieto, musicada polo mestre Martínez Pedra.

Chamada a unidade

A continuación o presidente Daniel Pérez Guerra pronunciou unhas palabras de felicitación ós socios homenaxeados que «fixeron posible que esta Casa sexa a proxección do sentimento galego». O señor Pérez Guerra, que dentro dun mes deixará a presidencia do Centro Galego, engadiu:

«Quero aproveitar para facer unha chamada á unidade e á concordia, que ten moita máis importancia do que pensamos, dada por unhas características do Estado das Autonomías que temos que conservar. Penso —dixo máis adiante o presidente— que por encima das pequenas liortas está o feito de sermos galegos e, incluso, por enriba da galegitude está que todos somos seres humanos».

Daniel Pérez Guerra, tras felicitar ós socios que «mantiveron o fogo dos nosos costumes no entorno en que nos atopamos», findou o seu discurso con vivas a Galicia e a Catalunya.

Fixeron a presentación do acto Mercedes Rey e Eva Corral e ó final da Cea de Irmandade cantouse o himno galego, seguido dunha verbena que durou ata altas horas da noite.

Manuel Vázquez: «Os centros galegos deben estar representados no Parlamento de Galicia»

Falamos co vicepresidente Manuel Vázquez, que nos confirma que as eleccións para nova Xunta Directiva serán o 29 de xaneiro.

—¿Hai prevista algunha candidatura?

—Nós axudamos a preparar unha encabezada polo aparelador Manuel Pérez Guerra, pero o importante é que a irmandade, que moitas veces falla, medre. Esta candidatura, que pode triunfar, pode ser unha continuidade do labor que se fixo pola Xunta saínte.

—A candidatura de Manuel Pérez Guerra ¿está condicionada pola actual Directiva?

—En certa maneira, xa que o cincuenta por cen dos membros siguen, o que quere dicir que é unha continuación da actual.

—Chegado o caso, ¿presentaríaste noutra?

—Se me presentara, faríao con Manuel Pérez Guerra, pola amizade que me xungue ó candidato e ós compañeiros que siguen.

—¿Qué logros maiores conseguistes durante o voso mandato?

—Ademais das relacións cos organismos oficiáis e das relacións humanas, o noso Centro foi recoñecido como o segundo, despois do de Bos Aires, logrando a vicepresidencia da Federación de Centros Galegos no Congreso Mundial.

—¿E culturalmente?

—No noso local social celebráronse moitas conferencias e mesas redondas coa asistencia, incluso, de persoeiros vidos de Galicia, como o Conselleiro de Traballo, e de políticos que faloron da Emigración nun coloquio recente. Tamén temos en imprenta un libro que recolle todo o labor dos galegos afincados en Catalunya —do Centro Galego, das irmandades, grupos e peñas— que sen discriminación algunha, verán recollidas nun volumen totalas súas actividades culturais. O Centro Galego debe estar por encima de capelas. O só feito de ser galego abonda para estar dentro do Centro Galego.

—¿Qué lles dirías ós políticos de Galicia?

—Que fagan seu o acordo que tivemos no Congreso do Pazo Mariñán da necesidade de que os Centros Galegos estean representados no Parlamento de Galicia.

«El Ideal Gallego», 26-XII-1982.

Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro» de Cornellá

Foron firmados os Estatutos o 21 de setembro de 1980.

Aprobáronse o 28 de novembro de 1980.

XUNTA ACTUAL

Eduardo Valcárcel Fernández, presidente.

Amador Rosas Outes, segredario.

Constantino García Méndez, tesoreiro.

Juan Alvarez Martínez, vocal.

Eladio García Méndez, vocal.

Luís Bernedo Novo, vocal.

Actualmente téñ un corpo de baile formado por vinte rapaces e rapazas e asisten ás clases de baile e gaita máis de trinta.

Local Social en Cornellá: calle Federico Soler, 71, constando de dúas plantas de 140 metros cada unha.

UNHA PRAZA DE CORNELLA ADICADA A GALICIA

A iniciativa debeuse a «Asociación Cultural Rosalía de Castro»

Cornellá, que hai tres décadas aínda era unha fermosa vila agrícola pequenoindustrial, trocouse nunha gran cidade da periferia de Barcelona. Hoxe é un conxunto de bloques de casas-dormitorio, cunha poboación que supera os 100.000 habitantes. Grandes industrias e avenidas amplias xurdiron a carón de rúas sen planificación, construídas con afán especulativo, aproveitando a intensa inmigración que invadiu, nos anos de desenrolo —moitas veces irracional— a, noutrora, rica comarca hortícola do Baix Llobregat.

Perto de 6.000 galegos viven neste anco do «cinturón industrial» de Barcelona. E ¿como non?, tamén eles teñen o seu local social, lugar de reunións, de veladas culturais e de xuntanzas pro estudio dos problemas da colonia galega.

A «ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO», froito do labor de varios galegos vencellados polo amor á Terra, á cultura propia e ó anxeio de lograr a unión de todos os irmáns que viven en Cornellá, naceu hai semente un ano e xa chegou á maioría de idade.

Non só teñen local propio; conquistaron, ademais, que a praza onde se domiciliou a Sociedade, fora rotulada co nome de PLAZA DE GALICIA.

Os promotores

No local do Grupo todo eran felicitacións e rebordante alegría. A maior parte dos directivos e os socios promotores da Asociación, son xente nova e inqueda, cunha arela común: Galicia. Empregados da industria e do comercio, mestres de E.G.B., como o dinámico Ramón López Pérez, que está a preparar a licenciatura en Xeografía e Historia; o Graduado Social Amador Cándido Rosas, dono dunha Xestoría, atento a solventar os cada vez maiores problemas derivados do «Paro»; estudantes de Dereito, Puericultura, Medicina (é conmovedor atoparse con rapaces como os irmáns xemeos Manuel e Xosé, alumnos de 4.º que, a pesar de ter nado en Barcelona, falan e síntense galegos), todos eles afervoados defensores da cultura e da identidade de Galicia.

Antes da inauguración oficial, falamos uns intres co alcalde da cidade, Federico Prieto Caballé, quen nos explicou as razóns que moveron ó Concello para acordar que a espaciosa e moderna praza leve o nome de Galicia.

—O Axuntamento aceptou a iniciativa da «ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO» porque comprendemos que debemos unir ós cidadáns de Cornellá a partir das súas orixens culturais.

Inauguración da Praza de Galicia

Berta Fernández Sánchez fixo a presentación do acto oficial e, en nome da Asociación, falou o secretario Xosé Ignacio García Couso, quen tivo verbas de agradecemento prá Corporación Municipal de Cornellá e, referíndose á problemática da emigración galega, lembrou que xa fora denunciada no século XIX por Curros Enríquez e Rosalía de Castro; enumerou, logo, os propósitos culturais, reflexados nos Estatutos, e findou o seu parlamento dicindo que «non se pretende lexitimar a emigración» e que a Asociación afírmase «no desexo de que todos os galegos poidan voltar á Terra».

A continuación falou o alcalde don Federico Prieto Caballé, quen tras un saúdo cordial dirixido a todos os socios da ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO e ós números galegos que acudiron á inauguración da praza, que dende hoxe leva o nome de Galicia, dixo:

—Espero que estas novas Asociacións, Grupos e Peñas que se van creando e as que xa existen en Cornellá, nos permitan ir moldeando unha cidade en que cada cidadán se sinta cómodo, se atope consigo mesmo, coa súa étnia, coa súa cultura.

Noutro intre do seu discurso afirmou:

—Catalunya vamos a construíla, preferentemente, a partir do respecto a todos os seus habitantes e non a partir da negación das súas orixens.

O alcalde rematou o seu discurso felicitando á ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO e a todos os galegos e pcdiu a colaboración entre cataláns, andaluces, extremeños e cantos viven e traballan no Baix Llobregat «para chegar a formar unha comunidade na que nos respetemos cada vez máis».

Acto seguido o alcalde presidente da Corporación Municipal de Cornellá de Llobregat descubriu a placa, que dá nome á PLAZA DE GALICIA, entre afervoados aplausos do enorme xentío que acudiu á chamada da ASOCIACIÓN CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO e pechouse o acto coa actuación do Grupo de Gaiteiros TOXOS E XESTAS, que dirixe Xosé Luís Foxo.

«El Ideal Gallego», 15-X-1980.

SEGUNDO ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN CULTURAL «ROSALÍA DE CASTRO»

A Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro» da cidade de Cornellá de Llobregat celebrou unha SEMANA CULTURAL cun abondoso programa de actos: No polideportivo de San Ildelfonso, Luís Suárez Delgado pronunciou unha conferencia encol do tema «O Camiño de Sant-

lago»; por primeira vez actuaron a Escola de Gaitas e o Corpo de Baile da Asociación; celebráronse competicións de xogos populares e houbo exposición e venta de libros e discos galegos.

Como remate á SEMANA CULTURAL, na Plaça de Galicia celebrouse unha magna festa que se encetou cun Concurso de Gaitas. Fixo a presentación dos intérpretes o redactor xefe de radio Miramar, Manuel Fernando, e actuaron como xurados Constantino García, Eduardo Arias, Ricardo Rodríguez, Xesús López e «Pichurri», resultando premiados Dositeo López, Carmen González e M.^a Fe Rodríguez.

A continuación a Masa Coral «Lonxe da Terra» do Centro Galego de Barcelona coas súas danzas, muiñeiras e jotas, arrincaron afervoados aplausos do nuraeroso público que acudiu á chamada dos organizadores da enxebre xuntanza folklórica. No intermedio, o presidente da Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro», Manuel Rodríguez Julián, fixo reparto de trofeos ós ganadores do Concurso de Gaitas e dos xogos sociais así como ó delegado do Coro do Centro Galego, Mario Nieto. Tamén agradeceu o señor Rodríguez a colaboración prestada polo Concello da cidade de Cornellá e, ó remate do seu discurso, entregou unha artística placa conmemorativa ó alcalde señor Federico Prieto Caballé que presidía os actos acompañado polo concexal de Cultura Joan Tardà.

Chamada a colaboración

Na súa intervención, o alcalde Prieto Caballé agradeceu o esforzo que a directiva da Asociación Cultural «Rosalía de Castro» ven facendo para vencellar a todos os galegos «porque —dixo— para toda a cidade é importante que existan asociacións nas que nos atopemos todos» e findou o seu discurso pedindo colaboración e facendo un chamamento ós galegos «para seguir adiante no engrandecemento da Asociación». A seguido, descubriu a placa que dá nome a Placa de Galicia «o mellor testemuño pros nosos fillos —afirmou Manuel Fernando— de que existe unha gran irmandade entre Galicia e Catalunya». O acto pechouse co canto do himno galego.

No local social tivemos oportunidade de dialogar coa directiva da Asociación composta polos señores Manuel Rodríguez Julián, presidente; Amador Cándido Rosas Outes, segredario; Antonio Díaz Fernández, tesoreiro, e os vocais Xoan Alvarez e Enrique Fernández. O comenzo do segundo ano das actividades, a Asociación xa conta con 140 socios, un grupo de baile e varios gaiteiros. Preside o local un cadro da poetisa do Sar, agasallo do Patronato Rosalía de Castro, e teñen unha biblioteca donada pola Xunta de Galicia. A Asociación mantén relacións de colaboración con todas as irmandades e grupos galegos da provincia e está asociada ó mesmo tempo ó Centro Galego de Barcelona. «A nosa teima —asegura o seu presidente— é vencellar a todos os galegos e traballar pola cultura do noso pobo.»

«El Ideal Gallego», 14-XI-1981.

A Asociación Cultural «Rosalía de Castro», de Cornellá, en colaboración co Departamento de Cultura do Axuntamento e coincidendo coas festas patronais da cidade do Baix Llobregat, organizou unha FESTA GALEGA na que participaron a Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet; a Irmandade de Rubí e o Dúo Lembranzas —Mariano e Alfredo— así como o Corpo de Baile e Gaitas do Grupo «Rosalía de Castro» que, pola mañá, actuaron diante do Axuntamento e foron recibidos polas autoridades municipais.

Pola tarde, na praza de San Ildefonso, actuaron todos os grupos, que foron presentados polos señores Ferrío e Souto. O numeroso público aplaudiu emocionado as danzas folklóricas dos nenos de Cornellá e Rubí e a gran actuación de Fernando e Julita, profesores da Irmandade de Mollet. O Dúo Lembranzas, unha vegada máis, coas súas cancións populares e festeiras, foron acollidos con grandes mostras de simpatía polo público. Tampouco faltaron os típicos caldeiros de pulpo, empanadas e vinos galegos. A enxebre Festa Galega rematou cun breve parlamento do presidente da Asociación Manuel Rodríguez Julián, e coa interpretación do himno galego.

«El Ideal Gallego», 18-VI-1982.

Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas»

Fundada en 1977 no Restaurante «Sporting» e trasladada a Font-Trobada en outubro de 1980

DOMICILIO SOCIAL: Sociedad RecreativoCultural «FONT-TROBADA» Expte. 19 191/1958
Barcelona

Presidente Honorario: Don Xesús López Rodríguez Fundador da Sociedade RecreativoCultural « Font-Trobada»

Director e fundador: Xosé Luís Foxo

FESTIVAL EN FONT-TROBADA E ASAMBLEAS DOS GRUPOS GALEGOS DE L'HOSPITALET E CORNELLA

O Xestal, o gran invitado

Na sala de festas de Font-Trobada asistimos a un Festival galego organizado por Xosé Luís Foxo. A gran cantidade de público que enchía a sala —pequena para acoller a tanta xente como acodiu á chamada enxebre— disfrutou con emoción do folklore, tan ben representado polo XESTAL e os demais grupos artísticos.

O gran invitado de Font-Trobada foi o humorista coruñés Carlos Díaz XESTAL, residente en O Seixo, na parroquia de Lema (Carballo). O XESTAL que gusta de presentarse como «entusiasta da labranza» e «un paisano na cidade e un cidadán na aldea», conseguiu un éxito rotundo nesta

primeira actuación en terras catalanas. O público, que dende os anos sesenta coñecía ó «Vello dos contos» a través dunha morea de discos —coido que trinta— acudiu á sala de festas Font-Trobada e non quedou defraudado. E máis: non comprendemos como tardou tantos anos en contactar coa colonia galega barcelonesa.

O gran humorista non só fixo rir a cachón cos contos do seu derradeiro L.P. «Contos que van prá feira» e con algúns dos que axiña grabará, baixo o título de «Foliadas e pregos da Cruña», fixo tamén a ledicia dos oíntes accedendo ás peticións que lle solicitaron de contos, xa vellos, da súa longa carreira artística que, como moi ben dixo Jei Nogueral, xa forman parte da literatura popular.

Dúo Lembranzas, Paco Tamara, Serião de Arzúa

Tamén actuaron os cantantes Alfredo González e Mariano, coñecidos xa da colonia galega en Catalunya, que se presentaron co nome artístico Dúo Lembranzas, interpretando «letras» musicadas por eles, que foron moi ben acollidas.

Francisco Rodríguez Cotelo (Paco Tamara), o gran «batería dos lembrados «Tamaras»; o acordeonista Xosé Vázquez Castro (Seriño de Arzúa) e Fernando Prattke —filarmónica e guitarra— aledaron ó público coa música popular das nosas festas e, como remate, cen gaiteiros da «Escola de Gaitas Toxos e Xestas» conqueriron, unha vez máis, o aplauso afervorado do público, que tamén acolleu con grandes mostras de agarino as verbas do dono do local e fundador da «Sociedade Cultural Font-Trobada», don Xesús López, lugués afincado en Barcelona dende hai sesenta anos.

O Grupo Castelao

Os galegos de L'Hospitalet rematan de celebrar Asamblea Xeral no seu local da rúa Pujos, 97. Foron reeleixidos Xosé Luís Torres, como presidente, e Xulián Román, como vicepresidente. Os demais componentes da nova directiva son: Xesús González, secretario; Xesús Brea, tesoreiro e, como vocais: Xaquín Rodríguez, Lucía Gómez, Paquita Fernández, Eladio Fernández e María Cruz García.

Os traballos a desenvolver neste trimestre son: Inauguración da Rúa Castelao, Festas do Antroido, un ciclo de conferencias sobre Curros, Rosalía e Pondal e, co gallo das Letras Galegas, a III Mostra Popular Galega.

Novo local galego en Cornellá

Tamén os galegos de Cornellá —Asociación Rosalía de Castro— tiveron a súa Xunta Xeral na que acordaron arranxar un novo local social que inaugurarán o vindeiro día quince.

«El Ideal Gallego», 18-XI-1981.

I FESTIVALCERTAMEN DE MÚSICA GALEGA EN BARCELONA

O día 27 de xunio, sábado ás 6.30 do serán, no Palacio de Congresos e Exposicións de Barcelona, no parque de Montjuich, os barceloneses, galegos e non galegos, vamos ser testigos da actuación dos dezaoto grupos concursantes no I Certame de Música Galega organizado pola Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» de Font-Trobada, que dirixe Xosé Luís Foxo.

Colaboran na realización de tan importante acto Radio Miramar, Viaxes Halcón, Casa Fernández y Rivera, Mesón Morriña, L'Hogar Gallego, Bodegas Marcelino, Centro Galego de Barcelona, Peña Galega de Castelldefels, Restaurante Fuente Fargas, Artesán de gaitas e pailetas: Alvaro Seivane, Artesán de instrumentos populares galegos: Manuel Brañas; Mestres artesáns: Xesús Pérez e Luciano Pérez, Muebles Virrey, Peppermint e Pato Donildo, Casa Darío, Pazo Ribeiro, Vinos Palacio de Arganza, Caixa de Aforros de Barcelona e Monte de Piedad e Comercial Iguazú.

Grupos concursantes

No Certame, patrocinado pola Excma. Diputación Provincial de Barcelona e coa colaboración especial de Font-Trobada, concursarán: Agarimo de Catabois (Ferrol), Amieiros de Lagares (Vigo), Brisas do Miño (Lugo), Enxebrezas Mariñeiras (Vigo), Escolma de Sant-Iago, Follas novas de Corgomo (Ourense), Muxicas de Vigo, Orballo de Lugo, Os Alegres de Pontevedra, Os da Xunqueira (Vigo), Os Eidos da Cruña, Os Raparigos do Ferrol, Os Rilos (Basauri-Vizcaya), Os Rosales de Rianxo (A Coruña), Representantes da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas» de Barcelona, Xiada da Cruña, Xuntanzas de Sant-Iago e Os Gaiteiriños da Cruña.

Invitados e premios

A cidade Condal acollerá como invitados ó popular grupo da nova canción galega a «Ruada», o coñecido grupo de danzas de Pontevedra «Sementeira», «Airiños da nosa Terra de Finisterre», o humorista «O Xestal» e o «Grupo de Danzas do Centro Galego de Barcelona e a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas».

Tan extraordinario programa, cun presuposto de varios millóns, vai ser unha xuntanza músico-cultural de enorme calidade polos temas e polos artistas de sona que actuarán. Cinco importantes premios para os ganadores do Concurso, serán donados por «Grupo de Empresas Sotelo Blanco», RENFE-RUACASA, Restaurante Marisqueiro «Panduriño», Braseira Galega «A Palloza» e Restaurante «Compostela» de San Andrés de Llanerías.

Agoiramos para os concursantes e para os organizadores un éxito seguro. Os galegos de Barcelona que, o derradeiro mes das Letras Galegas, acudimos a tantos actos culturais, o 27 deste

abafante mes de San Xoán, remataremos as programacións culturais 1980/1981 cun Festival de categoría excepcional. Fermoso remate a un longo ano de traballo lonxe da Terra e feliz comenzo do período vacacional e do retorno a Galicia inda que sexa por poucos días.

«El Ideal Gallego», 26-VI-1981.

MARI MARTI KESSLER IMPARTE UN CURSILLO DE DANZA GALEGA

A Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», coa calidade artística «in crescendo» a que nos ten afeitados, organizou un Festival de Música Popular Galega na sala de actos de Font-Trobada. Coma noutras ocasións, conseguiu entreter e divertir a unha gran cantidade de público. Hai que sulñar a teimuda laboura, en continua superación, que está levando a cabo a dirección de «Toxos e Xestas» para conseguir mellores logros artísticos. A Escola de Gaitas non escatima esforzos. Derradeiramente contratou os servizos da profesora de Baile do grupo «Eidos» da Coruña, Mari Martí Kessler que, a diario, imparte clases de danza a cincuenta pequenos e maiores no local social da Escola. Todos os asistentes ó Festival puidémonos decatar do progreso dos danzanres que asimilaron doadamente as leccións da profesora coruñesa. Danzas como «Riveirana», «Muiñeira das Rías Baixas» e «Danza da Corda» ou temas como «Muiñeira de Lugo», con ritmo de Pandeirada, e «Regueifas da Gaita», cunha serie de sos de perfecta interpretación, foron acollidos con aplausos afervoados.

Pedímoslle á profesora Mari Martí Kessler a súa opinión dos progresos dos alumnos e afirma:

«Tiven que traballar moito con eles porque o baile galego, aquí, estaba un tanto disvirtuado; pero asimilaron moi ben as leccións. Saben distinguir o que facían e o que fan agora. Coido que aproveitamos ben o tempo e Antón, o mestre de baile e danzas da Escola, recollerá, con seguridade, os froitos desta sementé».

Dúo Lembranzas

Feliz novidade deste Festival foi a presentación en Barcelona do dúo «Lembranzas», formado por Alfredo González Vilela e Mariano Alonso, coñecidos cantantes da emigración galega en Catalunya, que decidiron traballar conxuntamente e, hoxe, virón coroados os seus esforzos co aplauso agarimoso do público.

Mariano Alonso é un rapaz de Barco de Valdeorras moi coñecido en salas de festa da Cidade Condal. Alfredo González Vilela, nado en Castelo-Becerreá, é unha das voces do primeiro disco do famoso grupo «Petapouco». Tamén el ten actuado en moitas ocasións en festivais da emigración. Estes dous artistas compositores e, case sempre, autores das letras que cantan, forman un dúo ben conxuntado. O instrumental empregado polo dúo «Lembranzas» está composto por guitarras, flauta e unha variada percusión. As dez obras que interpretaron, escolmadas polos cantantes para un próximo L.P., foron acollidas con acompañamentó de palmas, sobretudo «Os pimentos colorados»,

«Muiñeira de Castelo», «San Benitiño», «Ujurujú Maripepa» e «A nosa maneira» de maior ritmo festeiro e popular.

Paco Tamara

Outro show musical anunciado no programa a cárrego do batería do inesquecible conxunto «Os Tamaras», sufriu variación, por enfermidade de Castro que non puido actuar. Xosé Luís Foxo, director de «Toxos e Xestas», substituiu ó acordeonista interpretando «Muiñeira de Chantada» e «A Carolina», acompañado por Paco que fixo unha espectacular exhibición do seu arte.

O mago Heberi

Ademais dos temas musicais e folklóricos puídemos admirar a actuación de Héctor Bello Rivas, «Heberi» que, valéndose dos seus poderes especiais, cautivou a atención de maiores e novos. O Mentalista —así gusta de se calificar— é un rapaz novo de Cospeito (Lugo) residente en Barcelona. De moi novo decatouse das súas dotes telepáticas e actuou en festas populares, en teatros e salas de festa. O éxito do seu arte transcendeu axiña á prensa e á radio, consagrándose como auténtico artista no programa «Gente Joven» de TVE. Na actualidade estudia terceiro de Dereito na Universidade catalana e aproveita os intres de vagar para facer maxia, ilusionismo e parasicoloxía.

«El Ideal Gallego», 9-XII-1981.

«EIDOS» E «XIADA», VENCEDORES DO FESTIVAL GALEGO

Tal como informamos ós nosos lectores, no Palacio de Congresos do parque de Montjuich da Cidade Condal celebrouse o 1.º Festival-Certame de Música Galega en Barcelona, organizado pola Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas» que dirixe Xosé Luís Foxo.

Fixo a presentación do acto folklórico-cultural o coñecido director do programa «A Nosa Galiza», de Radio Miramar, Manuel Fernando, quen sulíñou a coincidencia do magno festival co 45 cabodano do Estatuto Galego do 36 e felicitou ós organizadores pola súa laboura teimuda e eficaz, día a día, ata embocar en tan importante xornada.

A continuación puídemos admirar os grupos invitados «Sementeira» de Pontevedra, que recolleu afervoados aplausos coas súas danzas elegantes e lixeiras como azas ó vento, e o enxebre e popular «A Roda», que encetou a súa actuación cunha cantiga dedicada a Suso Vaamonde —emigrado en Caracas— erguendo o aplauso unánime do público. «Agarimo de Catabois» (Ferrol) abriu, coa súa intervención, o Certame ó que se presentaron dezasete cuartetos de gaiteiros que foron aparecendo no escenario en bloques de tres conxuntos.

«O Xestal», nesta segunda visita a Barcelona, fíxose novamente co público. O Grupo de Danzas do Centro Galego tivo unha extraordinaria actuación e os rapadnos de «Airiños da miña

Terra», de Fisterra, pecharon brillantemente as intervencións folklóricas intercaladas no Certame con gran acerto para impedir o que este poidera ter de monótono. Tamén hai que sulñar a presentación do gran tenor Xosé Casal que cantou «Bandeira Galega».

O remate do Festival-Certame o xurado deu a saber os ganadores, que recolleron os premios e trofeos entre fortes aplausos. Houbo placas conmemorativas para os componentes do xurado, para o presentador Manuel Fernando, para don Xesús López, fundador da Asociación Cultural Font-Trobada e para Xosé Luís Foxo que, ademais, foi agasallado cun artístico trofeo pola Excma. Diputación de Barcelona. Os alumnos máis destacados da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas» tamén recibiron, de mans do seu director, fermosos diplomas.

Os premiados e as súas opinións

«Os Eidos» da Coruña, primeiro premio Grupo de Empresas Sotelo Blanco: Manuel Ambite Seixido galardonado, ademais, coa placa ó mellor Redobranche de Galicia, Miguel López e Xosé Temprano (gaitas) e Xosé Manuel Alonso (bombo):

«Estamos moi ledos por ter conseguido o 1.º premio, pola perfecta organización e por tantos agasallos. Non somos amigos de acudir a Certames, aínda que xa no ano 73 conseguimos ser primeiros no Concurso Rexional de Sant-Iago.»

«Xiada» da Coruña, segundo premio «Renfe-Ruacasa»: Luís Cardelle e Ricardo Santos (gaitas), Fernando Herranz (tamboril) e Xesús Gómez (bombo):

«Somos un grupo que se acaba de formar. Seguiremos investigando e traballando. Opinamos que sería mester arrombar cos concursos e adicarse máis ben a Festivais nos que puidesen participar todos os grupos porque debemos tratar de promocionar a música galega sen necesidade de, ás veces, innecesarios enfrontamentos personais.»

«Enxebrezas Mariñeiras» de Vigo, terceiro premio Restaurante Marisqueiro «Panduriño»: Xaime Estévez e M.^a Xosé López Villar (gaitas), Antonio López González (tamboril) e Enrique Otero (bombo). Catro rapaces estudantes do Conservatorio de Música da Cidade da Oliva:

«Traballamos moito e con ilusión. E a primeira vez que actuamos e temos que lle agradecer ó gran profesor, señor Otero Cobelo, o ter conseguido este premio.»

«Muxicas» de Vigo, cuarto premio Brasería Galega «A Palloza»: Nazario González Iglesias, Xosé Manuel Fernández Costas, Manuel Vázquez Rodríguez e Xoan Somoza Mera:

«O primeiro e o segundo premios foron xustos; do terceiro non opinamos. Estamos moi contentos. Temos moito que aprender da xente que está en Barcelona e quedamos maravillados da laboura desta organización, a máis grande que temos visto.»

«Toxos e Xestas», quinto premio Restaurante «Compostela» de San Andrés de Llaveneras: Antón Sánchez e Xan Eiró (gaitas), Manolo López (tamboril) e Xan Carlos López (bombo):

«Entendemos que os Concursos sirven para promocionar os grupos de gaitas inda que moitos os coiden causa de liorta. E a primeira vez que concursamos e pensamos seguir presentándonos a este tipo de certámenes que, na nosa Terra, xa son tradición.»

Opinions dos xurados

Ricardo Portela Bouzas, gaiteiro de «Os Irmáns Portela»:

«Magnífico! Estupendo! Deberá servir de exemplo para outros. E o mellor xeito de promocionar o noso rico tesouro cultural e artístico. A xuntanza de hoxe marca un fito de boa organización e de calificados participantes».

Xosé Seivane Rivas, mestreconstructor de gaitas:

«Se os dirixentes de Galicia viran este acontecemento, avergoñaríanse de permitir a emigración. Esta Escola de Gaitas, dirixida por Xosé Luís Foxo, de estar na nosa Terra, conseguiría o meirande esplendor».

Enrique Otero Cabelo, compositor e profesor do Real Conservatorio de Vigo:

«Un Concurso desta categoría, fóra de Galicia, é un éxito. Fíxose pequeno o Palacio de Congresos porque non se pensou que acodira tanta xente. Nos intermedios, as interpretacións dos grupos invitados foi un acerto, dado o gran número de concursantes. Eu coido que mellor ca Concursos, sería facer Festivais para que non se dera o caso de certos enfrontamentos entre diferentes grupos de gaiteiros».

Emilio Carral Vázquez, compositor e Gaiteiro Maior de Galicia:

«A pesar de ter outros compromisos, viñen a formar parte do tribunal para axudar ó labor cultural destes galegos da emigración e para traerlles a alegría e o agarimo da nosa Terra».

Xosé Luís Foxo, director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas»:

«Foi un acontecemento importante no ámbito da cultura popular, cunha resoancia inesperada. A trascendencia destes acontecementos refléxase en que a casa Belter fixo unha grabación en directo para publicar un L.P. coas doce mellores intervencións dos concursantes. Estamos moi agradecidos a cantos colaboraron con nos na organización deste Certamen e quero suliñar as aportacións e axudas da Fundación «Fenosa», da Diputación de Coruña e de Xosé Luís Vázquez Sotelo, que non apareceron como colaboradores nos programas, debido a que xa estaban confeccionados».

O que dixerón os artistas

Paco Tamara:

«Todos cantos colaboraron neste acto teñen un mérito grande. O próximo ano o II Certame organizarémolo no Palacio de Deportes porque foi unha pena que tanta xente tivera que verse privada de disfrutar de tamaño acontecemento por falla de localidades».

Luís Vaamonde, de «A Roda»:

«Pode ser que se fagan estes actos tan fermosos fora da propia casa porque se bota de menos o que non se ten. A xente que está lonxe da Terra sinte máis interés pola conservación do seu folklore ca que vive en Galicia. E moi importante que haxa tanto afervamento pola cultura galega. Fora da Terra endexamais fomos recibidos con frialdade en ningures; pero, hoxe, podo asegurarche que tivemos unha acollida maravillosa».

Xoan Nogueira Sieiro, director de «Sementeira»:

«Non coidabamos atoparnos con tanta xente. E increíble, en certo xeito, o que «Toxos e Xestas» está a facer. ¿Cómo se pode chegar a tanto na emigración cando en Galicia, practicamente, non somos capaces de levar adiante un grupo?

»Nós pretendemos afondar na realidade do baile antigo e consideramos un erro darlle ás danzas galegas demasiada forza —pensa nas roupas e refaixos que vestían as nosas avoas— e por iso procuramos, máis ben, a elegancia da danza».

« O Xestal »:

«Esta gran manifestación de galegos e o salón de actos do Palacio de Congresos ateigado, entusiasmo a calquera. Hai que vir a Barcelona para se decatarse do que sinten os galegos por Galicia. Sociedades Culturais coma estas que tedes vós, son as que conseguirán a toma de conciencia galega. Estadades a dar exemplo do que debe facerse en Galicia».

«El Ideal Gallego», 3-VII-1981.

BENXAMIN FERNANDEZ PAZOS, PRIMEIRO PREMIO DE COMPOSICIONS PARA GAITA GALEGA

A Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» de Barcelona volve a ser noticia. E, esta vez porque fíxose público o fallo do I Certamen de Composicions Musicales para Gaita Galega, feito inédito na cultura galega xa que endexamais fora convocado un concurso na devandita modalidade.

No acto de proclamación dos concursantes premiados, que tivo lugar no local social de Font-Trobada, o director de «Toxos e Xestas» agradeceu a colaboración dos dezanove participantes e suliñou a calidade dos traballos. Xosé Luís Foxo deu cabo ó seu parlamento manifestando o anxeio de que o Certamen de Composicions Musicais para gaita galega celebrado este ano en Barcelona «sexa como unha faísca que prenda o lume da promoción de abondosos compositores de música para gaita».

O primeiro premio —medalla de ouro e 10.000 pesetas— correspondeu a Benxamín Fernández Pazos pola obra titulada «Unha Alboradiña». Benxamín Fernández ten unha fecunda

laboura de composición de gaita. Nado en 1888, en Mondariz (Pontevedra), de moi novo sentiu a «chamada» da música, especializándose en fiscorno. No ano 1920 ingresou como fiscorno 1.º na Banda Municipal de Lugo, chegando a ser subdirector da mesma. As súas composicións máis renomadas son: «Romería» (Estampa galega), «Pinceladas de Galicia» (Alborada) e «As mozas do Coto Grande» (Jota).

Miguel Anxel López Paradela, autor de «Jota de Paradela», resultou ser o ganador do segundo premio, dotado con Medalla de prata e 6.000 pesetas. Miguel Anxel iniciou os estudos de gaita a carón do famoso mestre de gaita Francisco Paradela Rodríguez. Viaxou por moitas cidades de Europa e América, como gaitero, actuando en diversos grupos folklóricos. Fundou o Grupo Brisas da Coruña con Xosé Casal, considerados dos mellores executantes de gaita en Galicia. Neste grupo, en concursos de gaita, conquistou, entre outros premios de gran importancia, o segundo de Vigo (1967) e o primeiro de Sant-Iago de Compostela (1973). Derradeiramente forma parte do Grupo Eidos, que se clasificou en primeiro lugar no I Certame de Gaitas do País, celebrado en Barcelona o 27-VI-1981.

Enrique Otero Covelo recibiu o terceiro premio —Medalla de bronce e 3.000 pesetas— pola súa obra «In Memoriam» (marcha triunfal dos gaiteros). Enrique Otero tamén conta cun fecundo traballo de composición para gaita, destacando as súas obras pola súa liña melódica. Posee unha sólida formación musical, xa que realizou estudos superiores de Solfeo e Armonía. As súas actividades musicais realizounas, particularmente, no Grupo Os Cruceiros, co que grabou un fermoso longplay. Na actualidade é músico da Banda Municipal de Vigo e catedrático de gaita do Real Conservatorio da mesma cidade, seguindo, como método de ensino, o seu libro «Leccións de Gaita».

Tamén se concederon mencións honoríficas a Andrés Garrote Armada, de Santa Marta de Ortigueira, pola obra «Romaxe da Escola de Gaitas» e á Nazario González Iglesias («Moxenas») que participou con «Parolada popular».

«El Ideal Gallego», 6-XI-1981.

YOLANDA DÍAZ PRESENTA O LIBRO DE X. L. FOXO «OS SEGREDOS DA GAITA»

O curso da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» rematou cun festival celebrado no local social de Font-Trobada. O acto encetouse coa actuación dos grupos infantís das seccións de gaita e danza, que interpretaron «Pandeirada», «A danza da corda», «Muiñeira de Marinas» e «Muiñeira do Molete». A continuación, o mago «Heberi» fixo unha demostración dos seus poderes extrasensoriais «sen compadres —dixo— nin amaños», cautivando a atención do numeroso público coas súas artes máxicas.

Seguidamente, Maribel Calviño Fernández, M.^a Teresa Leizana Pailos e Conchiña Castro Álvarez foron agasalladas con artísticos diplomas como premio ás súas óptimas calificacións.

«Os Segredos da Gaita»

«Heberi», Yolanda Díaz Gallego, Paco Tamara e Manuel Rodríguez López foron agasallados coa medalla da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas» e, tras unhas breves palabras de Paco Tamara e de don Xesús López, fundador da Sociedade Cultural Font-Trobada, Yolanda Díaz falou do significado da festa e fixo a presentación do libro «Os Segredos da Gaita» do mestre e director da Escola de Gaitas e Danzas, Xosé Luís Foxo.

«Esta festa que estamos a celebrar —afirmou a conferenciante— non é só unha festa, é algo máis importante, máis trascendente. E o reconto dun labor cultural dignificante.» Noutro intre, engadiu: «"Toxos e Xestas" sabe conxugar magnificamente o labor pedagóxico coa emoción da nosa música. A Escola de Gaitas sementa a nosa cultura musical popular coa decencia do artífice, coa precisión do mestre, coa solidez do traballo en conxunto».

O referirse á gran acollida que o libro «Os Segredos da Gaita» acadou nos medios culturais de Galicia, dixo: «Pero as felicitacións máis resoantes ficarán perto de nos, ó noso carón, nesta emigración galega de Barcelona onde reside o seu autor Xosé Luís Foxo, fundador e director tamén desta Escola que tanto honra á nosa Terra».

Agradecemento a Diputación de Ourense

Yolanda Díaz rematou o seu parlamento afirmando que concorda co poeta da Terra Cha, Manuel María, autor do «portelo» do libro, que escribe: «Os Segredos da Gaita» enche un valeiro que se facía notar hai moitos anos, o de poder dispor dun manual sinxelo, solvente, craro, didáctico, metódico para deprender a tocar a gaita».

Finalizou a xuntanza artística coa proxección dun film referido ás actividades da Escola ó longo dos catro últimos anos, pechándose o acto coa interpretación de «Antoloxía da Gaita», do mestre Xosé Luís Foxo, e coa actuación de Iría, encantadora danzarina de ballet.

A nosa noraboa ó amigo Foxo polo seu labor en pro da cultura galega no eido musical e polo libro que, a máis da parte didáctica, presenta unha escolma de 60 cantigas —moitas da súa autoría— escolleitas entre os temas máis axeitados para gaita. «Os Segredos da Gaita», polo seu gran aporte técnico era moi necesario para os aprendices de gaiteiro e mesmo para os profesionais.

Tamén queremos suliñar o agradecemento da colectividade galega de Barcelona á Excma. Diputación de Ourense pola edición desta importante obra do mestre gaiteiro de Romeor do Courel.

«El Progreso», 1-VII-1982.

A ESCOLA «TOXOS E XESTAS» EDITARA 5.000 PARTITURAS PARA GAITA GALEGA

Co gallo da súa próxima actuación nas Xornadas Folklóricas que se celebrarán no Salón da Infancia de Montjuich, falamos co director da Escola, Luís Foxo, o mestre gaiteiro do Courel, como el gusta de se chamar.

—Xosé Luís, ¿cómo se desenrolan as actividades da Escola?

—Coma en calquera colexio. Temos material didáctico e o instrumental necesario e incluso damos deberes ós alumnos para facer na casa. Traballamos cun plan de estudos técnico e científico serio porque o gaiteiro ten mester de solfeo como, poñamos por caso, un pianista. Facemos un labor de capacitación para profesionalizar ó gaiteiro, xa que estamos en contra de «tocar de orella».

—¿E referente á danza galega?

—O profesor titular, Antón Sánchez, que se adica ó seu ensino dende o inicio da Escola, está levando a cabo un labor de recuperación das nosas danzas, axudado pola miña muller Conchiña Aira e por M.^a Xosé «Cote». Ademais xa temos realizado varios cursillos impartidos por mestres contratados, vidos adrede de Galicia, como Mari Martí Kessler, do grupo Eidos, e Geranio Torreiro. Tamén contactamos con outros grupos a fin de intercambiar xeitos de interpretación. Podo confirmarche, xa que ven ó caso, que o grupo «Xiada» de A Coruña, actuará próximamente no noso local social de Font-Trobada, cedido desinteresadamente polo señor Xesús López.

—¿Qué técnicas empregades no voso xeito de tocar?

—Nos temos un estilo propio, centrado no meu libro de texto «Os segredos da gaita». Entendo que os xeitos e posturas maioritarias de execución, realmente, son moi sinxelos, pouco técnicos e con escasas ventaxas á hora de octavear na gaita. Como acontece noutras artes, no mundo dos gaiteiros hai distintas escolas. Así temos que os famosos gaiteiros de Soutelo de Montes crearon a súa propia «escola» que nos tentamos recuperar tocando, incluso, na mesma tonalidade —«do brillante»— que estaba caendo en desuso. Pero o importante é que 250 alumnos teñan a posibilidade de aprender a nosa música e as nosas danzas e que se identificaron coa nosa idea de promocionar a cultura galega.

—¿Cal é a filosofía da Escola?

—Dignificar a música galega e que cantos se acheguen a ela se conciencien da importancia que ten. Isto motivou que a xente sufrira un cambio. Sabe apreciar mellor a nosa cultura e, por exemplo, moitos que recelaban falar en galego cos fillos, agora emprégano con toda naturalidade.

—¿Seica tedes moitas partituras para gaita galega?

—Sí, contamos cunhas cinco mil. Coa colaboración de vinte alumnos, xa estamos a rematar a súa recopilación para editar un libro, que colmará unha necesidade vital dos estudiosos da gaita. Neste eido, de búsqueda de cantigas interpretadas por gaiteiros, pero que cecáis nunca foron escritas en grafía musical, hai que recoñecer a tarefa desenvolvida pola Escola de Gaitas de Ortigueira.

—¿Qué outras actividades realizades?

—Participamos en numerosos festivais, actos culturais e benéficos. Actuamos nas «IX Xornadas Internacionais de Folklore», a carón de grupos de numerosos países; na Cabalgada de Reis de Barcelona e en actos oficiais. Nos fomos os organizadores do «I Festival Certamen de Música Galega, en Barcelona» coa participación de 18 cuartetos, e do «Primeiro Certamen de Composicións musicais para gaita galega» celebrados en Barcelona; de festas folklóricas nas que actuaron

humoristas, como o Xestal e grupos, como «A Roda»; de actos gastronómicos tales como «O día da empanada» e «O día do magosto» e de excursións que crean irmandade e comunicación social entre amigos e familias vencelladas á Escola. Ademais é importante que en diferentes barrios están a xurdir outros grupos organizados por rapaces que foron alumnos nosos.

«El Ideal Gallego», 8-XII-1982.

Galería de Arte «La Pedrera» e Ediciones Sotelo Blanco

«LA PEDRERA», GALERÍA DE ARTE

Olegario Sotelo Blanco é un constructor ourensán, aínda novo, que, hai dezaioito anos, chegou a Barcelona cunha sede enorme de triunfar e, diante do templo da Sagrada Familia, según propia confesión, sentiuse alentado polo arte de Gaudí, que estudiou afervoadamente ata mesmo empregar técnicas do gran innovador e revolucionario arquitecto catalán.

A sorte, xunguida ó traballo sen folgo, surriulle ó dinámico empresario e, hai dous anos, ó saber que se alugaba a planta principal de «La Pedrera», o singular edificio gaudiano do cétrico Paseo de Gracia, non dubidou un intre en instalar alí, aparte doutro negocio, unha Galería de Arte.

Baixo a dirección da «Cátedra Gaudí» levou a cabo a restauración do local, considerada nos medios artísticos barceloneses como «unha obra que dignifica a creación do gran arquitecto».

Tamén a prensa, a radio e a TV. se fixeron eco amplamente de que, precisamente un galego admirador de Gaudí, establecido nun dos edificios máis fermosos, debido ó mestre de renome universal, sexa quen colabore ó espallamento da súa obra.

A exposición inaugural da Galería de Arte é unha mostra dos planos máis representativos de Antoni Gaudí, así como dos dibuxos e proxectos da colección J. Matamala. Esta escolma xa foi presentada en Munich, Bruselas, Londres, Viena, Moscú, Florencia, Roma e no Xapón.

Co gallo da exposición e patrocinado tamén por Sotelo Blanco, o profesor doctor Joan Bassagoda i Nonell presentou o seu libro «La Pedrera de Gaudí», editado pola Cátedra da Universidade Politécnica e, no acto inaugural, presidido polo Conseller adxunto ó Presidente da Generalitat, Miquel Coll i Alentorn, en representación do Honorable Jordi Pujol, falou don Francisco Dapena Alfonsín, arquitecto, director das obras do templo da Sagrada Familia.

O señor Dapena sulíñou o feito de ter sido un home galego —Olegario Sotelo Blanco— quen fixo posible que «baixo esta arquitectura, que nos conmove pola súa maxestuosidade pétrea, os barceloneses e visitantes de todos os países que acuden á chamada do xenial Gaudí, poidan coñecer a orixinalidade deste edificio e da abondosa cantidade de planos, de proxectos e de documentación da creación gaudiana, que durante un mes poderemos estudar e admirar nesta nova Galería de Arte, que se abre ó público».

Don Francisco Dapena Alfonsín, galego tamén e expresidente do Centro Galego de Barcelona, rematou o seu discurso cunhas verbas en catalán, sendo moi aplaudido polo público que acudiu á inauguración da Galería de Arte «La Pedrera» e da exposición homenaxe ó famoso arquitecto.

Pechou as intervencións o Honorable Miquel Coll i Alentorn, referíndose a varias das obras de Antoni Gaudí, que el viu xurdir na xeografía catalana durante a súa xuventude e agradeceu a Olegario Sotelo Blanco, «fillo da Galicia irmá» —dixo— o ter feito posible este homenaxe ó orixinal arquitecto catalán».

«El Ideal Gallego», 22-VII-1980.

PRESENTACIÓN DA REVISTA «NÓS»

Falaron Basilio Losada e Manuel Casado Nieto

No Departamento Cultural de Empresas Sotelo Blanco de Barcelona tivo lugar o acto de presentación da edición facsimilar, en seis volúmenes, da revista «Nós», editada por Galaxia.

Encetouse o acto coa proxección da película «Os Oleiros» e rematou con outra tiduada «El Emigrante», basada no libro dos escritores Olegario Sotelo Blanco e Antón Armesto.

Honrou coa súa presenza a xuntanza cultural, Bieito Ledo, directorxerente da Editorial Galaxia, e talaron o profesor Basilio Losada Castro e o escritor e poeta ourensán, residente na cidade Condal, Manuel Casado Nieto.

Referíndose á película «Os Oleiros», que nos lembra o pasado artesán galego, o profesor Losada Castro dixo que compre salvar e dignificar a Galicia dos nosos labregos. «Tal, engadiu, foi o propósito da Xeneración «Nós», que conseguiu devolverlle á nosa Terra a conciencia da súa dignidade, empezando pola lingua, consolidando a tarefa encetada polos precursores.»

A revista «Nós» apareceu o 1920, cun coaderniño, aínda humilde, e durante anos, superando grandes atrancos, foi a voz de Galicia ata o ano 1936 en que morreu de morte artificial.

O profesor Basilio Losada agradeceu o novo logro de Galaxia que, con ilusión e esforzo, superando problemas económicos e técnicos de difícil solución, publicou a edición facsimilar de «Nós», orgullo de todos e símbolo dunha das etapas máis fecundas da cultura galega para sermos Nos e facer notar a Nosa voz na Historia.

Manuel Casado Nieto calificou a edición da revista como o acontecemento editorial máis importante de Galicia. «Ninguén —dixo— que teña interés por coñecer os avatares da nosa alma galega, pode prescindir da obra dos homes de "Nos".»

O poeta Casado Nieto lembrou a súa infancia, cando acudía ás reunións, presididas por Vicente Risco, verdadeiro «pai» da obra feita por un equipo de homes de gran saber, especialistas nas diferentes ramas da ciencia e das artes. Naquelas xuntanzas, ás que aistían galeguistas inquedos

polo saber como Castelao, Cuevillas, Lousada Diéguez, Otero Pedrayo, Cabanillas, etcétera, todos eles cunha curiosidade insaciable pola cultura, estudiábase e discutíase as correntes literarias, filosóficas, artísticas e anovadoras europeas e inclusive as ideas teosóficas indúes.

O poeta de Castro Caldelas findou o seu discurso agradecendo a Galaxia a nova publicación, verdadeiro tesouro do que non existían máis de sete coleccións completas e que agora está ó alcance de todos os interesados en beber nas fontes dos galeguistas da Xeneración «Nós».

«El Progreso», 3-II-1980.

B. LOSADA: «GELMIREZ E UN DOS MEIRADES PERSOEIROS UNIVERSAIS»

Nunha velada literaria, patrocinada polo empresario ourensán residente en Barcelona, Olegario Sotelo Blanco, falou o profesor Basilio Losada Castro en homenaxe ó arzobispo Gelmírez co gallo da presentación de «Diego Gelmírez —Reino de Galicia— Siglos XI y XII», de Adro Xavier.

O profesor encetou o seu parlamento afirmando que, afortunadamente, aínda queda xente que aproveita os intres de ocio, ben merecido, para falar de libros. E, entrando xa no tema da súa disertación, laiouse de que a historia, amiúdo, está mal contada e case sempre sometida a deformacións que se perpetúan nos libros.

«A figura de Gelmírez, engadiu, enche páxinas vivas da historia de Galicia e da historia de España. Gelmírez non é só unha das grandes figuras galegas da Edade Media, é, ademais, un dos meirandes persoeiros universais.»

Mais adiante o profesor Losada Castro dixo que o arzobispo compostelán decatouse da posibilidade dunha España múltiple e potenciou o «Camiño de Sant-Iago, verdadeiro cordón umbilical que nos xunguía a Europa. ¿Qué houbera sido de Sant-Iago, preguntóu, sen a roita do Apóstol? España, incluso, non sería un país de cultura latina, senón musulmana. Non seríamos o que hoxe somos».

O director do Departamento de Literatura GalaicoPortuguesa calificou a Diego Gelmírez de home astuto, tenaz, político que sabía equilibrar a enerxía coa habilidade, por riba de vellos dogmatismos.

«Con Alfonso III, o Santo; o Cid; Ramón Llull e poucos máis —asegurou Losada Castro— é un dos grandes constructores de España. Soubo facer política española dende Galicia, reclamando para Galicia a primacía, o cal orixinou problemas con Toledo e con Braga.»

Tamén se referiu o profesor á «Crónica Compostelana» que nos relata a historia de Galicia no tempo de Gelmírez, namentres non desaparece esta gran figura exemplar, que non sabemos cómo morreu, e que se perde nas sombras ó tempo que remata o relato da «Crónica Compostelana».

«Que Gelmírez —suliñou o profesor da Universidade de Barcelona— non teña a súa tumba na Catedral é un feito que nos introduce mesmo nas portas do misterio.»

E rematou manifestando a esperanza de que o libro de Adro Xavier, «Diego Gelmírez — Reino de Galicia— Siglos XI y XII», axude ó mellor coñecemento de Galicia, porque «se España ten hoxe unha urxencia —afirmou— é a de nos coñecer todos mellor».

A continuación Alejandro Rey-Stolle Pedrosa, S. J. —Adro Xavier—, autor do libro, falou das razóns que o motivaron para escribir a biografía de Gelmírez, que xa coñecen os leutores do I.G. pola semblanza que publicamos do polígrafo xesuíta compostelán, residente en Barcelona dende neno.

Tanto o escritor como o profesor foron moi felicitados nas súas intervencións así como tamén o propietario da Galería de Arte, Olegario Sotelo Blanco, que cedeu o local e organizou a celebración do acto.

«El Ideal Gallego», 10-IV-1981.

FLORENCIO DE ARBOIRO, ESCULTOR ENXEBRE

Na «Galería d'Art La Pedrera», do Grupo de Empresas Sotelo Blanco, de Barcelona, galegos e cataláns puidemos, unha vez máis, admirar a obra dun artista da nosa Terra. Trátase do escultor Florencio Martínez Vázquez —Florencio de Arboiro— nado na pequena aldea ourensá de Arboiro o 13 de agosto de 1945, que presentou a súa obra con gran éxito.

Persoeiros das artes e dos diferentes estamentos barceloneses acudiron á inauguración da mostra creativa do xoven escultor que «con estilo humilde, franciscán e de amor á natureza —son palabras de X. F. Ogando— alenta na súa obra o recordo da poesía de Noriega Varela».

Tras unha breve intervención do poeta Casado Nieto, fixo a presentación do artista don Xulio Francisco Ogando Vázquez, director do Instituto Otero Pedrayo de Ourense e membro da Real Academia Gallega, quen suliñou a fonda amizade que xungue ós pobos catalán e galego.

«Cando os políticos —dixo— están a falar da unidade dos pobos non se decatan que xa está feita dende hai moitos séculos. A lírica provenzal chega a Compostela a través do Camiño de Santiago. E nese vello Camiño donde nos atopamos hai moitos anos.»

O profesor Ogando Vázquez, noutro intre do seu discurso pronunciado en lingua galega, recordou que Alfonso VII, rei de Galicia e, máis tarde, «Imperator totius Hispaniae», casou con dona Berenguela, filla dos Condes de Barcelona, feito histórico que vencella galegos e cataláns. Enumerou outros feitos de irmandade galaico-catalana, como a conferencia pronunciada polo rexionalista Brañas na Universidade de Barcelona; a viaxe política de Cambó a Galicia; a creación da revista «Galeuzca» e a presentación do Estatuto Galego do 36 nas Cortes reunidas en Montserrat, e afirmou:

«Hoxe traemos a Barcelona, como un feito de solidariedade, a embaixada artística do Florencio de Arboiro que, con sentimento fondamente panteísta, dalle á materia morta unha sensibilidade nova e fai a súa mellor creación nestas pedras lambidas pola auga dos nosos ríos, abrazadas amorosamente polo bronce».

O ilustre académico rematou cunhas palabras en catalán, acollidas con agarimo polos numerosos asistentes ó acto inaugural, e o artista agradeceu, emocionado, a acollida que os barceloneses dispensaron á súa obra.

Enxebrismo e innovacións

Os comezos artísticos do Florencio transcurriron a carón do seu avó materno, Nicanor de Arboiro, que tina un pequeno taller. El foi o seu primeiro mestre. Co avó aprendeu a tratar as madeiras; pero axiña sentiu a «chamada» do bronce, e amañou un pequeno forno artesán para fundir lingotes do nobre material.

«O método que emprego —díme o escultor— é o vello sistema chamado "de cera perdida". A fundición é unha profesión moi dura que o artista non ten obriga de facer; pero é dunha gran axuda porque, cando se coñece ben o oficio de fundir, hai grandes posibilidades de extenderse na creación poético-figurativa e pódese innovar canto se queira.»

O escultor de Arboiro fai temática enxebre popular. As súas obras están inspiradas en oficios, costumes ou persoaxes que tenden a desaparecer. A expresión plástica do Florencio recórdanos, cun deixo de saudade, épocas pasadas: o segador que volta da seitura, cun saqueto ó lombo, canso da longa e dura tarefa, co fouciño escintilante, pulido polo traballo; o afiador, incansable tripador de camiños; a dona da casa munguindo a vaca... O seu arte inspírase tamén nas cousas sinxelas, na flora e na fauna do seu pobo: toxos, cardos, nabos, millo, follas de berza, de cepeira, de carballo... a aguiña no cimo dunha pedra do monte Rodicio, a paloma, o moucho de gran beleza pola forza expresiva e agresiva dos ollos que resaltan na noite...

«Teño predilección polos temas do meu entorno —afirma Florencio de Arboiro— e sobretodo por aqueles que xa empezan a ser historia, que os nosos fillos xa non coñeceron porque o progreso está arrombando con eles. Coa miña obra pretendo deixar constancia duns costumes e dunha época que está a morrer. A xente agrádalle contemplar a miña obra porque lémbrales o pasado.»

Moitos críticos pretenden que o arte debe ser pura creatividade. O Florencio non se deixou engaiolar por modas ou «ismos». Ten o seu estilo propio, con innovacións non experimentadas deica hoxe por outros artistas. A súa obra máis representativa, «Simbiosis», está realizada en bronce e pizarra de Montefurado, con base de oliveira. Outro mérito do artista é o emprego que fai coas pátinas de diferentes tonos, que dan maior naturalidade ós elementos das súas composicións. Proba do seu éxito é que, dende o ano 1975 que expuxo por primeira vez no Círculo Mercantil e Industrial de Vigo, xa participou en dezaseis exposicións individuais ou colectivas en diferentes cidades conseguindo, entre outros premios, un accésit na Bienal Internacional de Pontevedra e o primeiro no Concurso «Meigas e Tragos» —1981— de Sarria.

Galicia sempre foi un ricaz viveiro de inspirados artesáns e escultores: Asorey, Faílde, Xoan Piñeiro, Manuel Buciños, Maxín Picallo, Suso Vázquez Pardo... A tantos artistas enxebres temos que engadir o nome de Florencio de Arboiro que, co seu arte, está a crear novos vencellos de irmandade galaico-cataláns.

«El Ideal Gallego», 6-X-1981.

EDICIONES «SOTELO BLANCO»

Unha nova Editorial galega en Barcelona

Facía tempo que rebulía na idea de Olegario Sotelo Blanco o anxeio de crear unha Editorial en Barcelona para promocionar a cultura galega. E xa o conqueriu, e con bó pé.

A ampla Sala de Arte «La Pedrera» resultou pequena para acoller ó numeroso público que acudiu para ser testemuño de tal efeméride. Entre os asistentes atopábase o director do Banco de España de Barcelona, señor Víctor Moro; os Xefes da Delegación de Hacienda, profesor Federico Gobartt e do INSS, señor Martínez-Seara; o presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra; o arquitecto señor Dapena Alfonsín; o inxenheiro don Patricio Sánchez; os escritores Xoan Manuel Casado, Xosé M.^a Costa Gómez e Blanco Castro; representantes dos Medios de Comunicación e o Grupo de Baile da Irmandade Galega «A Nosa Galiza» de Mollet, que actuou baixo a dirección de Fernando e Julita.

Os dous primeiros libros de «Ediciones Sotelo Blanco», «La Centvria» e «Castro Caldelas y su comarca», foron presentados polo profesor Basilio Losada Castro e polo poeta Manuel Casado Nieto, ilustres persoeiros das Letras Galegas, residentes na Cidade Condal.

La Centvria

Basilio Losada, director do Departamento de Filoloxía Galaico Portuguesa, encetou o seu discurso afirmando: «Sotelo Blanco empeza o seu labor de editor recuperando para a literatura galega unha auténtica peza de bibliografía porque «La Centvria» —editada admirablemente ben— é moito máis ca unha revista de vida cativa, de sete números ó longo dun ano, dende o San Xoan de 1917 ata o mes de xulio do 1918. O grupo «La Centvria» convertiu a Ourense na capital cultural de Galicia durante moito tempo».

A continuación o profesor dixo que na edición facsímil, impresa por Tecnograf, S. A., de Barcelona, atopamos os nomes dos que logo formarían a Xeneración «Nós» e que, realmente, é a prehistoria da posta en marcha dunha das máis grandes empresas culturais que tivo Galicia ó longo da súa historia.

Referiuse máis adiante á súa teimuda e afervoadada percura de publicacións galegas sen que endexamais puidera bater cun número de «La Centvria» e engadiu: «Iso pode explicar a ledicia con

que acollin a nova de que Sotelo Blanco pensaba editar esta revista, tan ben lograda, que corresponde a unha etapa singular dentro da evolución de seis homes que encetaron na «Centvria» os seus primeiros traballos literarios. Sorprende, por exemplo, ver como Risco di no ano 1918 que o galego, como lingua, ten que quedar como unha manifestación máis do noso riquísimo folklore e, dous anos despois, el é precisamente o home que encabeza a posta en marcha do movemento de recuperación nacional».

Afondando no tema, o profesor remarcou que a actitude de Risco non é unha contradicción porque o intelectual ten a obriga de ser sempre contradictorio. Hai que desconfiar dos homes dun só libro e dos homes dunha soa idea. A vida —suliñou— esixe estar axustando permanentemente os nosos recursos de comprensión da realidade, e Risco, intelectual por vocación e por exercicio, intelectual puro, unha das mentes máis claras e máis núdeas de Galicia, viviu tamén a íntima contradicción que supón o exercicio da vida intelectual que nunca se pode conciliar con actitudes dogmáticas.

Basilio Losada Castro findou o seu discurso coas seguintes palabras:

«Sotelo Blanco fixo un grande, un enorme e decisivo servizo á cultura galega. Debemos manifestar o noso agradecemento por esta Empresa que, eu sei e el sabeo tamén, non vai ser negocio. E unha verdadeira Empresa de consciencia cultural, por iso é dobrada a nosa gratitude.

«Castro Caldelas y su comarca»

Don Manuel Casado Nieto, que mantivo unha fraterna amizade con Vicente Risco —escribe o académico X. F. Ogando Vázquez na presentación de «La Centvria»— resaltou a personalidade do Mestre «afervoadado de saberes raros, esotéricos e das culturas orientais»; de Arturo Noguero, Florentino López Cuevillas, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Otero Pedrayo e outros colaboradores e do afán que tiñan polas tendencias modernistas, ultraístas e simbolistas dando a coñecer poetas como J. Péladan, Rimbaud, Stéfano Mallarme, George Meredith, Rabindranath Tagore, etc. na pequena cidade provinciana de Ourense que «a partir de entón —dixo— pasou a ser chamada a Atenas de Galicia».

O poeta Casado Nieto, caldelao coma o autor de «Castro Caldelas y su comarca», Olegario Sotelo Blanco, fixo tamén un vivo eloxio do escritor suliñando que o libro «é unha obra de moitas horas de traballo, de investigación, de pescuda en arquivos, de tripar camiños, de falar cos labregos, de entrega total dun caldelao que triunfou na emigración e quixo facer con este fermoso libro un homenaxe ó seu pobo natal».

Olegario Sotelo Blanco pechou o acto manifestando que o seu desexo é contribuir a espallar o pensamento de Vicente Risco, gran admirador de Castro Caldelas, e dar a coñecer os costumes, a étnia, os moimentos e a historia do seu pobo, que o día 31 de Nadal será testemuño dun magno acto literario, con asistencia de autoridades e académicos galegos que acudirán á presentación de «Castro Caldelas y su comarca» e «La Centvria», como homenaxe a Risco e como culminación dos actos celebrados ó longo deste ano adicado ó esgrevio filósofo e escritor.

«El Ideal Gallego», 3-I-1982.

O CONSELLLEIRO DE CULTURA, QUE FOI RECIBIDO POLO PRESIDENT DA GENERALITAT, JORDI PUJOL, ASISTIU A VARIOS ACTOS CULTURALS NA CIDADE CONDAL

Nos derradeiros días de maio, tivemos a dita de ter con nos ó Conselleiro de Cultura, don Xosé Fernando Filgueira Valverde que, ademais de se reunir co seu colega catalán, señor Max Cahner, e de ser recibido polo president Jordi Pujol, presidiu numerosos actos culturais tales como a presentación, na Galería de Arte «La Pedrera», do libro «A Vendima», do poeta Casado Nieto, e da revista «Ronsel», dúas importantes publicacións de Ediciones Sotelo Blanco. Tamén asistiu, na Universidade, á presentación do libro-álbum «Farrapos da vida e dos homes», do pintor de Padrón Beiró Buxán e, a continuación, no Salón de Grado, pronunciou unha maxistral conferencia sobre L. Amado Carballo. Pola noite, o señor Filgueira, foi agasallado pola Peña do Penedo cunha cea. Lembraremos sempre o seu afervorado discurso de despedida dos seus amigos da Peña, que se sentiron honrados, tamén, pola presenza do Conseller de Cultura catalán, que pronunciou unhas emotivas verbas en galego. A xuntanza rematou cunhas breves pero encendidas palabras do director do Banco de España en Barcelona, señor Víctor Moro, de merecidos eloxios para o profesor Filgueira Valverde e coa interpretación dos himnos galego e catalán pola Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», dirixidos por Xosé Luís Foxo.

Manifestacións do señor Filgueira Valverde

«Estamos en agarda do traballo do Instituto da Lingua Galega e da Academia Gallega, que institucionalmente teñen ó seu cargo tan laboriosa tarefa. Cando se definan, seremos os primeiros en aceptalas. En canto ás teorías lusistas —engadiu— estou en completo desacordo con elas. A ortografía portuguesa non é tan boa como se di. Sería partidario de que eles aceptaran a nosa, que é moi boa.»

O falarnos do Consello de Cultura, de recente creación, dixo:

«Do que me sinto máis satisfeito, baixo o punto de vista cultural, é de ter fundado o Seminario de Estudos Galegos (1925), o Museo de Pontevedra (1929) e o Consello de Cultura (1982)».

Das súas conversas con persoeiros da Generalitat, afirmou:

«Viñen a Catalunya para coñecer as experiencias catalanas, estudar cómo resolveron eles os problemas e cómo se administran, xa que temos moitas cousas en común».

Do labor que están a facer as diferentes Irmandades, Grupos e Peñas de galegos residentes na provincia de Barcelona, o señor Filgueira manifestou:

«E magnífico que existan, sobre todo, debido ás grandes distancias que separan os barrios e comarcas. As diferentes motivacións que fan que as xentes se agrupen, teñen unha misión específica

a cumprir: a de animadores de vencellos de amizade e a de promover iniciativas vivificadoras do Centro Galego que, institucionalmente, debe ter a visión de agrupalos a todos».

Para rematar, e como anécdota, diremos que a súa conferencia sobre Amado Carballo foi a número 997 das pronunciadas polo ilustre profesor ó longo de tantos anos de espallar cultura galega.

«El Ideal Gallego», 4-VI-1982.

Galería de Arte «Sargadelos»

Inaugurouse en maio de 1972 cunha exposición moi completa do libro galego, dende o século XVI ata hoxe, feita en colaboración coa Fundación Penzol, a Real Academia Gallega e a Universidade de Sant-Iago. Con tal motivo, Ediciós do Castro publicou un importante estudio bibliográfico galego titulado «Catálogo da 1ª Mostra do Libro Galego en Cataluña».

Pilar Rodríguez, que o ano 1975 substituíu a Inés Canosa ó facerse ésta cargo da tenda de Madrid, é a encargada da Galería, dependente do Seminario Sargadelos (Cervo-Lugo), que dirixe don Isaac Díaz Pardo.

Dos fins que se propón a Galería de Arte Sargadelos de Barcelona, Xosé Díaz escribe:

«Trátase dunha especie de embaixada ou de centro cultural galego en Barcelona, no senso de achegar a nosa cultura á catalana e viceversa, e dentro da idea de conectar directamente ás culturas periféricas da península sen ter que pasar por Madrid. Cousa esta que dudo se teña cumprido».

«ESCOLMA FERIDA» DE MANUEL LUEIRO REY

Na Sala Sargadelos da Cidade Condal, Basilio Losada Castro, profesor da Universidade de Barcelona, presentou o libro do poeta Manuel Lueiro Rey, «Escolma Ferida», publicado en Ediciós do Castro.

Coa oratoria exuberante e ricaz á que nos ten acostumados, o profesor Losada fixo unha afervoadada gabanza do libro de Lueiro Rey, «libro de poesía social que non foi posible publicar antes por mor das circunstancias políticas; pero que aínda hoxe é de magoante actualidade na nosa Terra asoballada».

O profesor Losada, referiuse logo á abondosa obra do autor con palabras eloxiosas para a súa novela «Manso», premio Cidade de Oviedo, e findou o discurso lembrando pasaxes doutro libro de Lueiro Rey «Non debían medrar» que «reviviron en mín —dixo— fermosas vivencias esquecidas da miña nenez».

Manuel Lueiro Rey agradeceu as palabras do intelectual afincado en Barcelona e as mostras de simpatía dos numerosos asistentes ó acto. Logo adicou palabras de gabanza a Luís Seoane, Arturo Cuadrado e Lorenzo Varela, compañeiros na emigración, fachos acesos da cultura galega en Bos Aires, durante os anos loitosos da posguerra. Dixo que o nacemento de «Escolma Ferida» era debido ás súas arelas de recoller nun libro os poemas de testemuño espallados por xornais e revistas publicadas no extranxeiro, e findou agradecendo a «Sargadelos» e a Díaz Pardo, «traballador incansable de 28 horas nas 24 que ten o día, pola cultura de Galicia», o agarimo con que acolleu a súa obra.

O arxentino Indio Juan, do grupo que escenificou «Fulgor y muerte de Joaquín Murieta», de Neruda, findou a velada recitando varios poemas, traducidos ó castelán polo autor.

Manuel Lueiro Rey, conversador ameno, é un home aberto ó diálogo. E, según propia confesión, un galego máis inqueda pola problemática galega ca do noso idioma ó que se incorporou serodiamante. A parte dos libros devanditos, conseguiu o 1.º premio Ciudad de Vigo, cuns sonetos o ano 1962, e o primeiro premio Internacional de Narracións de Valladolid, con «Vicente y el otro». Tamén publicou «La noche espera el alba» en Bos Aires, en «Botella al mar», colección de poesía, e «Un tempo de sol a sol», editado polo Centro de Betanzos da mesma cidade de Bos Aires. Na Habana cooperou nun libro de poemas en homenaxe ó Che Guevara, no que colaboramos poetas catalanes, vascos, casteláns e galegos.

Lueiro Rey, coa súa persoalidade envolvente, conseguiu verdadeiros amigos en Barcelona. Como moi ben dixo Xosé Luís Blanco na entrevista que lle fixo en Radio Peninsular, «a colonia galega agradeceu vivamente o seu mensaxe varil».

«Diario de Pontevedra», 5-V-1978.

«DISCURSOS PARLAMENTARIOS 1931-33 DE XOSÉ LOIS GARCÍA

Na Sala Sargadelos, recién estrenado o novo ciclo de actividades culturais tras un longo e cálido verán, o profesor Basilio Losada Castro fixo a presentación do novo libro do escritor chantadido, Xosé Lois García.

A obra é unha escolma dos discursos pronunciados polos deputados galeguistas Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo e Villar Ponte, recollidos por Xosé Lois García tras unha longa esculca na Biblioteca Nacional de Madrid e no Diario de Sesiones das Cortes.

«Propúxenme rescatar os discursos dos catro galeguistas —díxonos o inqueda escritorobreiro— para coñecemento e estudio das novas xeneracións.»

O libro, atinado na composición como todos os publicados por Edicións do Castro, que dirixe Isaac Díaz Pardo, impulsor tamén dése milagro que é Sargadelos, está prologado polo mesmo Xosé Lois, que ademais das biografías dos catro persoeiros, engadiu notas abondo para situar ó lector. A portada, dos catro políticos caracterizados pola man do artista Castelao, ten un engado tal que coidamos axudará ó seu espallamento.

O profesor lugués, director do Departamento de Filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade catalana, agradeceu a laboura eficaz e teimuda do escritor, pero laiouse de que non tivera escolmado o discurso de don Ramón Otero Pedrayo en defensa da Eirexa Católica, ó cal respostou o autor:

«Certamente ficaron fora desta escolma moitos discursos porque dei prioridade á problemática exclusivamente galega, deixando temas alleos á mesma e que houberan significado outros tres volúmenes».

Don Basilio Losada tivo frases de gabanza para os catro deputados galeguistas e recordou que Wenceslao Fernández Flórez —home de dereitas, e polo mesmo nas antípodas de Castelao— impresionado pola grande personalidade do político de Rianxo, dixera: «se hai un deputado sincero, éste é Castelao». E, inda máis: moito antes da publicación das obras cimeiras do mestre, profetizou: «Castelao, se se dedicara a escribir alcanzaría a ser unha das mellores plumas nacionais».

Xosé Lois García amenizou a velada con algunhas anécdotas referidas a Castelao e Unamuno, afervoadado españolista.

O noso político publicara un dibuxo no que un labrego aconsellaba: «Non fiedes dos políticos. Fan coma o cuco, que pon os ovos no niño doutro paxaro».

E, ós poucos días, Unamuno dixo no Congreso: «Para min é un honor cubrir o estrado quente aínda por Castelao».

Daquela, Basilio Alvarez, o deputado agrario galego, berroulle ó de Rianxo:

«Cóntalle o conto do cuquiño»!

O profesor Losada Castro, sabedor de que o Xosé Lois García anda a traballar no rescate da documentación presentada por Galicia o 1919 na Terceira Internacional Comunista en pro do recoñecemento da nosa Terra como nación, findou a velada animando ó autor de «Discursos Parlamentarios 1931-33» a seguir traballando para espallar entre as novas xeneracións as inquedanzas dos nosos devanceiros do primeiro tercio deste século porque —lamentouse— «o índice da problemática galega do ano 1931 e o mesmo ca o de hoxe. Sigue a falarse de crise, estamos sen escolas, sen industrias nas cabeceiras das nosas bisbarras, sen industrialización agraria, con barreiras que acentúan a miseria de Galicia e, o que é peor, hoxe en día nin sequera temos un só deputado por un partido galeguista».

«El Progreso», 22-X-1978.

HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO

Na Galería Sargadelos da Cidade Condal tivo lugar unha velada de homenaxe postumo a Celso Emilio Ferreiro, o poeta de Celanova morto en Vigo o 31 de agosto.

Encetou a xuntanza Ricardo Salvat que, en catalán, tivo verbas cheas de emoción para o poeta galego e de gabanza para a masiva asistencia de público, que ateigaba as salas e choía os recantos todos do local.

Parlamento de Xavier Costa Clavell

Logo, Xavier Costa Clavell, o poeta escritor de Chantada, residente en Catalunya, impresionado aínda coa lembranza das derradeiras entrevistas que mantivo con Celso Emilio por mor da biografía que está a facer do autor de «Longa Noite de Pedra», dixo:

«Que ninguén tente facer bandeira partidista do noso vate, como ven acontecendo con Castelao. Celso Emilio non é un poeta político. E, eso sí, o máis grande poeta civil de Galicia».

Costa Clavell contou algunhas anécdotas, que dan a dimensión humana e de humor do gran poeta e findou o seu discurso facéndose eco das palabras, que abriron o multitudinario homenaxe tributado a Celso Emilio no Palacio de Deportes de Madrid, pronunciadas por Eduardo Blanco Amor, hoxe desaparecido tamén no eido das letras galegas.

A continuación, e cun éxito sorprendente, María Jesús Andany, M.^a Josep Arenos, Bartomeu Olsina e Maria Vilanova recitaron poemas do homenaxeado en castelán e catalán —estes— traducidos polo poeta mallorquín Llompart.

ALFONSO GALLEGO EXPON NA GALERÍA «SARGADELOS» DE BARCELONA E DA UN RECITAL DOS SEUS POEMAS NO CENTRO GALEGO

Diante dos lenzos que o pintor Alfonso Gallego expon na Galería de Arte «Sargadelos», de Barcelona, atopámonos cun creador coruscante e de variados matices que síntense e pálpense cos ollos. Os seus cadros enmarcan planos exteriores de enormes perspectivas e vivas tonalidades. Neles predominan rubios con intensidade de lume, verdes esmeralda nos que se reflexa a luz dominante e zonas sombrizas mesturadas con marelos nun todo armónico e atractivo.

Como ben dixo a profesora Castells Vila: «Alfonso Gallego naceu artista. Pode crear escenas que non son na realidade pero que nos atraen e engadan. Nas súas composicións a liña desaparece para deixar paso á poderosa influencia da cor que existe con forza propia. E condición dos grandes artistas sentir vivencias difíciles de contar xa que neles a sensación xurde denantes ca o pensamento. A pintura de Alfonso Gallego fai meditar. E un verdadeiro mensaxe de poesía e beleza».

Pero a paleta e o pincel de Alfonso Gallego non abren de par en par só a súa explosiva imaxinación. Varios dos seus óleos son unha patente denuncia do estrago ecolóxico que nas grandes cidades empece o triunfo nidio e impoluto da luz. Diante da súa obra creativa, o contemplador

decátase axiña da tristura que embaza ó pintor cando diseña as grandes aglomeracións industriais, envolteitas nun bafo de grises neboentos. Como bon poeta, autor teatral e novelista, o Alfonso, nas súas composicións plásticas, ábrese tal e como el é. Descúbrenos o seu pensamento, a impetuosa forza que lle bate no interior e, con sinceridade, deborca en todas as súas creacións a mensaxe espiritual que quere compartir.

«A Gadaña»

Alfonso Gallego, nado en Curtís hai 52 anos, de moi novo empezou a dibuxar facianas de labregos. Eran retratos duros, plasmados case sempre con realismo acedo. Máis tarde foi un dos fundadores de «A Gadaña», un grupo informalista que rompeu con todos os moldes da pintura clásica.

«Cada vegada —afirma o artista—, fúnme achegando máis ó espacio cheo de espírito en percuo das voces que non vemos; pero que se sinten e que están poboando o firmamento.»

O Alfonso ten exposto obras en numerosas salas e galerías de arte de Galicia, Madrid, Bos Aires —onde foi presentado por Luís Seoane— e Montevideo. Tamén fixo abondosos grabados e participou con renomeados artistas, como Raimundo Patino, na exposición itinerante «Estampa popular Galega» que recorreu toda España. E un afervorado de Seoane «polo contacto directo que tivo co pobo e pola pureza da súa coor»; de Díaz Pardo «un dos pintores bós que sorprendeume moito coas súas faces e coas súas figuras» e admira a Van Gogh «polo coorido, pola violencia e polo dramatismo da súa obra».

Escritor e poeta

Unha das inquiredanzas do noso biografiado é a creación literaria. En castelán publicou os libros de poemas «La señal del viento», «Boca abajo» e «Ayer está a volver». En galego: «A cidade e unha gueivota tesa» e moitos poemas espallados en revistas e xornais. A súa poesía, chea de metáforas, é tristeira e social. Néla respirase certa acedume polo home mergullado na escravitude, que non ten acougo; pero logo xurde o amor e a esperanza. Fai poesía libre «porque o pensamento non se pode encadear e o espírito ten que xurdir coma auga que se desborda e fai camiño, ás vegadas, amplo coma un río».

Outro xénero literario ensaiado por Alfonso Gallego é a novela tráxica: «Cartas sen adeus», «Cartas íntimas de Xacobo Neuvi» e «A muller que xurde do mar», obras todas elas inéditas. Como autor teatral dramático, ten unha abondosa produción con temas de hoxe: a droga, a morte colectiva, o máis ala. As mellores, coído eu, son «A Loita», «A Cea», «O Zoo», «Os Mortos» —finalista no 2º Premio de Teatro «O Galo», de Sant-Iago— que próximamente publicárase con ilustracións de Raimundo Patiño e «Gaiotas de vidro», galardonada cunha mención honorífica.

Alfonso Gallego tamén é un gran rapsoda. No Centro Galego, aproveitando a súa estancia en Barcelona por mor da mostra que está a presentar na Galería «Sargadelos», recitou algúns poemas do seu próximo libro «Poemas para despois da morte». Sabíamos que en varias ocasións tiña dado

recitais en escolas e fábricas e tal foi a razón de que a Directiva da Colectividade galega lle fixera a invitación.

Cantos acudimos á chamada do poeta pasamos unha velada agradable porque a súa poesía é coma unha choiva de inverno que peta nas portas e dá esperanza.

«El Ideal Gallego», 3-XII-1981.

Grupo Cultural Galego «Castelao» de L'Hospitalet

DATA DE FUNDACIÓN: 15/V/1979

ESTATUTOS LEGALIZADOS POLO GOBERNO CIVIL O 12/VI/1979

XOSE LOIS GARCÍA PRESENTA UN NOVO LIBRO «CASTELAO I CATALUNYA»

Organizadas polo Grupo Castelao e o programa «A nosa Galiza» de Radio Miramar, encetouse un ciclo de conferencias no Salón de Sesiones do Axuntamento de L'Hospitalet. A primeira delas correu a cargo do poeta Xosé Lois García quen falou da laboura galeguista de Castelao en Catalunya.

Fixo a presentación destas Xornadas Culturais, Manuel Fernando, director do programa «A nosa Galiza» agradecendo ó Excelentísimo alcalde de L'Hospitalet, señor Pujana, a cesión do Salón de Sesiones do Axuntamento para acoller a cantos sentimos inquedanzas pola cultura galega. O señor Pujana asegurou que L'Hospitalet, cos seus 300.000 habitantes de diferentes culturas, é unha cidade chea de problemas e animou á colonia galega a seguir polos vieiros da unión e do entendemento, ofrecendo a súa enteira disposición a facilitar os medios para canto signifique axudar ás diferentes étnias da populosa cidade catalana.

Xosé Lois García, traballador sen acougo, viu coroada a súa conferencia co éxito do seu novo libro bilingüe galego-catalán: «Castelao i Catalunya» editado por Alvarellos de Lugo. O Xosé Lois xa nos ten afeitos a esta sorte de veladas literarias. Hai un ano asistimos á presentación de «Discursos Parlamentarios» (1931-33), cando aínda lembrabamos con agradecemento a súa escolma «Nova Galicia» e, derradeiramente, tivemos a dita de ler o seu libro de poemas «Do Faro ó Miño», prologado polo chorado Celso Emilio Ferreiro. Xosé Lois García, traballador metalúrxico, estudante universitario, poeta e escritor, non sei, abofé, cómo pode desenrolar tanta actividade. Soamente con esforzo e cunha vocación grandísima se poden acadar tantos logros en tan curto espacio de tempo.

«Castelao i Catalunya» comprende unha serie de artigos aparecidos no diario «Avui». Nel, o autor fálanos da Triple Alianza entre Catalunya, Galiza e Euzkadi, formada na «Diada» do 11 de setembro de 1923; cóntanos o afervoado homenaxe tributado ó País Galego o ano 1932 en Barcelona; fai historia da creación de «Galeuzca» verba formada polas primeiras sílabas das tres

nacionalidades. Esta organización foi creada o Día Nacional da Patria Galega o 25 do mes de Santiago do ano 1933. Xosé Lois contonos a defensa radical que Castelao fixo do Estatuto galego e da súa residencia en Barcelona os anos 37 e 38 e remata expoñendo o ideario político do autor de «Sempre en Galiza».

«Castelao i Catalunya» é un libro de gran interés e terá unha grande divulgación. Eu atópolle dúas chatas: A portada presenta a senyera e o fermoso dibuxo de Maside, xa clásico, de Castelao e o título do libro en catalán cando, coido eu, o título, xunto ás bandeiras de Galicia e Catalunya, debera ser bilingüe igual que o texto. Outra cousa de lamentar é a pouca calidade da parte gráfica, «motivada, según o editor, polas fotografías reproducidas de recortes da prensa daquela época».

«El Progreso», 25-XI-1979.

O PROFESOR LOSADA EN L'HOSPITALET; MARÍA MANOELA E ALFREDO GONZÁLEZ EN SABADELL

Impresionados polo pasamento de Blanco Amor

Na aula de cultura de Santa Eulalia de L'Hospitalet, o doutor profesor de Filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade de Barcelona, Basilio Losada Castro, clausurou as Primeiras Xornadas de Cultura Galega organizadas polo Grupo Castelao e o programa «Galiza Ceibe», que dirixe Manuel Fernando de Radio Miramar.

Fixo a presentación do conferenciante o popular locutor, quen se referiu ó profundo coñecemento que o profesor Losada ten das culturas galega e catalana e rematou o seu parlamento agradecendo a numerosa asistencia de público, en aumento cada Xornada.

O profesor Basilio Losada, impresionado pola morte do seu grande amigo Eduardo Blanco Amor, dixo antes de entrar no tema da conferencia, que o escritor ourensán foi un dos mellores prosistas galegos de sempre e, referíndose á novela «Xente ó Lonxe», contou como Blanco Amor, nun intre de decepción, tentara raxar a obra, salvada por consello seu, tras longa porfía para convencer ó amigo da necesidade de que «Xente ó Lonxe» sobrevivira. Hoxe, con «A Esmorga», «Xente ó Lonxe» ocupa un dos lugares máis sobranceiros da creatividade literaria galega.

As relacións de Galicia con Catalunya

Non é posible, dixo o profesor Losada Castro, establecer unha serie de coordenadas históricas que suliñen unha relación directa entre Galicia e Catalunya. O descoñecemento mutuo é debido ós 1.200 kilómetros, verdadeiro valado que separa ós dous pobos. Catalunya, ademais, quedou fora do Camiño de Sant-Iago, cordón umbilical que xunguiu Galicia con xentes de todos os países. Podémos referir a intres nos que semella que houbo intentos de relación, mais ben, anecdóticos. Un exemplo témolo no monxe Cesáreo de Montserrat que, no século X, pelengrinou a Iría Flavia para que o obispo galego o consagrara bispo de Tarragona.

O primeiro contacto directo entre Catalunya e Galicia dase no século XVIII cando miles de cataláns se estableceron nas Rías Baixas para se adicar á pesca de arrastre, causa de indignación

entre os nosos mariñeiros porque conlevaba o esquilmo da pesca nas rías, estragaba os fondos mariños e reducía os xornais. Nas costas galegas, inda que dun xeito colonial, os cataláns estableceron un sistema moderno e industrial; practicaban a endogamia; vivían en comunidades separadas e só os fracasados chegaron a se integrar co pobo galego. A pesar dos problemas causados, a emigración catalana en Galicia foi positiva: Atopáronse con técnicas que arrancaban do neolítico e imprantaron todos os adiantos industriais capitalistas. Tal foi o único intre de relación directa entre os dous pobos.

Os Idiomas Galego e Catalán

Referíndose ás relacións literarias, o profesor Basilio Losada dixo que Catalunya foi o único país da Iberia onde Rosalía de Castro tivo incidencia, mesmo dende 1863, ano da publicación de «Cantares Gallegos» e engadiu: Mosén Cinto Verdaguer, gran figura do xurdimento espiritual do pobo catalán, na rúa de Tallers atopouse cun home que tocaba a gaita e nos seus ollos humedecidos adiviñou a nostalgia do emigrante, inspirando no vate, admirador da nosa poeta e de Galicia, un dos seus poemas máis fermosos.

No ano 1889 Brañas publicou en Catalunya o seu libro «El Regionalismo», obra cuxa lectura determinou o catalanismo de Cambó, según confesión propia do persoeiro catalán a Vicente Risco.

Semellanzas entre Catalunya e Galicia

O conferenciante afirmou que as dúas nacións estiveron oprimidas polo centralismo; pero a opresión de Galicia vén de moito máis lonxe. Catalunya perdeu o seu autogoberno o ano 1714; a «Doma e castración» de Galicia encetárase no século XV, aínda que, para ser máis verdadeiros, podíamos recuar ó reinado dos Trastamaras no século XIV.

O proceso do Rexurdimento agroma nos dous países nunhas datas moi próximas: No 1828 Nicomedes Pastor Díaz publica «Alborada» e no 1832 Aribao a «Oda a la patria», fitos ambos do despertar dos idiomas galego e catalán. No Principado prendeu, medrou e desenrolouse axiña porque había unha burguesía arraizada e conscente, que agarimou a flor do agromar do pensamento catalán. Pero a burguesía de Galicia, composta de comerciantes maragatos, vascofranceses e cataláns, alleos ó país, sen conciencia nacional, co supremo pracer de vestir e falar como a xente de Madrid e coa única idea de mercar a baixos precios no agro e logo vender ó máximo os produtos manufacturados, non fixo máis ca empecer o renacemento do noso país.

O profesor Basilio Losada findou a súa conferencia dicindo:

«Inda que máis tarde, desa burguesía saíu a xente que hoxe está a loitar por Galicia: O fillo do burgués volve da Universidade falando galego e nos mesmos que, se ollamos a árbore xenealóxica dos nosos antergos, vimos todos da sacha ou da rede, na nobreza da sacha e da rede descubrimos a nosa nobreza, cuxo alento fundamental é o idioma».

A continuación houbo un coloquio aberto, de gran interés e, finalmente, falou Xosé Luís Torres, responsable do Grupo «Castelao», clausurando así as Primeiras Xornadas de Cultura Galega de L'Hospitalet.

Novo éxito artístico de María Manoela

O Grupo «Nós» de Sabadell é unha fonte inagotable de traballo. Nun período de dous anos naceu, medrou e xa chegou á maioría de idade. Primeiro en locais alugados, agora xa no seu propio fogar, organizou veladas literarias, festas, recitais e ¿por que non?, ceas de irmandade e «queimadas». O Grupo «Nós» foi quen trougo «Fuxan os ventos» e á «María Manoela», por primeira vez á Catalunya e, neste mes de Nadal, volvemos a ter a dita de oír a voz e atender a mensaxe da artista ferrolana.

O público entregouse por enteiro a María Manoela, que esta vez, ademais da do seu home «O Tranquilo», tivo a valiosa colaboración de Ramón Boiro e agasallounos cun feixe de creacións novas inspiradas en poemas do poeta da Terra Cha, Manuel María, adicados ós nenos porque — dixo— «coidamos que debemos cantar cantigas en galego para nenos para que se vaian afacendo á súa lingua».

Tamén interpretou a Rosalía, Cuña Novas, Curros, temas do pobo, panxoliñas do Nadal, pandeiradas...; pero os meirandes aplausos acadounos cando, antes de interpretar a Celso Emilio Ferreiro, dixo: «Do noso poeta de Celanova morreu o corpo nada máis, porque as súas verbas estarán con nós para sempre».

Ben se pode gabar Galicia de ter unha voz como a de María Manoela e, os seus poetas, unha intérprete de tamaño valía artística!

Alfredo González grabará novo disco

Tamén actuaron Xosé Luís Foxo, o mestre-gaiteiro imprescindible en cantos actos folklóricos se celebran na nosa colectividade, e Alfredo González, coñecido por todos polo L.P. do Grupo «Petapouco», que cantou varias cancións que axiña chegarán ó público nun novo disco. O meu agradecemento a este noso troveiro da emigración galega en Catalunya por ter escolmado varios poemas do meu derradeiro libro «Soldada mínima».

Herminia Corbacho, a cantora das Rías Baixas, residente na cidade do Vallés, foi moi aplaudida cando, no intermedio, recitou os seus inspirados poemas, e o profesor Serafín Villanueva, tras agradecer a acollida do público, prometeu a «plena entrega do Grupo "Nós" á nosa cultura e ós artistas galegos, profetas dun maná triunfante».

«El Progreso», 23-XII-1979.

II XORNADAS DE CULTURA GALEGA PATROCINADAS POLO AXUNTAMENTO DE L'HOSPITALET

Baixo o patrocinio do Excmo. Axuntamento de l'Hospitalet, o Grupo «Castelao» e «A Nosa Galiza», emisión en lingua galega de Radio Miramar, organizaron as II Xornadas de Cultura Galega

que durante catro semanas desenrolará temas tales como «Os medios de comunicación en Galiza», «Aspectos sociais e políticos do noso pobo», «Represión en Galiza, aspectos, implantación e historia do noso Estatuto» e «As raíces do pobo galego» polos conferenciantes Manuel Fernando González, M.^a Xosé Novo Vázquez, Xavier Costa Clavell e Basilio Losada Castro.

Na primeira Conferencia-Coloquio, que se celebrou no Salón de Sesiones do Axuntamento, o Presidente do Grupo Cultural Galego «Castelao», Xosé Luís Torres, fixo entrega ó Alcalde dun dossier cos traballos realizados polo Grupo. O señor Pujana, en nome da Corporación, agradeceu a cooperación dos galegos de l'Hospitalet, «unha entidade da cidade —suliñou—, merecente da colaboración do Concello para un maior entendemento entre as persoas e as culturas do pobo de máis habitantes de España».

O escritor Xosé Lois García, moderador destas II Xornadas de Cultura Galega, tras agradecer ó Axuntamento a cesión do local do Concello e a presenza do seu Rexidor, fixo a presentación do conferenciante «home integrado no mundo galego, dixo, que, a través da emisión «A Nosa Galiza», está informando á nosa Colectividade e facendo Patria».

Os medios de comunicación en Galicia

O Xosé Lois pregou un minuto de silencio polos persoeiros galegos mortos o derradeiro outono, Antonio Alonso Ríos, deputado da Segunda República; Rodolfo Prada, albacea de Castelao, e Ramón Valenzuela, figuras representativas do noso pobo. Acto seguido, o locutor Manuel Fernando, un home nado en Ourense hai trinta anos, que cursou estudos de música nos Conservatorios de Ourense e Madrid, foi emigrante en Arxentina e, de volta a España, licenciouse en Ciencias da Información en Barcelona, pronunciou unha documentada conferencia encol dos «Medios de comunicación en Galiza» dende o ano 1876 a 1936, período no que apareceron 16 publicacións íntegramente en galego.

O Manuel Fernando empezou referíndose ó derradeiro poeta medieval galego, Macías o Namorado, e ó longo enmudecemento da nosa lingua ata a chegada dos Precusores Murguía, Vicetto, Rosalía...

O Romanticismo, o Provincialismo (1843-1868), o Rexionalismo (1871-1916) e o Nacionalismo (1917-1936), afirmou o Redactor Xefe de Radio Miramar, pouco a pouco foron creando as condicións que nos levaron a logros como a revista «Nós», que asumiu un compromiso total coa lingua de Galicia e representa, mellor ca ningunha outra, o ideario político da xeneración dos Castelao, Cuevillas, Risco, Alexandre Bóveda, etc.

O longo da súa disertación, o coñecido locutor, especialista en Servicios Informativos e gran propulsor do deporte modesto, demorouse no estudio de publicacións como «O Traballo, fundada por Curros Enríquez; «O tío Marcos da Portela», de Lamas Carbajal; «A Nosa Terra», que pasou a ser órgano oficial do Partido Galeguista (1934/36); «Alento», identificada coa Teoría do Nacionalismo de Risco; «A Monteira; «A tía Catuxa»; «As Burgas»; «A gaita galega»; «Logos», etc.

Non é posible resumir nunha curta reseña a detallada exposición feita por Manuel Fernando, de tantos periódicos e revistas nas que colaboraron persoeiros como Añón, Brañas, Lugrís, Viqueira, Nogueiral, Villar Ponte, Otero Pedrayo e tantos outros homes que forxaron a restauración cultural de Galicia.

O creador do programa dominical «A Nosa Galiza», que xa leva seis anos en antena, findou a súa conferencia dicindo:

«Anceiamos uns xornais, unha TV e unha radio populares. Non podemos esquecernos de tantos devanceiros que nos sirven de exemplo. Os que traballamos nos Medios de Comunicación debemos erguer a bandeira galega e loitar polo noso Pobo. O amor a Galicia debe estar por enriba dos intereses individuáis: É mester que haxa moitas emisoras con programación galega porque todo canto se faga por concienciar á nosa xente é pouco».

Como remate da velada, o locutor ourensán tivo o acerto de presentar unha cassette coas verbas de Castelao, grabadas en Montevideo e, tras unhas palabras de felicitación do Concexal señor Pedra, o Grupo de Gaitas de Mollet, baixo a dirección de Francisco Calvo, pechou o primeiro acto cultural destas II Xornadas.

«El Ideal Gallego», 4-XII-1980.

AS RAICES DO POBO GALEGO

«Quen pretenda ver en Galicia ou nos galegos unha raza, está cometendo un erro histórico fundamental. Non somos unha raza. Somos producto dunha chea de circunstancias, dunha superposición de pobos que chegaron por todos os camiños ata o Finisterrae.»

Con estas verbas encetou a súa conferencia no local do Grupo «Castelao» de l'Hospitalet o profesor Basilio Losada Castro, quen afirmou que para aclarar qué somos realmente, a ciencia moderna válese dun concepto moito máis eficaz: a Etnia. Hai unha étnia cando hai un grupo de xente cunha decisión de convivencia e cuns elementos de artellamento cultural que non teñen que ser necesariamente uniformes nin coas mesmas características físicas. O que artella toda a vida galega é fundamentalmente a lingua, elemento básico da nosa étnia, de tal xeito que, se algún día desaparecera esta creación colectiva, a máis importante de Galicia, desapareceríamos como pobo, porque a nosa lingua é o que lle dá sentido á nosa idiosincrasia e á nosa historia. Outros elementos étnicos son o ámbito xeográfico, as condicións climáticas, o feito de que Galicia sexa unha proa granítica cara o Atlántico, de que teña unhas formas de vexetación propias aínda que o verdadeiro condicionante é a vontade de constituirse como pobo.

Recuando no tempo ata o paleolítico, o profesor Losada falou dos coios traballados, dos elementos e «industrias» arqueolóxicas e dos homes galegos do magdalenense cuxa única preocupación era a supervivencia, e da revolución neolítica, que se deu na nosa área xeográfica hai catro ou cinco mil anos, na que xurdiron os elementos clave da nosa civilización: a Familia e a Propiedade.

«Aínda nos estamos movendo hoxe —afirmou—, neste esquema e hai antropólogos que sosteñen que o mito dunha sociedade sen propiedade privada é imposible se antes non se constituíu unha nova forma familiar.»

O profesor Basilio Losada explicou cómo o home pasou de nómada a sedentario afirmando que, namentres o home se adicaba á caza, a muller foi a verdadeiro protagonista da agricultura e da cerámica que constituíron a primeira gran transformación da vida do home. Outra das funcións principais da muller era conservar o lume, coidar de que non se apagara a fogueira que era o elemento central da vida da súa comunidade e que, co tempo, conquistou un sentido máxico.

«En Galicia —dixo o profesor Losada Castro—, en canto arrabuñamos un nisco na realidade do país, atopámonos coas supervivencias neolíticas da enorme presenza da muller e cos seus dereitos recoñecidos dentro do Dereito consuetudinario galego que está en permanente conflito co Dereito establecido castelán. A muller galega, no ámbito rural, ten unha categoría e unha liberdade de decisión, mesmo erótica e de responsabilidade económica, igual á do home. A presenza feminina atopámola tamén na literatura. Non hai no mundo unha literatura de protagonismo feminino tan acusado como nas «Cantigas de Amigo» nas que a muller é a que leva a iniciativa amorosa, a que tenta, a que provoca, a que busca o contacto co home, que é un cazador ou un guerreiro que vai a terras de Jaén ou Sevilla. Todo o noso Cancioneiro de Amigo é un tesouro e un homenaxe deste matriarcado neolítico que en Galicia está aínda perfectamente vivo, se ben deturpado pola presenza dun sistema xurídico alleo, esmagador, que inflúe na vida rural eliminando as súas características diferenciais.»

O profesor afirmou, máis adiante, que a revolución neolítica en Galicia durou practicamente deica o século XII. Que as noticias que temos da nosa Terra amóstrannos que era un país inzado de castiros e algunhas manchas de carballos. Os piñeiros son de introducción tardía e a peste vexetal do eucalipto, arbore fermosa pero que estraga a terra, zuga a auga, seca as fontes e convirte as terras nun deserto, é unha praga moderna. A mantenza dos antergos coñecémola por Estrabón que, case nos tempos de Cristo, escribiu que os galegos comían pan feito de glandes e bebían cervexa que sería, máis ben, sidra ou unha bebida de fermentación de froitos naturais. Tamén comían o millo — que non debe confundirse co maízo ou o millo dos mouros—, castañas, leite e mel. O viño introducírono os romanos nas ribeiras do Sil e, no século XII, espallouse por outras comarcas gracias ós grandes mosteiros do Císter. As primeiras experiencias coa pataca déronse en Mondoñedo no século XVII. Na Edade Media o consumo da caza estaba absolutamente reservada ós señores. A xente do común, que eran todos os galegos practicamente, salvo os abades dos mosteiros ou as grandes familias nobiliarias, estáballes prohibida e o que cazaba era aforcado inmediatamente.

«O gran neolítico galego —engadiu o profesor Losada—, chega ata hai 800 anos; pero aínda hai áreas de Galicia, como os Ancares, que viven dentro dun sistema que lembra perfectamente as formas de convivencia e de artellamento social do neolítico.»

O profesor Basilio Losada Castro finalizou a súa conferencia facendo unha exposición rápida de quén eran os celtas. Un pobo que chegou de Asia, seguindo o roteiro do sol, que se mesturou cos xermanicos e que veu a España nos séculos VI e IX, xa xermanizados. Os celtas sabían traballar o ferro e sabían montar a cabalo. A espada, como elemento de guerra, deulles unha superioridade militar enorme. Murguía e con el todos os celtistas do século XIX mantinaron recrear unha Galicia céltica. Máis tarde os herdeiros de Murguía, como Cuevillas, seguiron falando dos celtas. Hoxe, nos

términos dos estudos arqueolóxicos e antropolóxicos, practicamente non se fala de celtismo. Pero o que non se pode negar é que en Galicia hai unha base céltica. A mesma palabra «Galicia» é un término céltico. Os Gálatas eran os celtas de Asia Menor. Os Galos eran os celtas de Francia e do norde de Italia. A raíz «Gal» (branco) distinguía ós pobos de cor branca. A Galicia chegaron dúas ramas celtas. Os rubios (dolicocéfalos) e outros de pelo cor castaño (braquicéfalos) de xeito que xa non chegaban como unha unidade étnica. É un erro pensar que un home loiro é celta. Ese é un xermano ou un suevo, quizabes porque os celtas de Hallstatt que proviñan do Baixo Rhin, que cruzaron Suiza e logo baixaron á Italia e, pola Lombardía e os pasos de Saboia, chegaron a Francia e España, eran xente de alta estatura, pelo castaño máis ben moreno o que sucedía é que levaban tantos séculos cos xermanos que, en gran parte, estaban xermanizados. O profesor Losada engadiu:

«Sobre o celtismo creáronse totalas lendas galegas. A lenda de Breogán, o Breogán coudel, o xefe dos celtas que dende a torre de Brigantium viu ó lonxe a Illa Verde e un día botouse ó mar cos seus e chegou á Illa Verde e, dende alí, os seus fulos pasaron a Gales e Bretaña. Galicia sería, pois, o toro dos países que aínda hoxe manteñen en Europa a máis viva pervivencia céltica. Murguía, coñecedor das lendas irlandesas que nos falan das aventuras de Breogán, cavilou na exaltación do celtismo como unha necesidade para asentar a recuperación dunha étnia prestixiosa, pero non se decatou que ó chegaren os celtas a Galicia atopáronse cuns elementos que procedían da Edade do Bronce que foron os que lle deron o contido cultural ó celtismo. Estes elementos eran os oestrimnios. Os pobos que habitaban Galicia cando chegaron os celtas eran homes do Bronce, navegantes e exportadores de estaño que ían deica Irlanda coas barcas de pelexos de coiro. Os celtas asimilaron a cultura oestrimnia de tal xeito que a raíz cultural de Galicia non é propiamente celta, senón oestrimnia.»

Según o profesor Losada os celtas endexamais tiveron unha estrutura política superior á de tribu, ou grupo de xente que vivía nun mesmo castro, razón pola que a presenza do mundo celta en Europa reduciuse a escasos elementos culturais, aínda que algúns enormemente importantes como a presenza da muller. E asegurou:

«Eu sigo convencido, en contra do que é habitual nos prehistoriadores de Galicia, de que na esencia de Galicia operan tres elementos: Os neolíticos, os oestrimnios, que non é mais que unha evolución sobre a base do descubrimento da navegación e da industria das pedras de estaño para fundir o bronce, e os celtas, que sabían forxar o ferro, desplazábanse a cabalo impoñendo a súa lei coa espada e tiñan, ademais, un enorme dinamismo demográfico. Tiñan unha lingua con escasas variedades diallectais. Adoraban a natureza, as árbores, as fontes; pero, fundamentalmente, no Panteón céltico, máis que deuses, había deusas porque a presenza da muller era extremadamente importante. Non era un ser sometido a unha permanente minoría de idade, coma en Roma. A muller tina bens propios que non se fundían cos do home e cando se disolvía o matrimonio que era, máis ben, un contrato pactado en absoluta igualdade de condicións, apartaba os seus bens. Na vida real galega, a presenza da muller é moito máis viva, operativa e constante ca nas outras comunidades hispánicas. A época celta foi o "Século de ouro" da muller.»

O profesor Basilio Losada referiuse a outras raíces galegas como a creación estética, á rítmica, á estrutura paralelística das Cantigas de Amigo que revelan un elemento fundamental que é a estrutura simétrica de pensamento, típica á escritura bímembre, orixen da retranca do mundo rural galego.

«En definitiva —suliñou—, non somos unha raza. Somos unha étnia que nace da existencia dunha cultura que sentimos como común. Somos un pobo constituído pola comunidade dunha historia convivida e consufrida moitas veces. Non somos unha raza. Somos moito máis: un grupo de xente que constituíu, co seu traballo colectivo, unha Historia común.»

«El Ideal Gallego», 8-I-1981.

FALARON X. COSTA CLAVELL E X. DOMINGO LOMBAO

«Represión en Galiza, aspectos, implantación e historia do noso Estatuto»

No local social do Grupo Cultural Galego «Castelao» o escritor e periodista chantadino, Xavier Costa Clavell, pronunciou unha conferencia na que falou dos inicios da toma de conciencia nacionalista no decurso do século XX ata chegar ó plebiscito do 28 de San Xoan do 36 e do renacer do Estado actual das autonomías.

O ponente encetou o seu parlamento lembrando a reunión da Xunta Central de Galicia, en Lugo o ano 1843, na que se puxo a votación a proposta de Antolín Faraldo «se debía ou non este Reino declararse independente» e que foi rechazada por un só voto. Referiuse logo á revolución galega de 1846, movemento rexionalista vencellado ó pronunciamento militar do xeneral Solís, que findou cos fusilamentos dos patriotas galegos en Carral, e lembrou o banquete na carballeira de Conxo o ano 1856 —xuntanza dos homes do traballo e da intelectualidade— na que os poetas Aguirre e Pondal brindaron pola democracia e a liberdade.

Costa Clavell, seguindo na súa exposición, explicou o «Proyecto de Constitución o Pacto Fundamental para el Futuro Estado Gallego» sancionado pola Asamblea Federal do Territorio reunida en Lugo o mes da sega de 1887. Tamén fixo unha semblanza do federalista Pi i Margall e de Brañas, autor de «El Regionalismo» (1889), primeira obra deste tema publicada en España, na que se establecían as bases autonomistas. Tampouco esqueceu falar da «Liga Galega», creada na Coruña o ano 1897, á que pertencían Murguía, Lugrís Freiré, Carré Aldao, todos eles vencellados polo sentimento rexionalista e afirmou:

—Outro avance foi a aparición en 1911 de «Acción Galega», cuxo líder era o crego Basilio Alvarez e á cal pertencía Portela Valladares; pero o que máis cooperou ó galeguismo foron as «Irmandades da Fala» (1916) de Antón Villar Ponte, que contribuíron ó galeguismo dun xeito máis cultural e político.

O conferenciante tivo verbas laudatorias para o mestre do nacionalismo, o filósofo Xohan Viqueira, e para Vicente Risco, que no ano vinte, publicou a «Teoría do Nacionalismo Galego», que proporcionou, por primeira vez, substancia doutrinal ós nacionalistas galegos. Lembrou organizacións arredistas da emigración como a «Sociedade Nazionalista Pondal», fundada en Bos Aires en 1926; ORGA, creada por Casares Quiroga e Villar Ponte e o Partido Galeguista (1931), fusión de 22 agrupacións galeguistas, cuxo líder indiscutible foi Castelao, e findou a súa exposición

reseñando os feitos que desembocaron no plebiscito do 36, que adquiriu estado parlamentario nas Cortes reunidas en Montserrat o 1.º de febreiro do 1938.

Na segunda parte da súa conferencia, Xavier Costa Clavell, referiuse á guerra civil, ó fusilamento de Alexandre Bóveda, ós Consellos de Guerra, ás execucións políticas que moitas vegadas «encubrían —dixo— inconfesables venganzas personais» e engadiu:

—O feito diferencial galego semellaba definitivamente apagado e soamente na emigración e, de xeito moi especial en Bos Aires, pervivía o entusiasmo galeguista. Pero, pouco a pouco, as cousas foron cambiando e as novas xeneracións descubriron en Castelao un símbolo que estimulaba o sentimento galeguista. O Partido Galeguista desfaiuse e os seus mentores deciden loitar no fronte cultural e xurde «Galaxia» e «Grial» para cumprir este labor ó tempo que agroman novas organizacións políticas.

Costa Clavell findou a súa conferencia resumindo os acontecementos destes derradeiros anos: O Consello de Forzas Políticas; o Estatuto dos 16 e o pactado derradeiramente, que «non é comparable —afirmou— ó catalán nin ó vasco, entre outras cousas, porque no Estatuto Galego non se contemplan competencias referentes á ordenación do Crédito Bancario nin dos Seguros; de policía autónoma; de Administración Local; de Ensino, etc.

Aspectos sociais e políticos do noso pobo

Xosé Domingo Lombao, en substitución da estudante de Dereito M.^a Xosé Novo, que non puido ocupar a tribuna do local galego da rúa Pujós, por enfermidade, pronunciou a segunda conferencia das II Xornadas.

O X. Domingo Lombao é un rapaz moi novo aínda, nado en Castroverde (Lugo), hai 22 anos, recién cumprido do servizo militar. Ten feito dous cursos de Ciencias Sociais e agora anda a procurar un emprego para compangar o traballo cos estudos universitarios. Se non desfallece, gracias ó seu sacrificio, o Lombao acadará un título superior de valía extraordinaria, amasado en sudores e privacións, feito que se ven dando amiúdo na mocidade galega da emigración.

Para chegar á realidade social de Galicia, o conferenciante empezou analizando as causas do atraso económico galego e cales son as vías para solucionarlos.

—Galicia, dixo, ten unha estrutura específica e, cando se fala do problema social e político, débese falar tamén do problema económico e cultural.

Comparando a problemática andaluza ou extremeña coa de Galicia, afirmou:

—As causas non son as mesmas e polo tanto non deben darse idénticas solucións. O deles é crise de latifundio que se pode arranxar cunha reforma agraria axeitada; o problema de falla de desenrolo cultural, económico e social de Galicia ten que se facer a través da concienciación do noso pobo.

Referíndose á burguesía galega —intermediaria entre as clases dominantes e as populares— lamentou que en Galicia non se tivera dado unha burguesía enraizada no pobo coma no caso de Catalunya.

Tamén analizou o feito de que o 60% dos traballadores galegos adícanse á agricultura, á pesca, ós traballos artesáns e que, en certo xeito, son asalariados das grandes empresas ó ter que vender os seus produtos a baixo precio e laiouse da falla de bens de equipo e maquinaria, da práctica inexistencia de industrias alimentarias capaces de desenrolar e absorber a produción agraria e engadiu:

—O problema das grandes industrias, que se instalan na nosa Terra, é que eliminan máis postos de traballo dos que orixinan. Non se pode industrializar dunha maneira irracional. Hai que estudar a fondo unha Lei de Montes, o Estatuto do Leite, o Plan Marisqueiro, o problema da contaminación das rías. E ó mesmo tempo débese atender o Ensino, a Seguridade e a Hixiene — Galicia é un dos países de máis baixo nivel sanitario de Europa— e aproveitar a materia prima galega, creando complexos industriais de transformación integral dos recursos propios.

O Xosé Domingo Lombao fixo tamén unha análise do custo que representa para Galicia a educación e formación dos seus fillos que logo, no intre de producir unha rentabilidade, vense na obriga de emigrar, beneficiándose outras nacións do seu esforzo e do seu saber, e rematou o seu parlamento sulíñando que a superación dos problemas de Galicia só se conseguirá coa formación dun goberno autónomo.

«El Progreso», 11-I-1981.

Grupo «Nós» de Sabadell

Nace o 17 de maio de 1978 á iniciativa de dous mestres galegos: Xesús García e Herminia Corbacho, ós que se uniron doce galegos máis, case todos mestres.

«Nós» defínese como unha plataforma cultural, unitaria e apartidista no seo da emigración galega en Sabadell, cuxo principal obxectivo é a toma de conciencia da propia identidade nacional entre os emigrantes galegos.

O Grupo «Nós» ten organizado Xornadas Culturais, Recitais, Conferencias, Concursos Literarios, Excursións, etc. e a presidenta do Grupo, como representante das Entidades Culturais de Sabadell, asistiu á Sesión extraordinaria do Parlamento Europeo, en Strasbourg, onde se librou o Documento «Som una nació» feito polas entidades adheridas a CRIDA, viaxe coñecido polo nome de «Tren de les Nacions».

Os estatutos oficiais de «Nós» foron aprobados na primaveira do 80. Formaban a Xunta Directiva: Herminia Corbacho, como presidenta; Serafín Villanueva, como secretario, e Xosé Manuel Silva, como tesoreiro.

A súa organización oficial actual está composta por:

Herminia Corbacho, presidenta.

Rosa Gómez, secretaria.

Ramón Oblanca, tesoreiro.

Como vocales de Biblioteca, Recreativos, etc.:

Esperanza Brañanova

Milagros Campos

María do Carmen Rodríguez

Eusebia Méndez

Xulio Toural.

A nivel de traballo, o Grupo «Nós» está organizado en comisións cun responsable ó fronte de cada unha.

HISTORIA DA NACIONALIDADE GALEGA

En Sabadell, na sala de actos do colexio Kenedy, houbo unha xuntanza de varios centos de galegos daquela cidade Vallesana para celebrar un acto cultural no que Xosé Lois García pronunciou unha conferencia sobre a Historia da Nacionalidade Galega.

Fixo a presentación o profesor de filosofía do Instituto Casas Blancas don Manuel Fernández González quen dixo:

—Viñestes á chamada que fixemos o grupo «Nós». «Nós» é unha irmandade, un berro. Xa fomos menos o ano pasado e esperamos que sexamos máis. Hai que bulir e xuntar moita xente. Os galegos de Sabadell temos que xunguirnos e ter conciencia de grupo para, co esforzo de todos, contar axiña con local propio. Hoxe oiremos ó Xosé Lois García, o día 18 a Ramón Tabarés e o 2 de Nadal ó catedrático Basilio Losada. Facemos unha chamada ós galegos do Vallés para que acudan a estas conferencias, que tratarán da nosa Historia, da nosa Economía e da nosa lingua. Se conseguimos que os galegos pensemos na nosa problemática, xa é moito.

O Xosé Lois García, en pé, referíndose á queima da biblioteca e da sala de xuntas do Centro Galego dixo:

—Hai xente interesada en facer desaparecer a nosa cultura. A biblioteca do Centro Galego é un testemuño da nosa identidade como Nación. Con queimar a obra dos nosos devanceiros o pobo galego non vai desaparecer. Eu solidarizóme con todos os que repudian este atentado.

Logo, empezou a conferencia dicindo que Galicia é unha Nación, coma moitos outros pobos da Europa, afogados antes de cumprir os seus fins históricos. Galicia é unha Nación porque nela vive

unha comunidade estable, con territorio, étnia, economía e idioma propios. E unha Nación porque ten unhas características que imprimiron no home galego un xeito peculiar de vivir.

Referíndose a Plinio e Estrabón, dixo que na época romana xa faláron de Galicia coma dun pobo diferente, difícil de domear. Galicia, ó longo da historia foi retallada no seu territorio, primeiro pola zona norte de Portugal, logo entre os ríos Eo e Navia e no 1833 amputándolle o Bierzo e Sanabria. Na nosa Nación os suevos crearon o primeiro estado independente da Iberia. Os irmandiños, ergueitos contra da tiranía dos Andrae, foron os primeiros en España que se revoltaron contra da inxusticia, enarbolando a bandeira branca co lema Deus Fratesque Galleciae. O noso pobo «domado e castrado» polos Reis Católicos, que deron morte a Pardo de Cela e acabaron coa resistencia galega da Frouseira, padece un longo asoballo perdendo incluso a representación nas cortes castelanas, recuperada cos Austrias a un precio abusivo. A Galicia negóuselle o comercio a través dos portos galegos. No reinado de Felipe II, 15.000 familias galegas foron obrigadas a emigrar ás Alpuxarras de Granada para ocupar terras mouriscas. En pago, clásicos casteláns coma Cervantes, Góngora e recentemente Larra, fixeron mofa da nosa xente cos seus escritos.

Pero a represión contra o noso pobo non acadou esborrallar a nosa Nación. E o crego de Fruime, os Mártires de Carral, Antolín Faraldo e Brañas foron sementes que deron como resultado en 1907, «Solidariedade Galega»; «A Nosa Terra», publicación creada por Lugrís Freire; o partido agrario Acción Galega (1911), de Basilio Alvarez; As Irmandades da Fala, de Villar Ponte; a «Teoría do Nacionalismo Galego», de Vicente Risco e a Xeneración «Nós» dos Castelao, Cabanillas, Otero Pedrayo e, xa na primeira República, a sensibilización obreira potenciada por ORGA, ata chegar ó máximo exponente das nosas liberdades, o estratega que soubo reconciliar todas as ideoloxías: Alfonso Castelao.

Xosé Lois García na súa documentada exposición encol da historia galega falou do trauma da guerra civil, do longo silencio imposto á nosa lingua, roto o 1948 por Otero Pedrayo, na década dos anos 50 por «Galaxia» e nos anos 60 polas novas organizacións culturais e políticas que hoxe xa están a laborar por unha nova Galicia, e findou:

—Nós, os galegos, temos que tomar conciencia do noso destino e erguernos para sempre da longa postración que tivemos que sufrir. Temos que beber na auga limpa da nosa cultura, vivir os nosos costumes e falar o noso idioma; implicar ós taberneiros para que poñan os seus carteliños en galego; implicar ós axuntamentos para que poñan os nomes das rúas en galego; implicar ós cregos para que misen en galego; que os medios de comunicación falen no noso idioma; que os documentos oficiais e os nomes das persoas se escriban en galego. Soamente tomando plena conciencia de Nación chegaremos a cumprir o noso fin histórico.

Non faltou un longo coloquio, seguido da actuación do cantante Alfredo González, que interpretou varias cancións que foron moi aplaudidas polo público. O cantante de Becerreá non perde ocasión de contactar cos galegos que vivimos na emigración e que esta vez, sabedores do éxito que acadou nas derradeiras xiras por Galicia, acollémolo con máis agarimo, se cabe.

Co Himno Galego rematou o acto cultural e o grupo «Nós» de Sabadell agasallou ós asistentes cun magosto para, como dixo a maestra, poeta Herminia Corbacho, iniciadora desta Irmandade Vallesana, celebrar o San Martiño.

«El Progreso», 10-XII-1978.

LOSADA CASTRO: A LITERATURA GALEGA DOS ANOS DA POSGUERRA

Seguindo co ciclo de conferencias que o Grupo «Nós» organizou en Sabadell, Herminia Corbacho e Manuel Fernández González tiveron o acerto de invitar ó profesor Iugués, Basilio Losada Castro, director do Departamento de Filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade de Barcelona, quen falou da Literatura Galega nos anos da posguerra.

Pero antes de entrar no tema, quero facer sabedores ós meus lectores que na Asociación Internacional de Críticos Literarios, a Asociación Española, da que é membro o profesor Basilio Losada propuxo á UNESCO incluíu a Rosalía de Castro nunha edición de Literatura Universal de cen volúmenes traducidos a oitenta idiomas.

Coido que a nova que nos deu o ilustre doutor antes da conferencia é de gran interés para as nosas Letras e velahí a razón deste paréntesis.

Deu comenzo á súa lección congratulándose de se atopar en confraternidade cun grupo de persoas vencelladas polas mesmas inquedanzas e laíouse de que a Literatura Galega está alonxada do pobo, porque a nosa xente non ten medios axeitados para ler e a cultura ten moi pouca incidencia nos medios populares. E sulíñou: «O froito mellor que podemos sacar desta xuntanza será a concienciación do problema dramático da persoalidade de Galicia sometida a un proceso de esmagamento constante».

«O primeiro libro —dixo— que se publicou na posguerra foi «Cómaros verdes», de Aquilino Iglesia Alvariño, que significou a restauración da lingua galega truncada drásticamente pola guerra. Pero non sería xusto esquecer un feixe de intelectuais emigrantes en Bos Aires (Luís Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, etc.) que, vencellados polas bandeiras da problemática do seu país, traballaron dende os corenta ata os sesenta en pro da nosa literatura dende o exilio.»

O profesor Losada lembrou as edicións bonaerenses de «As cruces de pedra en Galiza», «Sempre en Galiza», etcétera, de Castelao. Tivo verbas de door pola perda recente de Lorenzo Varela e sulíñou que «Fardel do eisiliado» de Luís Seoane, publicado o 1942, foi o pioneiro da poesía social, cuxa temática, mesmo en castelán, non se deu ata 1950.

«O noso gran drama colectivo —dixo— Seoane sentiuno dende a emigración.»

Situado o auditorio na década dos cincuenta, asegurou que a Editorial «Galaxia» fixo posible a recuperación do prestixio do noso idioma coa publicación de arredor de 300 volúmenes. «Galaxia» brindou ós universitarios obras coma «Os ensaios», de García Sabell, «O segredo do humor», de Fernández de la Vega e «A saudade», de Piñeiro, así como a tradución de «Heideguer» e «Da esencia da verdade», en galego antes de que se fixera en ningunha outra lingua española.

Fixo grandes eloxios de Ramón Piñeiro, que nun intre concreto da vida cultural galega foi o home da eficacia e, calificou de sorprendente «Longa noite de pedra», do poeta Celso Emilio Ferreiro, que foi o libro máis vendido en calquera das linguas ibéricas.

Referente á prosa galega, recoñeceu os méritos de Alvaro Cunqueiro, autor de algunhas das páxinas máis fermosas que se teñen escrito nunca en galego e inclusive na literatura universal.

«Con "Merlin e familia" —dixo— Cunqueiro devolveu o gusto de ler en Galicia.» E engadiu: «Escola de menciñeiros» di moito máis da realidade galega có que dixeron moitos panfletos políticos».

Outro gran escritor galego é Anxel Fole, autor de «A lus do candil» e de «Terra brava», «libros increíblemente auténticos, dun mundo que é o meu mundo da montaña luguesa pola gracia, galanura e forza das súas imaxes admirables».

Laiouse da falla de continuidade na produción literaria dos nosos escritores como sucedeu con Pimentel, autor de «Sombra do aire na herba», que deu a medida dun xigantesco escritor que logo perdeuse e, volvendo ás publicacións feitas en Bos Aires, referiuse a «A esmorga», novela de Eduardo Blanco Amor, que é unha espléndida visión do mundo urbano galego.

O profesor Losada Castro findou a súa conferencia dicindo que se o neno galego non contacta dende a escola co libro galega esta está a facer un labor de deformación. «Xosé Neira Vilas, premio da Crítica e autor de libros para nenos —dixo o profesor Losada— foi un dos primeiros escritores en decatarse do problema. Se, en poucos anos, non conseguimos convencer ós mestres da necesidade dunha escola galega, de convencer ó país de que o feito de que os nosos fillos falen galego non lles poñerá o sacho nas mans, de convencer ó pobo da dignidade da nosa fala, se non conseguimos íso —suliñou— a marxinação seguirá a producir emigrantes.»

A lección do profesor Basilio Losada Castro findou cun coloquio no que non fallaron alusións á Autonomía e á Xunta de Galicia. En resposta a problemas de tanta actualidade, o conferenciante matizou tres puntos esenciais para o bon goberno dunha Xunta de Galicia: «Primeiro, que sexa capaz de cortar o trasvase de capital galego a outras rexións máis ricas. En segundo lugar, recapitalizar Galicia dispoñendo do tesouro inmenso da enerxía eléctrica que exportamos, creando industrias no noso país. E, en terceiro lugar, dignificar o galego co ensino a todos os niveis».

«El Progreso», 24-XII-1978.

«FUXAN OS VENTOS» EN SABADELL

Tamén actuaron Alfredo González e «Toxos e Xestas»

Encetando a Semana Cultural programada polo incansable Grupo «Nós» de Sabadell, co gallo do Día das Letras Galegas, «Fuxan os Ventos» deu un recital no Palacio de Deportes de Sabadell.

Don Xesús Mato, que hai uns meses visitounos na Cidade Condal, foi quen contactou coa colonia galega e os medios informativos para ver as posibilidades de que os «Fuxan...» fixeran a súa presentación en Catalunya. O Grupo «Nós», cunha entrega de traballo que todos admiramos, alcanzou o que outros soñaron pero non se estreveron a realizar polo esforzo económico e de organización que representaba o feito de presentarlle á colonia galega o mellor grupo de voces enxebremente galegas, coñecidas internacionalmente e que chegaban a Catalunya coa aureola do derradeiro éxito na capital de España.

E de agradecer ós medios de información cataláns os programas que ofreceron do conxunto de Lugo e as entrevistas que lle fixeron a don Xesús Mato, en especial, a do noso «Embaixador de Camariñas» Xosé Luís Blanco Campaña, que tanta audiencia ten en Catalunya.

Cantigas como «Sementeira», «Muller», «Muiñada», «Desafío», «Alalá da Pena», «Foliada de Olas», «Cantiga das Encrobas» e moitas outras, prenderon «lume» nos corazóns e nos beizos do público que bateu as maus e berrou enfervorizado coa actuación dos nosos cantantes.

Tamén Alfredo González, do que xa temos falado tantas veces, sumou outro éxito ós moitos que leva conseguido entre os seus admiradores, nesta parcela da emigración, donde el vive, soñando tamén co día do retorno á Patria natal.

Non faltaron as gaitas de «Toxos e Xestas», que dirixe Foxo, nin a cea de irmandade con que se rematou a festa.

O Grupo «Nós» de Sabadell ben se pode gabar. A pesar da súa corta singladura, estes esforzados do galeguismo en Catalunya, organizaron, dende o 12 ó 20 de maio, conferencias, obras de teatro, recitais e un Concurso Literario para celebrar o Día das Letras Galegas, con tal afán e tanto agarimo que son acreedores da admiración de todos os galegos verdadeiros. Chega a tal a súa entrega desinteresada e a súa unión, ceibe de persoalismos, que incluso nunha ocasión en que dei nomes, ó dar noticia doutros actos por eles organizados e que xa coñecen os meus lectores, pedíronme que mantivera no anonimato as persoas porque o Grupo «Nós» de Sabadell só quere ser iso: Un grupo que traballa fondamente xunguido e sen caciquismos, por Galicia e pola súa cultura.

LETRAS GALEGAS-1980 EN CATALUNYA

O Grupo «Nós» de Sabadell traballa sen acougo. Como recordarán os meus lectores, un feixe de mestres galegos que imparten o ensino na cidade do Vallés, vencellados por un mesmo afán, encetaron o ano 78 un labor cultural que serviu de exemplo para outras irmandades que foron xurdindo nos grandes núcleos de poboación de Barcelona. Conferenciantes e escritores; concursos literarios, recitais e festas de irmandade; un logar propio e un longo etcétera son proba da vitalidade do Grupo «Nós» que, co gallo das Letras Galegas-1980, programou unha chea de actos, a relación dos cales abundaría para dar idea da meritima tarefa dos irmáns galegos de Sabadell.

O 19 de abril o Xosé Lois García encetou o programa cunha proxección de diapositivas encol de «O Proceso Cultural Galego» e fallouse o Concurso Xuvenil de Dibuxo e Pintura. Os días 20 e 26

falaron Yolanda Díaz Gallego e o profesor Basilio Losada Castro, cuxos parlamentos tentarei resumir. Mañá, día 27, unha Mesa Redonda tratará o tema «Galicia no Estatuto» e o día 1.º de maio, no acto de clausura, Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña, falará de «O Arte como Reafirmación Cultural dun Pobo».

«A Galicia viva nos dibuxos de Castelao»

—Non é doada a verba para referirmonos á realidade espida da obra de Castelao —empezou dicindo Yolanda Díaz— e, tras facer un longo e documentado estudio dos dibuxos do álbum «Nós», «Atila en Galicia», «Galicia Mártir», «Os dibuxos de Cegos», «Estampas de Negros» e de comparar «As cruces de Pedra na Bretaña» con «As cruces de Pedra na Galiza», asegurou que a vixencia, aínda hoxe en día, da obra de Castelao, débese a que o artista de Rianxo era un grande observador cheo de conviccións galeguistas e un home puro que soubo escolmar os persoaxes que xurden da vida cotián e que sofren unha mesma comunión de sentimentos. A Castelao importáballe a problemática da xente e o seu mensaxe incidiu no pobo pola súa sinxeleza e a súa verdade. Castelao adentrouse nas raíces moleculares da nosa raza e por iso a súa obra fíxose universal, rebordando fronteiras ata mesmo publicarse na Arxentina, Cuba, China, Rusia, Estados Unidos...

A conferenciante foi moi aplaudida e non fallou o feito anecdótico que encheu de bágoas moitos ollos. ¡Ouh casualidades da emigración! Entre os asistentes atopábase o escultor Xosé Sobrado Balboa, que non voltara a ver á súa mestre dende os oito anos. O destino tornaba a xuntar á profesora e ó alumno lonxe, moi lonxe do chan nativo.

Yolanda Díaz Gallego é de Sarria. Estudiu Peritaxe Mercantil na Coruña e o ano 1953 emigrou a Uruguay. Foi Segredaria do Patronato de Cultura Galega de Montevideo, colaborou vintecatro anos na emisión radiofónica «Sempre en Galiza» e foi cofundadora do teatro popular galego de Uruguay. Agora é xerente dunha empresa na Cidade Condal e, a pesar do pouco tempo que leva convivindo entre nós, xa é coñecida pola súa actividade cultural no Centro Galego e nas diferentes irmandades da provincia e polas súas colaboracións no programa en galego, que dirixe os domingos Manuel Fernando en Radio Miramar.

O profesor Basilio Losada falou de Rosalía

Teño matinado en moitas ocasións no que representa Basilio Losada Castro pros galegos que residimos en Catalunya e cada día estou máis convencido de que el é a persoa indiscutible capaz de aglutinar todos os esforzos; de vencellar ós galegos divididos por unha chea de partidismos; de xunguir nun mesmo ideal unitario —Galicia por riba de todo— cantas capelas e capelinas gurgullan enfrentadas entre sí. A personalidade do profesor Basilio Losada, a súa cultura e a súa oratoria inciden profundamente nos grupos galegos e inclusive non galegos da Cidade Condal —cónstame que son moitos os estudantes doutras especialidades que acuden á súa cátedra unicamente polo pracer de oír ó mestre—. A alto nivel intelectual a autoridade do profesor Losada Castro é xa imprescindible en xuntanzas, convencións e congresos. Por iso non é de extrañar os seus desprazamentos a cotío por Galicia, Francia, Portugal, Madrid e mesmo que fora invitado polas colectividades galegas de Bos Aires e de Montevideo.

Hoxe, no salón de actos de Bellas Artes de Sabadell, tivemos outra ocasión de escoitar ó profesor de Santa Comba de Lugo, que pronunciou unha lección maxistral sobre «Cantares Gallegos» e «Follas Novas».

Tras reseñar os avatares históricos que marxinaron a nosa lingua, dixo:

—A Galicia, que perdera o cultivo do idioma propio, débelle a Rosalía de Castro a recuperación da súa voz e da súa sensibilidade. «Cantares Gallegos» (1863) publicouse no intre preciso e clave. Rosalía fixo o milagre de devolverlle á nosa xente a conciencia de pobo. ¿Cales son as razóns que levan á poeta a escribir en galego? Ela mesma nolo di: «Por identificarme cos humildes, cos labregos e os mariñeiros, únicos que traballan no noso pobo».

Máis adiante engadiu:

—Rosalía intégrase na realidade galega e os seus poemas teñen actualidade aínda hoxe porque os cambios na problemática do noso país afectan soamente á codia, que non á cerna.

Referíndose á universalidade da poeta do Sar, o profesor afirmou:

—Ningún literato do mundo asumiu e fixo súa a traxedia do seu pobo como Rosalía, de aí que o seu nome fora mitificado polo pobo.

O catedrático de filoloxía Galaico-Portuguesa da Universidade Central de Barcelona pasou a falar de «Follas Novas» (1880) con estas palabras:

—«Follas Novas» é un gran libro clásico, é o libro caudal que podemos poñer diante de calquera outra obra da literatura universal coa seguridade de que non vai a saír diminuída nesa comparación. «Follas Novas» está entre as cen obras mellores de todos os tempos e a UNESCO vaina a traducir a oitenta idiomas. Rosalía no seu gran libro canta a súa fondisma door convertíndose nun dos máis grandes poetas existenciais.

Basilio Losada Castro explicou o xeito de cómo, xa hai cen anos, resolveu Rosalía a poesía social sen mester de apoiaturas políticas: Porque conseguiu chegar ás entrañas do pobo, porque asimilou os temas do pobo e porque traballou pro pobo e por causa do pobo.

O profesor rematou expresando o anxeio de que os galegos sexamos dignos da obra de Rosalía a quen tanto lle debemos.

«El Progreso», 11-V-1980.

HOMENAXE A CASTELAO EN SABADELL, ORGANIZADO POLO GRUPO «NÓS»

O alcalde anunciou a próxima apertura dunha rúa que levará o seu nome

No teatro «La Farándula» de Sabadell, coa presenza do Excmo. alcalde do Axuntamento da cidade do Vallés, Toni Farrés, e do delegado de Cultura, señor Oriol Civil, celebrouse un acto de homenaxe a Castelao coincidindo co noventa e cinco aniversario do seu nacemento.

Serafín Villanueva, profesor de Linguas Clásicas do Instituto de Santa María de Barbera, abriu o acto cunhas palabras, traducidas ó catalán por Rosario Barbosa, afirmando que o mérito principal do noso pobo —labrego e mariñeiro— foi que «endexamais deixou de falar o galego e que traballou día tras día, ano tras ano, xeneración tras xeneración». Referiuse máis adiante ós sectores que, «vivindo no país, non son do país» e engadiu:

—A burguesía catalana creou unha Catalunya grande dende dentro e dende fora. Encheu o seu país de fábricas, de talleres e comercios. Fundou empresas en Cádiz, Sevilla ou Galicia. Foron incansables, traballaron aquí e aló; crearon riqueza, deron traballo e, por riba de todo, non deixaron de ser cataláns. O que ganaron aquí e aló invertírono sempre no Principado. A burguesía galega, polo contrario, non se preocupou de crear riqueza; sesteou prácidamente no seu vivir doado e regalado.

O profesor Serafín Villanueva dixo tamén que as crases sociais catalanas están identificadas coa súa cultura, feito que non se dá na nosa Terra xa que a cultura galega radica nas crases traballadoras e rematou a súa intervención cunha lembranza á obra de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que «foi o home que mellor entendeu, plantexou e loitou por Galicia, á que adicou todas as súas forzas, a súa intelixencia, o seu traballo e a súa vida.

Iolanda Díaz Gallego, agora residente en Barcelona; pero que durante moitos anos viviu en Uruguay, donde foi segredaria do Patronato de Cultura Galega de Montevideo, colaboradora vintecatros anos da emisión radiofónica «Sempre en Galiza» e cofundadora do teatro popular galego de Uruguay, fixo unha análise dos dibuxos do álbum «Nós» do artista de Rianxo que «non é un elemento histórico pasado xa que as denuncias que el fixo están vixentes e a súa presenza vivencial ten que nos acompañar para despertar e comprender a problemática do noso pobo e para dar coas solucións axeitadas».

A poeta Herminia Corbacho, profesora de E.G.B. de Sabadell e membro do grupo «Nós» leu o poema de Ramón Cabanillas «Irmán Daniel» e foi moi aplaudida polo público que enchía o teatro cando recitou o poema «Castelao», do que é autora.

Tamén actuaron, por primeira vez, o grupo de Danzas e Gaitas de Sabadell, dirixidos pola profesora Gloria Fouce e por Xosé Luís Foxo e, a continuación, o Delegado de Cultura do Axuntamento de Sabadell pronunciou un discurso no que, tras afirmar que Catalunya sempre foi un país de inmigrantes e destacar a irmandade entre os pobos galego e catalán, anunciou o compromiso do Concello sabadellense de que o nome de Castelao figure no novo nomenclátor viario da cidade. Logo, o alcalde Toni Farrés felicitou ó Grupo «Nós» «que —dixo— está axudando a elevar o nivel cultural dos sabadellenses» e, como homenaxe á Galicia, findou o seu discurso coa lectura — en galego— dun poema do poeta civil Celso Emilio Ferreiro, detalle que agradou en gran maneira a cataláns e galegos.

A presentadora do acto, Rosario de Barbosa, deu lectura a diferentes comunicados de adhesión, firmados por entidades culturais en pro do «Carrer Castelao» e rematou a velada coas

actuacións do grupo de baile e gaitas «Irmandade a nosa Galiza» de Mollet e da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas».

«El Ideal Gallego», 14-II-1981.

Irmandade «A nosa Galiza» de Mollet del Vallés

XUNTA DIRECTIVA:

Xosé Manuel Caamiña Varela, presidente.

Francisco Rodríguez López, vicepresidente.

Constante Calvo Martínez, secretario.

Manuel Rodríguez González, tesoureiro.

Xosé Souto Otero, relacións públicas.

Zacarías Antón, vocal.

Enrique Fernández, vocal.

Arturo Ferro Martínez, vocal.

Fernando Rodríguez López, vocal.

Manuel Ferro Martínez, vocal.

Mariano Vilas, vocal.

ACTIVIDADES DOS GALEGOS DE MOLLET

A Irmandade «A Nosa Galiza» de Mollet del Vallés, cidade duns 40.000 habitantes a 17 kilómetros da Cidade Condal, naceu o ano 1977 como consecuencia do programa «A Nosa Galiza», de Radio Miramar.

Foi fundada por un grupo de galegos residentes na cidade vallesana, entre os que se encontraban o actual presidente Xosé Manuel Caamiña e Xosé Souto Otero.

Dende aquelas datas, a Irmandade desenvolveu todo tipo de actividades e xa conta cun grupo folklórico formado por máis de cincuenta nenos que venen actuando en numerosos festivais por toda Catalunya, dirixidos polos mestres de danza Fernando e Julita.

Como fitos importantes no historial da Irmandade «A Nosa Galiza», hai que suñar a súa participación, con gran éxito, nas «II Xornadas Galegas en Europa» celebradas en París o ano 1981, e

destacadas actuacións en Marsella, Alemania, etc. Este ano, co gallo do Xubileo compostelán, tamén actuaron en Sant-Iago, a donde se desprazaron coa colaboración da Excma. Diputación da Coruña.

Celebracións de actos anuais no «Día das Letras Galegas», exposicións, conferencias e festivais ós que foron invitados artistas de renome como Jei Nogueral, Ana Kiro, Benedicto e Amando Prada, son outra mostra do importante labor cultural da Irmandade galega e da súa capacidade de organización.

O ano 1981, co gallo do «Día das Letras Galegas», coa asistencia dos presidentes das Diputacións da Coruña e de Barcelona, señores Enrique Marfany e Francesc Martí, inaugurouse a biblioteca da institución e o Axuntamento de Mollet, a petición da directiva, deu o nome «Castelao» á rúa donde, no número dous, ten o domicilio social a Irmandade «A Nosa Galiza».

Tampouco podemos esquecer a «Festa das Nacionalidades e Rexions» que, dende hai tres anos, ven organizando a Colectividade galega co patrocinio do Axuntamento e coa colaboración da Generalitat de Catalunya e da Diputación barcelonesa, xuntanza na que participan todas as Casas Rexionais de Barcelona en actos multitudinarios de vencellamento das culturas do resto do Estado que conviven coa catalana.

Hai que suliñar tamén a colaboración que mantén coa Irmandade o fabricante de gaitas, Francisco Calvo Regueiro, residente en Santa Coloma de Gramanet que, ademais de bon gaiteiro, exporta gaitas a Galicia, Madrid, Bilbao e, incluso, a Francia, Alemania, Bélxica e Escocia.

Dende hai un ano, a Irmandade «A Nosa Galiza» mantén un programa semanal galego a través da emisora local de F.M.

Irmandade Galega de Rubí

A «Irmandade Galega de Rubí» fundouse a mediados de 1980 por un grupo de galegos que tiña as súas xuntanzas nun pequeno local da vila do Vallés. No outono do mesmo ano, na Sala de Xuntas da Caixa de Pensións i d'Estalvis, cedida pola entidade catalana e coa colaboración da Concexal de Cultura do Axuntamento de Rubí, Maite Borrajo, a Irmandade encetou as actividades culturais con proxeccións de películas sobre a problemática de Galicia e con exposicións de cerámica, discos e libros galegos.

O mes de maio de 1981, o Grupo de Rubí inaugurou a súa sede social con asistencia das autoridades locais e representacións de casas rexionais da provincia, destacando a presenza do Centro Galego de Barcelona que acudiu coa Masa Coral e o Grupo de Baile. Tamén participou nas festas patronais do pobo conxuntamente coa Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas».

A pesar do pouco tempo transcurrido dende a súa fundación, a Irmandade ten organizado ciclos de conferencias, concursos de dibuxos, de danzas e festas como «Noite das Meigas» ou a celebrada no parque «Can Oriol» que tivo gran éxito entre a colonia galega de Rubí, San Cugat, Castellbisbal e dos pobos de arredor así como entre os numerosos simpatizantes cataláns. A festa iniciouse cunha «ruada» pola vila, sendo recibidos polo alcalde, señor Miquel Llugany, e a

continuación celebrouse a misa en galego, seguida dun xantar enxebre e da actuación dos grupos irmáns de Sabadell, Mollet e Cornellá.

Na actualidade, a Irmandade Galega de Rubí canta cun amplo local social na rúa Monturiol, 18 e ten oitenta afiliados. Os Estatutos foron legalizados o día 7 de xaneiro de 1982 e a Xunta Directiva está composta por:

Xosé Rodríguez Cervino, presidente.

Antonio Rodríguez Rodríguez, vicepresidente.

Casto González Gallego, segredario.

Manuel Neira Rodríguez, tesoureiro.

Gabriel Plana Bamio, vocal.

Miguel Romero Lucas, vocal.

Xesús Santín García, vocal.

María do Pilar AlvarezVijande y de Blas, vocal.

Dolores Freiré Méndez, vocal.

Peña Galega de Castelldefels

FUNDADA EN FEBREIRO DE 1980

por: BERNARDO BOUZAS

TOMÁS PÉREZ

XOSÉ NIEVES

XESÚS MARINO

XOAN BOO

ENRIQUE FERNÁNDEZ

ANDRÉS GONZÁLEZ

MANUEL VIEITIA

MANUEL MACEIRA

XOSÉ SEGADA

CUSTODIO GALLEGO

INAUGURACIÓN DA RONDA DE OTERO PEDRAYO EN CASTELLDEFELS

Cantas gabanzas e calificativos eloxiosos poidamos espallar ó longo destas liñas comentando os actos de irmandade galaico-cataláns dos que acabamos de ser testigos, son cativos para dar idea da inolvidable xornada de vencellamento entre os pobos de Catalunya e de Galicia na cidade de Castelldefels de Barcelona.

Organizado pola Peña Galega e patrocinado polo Axuntamento e a Diputación Provincial de Ourense e pola Fundación Barrié de la Maza, inaugurouse a «Ronda de Otero Pedrayo» con intervención de autoridades e representacións de Catalunya e Galicia.

Asistiron ós actos don Agustín Marina, alcalde de Castelldefels; don Narcís Serra e don Francesc Martí, alcalde e presidente da Diputación Provincial de Barcelona, respectivamente; don Nemesio Pereira, primeiro teniente alcalde de Ourense e don Victorino Núñez, presidente da Diputación daquela provincia; don Agustín Sixto Seco, da Real Academia Gallega e presidente da Xunta de Goberno da Fundación Otero Pedrayo e don Xosé Luís Vázquez Sotelo, membro de honor da Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación e do Consello Rector da Fundación Otero Pedrayo, todos eles componentes da Comisión de Honor. Don Manuel Dopico, concexal de Relacións Cidadáns do Axuntamento de Castelldefels e os directivos da Peña Galega da mesma cidade, entre os que podemos lembrar Bernardo Bouzas, Tomás Pérez, Xesús Marino, Xosé Nieves, Manuel Vieitia, etc. conseguiron un merecido aplauso pola perfecta organización de tantos e tan varios actos no extenso programa de homenaxe a Galicia na persoa do que fora insigne patriarca das letras galegas, don Ramón Otero Pedrayo.

As once da maná, na eirexa parroquial de Castelldefels oficiou unha misa, en recordo do polifacético escritor de Trasalba, o Pai Xosé Isorna Ferreiros, da Real Academia Gallega, membro da xunta de goberno da Fundación Otero Pedrayo e rector de San Francisco el Grande de Madrid, quen encetou a homilía agradecendo a masiva asistencia de fieles á función relixiosa «o cal —dixo— demostra o grande poder de convocatoria que ten o nome e a lembranza de don Ramón». Máis adiante engadiu: «A morte de don Ramón Otero Pedrayo deixou tristes e orfos ós fillos de Galicia e ós galegos espallados polo mundo adiante». Referiuse tamén ó fervor que o homenaxeado sentía por Catalunya e pola Virxe de Montserrat, patrona dos cataláns e rematou o seu parlamento agradecendo ó pobo catalán e ós galegos afincados en Castelldefels —dous pobos xunguidos polo amor á propia fala, ó seu arte e á cultura popular— a memoria e a honra que se facía ó galego universal Otero Pedrayo.

A continuación as autoridades e o numeroso público trasladámonos ó colexio «Ave María» na nova «Ronda de Otero Pedrayo», donde a profesora da Universidade de Barcelona, Marisa Sotelo, pronunciou unha lección adicada ós nenos encol da Vida e Obra do Mestre Otero Pedrayo, cuxo nome, dende hoxe vai ser familiar para os nenos que acuden ó devandito centro escolar.

No acto de inauguración oficial da nova Ronda o alcalde de Castelldefels descubriu a lápida, labrada en pedra de Trasalba, co nome da rúa, que o Pai Isorna bendeceu con auga da fonte da casa de don Ramón e da fonte do mosteiro de Oseira da Praza de Ferro de Ourense. O Grupo de Gaitas

Follas Novas de Corgozo, Ourense, interpretou o Himno Galego e a Cobla Verneda «Els Segadors», que foron coreados con vivas a Catalunya e Galicia. E tras os discursos das autoridades actuaron grupos de canto e baile de Catalunya e Galicia, así como a Tuna Universitaria de Barcelona.

Un xantar de irmandade foi o remate de tan grata xuntanza, na que houbo discursos, intercambio de obsequios, a xa tradicional queimada e, como colofón, a soprano María Uriz cantou o Himno Galego acompañada por todos os asistentes postos en pé.

«El Ideal Gallego», 29-X-1980.

XORNADA DE IRMANDADE GALAICO-CATALANA EN CASTELLDEFELS

O doctor A. Sixto Seco e X. L. Vázquez Sotelo presidiron os actos culturais ós que asistiron primeiras autoridades de Barcelona e Ourense

Como xa informamos ós lectores de «El Ideal Gallego», no acto de homenaxe a Galicia, simbolizado na rotulación da «Ronda Otero Pedrayo», por acordo unánime do Axuntamento de Castelldefels para perpetuar a memoria de tan ilustre galego, o alcalde da cidade don Agustín Marina dixo: «O argumento que dicidiu á Corporación, que presido, a tomar tal acordo foi porque cremos que os homes, que van de un pobo a outro, deixan profundas raíces no pobo que abandonan e crean outras alí donde van, e coidamos que esta é unha maneira de recordar a Galicia que todos queren».

O presidente da Diputación de Ourense don Victorino Núñez agradeceu a decisión da Corporación de Castelldefels de recoller as aspiracións dos emigrantes galegos, «un xeito —dixo— de facer ben as cousas, propio dos cataláns, para integrar ós galegos na comunidade catalana». O señor Núñez sulíñou tamén a necesidade de establecer unha interrelación entre as nacionalidades históricas «nestes intres en que estamos a facer —afirmou— o Estado das Autonomías que nos demandan a solidariedade e o bon entendemento entre as nacionalidades e as rexións de España».

«Hoxe é un día de dobre motivo de ledicia: a inauguración dunha rúa que leva o nome dun gran literato galego, cuxa importancia cultural reborda o marco da súa propia Terra e porque o alcalde de Castelldefels tomou a iniciativa, que vai a ser imitada por moitas localidades catalanas.» Con estas palabras don Francesc Martí, presidente da Diputación Provincial de Barcelona, empezou o seu discurso que foi moi aplaudido cando manifestou o seu convencemento de que «Catalunya débelle moitismo ós galegos, porque a historia de Catalunya non se explica sen o fenómeno da emigración, como non se explicaría tampouco a súa prosperidade sen o esforzo de tantos fillos doutras nacionalidades de España, que deixaron aquí as sudes, as ilusións e o anxeio de construír un país mellor».

Otero Pedrayo era un gran Cristian

A continuación don Agustín Sixto Seco pronunciou o seguinte discurso:

«Estou absolutamente seguro que, para os galegos que estean aquí, non supón desdoro ningún de que siga falando en galego porque o homenaxe mellor que se lle pode rendir a don Ramón é intentar falar na lingua do pobo que tivo a carraxe de adicarlle, fora da súa Terra, a primeira lembranza en forma dunha rúa co seu nome, perto dunha escola donde están os nenos que dentro de 15 ou 20 anos serán os que rexirán os destinos do País Vasco, de Valencia, de Galicia, de Catalunya, de todo o pelexo de touro que temos. Perdonade, galegos, que empregue dous minutos namais sen falar a nosa lingua. Tería que falar en catalán; máis, aínda que Pompeu Fabra, fai moito tempo que, para sorte dos cataláns, codificou a súa lingua, cousa que agora empezamos nos a tentar facelo, pese a iso non fun capaz de adprendelo. E pouco máis que "escolti noi" poido dicir. Falarei, pois, na lingua común da Iberia, que é o castelán. E remarcou: O castelán, non o español, porque o catalán tamén é español; o galego tamén é español; o euskera quere ser español e calquera outra lingua que houbera sería española, porque parece ser que hai unha cousa que se chama Estado Español, que don Ramón recorreu en todas as direccións».

Logo, en castelán, tivo verbas laudatorias para a Corporación Municipal, que, a pesar de ser oficialmente non católica, deu o exemplo de asistir á función relixiosa pola alma de don Ramón, que era un gran Cristian. O doctor Sixto contou que Otero Pedrayo lle dixera nunha ocasión: «Se souberas, amigo Agustín, cómo penso constantemente que os mellores homes non somos os cristiáns...». Referiuse despois á satisfacción que lle causou ver que unha profesora galega, M.^a Luisa Sotelo, impartira clases nunha escola de nenos cataláns e asegurou que don Ramón, máis ca galego, foi profundamente español porque era enormemente galego e findou:

«Se a pedra galega, que ten hoxe grabado o nome de Otero Pedrayo no anco deste colexio, dentro de uns anos, servira para que os nenos cataláns coñeceran a don Ramón como os nenos galegos coñecen a Maciá ou, por exemplo, a Miguel de Cervantes, se acadáramos iso, este 26 de outono de 1980 non terá sido, por exemplo, o ano da primeira proba seria que se fixo en España para ver qué ocurriría se chocaran dous «Boeing» no Prat (o doctor Sixto Seco estaba a referirse ó simulacro de accidente do día anterior) senón que será recordado como a colocación da primeira pedra do acercamento dos pobos catalán e galego, pasando por Baleares, Murcia, Extremadura... porque, se así non fora, España endexamais podía ser unha ponte de unidade entre África e Europa».

Pechou o emotivo acontecemento o presidente de honor do Centro Galego de Barcelona, don Xosé Luís Vázquez Sotelo, quen felicitou ó Pai Isorna, rector de San Francisco el Grande de Madrid, pola homilía pronunciada na parroquia de Castelldefels, durante a Eucaristía celebrada en lingua galega polo esgrevio franciscán. Agradeceu ó Consistorio o feito exemplar de adicar unha rúa a don Ramón Otero Pedrayo e alabou a organización perfecta levada a cabo pola Peña Galega de Castelldefels.

Os ollos do orador enchéronse de bágoas cando, recordando o pasamento do mestre de Trasalba, dixo:

«Non esqueceremos endexamais o homenaxe que un "pagés" catalán lle tributou a don Ramón, facendo chegar ó seu cadaleito unha palma —era nos días da Semana Santa— que está na tumba do gran patriota galego».

Don Xosé Luís Vázquez Sotelo rematou o seu discurso dicindo:

«Quixéramos que o día de hoxe fora un exemplo a imitar por Galicia. O nome de don Ramón como o de todos os homes inmortalis que forxaron o noso ser histórico e nacional, deben ser esculpados en todas as rúas das cidades de Galicia e tamén nos barcos para que leven por todos os mares os nomes de cantos forxaron Galicia.

Publicaránse as cartas autógrafas de don Ramón

O xantar de irmandade galaicocatalana, serviuse no hotel Mediterráneo do señor Xesús Mariño, membro da Comisión Organizadora da enxebre xuntanza e, á hora das novas intervencións oratorias, foi moi aplaudido o alcalde de Barcelona, don Narcís Serra, quen anunciou a próxima inauguración, na Cidade Condal, doutra rúa adicada a Otero Pedrayo. Tamén foi recibida con fortes aplausos a proposta do expresidente e socio fundador do Centro Galego de Barcelona, don Fernando Neira Martínez-Monje de que se adique unha rúa ó fundador do PSOE Pablo Iglesias, ó que se sumou o socialcristián doctor Agustín Sixto Seco, quen lembrou o fusilamento do seu pai, segadario do partido de Pablo Iglesias: «pero non é hora de cortar levitas —dixo— senón de alargar chaquetas». E ó referirse á estatua de Franco, que alguén pretendéu derrubar, afirmou: «A historia, para ben ou para mal, hai que asumila».

O señor Vázquez Sotelo engadiu un novo motivo de fraternal alegría á xuntanza, desparella nas ideas pero xunguida pola memoria de don Ramón, ó facer público a pronta aparición dunha biografía de Pablo Iglesias escrita por X. Leyra Domínguez.

Houbo felicitacións e apertas cordiais para o doctor Agustín Sixto Seco, cando se anunciou que foi elixido, por unanimidade, vicepresidente da Sociedade Española de Ortopedia e Traumatoloxía, con dereito a acceder á presidencia o ano 1982.

«Encheme de ledicia —confesoume o doctor Sixto nun aparte— porque é a primeira vez que esta distinción non recae en Madrid ou Barcelona.»

Namentres se repartían regalos e recordos ós organizadores e ás autoridades, en lembranza da efemérides, o primeiro teniente de alcalde de Ourense díxome visiblemente emocionado:

«Para min foi unha sorpresa este acontecemento e a forma tan amistosa como nos recibiron».

O pai Isorna falóume da desamortización, do retorno da Orden Franciscán á basílica de San Francisco el Grande o ano 26, baixo o reinado de Alfonso XIII; dos seus proxectos de escolma e publicación das cartas autógrafas do insigne polígrafo Otero Pedrayo, espalladas por tantos fogares dos innúmeros amigos do mestre...

E o actual presidente do Centro Galego, don Daniel Pérez Guerra, repartía felicitacións ós membros da Peña Galega de Castelldefels polo gran éxito da súa iniciativa, cando a voz potente da gran soprano María Uriz iniciou o Himno Galego que ponía fin a unha xornada inolvidable de irmandade galaicocatalana.

«El Ideal Gallego», 4-XI-1980.

Peña do Penedo

A «PEÑA DO PENEDO» AGASALLA A DON MANUEL CASADO NIETO.

Víctor Moro: «É unha honra estar a carón de don Manuel»

«Casa Darío» é un restaurante típico de gastronomía galega situado nunha zona céntrica da Cidade Condal. O seu propietario, Darío Duro, é un lugués de Gomeán (Corgo), emigrante de moi novo, que traballou no ramo da hostelería en Inglaterra, Alemania, Suiza e Canadá. Dende hai dez anos reside en Barcelona coa súa muller —unha paramesa— e dúas meniñas, adicado á nobre arte das excelencias culinarias galegas de tanta aceptación entre os cataláns.

«Casa Darío» é o lugar de xuntanza da «Peña do Penedo», «creada por un grupo de amigos —dixo o coordinador Ramiro López— e aberta a todos os galegos de Barcelona. Os primeiros venres de cada mes, xuntámonos para dialogar e facer unha cea que cada vez adícase a un diferente persoeiro galego como proba de amizade e compañerismo».

Casado Nieto, homenaxeado

Don Manuel Casado Nieto, autor de varios libros de poemas e de contos, traductor da Biblia e, derradeiramente, en unión do seu fillo Xoan Manuel, dos meirandes poetas europeos, que xa podemos ler no libro «Mostra antolóxica de poetas occidentais», de Edicións do Castro, foi o home agasallado hoxe pola «Peña do Penedo». Don Xenxo Carballo fixo a presentación de Casado Nieto gabándose de ser un dos máis antigos amigos de Casado en Barcelona e suliñando «a profesionalidade e a oratoria do fiscal caldelao así como a súa calidade literaria e as súas virtudes de home societario, de gran galego que, durante dezoito anos, presidiu o Centro Galego de Barcelona».

Casado Nieto, ameno e gran conversador, referiuse ó seu labor no Centro Galego que «empezou sendo unha peña, cuns comezos moi modestos, e que hoxe é unha institución de aproximación do mar azul e do mar verde, das culturas catalana e galega». O señor Casado Nieto rematou o seu breve parlamento afirmando: «Sempre desexei ser boa persoa e ter moitos amigos. Alédanme os éxitos alleos, que os amigos medren. O meu anxeio foi sempre facer ben e só sinto o ben que non puideren facer».

Os galegos debemos xunguirnos

Iolanda Gallego recitou o poema de Ramón Cabanillas «Irmán Daniel» sendo moi aplaudida e, a continuación, don Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona, pronunciou un discurso encendido de amor á Terra. «E unha fortuna —dixo— xuntarme, coma un galego máis, con este grupo de amigos e lembrar a Terra. Sabía de Casado Nieto, a quen non tiña o pracer de coñecer

persoalmente. Sabía dos seus traballos e anxeios en Barcelona, dende este mar da vella Catalunya, para que todos puidesedes recordar a nosa Terra, as nosas cousas. Dende a miña sinxela condición de galego, quero demostrarlle a miña gratitude por canto leva feito para que os galegos nos xungamos dunha vez por todas. Aínda queda moito camiño por facer para conseguir todas as cousas que Galicia necesita. A gran tarefa que nos agarda —engadiu o señor Víctor Moro— é esquecer as cousas sen importancia e matinar que o auténticamente trascendente é Galicia, facer unha Galicia rica onde todos teñamos un posto. Que os galegos emigren por desexo de mellorar, non por necesidade.»

Víctor Moro lembrou a don Ramón Cabanillas, a Fermín Penzol, a Eduardo Blanco Amor, cuxo labor en pro da cultura galega puido constatar en Bos Aires, e comparándoa coa realizada por Casado Nieto en Barcelona, afirmou:

«E unha honra estar a carón de don Manuel. Sentímonos gratamente á súa veira. Seguindo o seu exemplo, é mester que nos xungamos e que todos traballemos pola nosa Terra».

«El Ideal Gallego», 23-II-1982.

HOMENAXE DA «PEÑA DO PENEDO» Ó ARQUITECTO FRANCISCO DAPENA

A «Peña do Penedo», na súa xuntanza mensual, adicou a cea de irmandade ó señor Francisco Dapena Alfonsín, arquitecto do templo da Sagrada Familia e expresidente do Centro Galego de Barcelona. Entre os numerosos asistentes atopábanse os señores Enrique Mosquera, xefe superior de Policía da provincia; o vicepresidente primeiro do Centro Galego, Manuel Vázquez; o poeta Manuel Casado Nieto; os profesores da Facultade de Farmacia, señores García e Seoane; concurrentes habituais ás reunións da Peña e representantes dos medios de comunicación.

Xosé Luís Vázquez Sotelo fixo unha semellanza do señor Dapena Alfonsín e lembrou os feitos máis destacados durante o seu mandato como presidente do Centro Galego: o rexurdir da revista «Alborada», que tivo unha andadura exemplar, sobre todo o número extraordinario adicado a Castela; as manifestacións culturais galegas en Catalunya co paso de sobranceiros conferenciantes pola tribuna do Centro; a Semana Cultural e de Gastronomía galega celebrada no Pueblo Español de Montjuich; a actuación de Coros procedentes de Galicia... «Dapena Alfonsín —afirmou o profesor Vázquez Sotelo— adicou moitismas horas de traballo ó Centro, ilusionado coa idea de servir a Galicia dende Barcelona. Era a época difícil de comezos do pluralismo —engadiu— pero aquí temos a mostra de que seguimos unidos e xunguidos para seguir a facer cousas grandes pola nosa xente e pola Terra.»

O señor Dapena apadeceu as verbas de Xosé Luís Vázquez Sotelo, manifestando que durante os cinco anos que presidiu a Institución galega da Cidade Con dal, fíxoo con espírito de servizo e ilusión, e lamentou non ter logrado canto pretendiera.

Xenxo Carballo, que considerou pesimista en demasía o breve discurso de Francisco Dapena, resaltou os feitos positivos do expresidente ó fronte da Directiva do Centro e, logo, referíndose á

«Peña do Penedo», dixo: «Esta Peña é societaria e debe subsanar atrancos pasados. Agora estamos no bon camiño e todos debemos colaborar para conseguir o que non se alcanzou aínda, dándolle sentido e creando os canles axeitados».

Tamén o Ramiro López remarcou a necesidade de «esquecer cousas recuadas e pensar no futuro» manifestando o anxeio de que a «Peña do Penedo» sexa unha xuntanza aberta e agradable para todos os galegos de Barcelona e de apoio ó Centro Galego, aprobándose a súa proposta de crear un grupo de traballo e organización.

Tampouco nesta xuntanza podía fallar a inspiración lírica. O poeta caldelao, fundamente doído pola perda, nos derradeiros anos, de tantos persoeiros das letras e das artes do noso pobo «como se houbera pasado —dixo— unha fouce por Galicia», leu o poema «Réquiem en canto chao por amigos que se foron», do seu próximo libro «A Vendima» que publicará Ediciones Sotelo Blanco. Celso Emilio, Martínez Risco, Blanco Amor, Darío Álvarez Blázquez, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Silvio Santiago, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Faílde e Rafael Dieste, dende o Alén, agradeceron, estamos seguros, os versos emocionados do poeta:

... Ténos, Señor, á túa dereita a todos,
e Ti, que nunca negas o que debes,
abónalle á Galicia tanta perda!
Niste meu corazón dependurado
da treba, acoitelado polo loito,
pon unha frol de toxo, unha camelia,
pra os pétalos verquer eu nises nomes!
Eran bós homes i eran bós galegos.
Canta mourenza nistes anos,
canta door, morte negra!

«El Ideal Gallego», 12-III-1982.

A «PEÑA DO PENEDO» HOMENAXEOU A RAMIRO LÓPEZ

Programados coloquios culturais e a ofrenda ó Apóstol

A «Peña do Penedo» homenaxeou a Ramiro López, promotor das xuntanzas mensuais que se venen celebrando na «Casa Darío», por galegos residentes na Cidade Condal. Para os próximos meses están programados coloquios sobre temas referentes a Galicia. O primeiro, tratará da gandería e estará dirixido polo catedrático doctor Serafín García, experto nesta importante leira da economía galega. Outro proxecto da Peña é facer unha xuntanza en Galicia e a ofrenda ó Apóstol Sant-Iago. «Dende hoxe —dixo o portavoz da Peña, Xenxo Carballo—, contaremos cun Comité de Traballo, sen cargos pero con funcións, para encetar unha nova etapa cun senso cultural e social.» A continuación referiuse ó homenaxeado coas seguintes verbas: «Ramiro López é un dos galegos que non foi profeta na súa Terra porque non tivo ocasión; pero, aquí, está demostrando a súa valía e recórdanos as águas que voan alto». O profesor Carballo, noutro intre da súa intervención,

agradeceu a presenza do doctor Pita Salorio, do presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, e dos señores Fuentes Lojo e Lorenzo Valverde, que acudiron por primeira vez á chamada da «Peña do Penedo», e rematou cun longo e fermoso poema adicado ós «Penedos» ... E nos que eiquí nos xunguimos / en xuntanza fraternal / pra lembrar a nosa Terra / e esquecer outros afáns / somos Peña do Penedo / que é Peña de bós irmáns / de bós irmáns en Galicia / e nas terras cataláns. / Ai, miña nai, canta pedra / canta pedra, miña nai!

Fraternal convivencia

Tamén o poeta Manuel Casado Nieto tivo palabras de agradecido recoñecemento para o homenaxeado e lembrou a eficaz cooperación de Ramiro López, como directivo, cando él era presidente do Centro Galego e, ó referirse á «Peña do Penedo», felicitou ós seus promotores por tan atinada idea porque «é o xeito —dixo— de atoparnos nesta gran cidade tan disolvente». «A "Peña do Penedo" —matizou— sirve para que nos xuntemos e nos fagamos máis irmáns do que somos.»

O Ramiro López agradeceu as palabras dos señores Carballo e Casado Nieto e, tras afirmar que a creación da Peña era unha ilusión que se propuxera moitos anos antes, manifestou: «A "Peña do Penedo" é unha semente importante de cara á fraternal convivencia dos galegos de Barcelona con moitas razóns para nos vencellar».

Pechou as diferentes intervencións o presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra quen, tras felicitar ó homenaxeado, sulíñou o acerto dos iniciadores ó escoller o nome da Peña. «De pequeno, cando levabamos as vacas ó monte —recordou o señor Pérez Guerra— os pais aconsellábons que os días de tormenta nos agarimáramos nun penedo que alí había xa que, facelo baixo das árbores, era un peligro porque atraen as chispas.» E pediu: «Que a "Peña do Penedo" sexa un lugar de agarimo e os "Penedos" os máis afervoados valedores do noso Centro Galego».

Comité de Traballo da «Peña do Penedo»: Xenxo Carballo, señor Cortizas, Emilio Fernández, Anxel García, Serafín García, Ramiro López, Antonio Pérez, Francisco Puga, Manuel Rodríguez, Joaquín de Soto e Manuel Vázquez.

«El Progreso», 9-IV-1982.

O DOCTOR SERAFÍN GARCÍA FALOU DA PROBLEMÁTICA AGROPECUARIA NA «PEÑA DO PENEDO», QUE HOMENAXEOU A XOSE LUIS VÁZQUEZ SOTELO

Xosé Filgueira Valverde, que acudirá a Barcelona invitado pola Generalitat, será agasallado pola Peña o día vinteoito

Na derradeira xuntanza mensual da «Peña do Penedo, don Serafín García, catedrático de Físico-Química Aplicada da Facultade de Farmacia da Universidade de Barcelona e iniciador da Cooperativa do Campo de Cancelada, na súa aldea natal de Vilachá-Pedrosa (Becerreá), dirixiu un coloquio sobre a problemática agropecuaria galega. Empezou facendo unha exposición da situación

da agricultura e da gandería galegas nos últimos anos e afirmando que os factores condicionais do seu escaso desenrolo eran a falla de preparación técnica do labrego, a descapitalización, o minifundio e a selección negativa que a emigración fixo da poboación rural.

Don Serafín aportou diferentes datos estadísticos relacionados coa estrutura e a evolución da produción neta rexional da agricultura, da industria e dos servizos, referíndose, logo, á distribución da terra, según o destino económico da mesma, deducindo a superficie adicada a pastos, que é mínima se se compara coa forestal (nas súas varias formas) inda que se teña en conta a tendencia dos derradeiros anos a incrementar os pastizais.

Respecto ó minifundio, o profesor Serafín García afirmou:

«A pequena propiedade, se ben é unha remora para o desenrolo agrícola e gandeiro, baixo un punto de vista competitivo, conxugando capital e técnica podíase chegar a unha alta produtividade, tal como sucedeu no Xapón despois da guerra».

Noutro intre da súa disertación, referíndose á gandería, manifestou:

«E imprescindible aumentar a produción de forraxe e mellorar as razas existentes, tanto nos aspectos de selección como nas sanitarias para reducir ó mínimo as perdas que ocasiona a esterilidade e o aborto».

O referirse á necesidade dun desenrolo armónico e complementario da agricultura, da gandería e da industria, fundamentais para o desenrolo integral de Galicia, sulíou:

«Deica agora e en comarcas moi productivas, Galicia perdeu as mellores veigas en beneficio da produción eléctrica que non revertiu na medida agardada en proveito do país. O mellor xeito de conseguilo —coido eu— sería, crear pequenas industrias, sobre todo de transformación, en diferentes vilas, por toda a xeografía. Houbera dado mellores resultados cós polos de desenvolvemento».

O profesor Serafín García rematou a súa exposición dicindo que é fundamental arrombar coa rutina, empregar técnicas modernas e fomentar o cooperativismo, único xeito de salvar a pouca rentabilidade das pequenas propiedades aínda que aumentara a produción.

Homenaxe a Vázquez Sotelo

A continuación do coloquio servíuse a cea, que nesta ocasión adicóuselle ó expresidente do Centro Galego, Xosé Luís Vázquez Sotelo. Don Manuel Casado Nieto fixo a presentación do homenaxeado «caldelao coma min —dixo— de quen poderíamos falar moito. Por riba de pequenas contradicións —engadiu o orador— Vázquez Sotelo ten todo o noso agarimo e ofrecémoslle a nosa amizade, que seguramente él aprecia». Tamén o señor Araújo, exprofesor da Universidade e home do Foro, pronunciou unhas breves palabras que Vázquez Sotelo agradeceu, emocionado pola presenza de tantos amigos entre os que se atopaban antigos colaboradores seus, como o señor Prieto e Anxel García. «Sempre levo a Galicia —dixo— na testa e no corazón e, como xurista, pñoome á disposición do Centro Galego e da nosa Colectividade, como un deber máis de solidariedade coa Terra.»

Xenxo Carballo tomou a palabra para anunciar que o Conselleiro de Cultura adxunto á Presidencia da Xunta de Galicia, don Xosé Filgueira Valverde, o próximo día 28 presidirá a xuntanza da «Peña do Penedo». O señor Filgueira, invitado pola Generalitat, manterá reunións de traballo co Conseller de Cultura catalana, Max Cahner, e será recibido polo President Jordi Pujol. Na Universidade Central falará do poeta Amado Carballo a continuación da presentación do libro publicado polo pintor Beiró Buxán e, na Galería de Arte «La Pedrera», fará a presentación do libro «A Vendima», de Casado Nieto.

Ramiro López agradeceu a presenza do presidente da Audiencia Territorial de Catalunya, señor GómezReino, a dos doutores Núñez de la Fuente e Alcalde e a dos señores Darío Pin, Xoan Xosé Deiros e Claudio Garra —entre outros— que se sumaron á xa longa familia dos «Penedos».

Rematou a amistosa velada co himno galego e, acto seguido, Xoan Madriñán —antigo tuno famoso— e Manuel Grandío interpretaron cancións populares galegas, acompañados por gran parte dos asistentes á xuntanza de irmandade galega.

«El Ideal Gallego», 22-V-1982.

HOMENAXE OS FUNDADORES DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA, SEÑORES GUISAN E NEIRA

Acabada a época estival, a «Peña do Penedo» reemprende a súa actividade cun homenaxe ós fundadores do Centro Galego, señores Guisán Pardo e Neira Martínez-Monje. Xenxo Carballo leu telegramas de adhesión enviados polos señores Francisco Camba, Filgueira Valverde, Casado Nieto, Vázquez Sotelo e Serafín García, que non puideron asistir ó acto, e, a continuación, Ramiro López fixo a presentación dos homenaxeados que «en certa maneira —afirmou— foron os dous grandes penedos enriba dos que se cimentou o Centro Galego de Barcelona. Eles —engadiu— tiveron o gran mérito de unir a Casa de Galicia e a Sociedade Artística "Cantigas e Aturuxos" que deron orixen á actual institución galega». Ramiro López findou o seu discurso agradecendo ós señores Guisán e Neira o labor que fixeron en pro da unión da colonia galega barcelonesa e sulíñou a obriga que teñen as novas xeneracións de seguir o seu exemplo.

Contestou o señor Fernando Neira recordando o 25-I-48, data histórica da fusión, en que por acordo democrático das Asambleas de Casa de Galicia, presidida polo señor Guisán, e de Cantigas e Aturuxos, presidida por el, naceu a nosa actual casa rexional. E tras enumerar os fitos máis importantes das actividades culturais, benéficas e recreativas do Centro Galego, tomou a palabra o señor Guisán que agradeceu o homenaxe que se lles tributaba: «O que é ben nacido —dixo— ten que ser agradecido. Nos agradecemosvos este detalle e brindamos cunha aperta moi forte».

Don Enrique Ramos, o doctor Pita Salorio, Federico Gobart e o actual presidente do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, acompañaron na presidencia ós señores Fernando Neira e Santiago Guisán, rematando a amistosa xuntanza con cantos, alalás e pandeiradas da Terra ata primeiras horas da madrugada.

«El Ideal Gallego», 8-X-1982.

TORRENTE BALLESTER HOMENAXEADO POLA «PEÑA DO PENEDO»

«Negarlle a súa condición de galego e unha inxusticia»

Non é de extrañar que Gonzalo Torrente Ballester se emocionara co homenaxe que lle tributou a «Peña do Penedo» e, menos aínda podemos extrañar que se lle aplaudira afervoadamente cando manifestou: «Confeso que me sinto reconfortado e pagado con creces de algunhas inxusticias que algúns galegos dos que non saíron de Galicia, que non saben o que é de verdade vivir Galicia dende lonxe como a vivimos nós, de algunhas inxusticias —digo— que intentaron cometer comigo negándome a condición de galego».

Toda Galicia está dentro da súa obra

Perto de cen persoas asistiron á cea homenaxe adicada ó ilustre novelista ferrolán, que foi presentado por Xenxo Carballo, membro do Comité da «Peña do Penedo». A continuación, don Manuel Casado Nieto pronunciou un encendido eloxio do gran mestre da narrativa castelán que «veulle a popularidade con retardo —dixo— coa triloxía «Los gozos y las sombras», admirablemente ben interpretada por T.V.; pero o importante —suliñou o poeta caldelao— é a grandísima obra que leva feito este escritor, que podemos chamar castelán-galego ou galego-castelán, porque, sendo un cultivador da lingua oficial, toda Galicia está dentro da súa obra». O señor Casado afirmou máis adiante: «Torrente Ballester é un verdadeiro clásico da prosa que viviu longo tempo lonxe da súa Terra, pero que leva Galicia dentro de sí por onde queira que el vai». O se referir a «La saga-fuga de J. B.», dixo: «Alí dentro está toda a alma galega, todas as nosas contradicións, as nosas supersticións, o noso carácter, os nosos pensamentos, as nosas lendas e ata os nosos erros, refrexando canto carecteriza a Galicia». Manuel Casado Nieto rematou o seu parlamento coas seguintes palabras: «Ter na «Peña do Penedo» a un home de tal categoría é unha festa que todos celebramos afervoadamente».

Non emprego o meu castrapo; pero escribo en castelán con ritmo galego

O profesor Torrente Ballester, nun galego perfecto, afirmou que hai quen escribe maravillosamente o galego e puxo como exemplo unha historia de Méndez Ferrín asegurando que «non hai hoxe en ningunha das linguas que se falan na península, incluído o portugués, quen sexa capaz de facer unha cousa así. Polo tanto —engadiu— eu non me atrevo a empregar o meu "castrapo" e por iso me decidín polo castelán; pero eu escribo un castelán con ritmo galego. Eu teño a sintaxe galega metida na cabeza e acomodo as verbas, os sintagmas, as proposicións e os párrafos casteláns a ese esquema galego que levo impreso».

Referiuse, logo, á Galicia de Valle Inclán e confesou: «Eu, posto a escoller entre o folklore e o mito, escollín o mito e daí saíu a parte máis importante da miña obra que é unha invención, é dicir, un descubrimento da mitoloxía galega que non está na tradición, pero podía estar. E moi curioso —e

dígoo con certo door— que sendo, como é, Galicia un país atlántico e marítimo, non ten unha literatura nin unha poesía atlántica nin marítima. Por iso eu fixen unha mitoloxía atlántica e marítima galega. Galicia non atopou expresión poética nos meus mitos e, naturalmente, como non veñen do fondo da alma popular nin da historia senón que venen da cultura, é moito máis fácil que o noso pobo se atope en "Gozos e sombras" que nunha novela moito máis poética, moito máis galega e moito máis mítica, como é "La sagafuga de J. B.". Pero eu fixen canto puiden e póñoos ós pés de Galicia e dos seus homes como o meu homenaxe».

Tres mil páxinas de temática galega

Gonzalo Torrente Ballester, que ten unha extensa obra con perto de tres mil páxinas de temática galega e que próximamente publicará en Edicións do Castro «A Illa dos xacintos cortados», traducida por Alfredo Conde, findou o seu discurso dicindo: «Pídevos que cando vaiades a Galicia digades que Gonzalo Torrente Ballester, ferrolán, escritor en lingua castelán, pensa que a súa fidelidade a Galicia, por un procedemento ou por outro, falando castelán ou falando galego, foi enteira. Negarlle esa condición é inferirle unha inxusticia. Teño a esperanza —engadiu, emocionado— que cando as paixóns, que nos separan e nos axitan, se calmen un pouco, todos os galegos conscientes e que amen a cultura, a historia, o carácter e a imaxinación dos galegos, todo o que simboliza Galicia, non me esquezan e, aínda que sexa modestamente, me poñan ó final da gloriosa e longa nómina de galegos que crearon a nosa conciencia e que son hoxe o noso orgullo».

«El Ideal Gallego», 24-XI-1982.

DESPEDIDA DE 1982

A «Peña do Penedo» despediu o ano, por segunda vez dende a súa creación, cunha Cea de Irmandade na «Casa Darío». Entre o case centenar de asistentes encontrábase o presidente da Audiencia Territorial de Catalunya, señor Gómez-Reino; o director do Banco de España en Barcelona, señor Víctor Moro; o poeta Casado Nieto; o vicepresidente do Centro Galego, señor Vázquez, os membros do Comité de Traballo e numerosos socios da Peña á que se incorporaron novos simpatizantes, como o traumatólogo Sánchez Harguindey, o fiscal don Ignacio Seoane, ilustre coruñés destinado recentemente a esta cidade, e o escritor Pet Posse.

Rematada a Cea de Irmandade, o señor Carballo, tras manifestar a alegría da «Peña» polo feliz resultado da difícil intervención quirúrxica á que foi sometido o membro do Comité, Antonio Pérez-Terán, que sigue un proceso de recuperación, falou dos proxectos da «Peña» para o próximo ano e, a seguido, Yolanda Díaz Gallego recitou o poema de Ramón Cabanillas «Irmán Daniel», en homenaxe a Castelao que o 7 de xaneiro cumpríase o trinta e tres aniversario da súa morte en Bos Aires.

Tampouco faltou a música enxebre: Xosé Luís Foxo, director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas», acompañado por Conchiña Aira (gaita), Paco «Tamara» (tamboril) e Claudio Garra

(bombo), interpretaron «Unha noite na eira do trigo», de Curros Enríquez, «Muiñeira de Chantada» e outras pezas populares dando fin á súa actuación folklórica co Himno Galego cantado por todos os asistentes.

Actos varios

O PINTOR BEIRO-BUXAN EN BARCELONA

Galicia sigue sendo noticia en Catalunya. Beiró-Buxán expón estes días na renomada Galería de Arte Grifé Escoda. E contínuo o paso de amantes da pintura pola céntrica Galería para admirar os cadros do artista-poeta, sempre inqueda por formas e técnicas novas.

A Galicia fantástica, as lendas do noso pobo, o trasmundo de ensoñacións, a mitoloxía galega e a paisaxe, reflexados nos lenzos do pintor de Padrón, tiveron unha gran acollida de público e crítica, na prensa diaria, na radio e ata nos espazos culturais de Televisión.

Beiró-Buxán é tamén un incansable conversador e coñecedor dos costumes e lendas de Galicia. El mesmo explica a orixe das súas creaturas:

—«O Abellón» representa unha tradición, xa desaparecida, das Rías Baixas. Cando morría un persoeiro a xuventude danzaba ó redor do cadavre, imitando o zoar do abellón. O que primeiro paraba de zoar, según a superstición, logo morrería, razón pola que se acucaba ó pracer sen freno, dándose o caso de moitos abusos que remataron coa prohibición daquel rito.

—«O Corpo Santo de Iría Flavia» tamén ten a súa lenda: E un sarcófago que seica garda o corpo incorrupto dun bispo santo. Cando un meniño ten «o aire» os seus padriños desvísteno enriba do sarcófago, facendo uns rezos e logo, dende unha ponte tiran a roupa vella do neno ó río. Se nada, o neno vivirá; se afonda, é sabido que morre.

—«A Procesión das Mortaxas», lémbra-nos un rito que inda se ven celebrando o terceiro domingo de setembro na Póboa de Caramiñal.

—«Bruxas e Bruxos» amóstranos unha reunión de meigos e meigas arredor do lume, co refrexo das nove ondas do mar, presididos polo castrón maior no areal de Cangas. No primeiro plano Santa Comba. Santa Comba, sí, que antes de ser santa foi meiga. Contan que, indo de camiño para unha xuntanza de bruxas a Cangas, atopou a Noso Señor Xesucristo e díxolle: «Vou enmeigar» e costestóulle El: «Enmeigar, enmeigarás; pero no meu Reino non entrarás».

—«O Quebrado», que os padriños fan pasar por un burato feito nun carballo negrón, naméntres din: «Deicho quebrado; dácamo sano».

Os galegos ben nos podemos gabar de ter connosco un artista coma Beiró-Buxán. Podíamos falar aínda de «As Plañadeiras», de «Retrato», do tamén padrones Camilo Xosé Cela, do «Pórtico da

Gloria», do «A Santa Compañía», orixinal xuntanza dos Doutores Honoris Causa: Valle Inclán, Otero Pedrayo, Cela, Cabanillas, Pondal, Curros e Castelao...

Pero a tarefa do artista do Padrón non finda nos seus lenzos. Ten publicado un álbum de dibuxos: «Os Soños», con atinados diálogos nos catro idiomas españoles e «Cinco poemas de Rosalía», obra monumental dunha escolma de poemas da cantora do Sar, ilustrados por primeira vez. Tamén publicou unha «Biografía de Rosalía de Castro para escolares exebesos» e unha chea de artigos nos que se palpa o seu fondo galeguismo.

Sant-Iago, Vigo, a Coruña, Madrid e hoxe a Cidade Condal son testemuños dos éxitos de Beiró-Buxán. Os galegos residentes en Catalunya sentímonos orgullosos deste embaixador da nosa cultura.

«El Progreso», 11-II-1979.

BASILIO LOSADA: «CAMÓES PODE SER CHAMADO POETA HISPANO»

Coido grande mérito do novo director de «El Ideal Gallego» o terse decatado de que Galicia botou raiceiras moi fondas fora dos seus lindeiros naturais e, para min, é un honor o feito de me ofrecer a posibilidade de colaborar no seu xornal para informar das organizacións e das persoas galegas, que na Cidade Condal matinan, traballan e actúan integrados, sí, en Catalunya; pero co pensamento e o corazón afincados na Terra.

Agradézolle a don Xosé Antonio Martín o interés que sinte por canto se relaciona con Galicia e, dende hoxe, atenderei o seu rogo coa idea de que os lectores estean informados da laboura dos irmáns emigrados en Barcelona.

400 cabodano do pasamento de Camóes

A Agrupación «Frouseira» organizou un acto cultural na Biblioteca de Catalunya, inaugurando unha exposición da obra do poeta común dos pobos de expresión galaico-portuguesa e ¿qué mellor ocasión para encetar estas comunicacións?

Presidiron a velada literaria os cónsules de Portugal e Brasil, señores Carlos Taquenho e Marcia Leite Bastos así como o subdirector da Biblioteca —a mellor de Barcelona— Josep M.^a Razquín. Fixo a presentación do acto Xosé Lois García, da Agrupación «Frouseira» e o doutor Basilio Losada Castro, profesor do Departamento de Lingua Galaico-Portuguesa da Universidade Central, pronunciou unha lección maxistral sobre o gran poeta lusitano.

«Ninguén con mellores títulos ca Camóes pode ser chamado poeta hispano, empezou dicindo o profesor Losada, porque o poeta lusitano tina unha visión profunda de cal é a realidade da España como conxunto de pobos xunguidos nun Estado, no que hai desventuras e problemas; pero cun programa de esforzo común.»

«Tal como suliñou o señor cónsul —engadiu máis adiante— non é de extrañar que a festa nacional de Portugal estea adicada a Camóes, porque é un clásico dunha riqueza e dunha eficacia tal e tan operativa, que dicta o seu mensaxe para cada nova xeneración. Luís de Camóes foi o definidor e forxador da patria portuguesa e o creador da conciencia da comunidade lusitana fronte ó Conde Duque de Olivares.»

O profesor Basilio Losada recalcou que Camóes consideraba a España como a cabeza de Europa e que el entendía por España unha comunidade de reinos libres, vivindo en familia. Despois da batalla de Aljubarrota os reis de Castela seguiron chamándose reis de España e isto supuxo a exclusión de Portugal da comunidade que Luís de Camóes vira dun xeito tan eficaz e prometedor.

O profesor Losada lembrou que Camóes era un poeta bilingüe e afirmou que escribía nun espléndido castelán e que os seus sonetos, superiores en portugués, son en castelán tan bós coma os de Garcilaso.

Referíndose a «Os Lusíadas», dixo que a gran satisfacción, que sentimos os galegos coa súa lectura, débese a que está escrito practicamente no galego de hoxe, razón pola que consideramos a este gran clásico portugués —neto de galego— coma se fora noso. E o propio acontece con Fernando Pessoa e Eca de Queirós, oriundos de Galicia tamén.

O profesor Basilio Losada Castro, referíndose máis adiante ós coñecementos de xeografía, de matemática e científicos de Luís de Camóes, asegurou que o gran épico lusitano era un resumen da ciencia do seu tempo e rematou a súa conferencia con estas palabras:

«Camóes tivo unha visión de España que, en difinitiva, estamos a predicar hoxe todos nós. El, superando nacionalismos limitados, soñaba cunha empresa ibérica. Camóes foi o profeta dun Estado no que todos podemos vivir coas propias características.

«El Ideal Gallego», 6-VII-1980.

HOMENAXE DE DESPEDIDA A X. L. BLANCO CAMPAÑA

Non é de extrañar que un home, coa forteza dos máis ousados e valentes mariñeiros da súa Camariñas nadal, verterá bágoas de emoción no homenaxe que lle adicaron os numerosos amigos e compañeiros de traballo dos medios de comunicación e da sociedade barcelonesa.

Xosé Luís Blanco Campaña que durante catorce anos pasou, de ser un rapaz noviño que se iniciaba nas tarefas radiofónicas de «Radio Barcelona», a un divo dos mellores programas en antena da Cidade Condal, despediuse dos seus amigos cataláns nunha cea íntima «un pouco tristeira — como dixo o poeta Ramón Cazorla— aínda que ficaremos sempre xunguidos polo corazón, porque o Xosé Luís deixa o seu sentimento con nosoutros».

Máximo Fernández felicitou ó querido compañeiro, brillante ganador das oposicións a redactor de Radio Nacional na Coruña, porque vai a continuar vencellado a todos os compañeiros na emisora irmán da Cidade Herculina. E asegurou:

«O Xosé Luís, que sempre anxeiouse voltar a Galicia, é unha garantía certa de rexurdimento de Radio Nacional da Coruña».

M.^a Esther Jaumot, en nome de Radio Nacional, entregou ó «gran profesional e mellor amigo» unha placa, sulíñando que «o Xosé Luís é un home de entrega, cariño e amizade».

A poeta Piedad Quivira, autora de varios libros en castelán e catalán, agasalhou ó famoso locutor cun sentido poema de gratitude e de door ó mesmo tempo... «y nos quedamos aquí, / vacíos de tu presencia / que el aire se torna ausencia / que nos separa de ti».

Tamén Ricardo Sabatés, en nome do Gran Círculo de Amistade de Barcelona, fixo entrega ó homenaxeado dunha artística miniatura da fonte de Canaletas, e Juan Jesús Torres, sicólogo invidente, agradeceu a xenerosa promoción que o popular locutor fixo do «Club de los Leones», creando o primeiro programa radiofónico de España en favor dos invidentes. O señor Torres manifestou, máis adiante, o convencemento de que Blanco Campaña colaborará, a través das ondas, para axudar ós invidentes do colexio de Pontevedra e entregoulle unha condecoración en nome do «Club de los Leones».

Irmandade Galaico-Catalana

Asistiu un numeroso grupo de compañeiros da prensa, da radio, da televisión e artistas. Entre outros, atopábase o gran tenor Víctor Balaguer, que o ano 62 representou a España en Eurovisión e que ten preparada unha interpretación de «Negra Sombra». O humorista Eugenio; membros da simpática sociedade catalana «Narigut's Club»; Xavier de Castro; o doutor Pérez Guerra, colaborador e amigo do homenaxeado; a Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet del Vallés e quince tunos da Facultade de Medicina.

O señor Caamiña, presidente da Irmandade de Mollet, en recoñecemento á súa laboura en pro do Grupo, entregoulle unha placa, e o Grupo de Gaitas, dirixido por Francisco Calvo, interpretou aires galegos que bailaron os mestres da danza, Fernando e Julita, acompañados por Gloria e María do Carme. O Xosé Luís, sorprendido pola presenza do Grupo de Gaitas e Baile, que non estaba programado, convertiuse nun gaitero máis, sendo coreado polos amigos cataláns e galegos ó tocar, co enxebre instrumento, «L'emigrant», «Els Segadors» e «Rianxeira», rematando a festa de irmandade galaico-catalana ás dúas da mañá.

Temos o convencemento de que X. L. Blanco Campaña triunfará na Coruña e que a programación de R. N. da cosmopolita cidade galega ganará moito coa súa aportación profesional. Para rematar, coido significativo transcribir as manifestacións que me fixo unha oínte do programa matinal, que dirixía o Xosé Luís en Radio Peninsular de Barcelona. Milleiros de oíntes anónimos poderían rubricar as palabras da miña comunicante catalana:

«Blanco Campaña é estupendo na maneira de se expresar, alegre, agradable e culto. Sentín moito a súa marcha. Todalas mañás despertaba coa ilusión de prender a radio para escoitalo. Eu, que son catalana, rebíame coas súas intercalacións de ditos galegos e referencias á Galicia e ó seu pobo, tan querido, de Camariñas porque facíao con gracia e porque ó mesmo tempo demostrou sempre un gran agarimo por Catalunya, polos nosos costumes e pola nosa lingua».

«El Ideal Gallego», 29-XI-1980.

XUNTANZA DE CRÍTICOS GALEGOS E CATALÁNS

Entre outros, falaron Fernández del Riego, C. Casares, B. Losada e G. Díaz-Plaja

No «Instituto Nacional del Libro Español de Barcelona», celebrouse unha Mesa Redonda de críticos galegos e cataláns, patrocinada polo Ministerio de Cultura. En representación de Galicia presentaron ponencias Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares e Claudio Rodríguez Fer —que acudiron á Cidade Condal expresamente invitados para dita xuntanza— e Basilio Losada Castro e Xavier Costa Clavell, residentes nesta cidade. A representación catalana estaba composta por Guillermo Díaz-Plaja, Josep M.^a Castellet, Joan Ramón Masoliver, Jordi Castellanos, Jaume Pont e Alex Broch, presidindo o acto inaugural o conseller de Cultura da Generalitat, señor Manent.

Francisco Fernández del Riego, membro da Real Academia Gallega, director da Biblioteca Penzol e cofundador da Editorial Galaxia, fixo unha exposición moi documentada encol do tema «O libro galego» e rematou a súa ponencia afirmando que na actualidade, as tiradas medias do libro galego son semellantes ás que poidan ter os libros en catalán, aínda que con menos tódíos.

O profesor Claudio Rodríguez Fer, que falou da «Poesía Galega Hoxe», sulíñou tres tendencias que enchen as décadas dos 40 e dos 50: a «hilozoísta», que tivo como mestre a Luís Amado Carballo, o «trovadorismo», representado por Alvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey e X. M.^a Álvarez Blázquez, e a «paisaxística» —Crecente Vega, Iglesia Alvariño e Díaz Castro— seguidores de Noriega Varela.

Referiuse tamén a Pimentel, a Manuel María —poeta da Terra «Cha», cultivador dos xéneros máis dispares— á Novoneyra e á poesía social predominante nos anos 60 e comezos dos 70 —Méndez Ferrín, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova— e rematou a súa exposición dicindo que o ano 76 obrouse un viraxe claro na poesía galega coa aparición de «Mesteres», de López Casanova e «Con pólvora e magnolias», de Méndez Ferrín. «No derradeiro lustro —engadiu— a poesía galega presenta un cambio manifesto, algo así como unha ruptura xeneracional pactada, que se vencella ó pasado lonxano de Manuel Antonio, que está a renacer nos versos máis novos.»

O escritor X. Costa Clavell presentou un estudio encol da «Novela» afirmando que na creación imaxinativa galega predomina o senso literario sobre a temática. Tras estudar a obra de Alvaro Cunqueiro e de Anxel Fole, como os máis representativos, referiuse a Rodríguez Mourullo, Neira Vilas, Méndez Ferrín, Carlos Casares e a Eduardo Blanco Amor, autor de «A Esmorga» que —asegurou— é a mellor novela da literatura galega.

Xavier Costa referiuse ós prosistas novos —Paco Martín, Xavier Alcalá, Freixanes— e rematou a súa intervención afirmando que vivimos un intre moi esperanzador prás letras galegas; pero aínda teremos que agardar anos para que, o que hoxe é prometedor, convírtase en logros.

Dúas culturas superpostas

O profesor Losada Castro fixo unha exposición das líneas xerais do feito galego, cuxo problema —dixo— é a superposición de dúas culturas orixinadas por accidentes históricos en dous intres nos que Galicia xungiuse a causas xustas pero perdidas: No século XIV alineouse a Pedro el Cruel. Enrique II —vencedor— repartiu «mercedes» a xentes alleas a Galicia, namentres a nobreza galega víase na obriga de emigrar a Portugal. Algo semellante ocorreu no século XV cando novamente errou ó tomar partido pola Beltraneja, orixen da represión dos Reis Católicos, do éxodo forzoso da nova nobreza que xa enraizara na nosa Terra, da dependencia castelán dos nosos mosteiros e das leis de Toro (1508) que obrigaban ós escribáns a pasar examen en lingua castelán, feitos todos que representaron a decapitación cultural autóctona de Galicia.

«Nobres alleos, escribáns e bispos —suliñou o profesor Losada Castro—, chegaron a Galicia forzando ó pobo galego a se replegar para manter a cultura popular creando con elementos propios unha literatura riquísima —cantigas e contos— que lle permitiu sobrevivir.»

Referiuse máis adiante ás inmigracións catalana e vasca que non chegaron a integrarse de cheo no pobo galego a diferenza dos maragatos que, polo contrario, integráronse rápidamente. Tamén lembrou o profesor Losada que Pastor Díaz, en 1828, adiantouse, con «Alborada», ó poeta catalán Aribau, autor de «Oda a la Patria». Pero o rexurdir galego non acadou a forza da Renaixença catalana e engadiu:

«Hoxe, nembargantes, estase a operar a recuperación da personalidade galega, consolídase na Universidade e incluso na Eirexa galega que xa conta cun bispo —o de Mondoñedo, que normalmente fai as súas pastorais en galego— e cunha minoría de cegos colaboradores dunha espléndida revista —"Encrucillada"— de pensamento cristián».

Conflicto entre lusistas e diferencialistas

Carlos Casares fixo unha análise da Gallecia romana e dos dous Conventos —o bracarense ó sur e o lucense ó norde— que tiveron unha lingua común —o galaico-portugués— ata que o condado portugués conquistou a independencia e afirmou:

«Galicia seguiu conservando a súa lingua lírica, poética e cunha prosa importante; pero a partir do século XVI os arquivos catedralicios e monacais xa son en castelán».

Suliñou máis adiante, o profesor de Cangas, a importancia da obra escrita en galego dos ilustrados do século XVIII, o P. Sarmiento e o P. Sobreira e, tras referirse a Rosalía, Curros e Pondal, recordou que Vicente Risco e Viqueira xa tentaron contactar coa cultura portuguesa.

«Hoxe en día —engadiu—, non hai unha entidade que teña autoridade para impoñer a unificación das dúas linguas. En Galicia temos dúas normativas ortográficas: a da Real Academia Gallega e a do Instituto da Lingua Galega, creado polo asturiano Constantino García e que xa ten feito innúmeras teses co afán de depurar a lingua. A outra é a dos lusistas.

Referiuse, despois, ó profesor Rodríguez Lapa —sempre en estreito contacto coa lingua galega— quen sostén a extraña e peregrina tese de que o galego é incapaz de converterse nunha lingua de cultura se non retorna á súa anterga casa que é Portugal e engadiu:

«Carballo Calero, que deica agora ocupou a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas, recolle a proposta do profesor Rodríguez Lapa de «reintegración» aínda que gradualmente e con moita prudencia».

O profesor Casares recoñece a gran importancia de manter o «x» para diferenciar o «g» e o «j» casteláns e suliñou:

«É evidente que hai diferencias fonéticas e de léxico entre o portugués e o galego; pero a sintaxe é basicamente a mesma. Escribir en galego coa ortografía portuguesa, tería, certamente, unha difusión enorme; pero crearíamos o problema de que nos entenderían en Porto pero non en Lugo». E findou:

«Somos o pobo mellor situado lingüísticamente no mundo, con dous idiomas: o galego e o castelán. Nunha planificación educativa axeitada, co estudio da lingua inglesa no bachillerato, teríamos un enorme campo aberto á cultura universal».

O bilingüismo catalán

Das intervencións dos críticos cataláns coido de gran interés escolmar a pronunciada por Jordi Castellanos polo que ten de semellanza coa problemática galega.

O señor Castellanos falou da posibilidade de recuperación do catalán que, por mor da forte inmigración, sufriu un proceso de redución ata o punto de que en Barcelona hai barrios nos que se emprega somente o castelán.

«Hai anos —afirmou— para triunfar era importante saber catalán. A partir do 60, a lingua catalana xa non actúa. Hoxe en día, cunha poboación do cincuenta por cento de castelano-parlantes, orixinouse o bilingüismo, e dase a paradoxa do emprego da nosa lingua no Parlament e na escola ó mesmo tempo que o castelán ten máis forza na vida pública.»

Jordi Castellanos considerou, máis adiante, a posibilidade de integración dos inmigrantes nun proceso que será longo e suliñou as ventaxas que supuxo a normalización do catalán, debida a Pompeu Fabra, asegurando que as diferencias dialictais dos países cataláns —Valencia, Baleares, etc.— teñen escasa importancia.

«O bilingüismo —findou ó señor Castellanos— non pode ser beneficioso para a nosa lingua e, se non nos fan o traspaso dos medios de Comunicación, en especial da T.V., o catalán non será estable.»

«El Ideal Gallego», 19-III-1981.

Nova aportación feita polo profesor Vázquez Sotelo

O doutor Xosé Luís Vázquez Sotelo, profesor de Dereito Procesal da Universidade de Barcelona e académico de honor da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, remata de publicar un longo traballo sobre o Dereito Galego na enciclopedia «Galicia eterna». Polo seu gran interese, tentaremos resumir para os nosos lectores as investigacións e as teorías que o abogado ourensán expon, con nida claridade, no devandito estudio.

A ausencia dun poder político galego empeceu un desenrolo xurídico fecundo en Galicia. Aínda que podemos remontarnos ós Concilios galegos —con poder lexislativo— ás orixens da Parroquia, ós Foros concedidos a cidades e vilas, etc., os «usos e costumes» populares son os que mantiveron vivo o espírito xurídico galego deica os nosos días. A creación, polos Reis Católicos, en 1480, da Real Audiencia de Galicia foi un dos acontecementos decisivos de toda a historia xurídica galega. A Real Audiencia, a pesar da falta de organización política, soubo recoller e resolver xeitos e necesidades xurídicas do noso pobo e unha das súas particularidades era o seu «carácter itinerante», xa que os seus membros administraban Xusticia desprazándose a cidades, vilas e lugares de todo o reino. As «Ordenanzas de la Real Audiencia del reino de Galicia» publicáronse en 1679 na Coruña. A outra obra fundamental «Derecho práctico y Estilos de la Real Audiencia de Galicia» (Santiago, 1768) é do abogado Bernardo Herbella de Puga, que nos presenta uns «estilos» ou modos de proceder e unhas «prácticas» xenuinamente galegas.

—Non hai datos —afirma o profesor— de épocas máis lonxanas nin dos usos e costumes dos nosos antergos. O gran movemento europeo ó Sepulcro do Apóstol tampouco influíu no mundo xurídico galego; pero hai rasgos definidores do Dereito Galego, a pesar da falla de Códigos e leis escritas. A sensibilidade do home galego para os temas xurídicos é grande. O Dereito Galego transmitiuse de forma oral, recollido en innúmeras «sentencias» dísticos e «aforismos» xurídicos popularizados, de tal riqueza que con eles podíase reconstruír todo un corpo de Dereito primitivo e popular. A sensibilidade do home galego polo xurídico atopámola tanto na gran cantidade de abogados, políticos, gobernantes e xuristas que deu a nosa Terra como na agudeza dos nosos labregos ó plantexar as súas consultas, ó dar as súas respostas e ó facer observacións.

O profesor Vázquez Sotelo analiza características que definen o Dereito Galego tales como a «liberdade de formas xurídicas» que, amiúdo, teñen mester de ser probadas por testigos, xa que apenas funcionan Rexistros de Propiedade, dándose casos de transmisións patrimoniais, etc., feitas por documentos privados otorgados «ad probationem». Tamén se demora no estudio do «espírito comunitario», ou solidario, fronte á tese falsa do individualismo galego, demostrado polo gran sentido de irmandade e solidariedade do noso pobo en casos como a explotación comunitaria (montes comunais, augas, prados), uso de determinados instrumentos de produción de traballo (eirás, muiños, fornos) e outras de traballo agrícola en común (malla, esfolia do millo, traballo a troque día) e o vello costume que permite á xente máis pobre recoller para sí os froitos de fincas alleas, unha vez que xa se fixo a colleita.

Outra característica insuperable das creacións xurídicas galegas, según o profesor, é a «Equidade» ou «graciosa» que permite recuperar os bens vendidos en subastación cando se aporta o valor da venda. Tamén o Dereito Galego creou o «Auto gallego», unha institución ó servizo da paz

xurídica, que amparaba o dereito de posesión fronte ós ataques á mesma por parte da nobreza. «A casa e a familia» e «A Parroquia», como entidade orgánica natural de indudable vixencia, a pesar de tela esquecido os lexisladores, son outros dos temas polos que se interesa o profesor Vázquez Sotelo, con estilo fácil e doado de comprender, incluso para non especializados.

O autor do traballo publicado en «Galicia eterna» trata de outras institucións practicadas pola Audiencia como «Juicio de amparo posesorio», «Articulados e interrogatorios sobre articulados», «Misión en posesión», «Práctica de partijas hereditarias», «Demanda de reivindicación» e «Proceso de espontánea», que foi unha creación de xurisprudencia da Real Audiencia —da cal atópanse referencias nas obras de Vizcaíno Pérez a final do século XVIII— e que se aplicaba en favor das mulleres embarazadas que «se espontaneaban» declarando o seu estado ante o xuez quen lles daba autorización para viaxar libremente pola garantía que elas ofrecían de non ocultar o nacemento.

Galicia ¿territorio foral?

Tal condición foi reconocida por Real Decreto o 2 de febreiro de 1880, sendo Ministro de Gracia e Xusticia o galego Alvarez Bugallal; pero a Memoria, redactada polo letrado Rafael López de Lago, só estudia o foro e a sociedade familiar galega como únicas institucións forais, afirmando: «Fóra délas Galicia rixese en materia de Dereito Civil, polos mesmos corpos legais que forman o Dereito común de España» erro grave que minimizou a significación do Dereito Galego perxudicando a relevancia xurídica de Galicia.

O profesor de Dereito Procesal analiza as «Memorias» presentadas por don Jacobo Gil de Villanueva (1899) e por Pérez Porto (1915) e, tras referirse ó Decreto de 23 de maio de 1947, no que se recoñecía, de novo, que Galicia é territorio foral, asegura que o profesor Fuenmayor Champín, co seu traballo titulado «Derecho Civil de Galicia», contribuiu de xeito eficaz á proxectada Compilación do Dereito Civil de Galicia, aprobada polas Cortes o 28 do mes de Santos de 1963. A continuación fai unha reseña das revistas xurídicas galegas e da creación da Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación «cuxo labor máis importante —engade— foi a organización do Primeiro Congreso Xurídico de Galicia (1972) presidido por Iglesias Corral. Os traballos e estudos do Congreso foron editados baixo a dirección de Carballal Pernas e Rico García na Coruña (1974) e constitue unha peza fundamental da historia e bibliografía do Dereito Galego. Lástima que tan importante aportación ó coñecemento do noso Dereito non teña seguido o curso lexislativo».

Estatuto de Autonomía de Galicia

O doutor Vázquez Sotelo non duda do gran interés que, para o desenrolo do Dereito Galego, ten o Estatuto Galego polas competencias do poder galego e pola creación do Tribunal Superior de Xusticia no que se vai integrar a actual Audiencia de Galicia. E suliña:

«Xunta foi, historicamente, a reunión en Asamblea dos representantes de Galicia. Na terminoloxía, actual do Estatuto Galego é o Goberno, o Consello de Ministros ou Conselleiros, órganos que endexamais se deu na nosa Terra. A Xunta histórica tina un significado semellante ó de Generalitat, que comprende o Parlament, o Consell e o President. Houbera sido moito máis acertado que o Estatuto dera á Xunta de Galicia o seu pleno e tradicional significado, como palabra que

resumirá todo o autogoberno galego e que abranguería a Asamblea, o Goberno ou Consello e o Presidente.

A estrutura da Compilación do Dereito Galego e as institucións que regula: Os Foros, a Compañía Familiar Galega, as Aparceirías, o Dereito de labrar e poseer, as Comunidades Especiais, así como outras importantes aportacións do ilustre profesor tales como «Institucións non incluídas na Compilación», o «Dereito nos escritores galegos», «Galicia terra de xurisconsultos sobranceiros» e «Alguns procesos famosos» rematan este importante capítulo de «Galicia eterna». Abondosos grabados, paisaxes, reproducións de portadas de libros, xa clásicos, da Real Audiencia de Galicia, dibuxos de Castelao, pinturas murais políticas, etc., fan máis ameno, se cabe, o estilo didáctico do profesor da Universidade catalana que, coas súas investigacións encol do Dereito Galego, unha vegada máis, fixo un gran servizo á causa da nosa cultura.

«El Ideal Gallego», 20-IX-1981.

MARÍA URIZ CANTA NO LICEO CON ALFREDO KRAUS

A hora de reseñar o gran éxito conseguido por Alfredo Kraus, Claudia Parada, Vicente Sardinero, Agustino Ferrín e María Uriz na representación de «La Favorita» de Gaetano Donizetti, a crítica barcelonesa especializada coincidiu en calificar a actuación de María Uriz, que no mes de decembro xa cantara «Adriana», de Lecouvreur, con Montserrat Caballé, de «auténtico lujo» suliñando a perfecta línea vocal, a beleza da voz e a prestancia escénica da soprano coruñesa que luciu as súas grandes facultades e colleitou cálidos aplausos pola interpretación desenvolta e leda de «Bei raggi lucenti» e «Dolce zeffiro» no rol de Inés na romántica illa portuguesa de León.

O público que enchía o tantas veces marco maravilloso de xuntanzas operísticas, vibrou afervorado aplaudindo con entusiasmo as intervencións dos cantantes, feito que se viu luxado polo griterío interminable, raíante en histerismo —o público liceísta non está acostumado a semellantes manifestacións extremas— ó remate do «Spirto gentil, ne sogni miei» de Alfredo Kraus, que deu unha lección maxistral de belcanto e demostrou poseer unha técnica inigualable.

A mezzo Claudia Parada tivo algúns problemas na súa cabaletta do terceiro acto; pero congraciouse co auditorio na escena final demostrando calidade de primeira actriz. O barítono Vicente Sardinero, no seu rol de Rei Alfonso XI, demostrou estar nun momento extraordinario. Agustino Ferrín, coa súa maxestuosa voz de baixo, luciu as súas facultades singulares e María Uriz, eximia soprano galega residente na Cidade Condal, como xa dixen, encarnou con expresividade, estilo e elegancia de actriz consagrada, a dona Inés.

A escenografía foi perfecta; o vestuario —nova produción de Arrigo de Milán— fastuoso; os decorados, adoitados á época medieval en que se desenrola o drama; os coros, magníficos e o maestro Armando Gatto, que dirixiu a orquesta sinfónica do Liceo con forza e carácter, excelente.

«El Ideal Gallego», 5-II-1982.

EXPOSICIÓN DO PINTOR DE NOIA, ALFONSO COSTA

A «Serie Barcelona» que Alfonso Costa presenta estes días na Galería Lleonart, é un gran paso cara unha nova figuración. Un novo xeito do artista galego, afincado en Barcelona, de afondar na plástica. Estou convencido de que o pintor que atope —e este pode ser o Alfonso— unha figuración agradable para o público, triunfará porque os espíritos amantes da arte xa están cansos da pintura torturada, de personaxes anguriados e seccionados. Concordo con Jaume Lleonart cando afirma: «Nas épocas de benestar, cando a xente chegaba ó fogar e vía un cadro desgarrador, acetábao como curiosidade, como algo irreal, pero fermoso, nado nunha mente orixinal. Hoxe en día, que as circunstancias nas que vivimos son adversas, chegar ó fogar e atoparse con creacións que nos falan da crúa realidade que se palpa en todolos recantos da sociedade, repugna e xa non ten razón de ser. O pobo ten mester de «relax», pide unha volta ó clásico; os cantantes, poño por caso, xa volven a vestir con elegancia e tornan ás cancións melódicas. As estridencias xa ninguén as atura e o que aparentaba ser mediocre, rexurde. O propio ocorre coa literatura e, naturalmente, a pintura tamén camiña cara canles lóxicos».

Desta maneira pensamos cantos nos detemos diante dos máis recentes lenzos de Alfonso Costa, que arrumbando coas innovacións dos derradeiros anos en que semellaba torturado, agasállanos cunha serie homenaxe a Barcelona escolmando un tema máis solto, máis conservador e de gran elegancia, cun coorido mediterráneo máis suave no que predomina o marrón.

O derradeiro lenzo que pintou desta colección é «As Ramblas». Agardamos que se manteña nesta liña de gran calidade. «As Ramblas», envolteito en tonalidades grisáceas, endexamais sería pintado deste xeito por un artista catalán. E unha interpretación suxetiva dun pintor galego que, coa súa prezada aportación, súmase ás innúmeras obras inspiradas no típico paseo barcelonés. Pola súa orixinalidade e polos novos elementos que engade á xa abondosa creación referida, «As Ramblas», é unha verdadeira peza de museo.

A técnica empregada por Alfonso Costa dínos que, para facer unha boa pintura, débese ter gran dominio do dibuxo. O Alfonso realiza as súas obras con acríbeos e óleo conquerindo uns efectos fabulosos de luz no tema «Sagrada Familia» e unha composición case perfecta en «Barrio Gótico». En conxunto, a recente mostra do Alfonso Costa fainos matinar que o artista está a realizarse nunha nova figuración de indiscutible futuro feliz que xa observamos na anterior serie adicada a Vigo.

«El Ideal Gallego», 13-I-1982.

GRAN ÉXITO DE «MILLADOIRO» E «FUXAN OS VENTOS»

Organizadas por CIEMEN, celebráronse as Xornadas Galegas-Abril 82, «Catalunya amb Galicia», coa colaboración dos grupos «Nós», de Sabadell, «Castelao», de l'Hospitalet, Bloque Nacional-Popular Galego, Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» e co soporte económico do Axuntamento de Barcelona.

O día 15 iniciáronse os actos no local dos Lluïsos de Gràcia cunha táboa redonda «Galegos en Catalunya» baixo a presidencia do señor Heribert Barrera, presidente do Parlament, e faláron Felipe Soler, presidente do CIEMEN, e Xosé Domingo Lombao e Herminia Corbacho en representación dos Grupos e Entidades convocantes, facendo de moderador Aureli Argemí.

Herminia Corbacho leu unha extensa exposición dos actos celebrados polo grupo «Nós», única asociación non catalana con actividades culturais en Sabadell, e agradeceu as axudas das autoridades Vallesanas ó grupo «Nós». A continuación, Xosé Domingo Lombao fixo un documentado estudo sobre a problemática galega en Catalunya e findou o seu discurso pedindo ó señor Heribert Barrera que transmitirá ás autoridades da Generalitat a necesidade dunha maior protección da cultura da minoría galega residente en terras catalanas. Tras un longo coloquio, o presidente do Parlament pechou o acto felicitando ós organizadores das Xornadas e brindándose a colaborar, «a pesar das escasas posibilidades presupuestarias —remarcou— en canto redunde beneficioso para os irmáns galegos en Catalunya».

A emigración, un cáncere

«Galicia Hoxe» foi o tema desenrolado polos conferenciantes Bautista Alvarez, parlamentario galego, e o historiador Francisco Carballo que o día 16 faláron no mesmo local dos Lluïsos de Gràcia e, o 17, no Auditorium de Radio Sabadell.

Francisco Carballo afirmou que a emigración é o cáncere de Galicia, que valeirou o sector agrario —mundo de nenos e ancianos— e, comparando a emigración de principios de século a América, cunha certa incidencia positiva, coa actual á Europa, puxo de manifesto os resultados negativos da remesa de divisas dos emigrantes «zugadas —dixo— polos poderes fácticos, xa que en Galicia non hai unha burguesía empresarial e só temos unha pequena burguesía, ó servizo do centro político que —suliñou— non se incorpora ás tarefas propias do país».

Acto seguido, Bautista Alvarez, deputado do Parlamento Autonómico Galego, analizou as causas da falla de representación nacionalista galega a nivel do Estado e fixo un estudo comparativo das eleccións do 15/VI/77 coas do 20 de outubro último resaltando o avance dos nacionalistas do Bloque «única forza —afirmou— que aumentou en cifras absolutas». O señor Alvarez rematou o seu discurso reafirmándose na convicción de que o nacionalismo galego convertirase nunha forza política máis dinámica.

Festa Fotk

As Xornadas GalegasAbril 82 «Catalunya amb Galicia» tiveron como colofón un festival de música galega celebrado no Palacio Municipal de Deportes de Barcelona coa actuación dos destacados grupos «Milladoiro» e «Fuxan os ventos» e coa participación da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» e do novo grupo «Nouza», formado por ex alumnos da mesma Escola interesados en facer música celta, na liña de «Milladoiro», e que estrenaron unha polca medieval francesa con arranxos de Xosé Luís Foxo.

Máis de dúas mil persoas acudiron á chamada dos organizadores e aplaudiron afervoadamente ós artistas. A festa rematou cos himnos catalán e galego interpretados pola Escola de Gaitas.

Tivemos ocasión de falar con varios membros dos diferentes grupos.

«"Fuxan os ventos" —díxonos Mini— non vive en función da situación artística, senón dunha vocación cultural, dun incidir na situación social, cultural e política galega. A través do traballo musical, laboramos en función dos aconteceres actuais de Galicia. Se a nosa Terra tivese a situación lingüística e cultural normalizadas, cecáis estaríamos facendo outra cousa ¿quén sabe? Estamos moi satisfeitos —engadiu— da organización de CIEMEN, que nos sorprendeu gratamente pola súa seriedade, e moi agradecidos ós galegos de Barcelona.»

Romaní, do grupo «Milladoiro», ó lembrar a anterior actuación no maravilloso marco do Palau de la Música Catalana, laiábase das escasas condicións acústicas do local; pero o certo é que conseguiron un clamoroso triunfo e agoirámoslles un novo éxito na súa presentación en Madrid o vindeiro mes de Maio. «Sempre está ben —dixo— non perder o contacto coa emigración e sentímonos satisfeitos de levar a todos os galegos o mensaxe da nosa cultura.»

Xosé Luís Foxo, director da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», ledo por se atopar nóvamente con Xesús Mato e os antigos compañeiros de Fuxan os Ventos, manifestou:

«O fundamental e destacar a preocupación dos cataláns pola cultura galega. Nos non nos puxemos todos de acordo —fallaron algunhas entidades— sen embargo eles deron unha lección. Tamén é interesante destacar que, a pesar de ter un matiz político, este acto débese entender como un acto cultural no que todos os galegos de calquera ideoloxía, tiñan que participar.»

«El Ideal Gallego», 30-IV-1982.

XOSÉ MARÍA ACUÑA LÓPEZ EXPON OS SEUS BRONCES EN BARCELONA

O profesor Filgueira Valverde publicará un estudio monográfico do gran escultor

O pai de Xosé María Acuña, ferreiro artesán de Pontevedra, teimaba que o seu fillo había aprender o oficio, pero o rapaz fuxíalle á fragua e o seu afán era acudir a un obradoiro de marmolistas, atraguido polo engado do arte escultórico. O dibuxo era outra das súas ilusións e as pintadas murais do seu barrio —el foi un adiantado dos «hypis» de hoxe en día— eran a admiración dos veciños e amigos; pero o Xosé María non era como os demais nenos; era xordomudo de nacemento. A familia, moi humilde e falta de medios económicos, conseguíulle unha praza na Escola de Xordomudos de Sant-Iago onde o pequeno artista destacou axiña no modelado e no dibuxo, o que lle valeu unha beca da Diputación de Pontevedra para trasladarse a Madrid e cursar estudos na Escola de Bellas Artes de San Fernando.

Rematada a carreira, foi nomeado profesor do seu antigo Colexio en Compostela, onde impartiu ensino corenta e dous anos ata 1973, data da súa xubilación. Durante o longo tempo de

adicación case exclusiva á docencia, Xosé María Acuña fixo bocetos e deseños para «Cerámica Celta» e poucas obras escultóricas. Sen embargo a vocación creativa que pulaba no seu espírito agromou con forza no intre de se xubilar e Luchy, conscente da sensibilidade estética e dos valores técnicos do arte do seu pai, foi quen lle deu azos para plasmar en bronce o barro e o xeso moldeado polas súas mans. Os froitos foron inmediatos: En 1975, premio especial na III Bienal de Pontevedra e, en 1976, 2º e 5º Premio Nacional de Escultura na exposición EXPOSORD, de Madrid. Xosé María Acuña, Medalla de Plata do Traballo, foi galardonado, ademais, co premio San Sebastián ó mérito artístico, de Pontevedra, e coa Medalla de Ouro de Amigos da mesma cidade. Tamén foi agasallado na Coruña (novembro de 1978) cun homenaxe organizado polo Ministerio de Cultura e pola Fundación Barrié de la Maza e, en 1979, volveu a ser homenaxeado en Pontevedra pola Delegación de Cultura, nun acto presidido polas autoridades provinciais.

O artista da Cidade do Lérez presentou a súa obra nas catro provincias galegas, en Oviedo, Burgos, Valladolid, Santander, Madrid, Barcelona e Estoril e as súas esculturas honran moitos museos de Galicia, e atópanse en organismos oficiais e coleccións de particulares de España, Europa e América. Todos os medios de comunicación fixeron grandes eloxios da sensibilidade espiritual de Xosé María Acuña López, do sentimento e da naturalidade con que capta, dende o seu silencio os detalles e os perfís das xentes do seu pobo. Sería laborioso facer unha escolma das críticas que apareceron encol da súa obra en revistas e xornais. Próximamente —anunciámolo con agrado— o profesor Xosé Filgueira Valverde publicará un estudio monográfico do gran escultor.

Identificado co pobo

Na Galería de Arte «Kreiser», da Cidade Condal, onde o escultor pontevedrés presenta por segunda vez a súa obra —hai catro anos expuxo na «Sala Gaudí»— foi emocionante o reencontro do profesor con antigos alumnos seus residentes en Barcelona, que acudiron a «Kreiser» para saudar ó mestre e admirar os seus bronce. Porque Xosé María Acuña, patriarca escultor da Raza (nacéu o 4 de abril de 1903) é un home que reborda agarimo e amizade. Cantos aínda non o coñecemos sentimos a ledicia de contar cun novo amigo cheo de vitalidade, traballador incansable, identificado co seu pobo. E diante do realismo expresivo dos persoaxes que nos falan dende os bronce fecundados polo seu arte —peixeiras, mariñeiros, cegos e xentes sinxelas— ficamos aglaiados pola súa perfección plástica e polo berro do seu mensaxe: A muller do mariñeiro enxugando as bágoas en agarda do home que non chega; o mozo que ergue os brazos ó ceo esixindo xusticia; o vello que camina cangado coa rede, os ombreiros fundidos, magoado e silencioso; o pobre pelegrino que agradece a cunea de caldo ofrecida pola man dunha agarimosa muller; o pai, coa faciana desencanaada pola door, co fillo enfermo envolto nun emburullo; o cegó de violín acompañado da menina vendedora de coplas... Toda a obra de Acuña é unha atenta observación visual da sicoloxía do mundo rural e mariñeiro que el percibe con intensidade, limpa de sonidos deturpadores, plasmándoa en creacións cheas de vida e cun enorme contido vivencial.

Luchy é a voz do seu pai. Ela companga o labor de ama de casa co afán de dar a coñecer as creacións do artista. Rebordante de amor fillal, encárgase de contactar coas empresas de fundición, contrata as galerías de arte, organiza as mostras, viaxa co mestre escultor...

«A ilusión da miña vida —dínos Luchy— era dar a coñecer a obra do meu pai. Consideráboo como un deber sagrado porque estaba convencida do seu mérito artístico e agora sinto a satisfacción de ter acertado porque demostrouse que o seu maravilloso mundo cada vez interesa máis á xente.»

Derradeiramente Xosé María Acuña López viaxou coa súa filla a Italia, vendo cumprido o anxeio de poder contemplar en Roma a obra xenial de Miguel Anxel e os sorprendentes bronce de Pompeia. Tamén foi con ela a París onde visitou o museo Rodin, outro dos seus máis admirados artistas, e o museo Bourdelle. E conmovedor constatar o agarimo e entrega fillal de Luchy, que só anxeia velo feliz. «Agora o meu desexo —afirma— é acompañalo a Grecia, outro vello anxeio do meu pai, como premio á súa longa vida de traballo e de recoñecida valía artística.»

Como galego identificado coa nosa cultura, debo manifestar o meu agradecemento a Luchy, fiel intérprete da voz e dos sentimentos do mestre, e ó escultor de Pontevedra, que vivirá sempre nas súas obras maxistras por seren verdadeiros testemuños dun tempo e dun país.

Revista «Treboada», Xulio-Agosto 1982.

PRESENTACIÓN DUN NOVO LIBRO-ALBUM DO PINTOR BEIRO BUXAN. FILGUEIRA VALVERDE PRESIDIU O ACTO NA UNIVERSIDADE CENTRAL

Só transcurriron tres anos dende que tivemos o honor de coñecer a Manuel Beiró Buxán, bo pintor, bo dibuxante e bo escritor que engade a estas condicións artísticas a de home aberto, sincero e sumamente cordial. Vímolos por primeira vez, co gallo dunha exposición dos seus lenzos en Barcelona e xa, daquela, puidemos constatar o gran número de amigos que Beiró Buxán ten na Cidade Condal. Hoxe, despois de tan curto espacio de tempo, o pintor de Padrón volveu á capital catalana, esta vez para presentar o seu libroálbum «Farrapos da vida e dos homes», editado en Barcelona coincidindo co Día das Letras Galegas, que mellor sería dicir «Mes das Letras Galegas», porque durante todo o mes de maio sucedéronse diferentes actos organizados polo Centro Galego, a «Peña do Penedo», Irmandades e Grupos diferentes de galegos residentes en Barcelona e aínda seguirán outros, como os programados pola Irmandade de Cornellá e a Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», na primeira quincena do mes de San Xoan.

«Farrapos da vida e dos homes», prologado polo académico profesor Antonio Fraguas Fraguas, foi presentado na Universidade de Barcelona polo doutor Xosé Luís Vázquez Sotelo nunha velada inesquecible presidida polo Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, don Xosé Fernando Filgueira Valverde, e coa asistencia do poeta Casado Nieto, que acaba de publicar «A Vendima», libro de poemas editado estes días, o mesmo que «Ronsel», por Ediciones Sotelo Blanco.

O libro, que se engade ós xa esgotados «Garachelas», «Cinco poemas de Rosalía» e «Soños», é, cecais, o máis logrado do artista. Nel, como ben deixo o profesor Vázquez Sotelo no acto de presentación, podemos diferenciar dúas partes: na primeira, o misterio e a mitoloxía polpular galega que nos fai lembrar tantos traballos encol de aparecidos e das lendas de Cunqueiro, Catroviejo, Cuevillas, Castalao, Otero Pedrayo... Lendas recollidas e maxistralmente reflexadas nas láminas incorporadas a esta obra de Beiró Buxán.

A segunda parte —seguimos expoñendo as atinadas apreciacións do presentador — móstranos o Beiró Buxán dibuxante e caricaturista, que sabe aproveitar maxistralmente esa distorsión da liña que traza o perfil dun home para darlle expresión e o «xesto» preciso e que fainos lembrar as «Cousas» e os «homes» de Castelao.

Tamén o Conselleiro de Cultura, señor Filgueira Valverde, improvisou un breve discurso, con verbas altamente eloxiosas para o artista de Padrón, que agradeceu, emocionado, a presenza do ilustre profesor, meritísimo traballador da Cultura galega.

Manuel Beiró Buxán ben se pode gabar da numerosa presenza de tantos amigos como acudiron á presentación do seu libro-álbum. Unha vez máis a súa obra, fundamentalmente galega, enraizada nos costumes e tradicións do noso pobo, foi acollida pola colectividade galega de Barcelona con enorme interés e agarimo.

«El Progreso», 29-VIII-1982.

FRANCISCO NEIRA LEÓN, DIPUTADO SOCIALISTA POR BARCELONA, É OURENSÁN

Francisco Neira León, secretario xeral da Federación do Sindicato do Metal da UGT de Catalunya e Diputado electo ó Parlamento, polo PSC-PSOE, naceu en Muíños-Bande (Ourense) o día 4/II/53. Os dez anos veu cos seus pais a Barcelona e nesta cidade cursou Bachillerato Superior e, compangando os estudos co traballo nunha empresa metalúrxica, fixo dous cursos de Inxeniero Técnico. A súa militancia socialista ven de vello e o maior traballo que levou a cabo desenrolouno na UGT.

O novo deputado por Catalunya é un prestixioso socialista. O ano 75, foi elixido Enlace de Empresa e iniciouse no sindicalismo. Afillado á UGT e ó PSOE, ocupou varios cargos na Central Sindical e no Partido. Neira León, que tamén é membro do Comité Confederal da UGT, asistiu a numerosas reunións e congresos internacionais constatando a realidade social europea, sobre todo, a dos países nórdicos. O xoven deputado socialista ourensán está casado con María do Carme Jorba e é pai de tres nenos. No seu despacho da Federación, falamos da súa léxica alegría, de proxectos e do futuro.

Tiña confianza en saír elixido

—¿Dudaches algún intre da posibilidade de non saír elixido?

—Non, porque as expectativas do Partido xa eran grandes antes das eleccións, pero o importante non son as persoas elixidas senón o número de deputados conseguidos.

—*¿Pensas que chegou a hora do bipartidismo?*

—Certamente, hai unha tendencia ó bipartidismo e iso é unha constante nos demais países europeos, pero este bipartidismo non é perfecto aínda. Nas actuais circunstancias penso que é mellor así, tendo en conta que a dereita española é moito mais dura cá europea.

—*¿Qué línea coidas máis axeitada, a socialdemocracia ou a clásica?*

—Non creo que haxa contradicción entre as dúas. A socialdemocracia é unha adaptación pragmática ás circunstancias actuais e á responsabilidade de goberno do socialismo de sempre.

—*¿Crés que debe seguirse unha política de inversións extranxeiras —poñamos por caso as xaponesas— que o único que fan é crear empresas de montaxe cos seus produtos importados?*

—Entendemos que toda inversión é positiva para xenerar postos de traballo. Agora ben, as negociacións que o Goberno leve coas empresas e persoas extranxeiras deben tender a que non se trate de importacións camufladas. A produción ten que se realizar no país. Deica agora negociouse en posición de debilidade e entreguismo, cuestión que nos pensamos prantexar de maneira moi diferente.

A polarización da dereita é peligrosa

—*¿Cómo ves a división da dereita en España?*

—Entendo que a polarización da dereita é negativa prá estabilidade democrática.

—*Co exercicio do poder ¿dividirase tamén o PSOE?*

—O Partido Socialista non vive nin nace só para estar exclusivamente no poder, senón para defender as súas posicións dende o ámbito que lle corresponda. Esa é a diferenza fundamental con UCD, que naceu por intereses de grupos opostos co único fin de manterse no poder. Nos estamos moi afeitos a non gobernar e non sairemos correndo en percuo de posicións máis oportunas. Somos socialistas por riba das circunstancias.

—*A disciplina de partido ¿non é dictadura?*

—Os partidos, que son o instrumento básico para facer política, teñen mester de disciplina. No seo do noso Partido existe unha flexibilidade interna importante que non coarta a liberdade individual.

O socialismo non fracasou en Francia

—*¿Consideras un fracaso o socialismo en Francia?*

—Non, porque os logros son importantes. Francia é o país da OCDE no que creceu menos o paro. Ten unha inflación das máis baixas de Europa e, en canto ás devaluacións, o único que fixeron foi actualizar o franco, que tina un valor artificial.

—*¿Qué opinas do labor dos Axuntamentos?*

—Houbésenos agradado que fora mellor. O que sucede é que o Goberno non atendeu axeitadamente as súas necesidades e eles víronse na obriga de dar servicios sen recursos porque recibiron porcentaxes moi cativos dos impostos dos cidadáns; pero, así e todo, o seu labor foi positivo porque houbo máis eficacia e honestidade na xestión.

—*¿Asústavos a responsabilidade que asumistes?*

—Pesa, pero non asusta.

—*¿Carnet de Paro indefinido?*

—O país non ten condicións para subvencionar indefinidamente ós parados, pero, de forma inmediata, os socialistas pensamos ampliar a 24 meses o Carnet de Paro e crear fondos especiais para os cabezas de familia afectados que non teñan ningún ingreso.

—*¿Reglamentaredes as Anónimas Laborais?*

—Estamos convencidos de que este tipo de empresas chegarán a ter un peso maior na economía española e que son interesantes para afrontar a crise. Regularanse as distintas modalidades de axuda ó cooperativismo en xeral.

—*Resume os logros que che agradaría alcanzar durante a nova legislatura.*

—Crear 800.000 postos de traballo, conseguir unha escola pública mellor, unha Seguridade Social eficiente e a reforma da Administración Pública.

No local da Federación respirase aire de festa. Todos felicitan ó compañeiro Neira que nos confesa: O único que lamento é que este ano non puiden ir de vacacións ó meu pobo por mor da campaña electoral. Noto como se me faltase algo. Na primeira ocasión que teña, irei a visitar a miña xente e a desintoxicarme cos aires da nosa Terra.

«El Ideal Gallego», 31-X-1982.

CONFERENCIA DE COSTA CLAVELL NA ASOCIACIÓN DE PRENSA

Dentro do ciclo de conferencias organizado pola Asociación Colexial Escritores de Catalunya, que preside Joaquim Marco, o escritor chantadino afincado en Barcelona, Xavier Costa Clavell, pronunciou unha conferencia no local da Asociación da Prensa da Cidade Condal encol do tema «La nueva poesía amorosa en gallego».

Entre os numerosos amigos do escritor que asistiron ó acto, atopábanse os poetas galegos Casado Nieto, X. L. García e Costa Gómez; o vicepresidente do Centro Galego, Manuel Vázquez, o pintor Alfonso Costa, o periodista e escritor Ramón Clemente e numerosos socios e directivos da Asociación, como Carlos de Arce, coñecido novelista e escritor nado en Chantada tamén, e Josep M.^a Carandell, colaborador de El Ideal Gallego, quen fixo a presentación do conferenciante.

Josep M.^a Carandell, tras explicar que os fins da Asociación son que os escritores poidan expresar libremente as súas ideas, que contén cunha seguridade social e para defender os seus intereses fronte ós editores, dixo que Xavier Costa «é unha persoa xenerosa e amigo dos amigos, cónsul de Galicia en Barcelona, de raiceiras galegas polo pai e catalanas pola nai». O escritor catalán afirmou máis adiante que Costa Clavell «deu a coñecer a cultura catalana en Galicia e, ó mesmo tempo, sabe entregar o espírito do seu propio país a Catalunya» e rematou o seu breve discurso dicindo que é mester recoller a abondosa obra espallada do poeta e escritor galego» a quen temos que agradecer o que Galicia nos sexa máis familiar».

O conferenciante empezou falando da poesía de amor nas cantigas de Amigo e de Amor dos Cancioneiros galaico-portugueses; de María Balteira; de Macías O Namorado e, tras afirmar que a poesía galega desaparece practicamente no século XVI, reseñou algúns escasos poemas amorosos dos poetas do século XIX e fixo mención de Fermín Bouza Brey. Blanco Amor e Alvaro Cunqueiro que, xunto a X. M.^a Alvarez Blázquez, escribiron fermosos poemas amorosos neste século, liña que foi interrompida pola moda da poesía social encetada maxistralmente por Celso Emilio Ferreiro con «Longa Noite de Pedra».

O mesmo Celso Emilio —afirmou Costa Clavell— deixounos fermosos poemas adicados á súa muller Moraima e, hoxe en día, Bernardino Grana, cos seus poemas tan breves coma fermosos, Antonio Tovar, Vergara Vilariño, Eduardo Moreiras, e Méndez Ferrín, poeta de categoría excepcional, están a facer poesía amorosa, que, como tema poético, estaba esquecido.

O conferenciante findou referíndose ós poetas máis novos, como Claudio Rodríguez Fer, Anxeles Pena e Xoan Manuel Casado, que están a facer unha poesía que poderíase calificar de erótica e rematouse a xuntanza literaria cun interesante coloquio.

«El Ideal Gallego», 26-XI-1982.

O «CARBALLEIRA» PROTAGONISTA NA GRAN XORNADA GASTRONÓMICA DE BARCELONA

Co gallo da «Gran Xornada Gastronómica», organizada pola Hostelería Galega de Barcelona en homenaxe a don Constante Millán, pioneiro dos Hosteleros Gallegos de Catalunya, o homenaxeado, máis coñecido por «Carballeira», tras agradecer o apoio da súa dona, Francisca Minguell, a leal colaboración dos empregados e a comprensión dos clientes, afirmou: «Para min é un orgullo ter o decanato dos restaurantes galegos en Barcelona e unha gran satisfacción ter colaborado modestamente a dar a coñecer ó público de Catalunya algúns dos maravillosos produtos que ofrece Galicia; nembargantes quero deixar constancia de que a cocina galega está perfectamente representada en Barcelona non só polo restaurante «Carballeira» senón por todos

compañeiros que se adican a ensalzar á nosa Terra a través da cocina galega». O señor Millán, que foi moi aplaudido, findou as súas palabras con vivas a Galicia, a Catalunya e a España.

Máis de mil comensais

Xosé Luís Blanco Campaña, redactor de Radio Nacional na Coruña, presentou o acto, ó que asistiron máis de mil comensais, dando lectura a unha carta de adhesión do presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor. Entre as autoridades asistentes atopábase, en representación do Honorable President Jordi Pujol, o asesor da Presidencia da Generalitat, Ramón Trías Fargas e os directores xerais de Turismo e de Emigración da Xunta de Galicia, Xosé Luís González Sobral e Xosé Carlos Rodríguez González. Tamén se encontraba o presidente da Audiencia Territorial de Catalunya, don Antonio Gómez-Reino, así como o director xeral de Promoción Comercial da Generalitat, Francesc Granell; o deputado do Parlament catalán, Alfonso Pérez Guerra; os deputados coruñeses, Celestino Sardina e Manuel Remuiñán; os directores de TV Española en Galicia e de Radio Nacional de España en Barcelona, Eugenio Pena e José Luís Urroca; o presidente e os vicepresidentes do Centro Galego, Daniel Pérez Guerra, Manuel Vázquez e Mario Nieto; o director do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro e outras moitas persoalidades, e tamén artistas como Sara Montiel e Paco Morán.

Discursos e agasallos

Gonzalo García Cortizas, membro da Comisión Organizadora, agradeceu as colaboracións dos Bancos «Crédito e Inversiones», «Noroeste» e «Pastor», da delegación «Pazo Ribeiro»; dos restaurantes La Xarxa, Carballeira, Casa Darío, L'Hogar Gallego, Mesón Morriña, Mesón Nouriño, O'Botafumeiro, O'Nabo de Lugo e demais grupos e entidades. A continuación o poeta Casado Nieto, gran amigo e admirador do homenaxeado dende os comezos do seu labor profesional, Josep Gallo e Víctor Moro, que falou en nome da «Peña do Penedo», pronunciaron encendidos discursos en galego, catalán e castelán de gabanza ó señor Millán e á cociña galega.

O señor Constante Millán foi agasallado cunha placa e cunha medalla, obras dos escultores Acisclo Manzano e Xosé M.a Acuña, entregadas polos directores xerais da Xunta de Galicia e con outros regalos donados por diferentes representacións. A xuntanza de irmandade galego-catalana findou coa actuación do Grupo de Baile do Centro Galego e coa interpretación dos himnos catalán e galego pola Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas».

«El Ideal Gallego», 11-XII-1982.

A VÁZQUEZ SOTELO DÉBESE A REHABILITACIÓN DE DON RAMÓN OTERO PEDRAYO

Co gallo da rehabilitación de don Ramón Otero Pedrayo como catedrático de Xeografía e Historia do Instituto de Segunda Enseñanza de Ourense, solicitada por don Xosé Luís Vázquez Sotelo,

presidente da «Asociación de Amigos de Otero Pedrayo» e aprobada por unha Orden Ministerial do ministro de Educación e Ciencia, señor Mayor Zaragoza, Orden que se publicou no Boletín Oficial do Estado o primeiro de decembro, falamos co profesor ourensán de Dereito Procesal da Universidade de Barcelona que, coa súa brillante súplica ó Ministerio, conseguiu que se rectificara a inxusticia cometida co esgrevio profesor.

—Xosé Luís, seica se solicitara este desagravio en vida de don Ramón ¿é verdade?

—Sí. Seis anos antes da morte do eminente polígrafo, impulsei e seguín dous pleitos no seu nome contra a Administración do Estado. Con tales reclamacións e recursos pretendíamos o recoñecemento dos once anos (1937-1948) que permaneceu apartado da Cátedra ganada nunhas difíciles oposicións o ano 1919. A Orden Ministerial, que comentamos, anula o expediente de depuración seguido ó profesor Otero Pedrayo e rehabilítao «debendo considerárselle, a título póstumo, membro de honor do Claustro do Instituto de Bachillerato de Ourense».

—Don Ramón non voltou á Cátedra de Ourense e sí á da Universidade de Sant-Iago ¿por qué?

—Cando o ministro Ibáñez Martín firmou a Orden (27/IX/48) da súa readmisión ó servizo activo, sen dereito a recuperar a Cátedra e con perda do escalafón, o ilustre galeguista soubo agardar cun elocuente silencio no seu pazo de Trasalba, acollándose a unha xubilación cuns dereitos pasivos mínimos, ata que xurdiu a oportunidade de opoñer á Cátedra da mesma disciplina na Facultade de Filosofía e Letras compostelá onde se recordarán as súas leccións durante moitos anos porque o mestre Otero Pedrayo foi un incomparable orador difícilmente repetible.

—Sei que Otero Pedrayo en 1976, ano do seu pasamento, legou o pazo de Trasalba, para que desarrollaran nel actividades en pro da cultura galega, resultado do cal foi a «Casa-Museo» e o «Patronato Otero Pedrayo», pero descoñezo qué se propón a «Asociación de Amigos Otero Pedrayo».

—A nosa Asociación naceu para se por ó servizo dos fins do Patronato, para contribuír ás súas realizacións e para evocar o recordo inolvidable do autor de «O Libro dos Amigos» que cultivou o don da amizade coma ninguén.

Barcelona dedicará unha rúa a Otero Pedrayo

—Ademais dos procesos seguidos por vostede en nome de don Ramón ¿en qué outros actos e homenaxes participou?

—Sendo presidente do Centro Galego de Barcelona inauguramos a nova Biblioteca «Otero Pedrayo» nun acto que presidiron a Condesa de Fenosa e esgrevios representantes do Patronato Otero Pedrayo, da Academia Gallega, da nosa cultura e da Xunta de Galicia. Tamén participei na inauguración da Ronda Otero Pedrayo de Castelldefels, nunha festa á que asistiron o Concello en pleno; o alcalde de Barcelona, Narcís Serra; o presidente da Diputación de Ourense, Victorino Núñez; o doctor Sixto Seco, presidente da Fundación Otero Pedrayo, e outras notables representacións.

Nestes intres, Barcelona, por acordo do Axuntamento, ten previsto inaugurar unha rúa dedicada a don Ramón.

—Vostede que coñeceu etapas de esplendor e outras de mediocridade do noso Centro Galego ¿cómo ve hoxe a nosa Institución?

—Néla atópanse reflexadas todas as grandes virtudes e defectos que temos os galegos: a xenerosidade, o esforzo desinteresado e teimudo de uns; o individualismo, o desinterés e a insolidariedade de outros... todo reproducido na vida da Sociedade coma nun microcosmos.

—¿Qué pensa do Estatuto de Autonomía de Galicia?

—Que é equiparable ó catalán e ó vasco e, dende logo, unha boa ferramenta xurídica para que Galicia poida guiarse e desenrolarse. No futuro, os galegos xa non poderemos seguir a chorar culpando ó centralismo de canto nos pase. Este é o desafío que ten a Autonomía.

«El Ideal Gallego», 19-XII-1982.

ÍNDICE

Dedicatoria	5
Prólogo	7
Centro Galego de Barcelona	11
Capítulo I	13
II	35
III	71
IV	101
Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro» de Cornellá	141
Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» .	151
Galería de Arte «La Pedrera» e «Ediciones Sotelo Blanco»	173
Galería de Arte «Sargadelos»	191
Grupo Cultural Galego «Castelao» de L'Hospitalet	203
Grupo «Nós» de Sabadell	225
Irmandade «A nosa Galiza» de Mollet del Vallés	243
Irmandade Galega de Rubí	247

	155
Peña Galega de Castelldefels	251
Peña do Penedo	261
Actos varios	279